

Rabelais

GARGANTÚA



Esta obra é distribuída baixo licenza [Creative Commons 2.5](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/2.5/)

Citar como:

Rabelais: *Gargantúa*. Tradución ao galego de Henrique Harguindey
<http://palabrasdesconxeladas.com>

A MOI EXTRAORDINARIA VIDA
DO GRAN GARGANTÚA
PAI DE PANTAGRUEL

COMPOSTA ANTIGAMENTE POR M. ALCOFRIBAS
EXTRACTOR DE QUINTAESENCIA

LIBRO CHEO DE PANTAGRUELISMO

AOS LECTORES

*Amigos lectores que este libro ledes,
despoxádevos de toda afección
e, ao lelo, non vos escandalicedes
pois non contén el nin mal nin infección.
Ben certo é que aquí moi pouca perfección
habedes atopar, non sendo canto a rir.
Non ha o meu corazón outro tema elixir
ao ver o dó que vos mina e consome.
Mellor de risa e non de bágoas escribir
posto que rir é o propio do home.*

PRÓLOGO DO AUTOR

Ilustrísimos bebedores, e vós preciosísimos sifilíticos, (pois a vós e non a outros van adicados os meus escritos), Alcibiades, no diálogo de Platón titulado *O banquete*, ao louvar o seu preceptor Sócrates –sen discusión príncipe dos filósofos– entre outras palabras dí que é semellante aos silenos. Os silenos eran antigamente unhas caixiñas tal como as que arestora vemos nas boticas dos farmacéuticos, que tiñan pintadas enriba figuras ledas e fútiles como harpías, sátiros, patíños embridados, lebres cornudas, parrulas albardadas, carneiros voadores, cervos encabezallados e outras pinturas desa caste deformadas a pracer para mover a xente a rir (cal foi Sileno, mestre do bon Baco), mais dentro conservábanse as drogas finas coma o bálsamo, o ámbar gris, o amomo, o almisce, a algalia, pedrarias e outras cousas preciosas. Así dicía que era Sócrates, porque ao velo por fóra e estímalo pola aparencia exterior non teriades dado por el nin un toro de cebola, tan feo era de corpo e ridículo de aspecto: nariz bicudo, ollada de touro, cara de tolo, simple de costumes, rústico en vestidos, pobre de fortuna, desafortunado en mulleres, inepto para todos os oficios da sociedade, sempre a rir, sempre a beber tanto coma calquera, sempre a se chufar, sempre a disimular o seu divino saber. Mais, ao abridres esa caixa, teriades atopado dentro unha celestial e inapreciábel droga: entendemento máis ca humano, virtude maravillosa, coraxe invencíbel, sobriedade sen igual, contentamento certo, tranquilidade perfecta, desprezo incríbel de todo aquilo polo que os humanos tanto velan, corren, traballan, navegan e batallan.

A propósito de que –na vosa opinión– ven este preludio e comezo? Pois porque vós, meus queridos discípulos e outros tolos ociosos, ao lerdes os ledos títulos dalgúns libros da nosa invención como *Gargantúa*, *Pantagruel*, *Botagrolos*, *A dignidade das braguetas*, *Chícharos con touciño cum commento*, etc.¹. xulgades demasiado facilmente que dentro non se trata senón de bulras, tolerías e mentiras ledas, visto que a insignia exterior (o título), sen procurar máis fondo, é comunmente recibida con irrisión e rexouba. Mais non convén estimar tan á lixeira as obras dos humanos. Porque vós mesmos dicides que o hábito non fai o monxe e hai quen vai vestido de hábito monástico e por dentro non é en nada un monxe, igual que hai quen vai vestido con capa española e a súa coraxe non se corresponde coa de España. Por iso cómpre abrir o libro e pesar con moito tino o que nel se expón. Entón habedes coñecer que a droga contida dentro é de valor ben distinto ao que prometía a caixa, é dicir, que as materias aquí tratadas non son tan toleironas como o título de enriba pretendía.

E, suposto o caso de que en sentido literal encontreis as materias ledas abondo e ben acaídas ao nome, cómpre, con todo, non ficar aí, como se fose o canto das sereas, senón interpretar co máis alto sentido o que se cadra coidabades dito por simple graza.

Seica nunca tedes desfechado botella ningunha? Canté! Relembrede a compostura que tiñades E : non tedes nunca visto un can atopar algún oso medular? El é, como di Platón no *lib. II De rep.* o animal máis filósofo do mundo. Se é que o vistes, puidestes notar con que devoción o vixía, con que coidado o garda, con que fervor o acolle, con que prudencia o enceta, con que paixón o creba e con que dilixencia o zuga. Quen o induce a facer isto? Cal é a esperanza da súa aplicación? Que ben pretende?

¹ *Gargantúa* e *Pantagruel* son, evidentemente, as obras rabelesianas. *Botagrolos* –que xa figura no prólogo de *Pantagruel* como “libro de alto fuste”– é descoñecido. Tamén é descoñecido *Chícharos...* –que figura no capítulo 7 de *Pantagruel* entre os libros da biblioteca de St. Victor– e mais *A dignidade...*, aínda que o tema das braguetas abunda no *Pantagruel* e alí se fala dun suposto libro *Da comodidade das braguetas longas* composto por Panurgo.

Nada máis ca un pouco de miolo. Certo que este pouco é máis delicioso do ca un moito de todo o restante porque o miolo é alimento elaborado á perfección pola natureza, como di Galeno en *III Facu. Natural*. E en *XI De usu parti*.

A exemplo deste, convén que, para ventardes, ulirdes e estimardes estes fermosos libros de alta graxa, sexades avisados, lixeiros no achegamento e afoutados no encontro, e despois, a través de curiosa lectura e meditación frecuente, que rompades o oso e zuguedes o substantífico miolo, é dicir, o que eu entendo por eses símbolos pitagóricos, coa esperanza certa de vos facerdes sabios e prudentes na tal lectura, porque nesta habedes achar gusto ben diferente e doutrina máis escondida. Ela vos ha revelar moi altos sacramentos e misterios extraordinarios, tanto no que concerne á nosa relixión como tamén ao estado político e á vida económica.

Crede abofé que Homero, ao escribir a *Ilíada* e a *Odisea*, pensou nas alegorías que del calafatearon Plutarco, Heráclides Póntico, Eustacio, Fornuto e as que destes roubou Poliziano²? Se o credes non vos achegades nin cos pés nin coas mans á miña opinión, que sentencia que estas foron tan pouco soñadas por Homero como por Ovidio nas *Metamorfoses* os misterios do Evanxeo, tal como un Frei Lapón –verdadeiro lambefariñas– se esforzaba en demostrar se por ventura atopaba xente tan louca coma el e–como di o refrán– testo digno do pote³.

Se non o credes: por que causa non habiades facer outro tanto con estas ledas e novas crónicas, aínda que ao ditalas eu non pensase máis ca en vós, que se cadra bebiades coma min? Porque na composición deste libro señorial non perdín eu nin empreguei nunca máis nin distinto tempo ca o que tiña establecido para tomar a miña refección corporal, a saber, ao beber e comer. Tamén é certo que esta é a hora xusta para escribir desas altas materias e ciencias profundas, como ben sabía facer Homero, parangón de todos os filólogos, e Ennio, pai dos poetas latinos, segundo testemuña Horacio, ben que un malamañado teña dito que os seus poemas cheiraban máis a viño ca a aceite⁴.

Outro tanto di un chocalleiro dos meus libros, mais...merda para el! O cheiro do viño! Canto máis gorenteiro, rideiro e rezadeiro é! Canto máis celestial e delicioso ca o do aceite! E terei tan a gloria que se diga de min que gastei máis en viño ca en aceite como tivo Demóstenes cando dicían del que gastaba máis en aceite ca en viño. Para min non é senón honor e gloria que me chamen e consideren bo galafate e bo compañeiro, e con esta sona acóllenme ben en toda compañía de pantagruelistas. A Demóstenes reprochoulle un morriñento que os seus *Discursos* cheiraban como o mandil dun noxento e suxo aceiteiro. Polo tanto, interpretade todos os meus feitos e ditos de maneira perfectísima, reverenciade o cerebro caseiforme que vos mantén con estas fermosas esbardalladas e, co voso poder, conservádeme sempre ledos.

E agora alegrádevos, meus amoríños, e lede contentes o resto con comodidade do corpo e proveito dos riles! Mais escoitade, vergallos de burro (que as chagas das pernas vos fagan coxear!), lembrádevos de beber por min en reciprocidade e eu héivolo volver agora mesmiño.

² O humanista italiano do século XV Poliziano inspirárase en traballos anteriores para as glosas da súa ^otradución latina de Homero. Entre estes se atopan os de Eustacio, arcebispo de Salónica no século XII, e os dos escritores e filósofos da antigüidade Heráclides Póntico, Plutarco e Cornuto (chamado aquí Fornuto).

³ Frei Lapón aparece tamén no capítulo 7 de *Pantagruel* como autor de tres libros titulados *De lambentis farinis*. Pode que Rabelais se meta co dominicano inglés Thomas Walleys, que no século XIV pretendía ter descuberto símbolos e profecías cristiás nas *Metamorfoses* de Ovidio.

⁴ O aceite da lámpada, símbolo da vixilia e do traballo.

CAPÍTULO 1

Da xenealoxía e antigüidade de Gargantúa

Para coñeceredes a xenealoxía e a antigüidade da que nos veu Gargantúa lede a grande crónica pantagruelina. Nela veredes máis polo miúdo como foi que os xigantes naceron neste mundo e como destes, por liña directa, saíu Gargantúa, pai de Pantagruel⁵. Así non vos habedes anoxar se me eu arredo agora diso, aínda que a cousa sexa de tal xeito que canto máis rememorada fose máis había gostar ás vosas Señorías, como afirma a autoridade de Platón *in Philebo* e *Gorgias*, e a de Flaco⁶, quen di que hai algunhas fadas (coma estas sen dúbida) que son máis delectabeis cantas máis veces son repetidas.

Prouguéralle a Deus que todos soubesen de maneira tan certa a súa xenealoxía dende a arca de Noé ata esta época. Eu penso que hai hoxe moitos emperadores, reis, duques, príncipes e papas na Terra que descendem dalgúns portadores de reliquias e de coleiros, como, ao revés, hai moitos esmoleiros do hospicio, arregueixados e miserabeis, que descendem por sangue e liña de grandes reis e emperadores, vista a admirábel mudanza dos reinos e dos imperios

dos asirios para os medos,
dos medos para os persas,
dos persas para os macedonios,
dos macedonios para os romanos,
dos romanos para os gregos
e dos gregos para os franceses.

E, para facervos comprenderme a min, o que vos falo, coido que descendo dalgún rico rei ou príncipe dos tempos pasados, pois nunca tedes visto un home que tivese máis paixón do ca min por ser rei e rico, a fin de darme boa vida, non traballar, despreocuparme totalmente e enriquecer ben os meus amigos e toda a xente de ben e de saber. Mais confórtame que no outro mundo heino ser, e mesmo moito máis do que arestora ousaría desexar. Confortade vós a vosa desgraza con tal ou mellor pensamento e bebede fresco, se pode ser.

Volvendo aos nosos carneiros⁷, dígovos que por don soberano do ceo foinos conservada a antigüidade e xenealoxía de Gargantúa máis enteira ca outra ningunha, exceptuada a do Mesías, da que non falo porque non me pertence (tamén os diaños – son os calumniadores e camanduleiros- se opoñen a elo). E atopouna Jean Audeau nun prado que había perto de L’Arceau Gualeau, por baixo de L’Olive, tirando para Narsay cando, ao limparen os regos, os cavadores tocaron cos seus sachos un gran túmulo de bronce desmedidamente longo, pois nunca deron atopado o cabo del xa que entraba demasiado diante nas esclusas do Vienne⁸. Ao abrillo en certo lugar –riscado por riba cun gobilete ao redor do que estaba escrito con letras etruscas HIC BIBITUR⁹– atoparon nove botellas dispostas do xeito en que pousan os bolos para xogar na

⁵ No capítulo 1 do Pantagruel, publicado antes ca o Gargantúa pasando a ser “o primeiro libro”, aparece esa “xenealoxía”.

⁶ Horacio (Quinto Horacio Flaco).

⁷ Alusión a unha frase da *Farce de Maître Pathelin* escrita no século XIV e moi popular, que ven significando: “Volvendo ao noso asunto”.

⁸ Son lugares das terras de Chinon, onde naceu Rabelais e tiña a casa seu pai, polas que pasa o río Vienne.

⁹ En latín “Aquí bébese”.

Gascuña. A que estaba no medio delas cubría un groso, graso, grande, gris, bonito, pequeno e embarolecido libro que ulía máis pero non mellor do que as rosas.

Neste achouse a dita xenealoxía, escrita ao longo de letras cancelerescas¹⁰, non en papel, non en pergamiño, non en cera, senón en casca de ulmeiro, tan gastadas, con todo, pola vetustidade que a penas se daban recoñecido tres en ringleira.

Eu, aínda que ben indigno, fun chamado aló e a poder de moito anteollo, practicando a arte pola que se poden ler letras non aparentes como ensina Aristóteles, traducina da maneira que podedes ver, pantagruelizando, é dicir bebendo a pracer e lendo as xestas extraordinarias de Pantagruel.

Ao final do libro había un pequeno tratado titulado *As farfalladas antidotadas*. As ratas e as cascudas ou (non quero mentir) outros animais malignos paceran o comezo; o resto apúxeno eu aquí embaixo en reverencia para a antigüidade.

¹⁰ Cursivas empregadas na chancelería romana, difíciles de ler.

CAPÍTULO 2

*As farfalladas antidotadas que acharon nun monumento antigo*¹¹

ando¹² dos cimbríos chegou o grande domador,
bixando polo aire, por medio da orballada,
ncheron as pías todas para o grande gañador
con manteiga onde caíu a avoa e foi regada.
Púxose ela a berrar: “Ten a barba enlamada,
acudide, señores, axiña pra pescalo,
ou cando menos vide e botádelle una escada,
por favor, acudídelles e axudade a tiralo”.

Algúns dicían que lamberlle a súa chinela
era mellor do que gañar tanta indulxencia,
mais saíu ao momento un larchán botaporela
vindo de onde se pescan favores con urxencia.
E dixo: “Meus señores, por Deus, tede paciencia,
estavos aí a anguña, nese lugar se agacha,
e habedes poder ver se ollades a conciencia
que no fondo do pucho vos hai unha gran tacha”.

Non se atoparon alí senón cornos de vaca
cando de ler o capítulo chegou o momento:
“Síntoo –dixo el- que o fondo da miña mitra ataca
tal frío que me conxela todo o entendemento”.
E a carón do lume púxose todo contento
ao facelo quecer con bo perfume de nabo,
para tanto tolo como hai solto e rabuxento
degorando unha nova cabezalla ao cabo.

Do buraco de Xibraltar e san Patricio
e máis mil outros tiñan a seguinte idea:
coselos fortemente e deixalos sen servizo
para que non botasen aquela tos tan fea,
pois ver a cada un cando sopra e mais ventea
semellou sempre a todos ser pouco axeitado.
Pode que un bo rescate por iso alguén lles dea
se acadan moito tempo mantelos ben pechados.

¹¹ As *Farfalladas* pertencen a un xénero literario moi en voga na época de Rabelais: o enigma. O enigma era a alusión a un obxecto ou suceso ordinario, que non se nomeaba e era descrito nunha linguaxe metafórica e obscura. No final do *Gargantúa* Rabelais utilizou un enigma de Mellin de Saint Gelais, de quen tamén se aventurou que podería ser o autor deste. A non ser que Rabelais fixese unha parodia no estilo de Saint Gelais. A pesar dos intentos de descifrar o enigma, non se deu una clave e só se atoparon posíbeis alusións á Reforma e ao Papa, guerras e triunfos. Pode, tamén, que se trate dunha *fatrasie*, enchoiada de frases inconexas, xénero moi utilizado na Idade Media e que é o mesmo procedemento do *coq-à-l'âne* que utilizou en verso o poeta Marot e que o propio Rabelais parece ter usado na construción dos capítulos 11 a 13 do *Pantagruel*.

¹² Explicaba o autor que o comezo do tratado estaba roído e rillado polos bechos, motivo polo que falta algún anaco e letra dos primeiros versos.

Pelou o corvo, para ver o futuro do arresto,
Hércules, que viña de Libia, e o furibundo
Minos dixo: “A min non me chaman: como é isto?
Non sendo a min, convídase aquí a todo o mundo.
E logo queren que eu non perda un segundo
de fornecerlles ostras e rans, sempre a arriar.
Léveme o demo axiña se moito me confundo
e non lles tiro a venda das rocas de fiar”.

Daquela a sometelos chegou Q. B. coxeando
co bo salvoconduto dos mixtos estorniños.
O curmán do gran Ciclope, entón, peneirando,
acabou con eles ao baterlles nos fociños.
Poucos herexes fuxiron dos nosos muíños
da casca sen unha boa malleira levar.
Tocái correndo a alarma e vide polos camiños,
que moito máis que en tempos habedes apañar!

O paxaro de Xúpiter, un pouco máis tarde,
a intervir polo peor voa determinado
pero ao velos tan irados fortemente arde
temendo o xaque-mate e o imperio derramado.
Preferiu onde venden o peixe afumado
roubar o lume do ceo azul do firmamento
ca o aire morno, contra o que foi conspirado,
suxeitar aos ditos masoretas do comento.

Todo foi concluído con punta afiada,
a pesares de Até, a gran perna garceira,
que ao ver a escena ficou no chan estarricada
vendo a Pentasilea, de vella en verduleira.
Berraba forte a xente entón: “Suxa carboeira!
perténcete to parte no medio do camiño?
Apoderácheste ti da romana bandeira
que con paciencia fixéramos de pergamiño”.

De non ser por Xuno, que baixo o arco celeste
co seu duque un ichó preparaba e tendía,
tería alí levado un trato ben agreste
e o seu corpo enteiriño enrugado estaría.
O acordo foi daquela que ela se levaría
dous ovos de Proserpina para as súas moutas
mais no monte do estribo atada se vería
se a caír algún día chegaba nas súas poutas.

Sete meses despois (cómpre vinte dous restar),
o que algún día Cartago soubo destruír
chegou xunto deles, cortés en reclamar
e a súa parte da herdanza púxose a esixir;

ou que máis xustamente fixesen repartir,
segundo a lei de tirar o cravo por contrato,
e unha lambida de potaxe distribuír
aos cargadores que escribiran aquel trato.

Mais virá un ano, marcado con arco turqués
e máis con cinco fusos e tres cus de marmita,
no que o lombo dun rei escasamente cortés
apementado ha ser baixo un saio de eremita.
Por un arremedo de maneira sibarita,
deixaredes perder vós tanta terra? Acabade!
Acabade, que esta máscara ninguén imita!
Co irmán das serpes, xa, para fóra marchade!

E moi tranquilamente, cos seus grandes amigos,
transcorrido ese ano, o que é ha reinar;
ninguén que ben quixera ha de ter inimigos;
nin aldraxes nin liortas, por fin, han dominar.
E a paz tan prometida finalmente ha chegar,
baixando dende esas altas torres celestiais
coma prontos cabalos que veñen triunfar
semellando verdadeiros palafréns reais.

E durará ese tempo tan bo e habelencioso
entrementes que Marte se vexa aferrollado.
Despois outro ha chegar, aínda máis delicioso,
sen comparanza ledó, belido e delicado.
Erguede os corazóns, vide ao xantar de contado,
meus fieis vasalos, que ao tal chegoulle de morrer
e o tempo que pasou será entón tan rexeitado
que para ben de todos non poderá volver!

Ao fin aquel que foi de cera será aloxado
no gonzo do moneco que as horas dá e reparte
e nunca máis “Señor! Señor!” será aclamado
quen repenica e terma da pota de por parte.
Se se dese pillado o seu longo bracamarte,
limparíase axiña ese zoar cabezudo
e poderíase a base de baraza e de arte
deixar o almacén dos abusos todo mudo!

CAPÍTULO 3

Como Gargantúa foi levado once meses na barriga da súa nai

Golagrande era moi trouleiro na súa mocidade; gostáballe baleirar cuncas tanto como a calquera no mundo e prestáballe comer o salgado. Por iso estaba decote abastado cun bo feixe de xamóns de Maguncia e de Baiona¹³, un eito de linguas de vaca afumadas¹⁴, unha chea de androllas –no tempo delas– e de vaca salgada con mostarda, unha morea de botargas¹⁵ e un fato de salchichas, mais non das de Boloña (pois temía o *bocado de lombardo*¹⁶) senón de Bigorre, de Longaulnay, de La Brenne e de Rouergue¹⁷.

Na súa idade viril casou con Gargamela, filla do rei das Papoias, boa moza e de fermosa cara, e moitas veces facían eles dous, xuntos, o animal de dous lombos fregándose ledamente os touciños. Tanto que ela empreñou cun bonito fillo e levouno ata o undécimo mes.

Porque tanto, e mesmo máis, poden as mulleres estar preñes, maiormente cando é algunha obra mestra e personaxe que no seu momento teña que facer grandes proezas. Di Homero que o meniño co que Neptuno empreñou á ninfa naceu un ano despois, no duodécimo mes. Pois (como di Aulo Xelo no *lib. III*) cumpríalle este longo tempo á maxestade de Neptuno a fin de que nel o neno se formase á perfección. Por igual razón, Xúpiter fixo durar corenta e oito horas a noite na que se deitou con Alcmena, pois en menos tempo don daría forxado a Hércules, o que limpou o mundo de monstros e tiranos.

Os señores pantagruelistas antigos confirmaron o que eu digo, e declararon no só posíbel mais aínda lexítimo o fillo que naceu de muller no undécimo mes despois da morte do seu marido:

Hipócrates: *lib. De alimento*,

Plinio: *lib. VII, cap. V*,

Plauto na *Cistellaria*,

Marco Varrón na sátira titulada “O testamento”, alegando a autoridade de Aristóteles a propósito disto,

Censorino: *lib. De die natali*,

Aristóteles: *lib. VII, capi III et IIII de nat. Animalium*,

Xelo: *lib. III, cap. XVI*,

Servio nas *Egl.*, ao expor este metro de Virxilio:

Matri longa decem, etc.

¹³ Tiñan –e teñen aínda– sona os Xamóns de Maguncia, na Alemaña, e Baiona, no País basco francés ou Iparralde, ambos os dous xamóns crús. Compre sinalar que a palabra *xamón*, sen outra precisión, adoita denominar en francés actual o xamón cocido –que é o que se consome maiormente en Francia– en canto que o xamón crú e salgado coma o noso é chamado xeralmente *xamón de Baiona*.

¹⁴ Usamos deliberadamente *vaca* pois a carne de vacún ou bovino, que naturalmente engloba machos e femias, recibe usualmente en galego o xénero feminino (*vitela, tenreira, vaca*) ao contrario do que en francés onde se adoita empregar o masculino (*veau, boeuf*).

¹⁵ Especie de caviar provenzal composto de ovos de muxo salgados, prensados, secos e adubados con especias.

¹⁶ Aínda que Boloña non pertence nin pertenceu á Lombardía, Rabelais fala verbo das súas salchichas de *bocado de lombardo*, que equivalía a *bocado envenenado*. Se cadra nesta alusión a Italia cos envenenamentos pesaron os asasinatos da familia Borgia.

¹⁷ Diferentes terras francesas de moita sona canto ás salchichas, lardos e outros derivados do porco.

e mil outros tolos que viron acrecentado o seu número polos lexistas no Dixesto, *De suis et legit*, lei *Intestato*, párrafo *fi.*, e en *Autent.*, *De restitut. Et ea que parit in XI mense*. Por parte, esborracharon con iso a súa roubaroilárdica¹⁸ lei *Gallus, Digesta De lib. Et posthu., et l. septimo Digesta De stat. homi.* E algúns outros que arestora non ousen dicir. Mediante estas leis, as mulleres viúvas poden xogar libremente co aperta-grupas, a todos os envites e de cheo, dous meses despois do falecemento do seu marido.

Pídevos por favor a vosoutros, meus rillotes, que se atopades a algunhas destas, polas que pague a pena desbraguetarse, as montedes e mas traiades. Pois, se empreñan ao terceiro mes, o seu froito ha ser herdeiro do defunto, e, coñecida a preñez, van elas ardidamente máis alá e...voga, rapaz, que a panza está chea! Como Xulia, filla do emperador Octaviano, que non se abandonaba aos que lle tocaban o pandeiro senón cando se sentía preñe, do mesmo xeito que a nave non acolle o seu piloto sen primeiro ser calafateada e carregada. E se alguén as critica por se faceren remendoconiclear así, por riba da súa barrigada, han responder que iso é nos animais, pero que elas son mulleres que entenden ben os fermosos dereitos de superfetación¹⁹, como respondeu algún día Populia, segundo o relato de Macrobio en *lib. II Saturnal*.

Se o diaño non quere que elas empreñen haberá que torcer a billa e...boca pechada!

¹⁸ Sobre *rodilardus*, latinismo burlesco creado por un humanista italiano co significa do de “roe-lardo”, Rabelais crea un novo termo engadindo o verbo *roubar*.

¹⁹ A *superfetación* consiste na concepción dun novo feto cando xa existe outro en xestación no útero.

CAPÍTULO 4

Como Gargamela, estando preñe de Gargantúa, comeu unha boa farta de tripas

Esta foi a ocasión e a maneira como Gargamela pariu, e se non o credes...que o fundamento vos escape²⁰!

O fundamento escapáballe a ela unha tarde, o tres de febreiro, por ter comesto de máis calleiros. Calleiros son grosas tripas de almallos. Almallos son bois engordados na manxadoira e nos prados outoneiros. Prados outoneiros son os que dan herba dúas veces no ano. Destes gordos bois, fixeran matar trescentos sesenta e sete mil catorce para seren salgados martes de Antroido a fin de que na primavera tivesen preparado boi abondo para, ao comezo das comidas, faceren conmemoración das salgaduras e entraren mellor en viño.

As tripas foron copiosas, como podedes comprender, e eran tan gorenteiras que todos lambían os dedos. Mais o gran atranco era que resultaba imposíbel conservalas moito tempo, porque apodrecerían, o que semellaba indecente. Polo que se chegou á conclusión de que tiñan que as larpar sen perder tempo. Para iso convidaron os cidadáns todos de Cinais, Seuilly, La Roche Clermaud e Vaugaudray –sen deixar atrás Le Coudray Montpensier, Le Gué de Vède²¹ e outros do arredor– todos eles bos bebedores, bos compañeiros e bos lanzadores das bolas.

Ao bo de Golagrande prestáballe moito e ordenaba que todo fose por cuncas. Con todo, dicíalle á súa muller que comese o mínimo, visto que se achegaba ao termo e que esa tripalla non era carne moi louvábel. E dicía: “Ten boa gana de comer merda quen come o saco dela!”. Malia estas advertencias, Gargamela papou dezaseis moios, dous pipos e seis potas. Debía abaloufar nela unha boa materia fecal!.

Despois de xantar, fóronse todos mesturados para o salgueiral, e ali, derriba da herba basta, bailaron ao son dos ledos pífaros e das doces gaitas tan alegremente que era celestial lecer velos divertirse así.

²⁰ O fundamento ao que aquí se refire Rabelais é o mundamento físico do corpo, sentido logo, como ben se pode entender.

²¹ Son localidades veciñas de Chinon, onde vivía a familia de Rabelais, que rodean o lugar de La Devinière, onde a familia tiña unha casa de campo e onde o autor sitúa a morada de Golagrande.

CAPÍTULO 5

*As parolas dos moi ebrios*²²

Despois, determinaron merendar no mesmo lugar. Entón andiveron as frascas, trotaron os xamóns, voaron os gobiletes e os xerros tinguelearon:

- Tira!
- Dálle!
- Vira!
- Bautiza!
- A min bótame sen auga... Así, meu amigo.
- Zóscame ese vaso galantemente!
- Prodúceme clarete, vaso choroso.
- Abonda xa de sede!
- Ah, febre traidora: non te has ir?
- A fe, miña comadre, non dou entrado na beba!
- E logo? Está amormeirada, miña amiga?
- E mais si.
- San Parrocho²³ me valla! Falemos de beber!
- Eu non bebo senón nas miñas horas, como a mula do papa²⁴.
- Eu non bebo senón no meu breviario, como un bonito padre gardián²⁵.
- Quen foi primeiro: a sede ou a bebedela?
- A sede, porque: quen tería bebido sen sede no tempo da inocencia?
- A bebedela porque *privatio presupponit habitum*. Son letrado. *Faecundi calices quem non facere disertum?*²⁶
- Pois nosoutros, inocentes de nós, aínda bebemos máis sen sede.
- Pois eu, pecadento de min, sen sede non. E senón presente, cando menos futura; prevéndoa, como podedes comprender. Bebo pola sede vindeira. Bebo eternamente. Para min é eternidade de bebedela e bebedela de eternidade.
- Veña, a beber e cantarolar!
- Onde me vai o cántaro do lar?
- O que! Eu só bebo por procuración.
- Molládesvos para vos secar ou secádevos para vos mollar?
- Eu non entendo miga a teoría, coa práctica voume axudando un pouco.
- Apresa!

²² Esta restra de frases ensarilladas, aparentemente inconexas, forman un entramado ben tecido no que se poderían recoñecer pola fala distintos tipos de persoas canto á súa formación, profesión, orixe social, país de procedencia, sexo... É así que desfilan letrados, monxes, xuristas, comadres, soldados, criados, etc. Moitas destas frases son citas ou alusión a pasaxes da Biblia, fórmulas litúrxicas, procedementos administrativos, cuestións escolásticas, refráns, etc. que son tirados do seu contexto para se tornaren louvanzas do viño, entre chufas, xogos de palabras e rimas.

²³ Santo imaxinario que designa o sexo feminino.

²⁴ A mula era tamén un tipo de chinela. Este mesmo xogo de palabras aparece no título dun dos libros da biblioteca de St. Victor, no *Pantagruel*.

²⁵ Como na réplica anterior se falou das horas e os libros de horas eran libros de oración, faise a réplica ao xogo bebendo no breviario, pois *breviario* era tamén unha botella en forma de libro.

²⁶ A primeira cita é unha máxima escolástica (*A privación presupón o hábito*) e a segunda unha cita de Horacio (*A quen non fixeron elocuente as fecundas copas?*). Nos dous casos, hai unha segunda intención nas palabras *habitum* e *calices*.

–Eu móllome, humedézome, bebo, e todo co medo de morrer.
 –Bebede de contino e non habedes morrer endexamáis!
 –Se non bebo, seco e morro. A miña alma ha fuxir para algunha braña, porque a alma nunca vive en seco²⁷.
 –Copeiros, creadores de novas formas, tornádeme de non bebedor en bebedor!
 –Rego perenne por estes nerviosos e secos boches!
 –Nada bebe o que nada sinte.
 –Este vai dereitiño ás veas: a mexadeira non vai pillar nin res.
 –Eu lavaría de grado as tripas que esta mañán vestín²⁸.
 –Eu ensaburrei ben o meu estómago.
 –Se o papel das miñas obrigas bebera tanto coma min, os meus acredores habían ter viño abondo cando os mostrasen para reclamar.
 –Esa man derrámalle o nariz.
 –Cantos outros han entrar antes de este saír!
 –Beber en vao tan pequeno é para se partir a barda²⁹!
 –Isto é un chamariz para frascas.
 –Que diferenza hai entre botella e frasca?
 –Moita, porque a botella péchase cunha rolla e a frasca cun macho.
 –Estanche boas!
 –Os nosos pais beberon e baleiraron os potes.
 –Cantáchela cagadiña! Bebamos!
 –Este vai lavar as tripas. Queredes mandar algo ao río?
 –Eu non bebo máis do ca unha esponxa.
 –Eu bebo coma un templario.
 –E eu *tanquam sponsus*³⁰.
 –E eu *sicut terra sine aqua*³¹.
 –Un sinónimo de xamón?
 –*Compulsorio de bebida*. É unha escada. Coa axuda da escada báixase o viño á adega; coa do xamón ao estómago.
 –Veña! De beber! De beber! Non hai aínda carga ningunha. *Respice personam; pone pro duos; bus non est in usu*³².
 –Se eu fose quen de botar para arriba tanto como boto para abaixo, xa estaría hai un pedazo polo aire, ben alto³³.
 –Así se fixo rico Jacques Coeur antonte.
 –Así se aproveitan as fragas a monte.
 –Así conquistou Baco a India.
 –E así a filosofía Melindia³⁴.
 –Auga corredía todo mal desví. Bebida alongada rompe a treboada.
 –E se a miña pirola mexara esta urina: habiadela chuchar?

²⁷ Atribúese a san Agustín esta afirmación.

²⁸ Novo xogo de palabras, pois o verbo *habiller* ten en francés, a máis do significado de ‘por un vestido’ o de ‘limpar, baleirar, adoviar e preparar un animal para presentar a súa carne’.

²⁹ Como lle pasaría a un cabalo se tivese que tender de máis o pescozo.

³⁰ *Coma un esposo*. Xogo de palabras en relación coa *esponxa* dunha réplica anterior.

³¹ *Como terra sen auga*, cita da Biblia.

³² *Mira a persoa, pon para dous; bus xa non se usa*. Alude a que neste latín, non conforme xa co clásico, non se usa xa a forma *duobus* senón *duos*, e ao tempo xoga co participio pasado do verbo *beber* en francés (*bus*): “bota para dous, que o bebido xa non está”.

³³ Esta chufa fíxoa xa Panurgo no capítulo 14 de *Pantagruel*.

³⁴ Seguramente se refire a Melinde, posesión portuguesa na Ruta do Navegantes (v. cap. 24 do *Pantagruel*). Escribimos *Melindia* para conservar a rima orixinal.

–Despois vou eu.
 –Criado, dáme. Inscríbeme na vez correspondente.
 –Zuga, Guillermote, que aínda che queda un pote!
 –Apelo contra a sede por abuso. Criado, levanta a miña apelación en forma!
 –Ese trisco!
 –Algún día adoitaba eu beber todo, agora non deixo nin chisco.
 –Non nos precipitemos e amasemos ben todo.
 –Velaí unhas tripas e uns calleiros dese marelo de raia negra que se poden xogar e envidar. Por Deus, rasquémolos para maior proveito!
 –Bebede ou por...!
 –Non! Non!
 –Bebede, por favor.
 –Os pardais non comen se non lles dan uns golpiños no rabo, eu non bebo se non me dan aloumiños.
 –*Lagona edatera*³⁵! Non hai tobeira no meu corpo todo no que este viño non dea afuroado a sede.
 –Este zóscama ben.
 –Este vaima afastar de todo.
 –Toquemos o corno, acompañando co son da frascas e de botella, para que calquera que teña perdido a sede non a veña buscar aquí dentro: longas lavativas de bebida fixeron que deixase a morada.
 –O gran Deus fixo o universo e nós facemos un verso.
 –Teño a palabra de Deus na boca: *Sitio*³⁶.
 –A pedra chamada asbesto non é máis inextinguíbel do ca a sede da miña Paternidade.
 –O apetito entra ao comer, dicía Hangest en Le Mans³⁷ a sede sae ao beber.
 –Remedio contra a sede?
 –O contrario do que se fai contra a mordedura de can: correde sempre atrás do can e nunca vos ha morder, bebede sempre antes da sede e nunca vos ha entrar.
 –Pilleivos, espertade. Copeiro eterno, gárdanos do sono. Argos tiña cen ollos para ver, a un copeiro cómprenlle cen mans, como tiña Briareo, para infatigabelmente servir.
 –Mollemos, veña, que presta secar!
 –Branco! Bota todo! Arredemo, bota! Bota aquí, cheiño, que a lingua se me esfolia!
 –*Lans, tringue*³⁸!
 –Agora ti, compañeiro! Bebe de bo grado!
 –Ei! Ei! Iso si que é engulipar!
 –*O lacrima Christi*³⁹.
 –É de La Devinière, é un *pineau*⁴⁰.
 –Xeitoso viño branco!
 –Vállame a miña alma! É viño suave coma o tafetán!
 –Está ben tecido, con agulla e boa lan.

³⁵ En eúscaro *Compañeiro: de beber!* Rabelais fala nalgunha ocasión dun criado basco que tiña a súa familia. Sen dúbida foi este quen lle aprendeu esta expresión.

³⁶ Palabra de Xesús na cruz: *Teño sede*.

³⁷ Jérôme de Hangest, bispo de Le Mans de comezos do século XVI.

³⁸ Frase dun lansquenete (soldado alemán): *Compañeiro, bebe!*

³⁹ *Oh, lágrima de Cristo!*. Tamén un viño italiano leva o nome de *Lacrima Christi*.

⁴⁰ Variedade de viño francés.

- Ánimo, compañeiro!
- Desta volta non roubaremos, que xa levantei na anterior.
- Ex hoc in hoc*⁴¹. Non hai encantamento, todos os puidestes ver. Son un profesor conseguido!...Bom, borrombón!...E agora son un confesor proseguído!
- Oh, bebedores! Oh, sedentos!
- Criado, meu amigo, enche aquí e coroa este viño, fai favor!
- Ao estilo dos cardeais.
- Natura ahorret vacuum*⁴².
- Daría bebido unha mosca, aí?
- Ao modo de Bretaña⁴³.
- Veña, dun grolo ese viñocho!
- Tragade, que son herbas!

⁴¹ *Disto a istoutro* ou *De aquí para alá*.

⁴² *A natureza ten horror do vacío*.

⁴³ Os bretóns tiñan sona de beberen moito.

CAPÍTULO 6

Como Gargantúa naceu de xeito ben estraño

Estando eles nestas parolas de bebedela, Gargamela comezou a se encontrar mal de abaixo, polo que Golagrande se ergueu de riba da herba e confortouna con agarimo, pensando que estaba con dor de parto e dicíndolle que se estivese alí, sobre a herba, no salgueiral, e que axiña había botar adiante; que por iso conviña que collese novos azos para a próxima chegada do seu monequiño, e que, aínda que a dor lle había producir algunha molestia, esta había ser breve e a ledicia que decontado seguiría había tirarlle todo ese anoxo, de sorte que só había ficar a lembranza.

–Valentía de ovella –díxolle el–, apresúrate con este para facermos logo outro.

–Ah! –púxose ela– Vós falades moi cómodos, vós os homes! Heime esforzar ben, Deus me valla, porque che apraz, mais Deus quixera que o tiveses cortado!

–O que? –dixo Golagrande.

–Ah! –dixo ela– Que home máis boiño es! Enténdesme ben!

–O meu membro? –preguntou el– Sangue das cabras! Se che parece manda tragner un coitelo!

–Ai! –dixo ela– Tal non lle apracera a Deus! Deus me perdoe! Non o digo de boa gana, palabra! Non o fagas nin pouco nin moito! Mais hoxe hei ter abondo que facer se Deus non me axuda. E todo polo teu membro, para que ti estiveses contente.

–Ánimo! Ánimo! –dixo el– Non te preocupes polo resto e deixa que os bois tiren adiante. Eu vou beber aínda algunha fecha. Se no entanto che pasase algo, hei estar perto, chamando por min e pondo a man como buguina hei estar contigo a escape.

Pouco tempo despois comezou ela a suspirar, laiar e gritar. Nun pulo viñeron de todos lados parteiras a mancheas e, apalpándoa polo baixo, atoparon unhas pelgachas bastante cheirentas e pensaron que era o neno. Mais era o fundamento que lle escapaba debido á molificación do intestino recto (o que vós chamades boche cular) por ter comesto tripas de máis, como xa explicamos enriba.

Entón, unha noxenta vella da súa compañía, que tiña sona de moi boa menciñeira e que viñera de Brisepaille (a rentes de Saint Genou⁴⁴) sesenta anos antes, fíxolle un astrinxente tan terríbel que todos os esfínteres lle ficaron tan atuídos e entalados que a duras penas os dariades alongado cos dentes, cousa ben terríbel de pensar. Como cando o demo, na misa de san Martiño, ao escribir o cacarexo de dúas galanas, alongou o seu pergamiño a poder de dentes⁴⁵.

A causa deste inconveniente ceibáronse por arriba os cotiledóns da matriz⁴⁶ a través dos que o neno deu un chouto e entrou na vea cava e, gabeando polo diafragma ate enriba dos ombreiros (onde a tal vea pártese en dúas) colleu o camiño da esquerda e saíu pola orella dese lado.

No intre de nacer non berrou coma os outros nenos *Mié! Mié!* Senón que berrou a grandes voces *Beber! Beber! Beber!* Como invitando todo o mundo a beber, de xeito que foi ouvido por todo o país de Beuxe e de Vivarais.

Dubido de que vaiades crer axeitadamente este nacemento. Se non o credes non me preocupa, mais un home de ben, un home asisado, cre sempre o que lle din e acha

⁴⁴ Na rexión do Berry, non moi lonxe de Chinon.

⁴⁵ Alusión a unha lenda moi popular na Idade Media.

⁴⁶ Partes da placenta.

por escrito⁴⁷. É iso contrario á nosa relixión, á nosa fe? Contrario á razón e as Santas Escrituras? Pola miña parte non atopo na Santa Biblia nada escrito que sexa contrario a iso. Mais, se tal tivese sido a vontade de Deus: diríades que non houbera podido facelo? Ah, pola graza divina! Non enzarapalledes xamáis os vosos espíritos con estes vans pensamentos, porque eu dígovos que para Deus non hai nada imposible e que, se el quixer, de agora en diante as mulleres habían ter os fillos polas orellas.

Non foi enxendrado Baco polo coxote de Xúpiter⁴⁸?

Non naceu Rocatallada do talón de súa nai?

E Trincamoscas da chinela da súa ama de leite?

Non naceu Minerva do cerebro pola orella de Xúpiter?

E Adonis pola cortiza dunha árbore de mirra?

E Cástor e Pólux da casca dun ovo posto e chocado por Leda?

Pero quedariades moito máis pampos e pasmados se vos contase arestora todo o capítulo de Plinio no que el fala dos partos estraños e contra natura. E mais eu non son mentireiro tan cumprido como el foi. Lede o sétimo da súa *Natural Historia*, cap. III, e non me quentedes máis a cabeza con iso.

⁴⁷ Nas primeiras edicións invocaba Rabelais a autoridade de Salomón e de san Pablo mediante citas destes.

⁴⁸ Algunhas destas estrañas nacencias forman parte da mitoloxía clásica, outras de lendas e tradicións populares medievais.

CAPÍTULO 7

Como lle foi imposto o nome a Gargantúa e como zugaba el a pinga

O bo de Golagrande, ao beber e divertirse cos outros, ouvíu o grito terríbel que o seu fillo dera ao entrar na luz deste mundo cando bramou pedindo *Beber! Beber! Beber!*, polo que dixo el: *Que garganta a túa!* Ao ouvilo, os asistentes dixeron que verdadeiramente o neno debía levar por iso o nome de Gargantúa, pois tal fora a primeira fala de seu pai no seu nacemento, a imitación e exemplo dos antigos hebreus. Ao que condescendeu este, e gostoulle moito á nai. E, para que acougase, déronlle de beber a oito e levárono ás pías, como é costume dos bos cristiáns.

E preparáronlle dezasete mil novecentas trece vacas de Pontille e Bréhémont⁴⁹ para aleitalo de ordinario. Porque non era posíbel atoparlle ama suficiente en todo o país, considerada a gran cantidade de leite requirida para alimentalo, aínda que algúns doutores escotistas⁵⁰ teñan afirmado que a súa nai o aleitou e que ela podía tirar das súas mamas mil catrocentos dous pipos e nove potadas de leite por cada vez, o que non é verosímil e foi proposición declarada mamalmente escandalosa, ofensiva para as orellas piadosas e ulinte de lonxe a herexía⁵¹.

Nese estado pasou ata o ano e dez meses, momento no que, por consello dos médicos, comezaron a levalo, cousa que se fixo nun fermoso carriño de bois inventado por Jean Denyau⁵². Dentro deste, paseábano ledamente por aquí e por acolá: e prestaba velo pois tiña boa cara e dezaioito papadas, e berraba moi pouquiño, mais esforricábase a toda hora porque era maravillosamente flegmático das nádegas tanto polo seu carácter natural como pola disposición accidental que lle viñera por zugar de máis o puré setembrino. E non zugaba el unha gota deste sen causa porque, se acontecía que estaba alporizado, encarraxado, anoxado ou amorriñado, se espernexaba, choraba ou berraba, en lle traendo de beber volvíano ao seu estado natural e no intre ficaba sosegado e led.

Unha das súas amas díxome, xurando pola súa fe, que estaba tan afeito a isto que xa só co son das pintas e das frascas entraba el en éxtase como se estivese a degustar os gozos do paraíso. De sorte que elas, considerando este carácter divino, para alegralo, facían soar diante del algúns vasos cun coitelo ou algunhas frascas co seu tapón, ou algunhas pintas co seu testo, son co que el se puña contente, estremecía e el mesmo comezaba a se arrolar, abaneando coa cabeza, tocando a música cos dedos e entoando o barítono co cu.

⁴⁹ Lugares próximos a Chinon.

⁵⁰ Discípulos de Duns Escoto, filósofo do século XIII.

⁵¹ *Mamalmente escandalosa* (cun adverbio creado por Rabelais) parodia a expresión *teoloxalmente escandalosa*. As outras expresión eran empregadas pola Sorbona ao ordenar a censura de libros.

⁵² Non se sabe de quen se trata.

CAPÍTULO 8

Como vestiron a Gargantúa

Cando el tiña esa idade, seu pai ordenou que lle fixesen roupa coa súa librea⁵³, que era branca e azul. Así traballaron nela e fixéronlla cortada e cosida á moda que por entón corría. Nos antigos documentos que están na Cámara de Contas de Montsoreau⁵⁴ atopo que o vestiron do xeito que segue.

Para a súa camisa recadaron novecentas varas de tea de Châtellerault e dúas centas para as pezas que unen as mangas co corpo, que lle puxeron con forma de cadrado baixo as axilas. E non era fruncida, pois o fruncimento das camisas non foi inventado senón dende que as lenceiras, cando a punta da súa agulla lles rompía, comezaron a traballar co cu.

Para o perponto recadaron oitocentas trece varas de satén branco, e para as agulletas⁵⁵ mil cincocentas nove pelicas e media de can. Entón comezou a xente a atar as calzas ao perponto e nin o perponto ás calzas, pois é cousa contra natura, como explicou amplamente Ockham na *Expoñibeis* de M. Calzasaltas⁵⁶.

Para as súas calzas recadaron mil cento cinco varas e un terzo de estame⁵⁷ branco. E cortárono en forma de columnas, estriadas e agrecadas⁵⁸ polo traseiro, a fin de non lle quentar os riles. E por dentro do cortado caía en freque de damasco azul tanto como cumpría. E reparade en que tiña unhas boas canelas e ben proporcionadas co resto da súa estatura.

Para a súa bragueta recadaron dezaseis varas e máis un cuarto dese mesmo pano. E a forma dela foi como a dun arcobotante, ben ledamente atada a dúas fermosas fíbelas que prendían dous ganchetes de esmalte; en cada unha delas ía engastada unha grosa esmeralda do grosor dunha laranxa. Porque (como di Orfeo no libro *De Lapidibus* e Plinio no libro último) ten ela virtude erectiva e confortativa do membro natural⁵⁹.

O saínte da bragueta tiña a longura dunha aguillada, cortado como as calzas e como elas co damasco azul flotando. Mais, ao ver o fermoso bordado de canutillo e os bonitos entrelazos de ourivesaría gornecidos con finos diamantes, rubíns, turquesas, esmeraldas e perlas de Persia, teriadelo comparado a un fermoso corno da abundancia – tal como os vedes nos monumentos antigos e tal como Rea llelo deu ás ninfas Adrastea e Ida, amas de Xúpiter– sempre galante, gostante, exudante, sempre verdecente, sempre florecente, sempre fructificante, cheo de humores, cheo de flores, cheo de froitos, cheo de todas as delicias. Deus me premie se non prestaba velo! Pero xa vos contarei moito máis diso no libro que fixen *Da dignidade das braguetas*⁶⁰. Por se é caso, advírtovos de que, se era ben longa e ampla, tamén estaba por dentro ben gornecida e aparelada, sen asemellar nadiña ás braguetas hipócritas dun fato de repolistrados que non están cheas senón de vento, con gran prexuízo para o sexo feminino.

⁵³ A librea era o vestido que un rei ou nobre daba, na Idade Media, aos seus fillos e familiares, e que reproducía as cores do seu blasón. Posteriormente, ese vestido levábano os domésticos.

⁵⁴ Rabelais vivira de neno en Montsoreau, unha aldeíña onde nunca houbo unha Cámara de Contas.

⁵⁵ As agulletas eran unha especie de cordóns, forrados xeralmente de pel de can, que servían para atar as prendas. Entón comezou a xente a atar as calzas ao perponto, e non o perponto ás calzas pois é cousa contra natura, como explicou simplemente Ockham nas *Expoñibeis* de M. Calzasaltas.

⁵⁶ M. Calzasaltas é un personaxe ficticio. Coma sempre, Rabelais búlrse dos escolásticos como Ockham.

⁵⁷ Tecido lixeiro de lan.

⁵⁸ En forma de greca.

⁵⁹ Nin Orfeo nin Plinio dixeran iso. A esmeralda pasaba por ter a virtude contraria.

⁶⁰ V. nota 1.

Para os zapatos recadaron catrocentas seis varas de veludo azul carmesín. E retalláronos xeitosamente en liñas paralelas xuntadas en cilindros uniformes.

Para as solas destes empregaron mil cen peles de vaca teixa cortadas como rabos de bacallau.

Para o seu saio recadaron mil oitocentas varas de veludo azul, tinguido e grá, bordado polo arredor con videiras e polo medio con xerras en canutillo de prata, xunguidas por vergas de ouro con moitas perlas, denotando con isto que había ser un bo bebefechas no seu tempo.

O seu cinto foi de trescentas varas e media de sarga de seda, metade branca e metade azul (ou moito me engano).

A súa espada non foi valenciana nin o seu puñal zaragozano⁶¹, pois seu pai odiaba a todos aqueles *hidalgos borrachos* marranzados coma demos, senón qye tivo a fermosa espada de pau e o puñal de coiro fervido, pintados e dourados como calquera podería desexar.

A bolsa fixéronlla coa picha dun elefante que lle deu Herr Pracontal, procónsul de Libia.

Para o seu manto recadaron nove mil seiscentas varas menos dous terzos de veludo como o que dixemos enriba, todo enfiado de ouro en figura diagonal, do que, na perspectiva xusta, saía unha cor indefinida –tal como a vedes no pescozo das rulas– que alegraba maravillosamente os ollos dos espectadores.

Para o seu pucho recadaron trescentas dúas varas e cuarto de veludo branco. E a forma deste foi larga e redonda, conforme á capacidade da cabeza, pois seu pai dicía que eses puchos marranomourescos’ feitos coma unha codia de empanada, habíanlle traer malfado un día aos seus trosquiados.

Por plumaxe levaba unha fermosa e grande pluma azul, collida dun pelicano da salvaxe Hircania⁶², que pendía moi garridamente da orella dereita.

Por insignia tiña, nunha chapa de ouro que pesaba setenta e oito marcos⁶³, unha figura de esmalte acaído na que estaba retratado un corpo humano con dúas cabezas – unha virada contra a outra– catro brazos, catro pés e dous cus, tal como di Platón no *Simposio* que foi a natureza humana no seu comezo místico⁶⁴, e arredor estaba escrito con caracteres xónicos ΑΓΑΠΗ ΟΥ ΖΗΤΕΙ ΤΑ ΕΑΥΤΗΣ⁶⁵.

Para levar ao pescozo tivo unha cadea de ouro que pesaba vinte cinco mil sesenta e tres marcos de ouro⁶⁶, feita en forma de grosas mallas entre as que estaban encaixados grandes xaspes verdes, gravados e tallados con feitío de dragóns todos rodeados de raios e de muxicas, como levaba algún día o rei Necepsos⁶⁷. E baixáballe até a boca do alto ventre, polo que toda a vida tivo el o emolumento que saben os médicos gregos⁶⁸.

Para as súas luvas foron traballadas dezaseis peles de trasnos e máis tres de lobishomes para o seu bordado. E foron feitos de tal materia por prescrición dos cabalistas de Saint Louand⁶⁹.

⁶¹ Valencia e Zaragoza tiñan sona de boas armas brancas. Os *marranos* eran os mouros ou xudeus convertidos ao cristianismo (en xeral á forza).

⁶² País que os antigos situaban entre a Media e a Partia.

⁶³ Uns 16 quilos; o marco era unha medida de peso.

⁶⁴ É o andróxino de Platón.

⁶⁵ Frase de san Pablo, que significa: “A caridade non procura a súa propia vantaxe”.

⁶⁶ Uns 6.000 quilos.

⁶⁷ Faraón que os antigos presentan coma un gran mago e astrólogo.

⁶⁸ Axudar ao funcionamento do ventre.

⁶⁹ En Saint Louand, perto de Chinon, había un mosteiro que non lle era moi simpático a Rabelais.

Para os seus aneis (que seu pai quixo que levase para renovar o antigo signo de nobreza) puxo no dedo índice da man esquerda un carbúnculo groso coma un ovo de avestruz engastado moi xeitosamente en ouro serafín⁷⁰. No dedo médico⁷¹ desta puxo un anel feito dos catro metais xuntos na forma máis maravillosa que endexamáis fora vista, sen que o aceiro lañase o ouro nin que a prata esmagase o cobre. Todo elo foi feito polo capitán Chapuis e por Alcofribas, o seu factótum⁷². No dedo médico da destra puxo un anelo feito en espiral no que estaban engastados un rubín perfecto, un diamante en punta e unha esmeralda de Fisón⁷³, de prezo inestimábel, pois Hans Carvel, gran lapidario do reino de Melinde, estimábaos nun valor de sesenta e nove millóns oitocentos noventa e catro mil dezaioito carneiros de longa lan⁷⁴, e noutro tanto o estimaron os Fugger de Augsburgo⁷⁵.

⁷⁰ O serafín era unha valiosa moeda de ouro. A calidade do seu metal era proverbial.

⁷¹ O anular.

⁷² Chapuis pode ser un poeta ou un nobre da corte de Francisco I, Alcofribas é o *alter ego* de Rabelais que este dá como autor do libro.

⁷³ O Fisón era un dos catro ríos do Paraíso.

⁷⁴ Moedas de ouro que levaban a imaxe dun *agnus dei*.

⁷⁵ Célebres banqueiros.

CAPÍTULO 9

As cores e librea de Gargantúa

As cores de Gargantúa foron o branco e máis o azul, como puidestes ler enriba, e con elas quería seu pai que se entendese que lle producía unha alegría celestial, pois o branco significaba para el alegría, pracer, delicias e contento, e o azul cousas celestiais.

Comprendo ben que ao lerdes estas palabras vos chufedes do vello bebedor e consideredes a explicación das cores desencamiñada e trabucada, e digades que o branco significa fe e o azul firmeza⁷⁶, mais, sen vos querer conturbar, encarraxar, afervoar nin alterar (pois o tempo é perigoso), respondédeme, se vos parece ben. Non hei usar contra de vós nin contra doutros, sexan quen foren, outra arma senón a de vos invitar a un grollo.

Quen vos move? Quen vos aguilloa? Quen vos di que o branco significa fe e o azul firmeza? Dicides que un libro cotroso que venden os quincalleiros e bufariñeiros co título de *O blasón das cores*⁷⁷? E quen o fixo? O que fose foi niso prudente, pois non puxo alí o seu nome. Mais, polo resto, non sei o que debo admirar antes nel, se a súa runfadela ou a súa parvura:

—a súa runfadela que, sen razón nin causa nin aparencia, ousou prescribir pola súa propia autoridade que cousas habían ser denotadas polas cores (o que é uso dos tiranos, que queren substituír a razón pola súa arbitrariedade, e non sos sabios e prudentes, que contentan aos lectores con razóns manifestas).

—a súa parvura, que estimou que, sen outras demostracións e argumentos válidos, a xente había adoptar as súas divisas de acordo coas pasmonas imposicións del.

Así —como di o refrán *No cu do peideiro sempre hai merda abondo*— atopou el algún resto de necios dos tempos de María Castaña que tiveron fe nos seus escritos e, seguíndoos, retallaron os seus apotegmas e ditos e con eles encabrestaron os seus mulos, vestiron os seus criados, escuartelaron as súas calzas, bordaron as súas luvas, orlaron os seus leitos, pintaron as súas insignias, compuxeron cancións e —o que peor é— fixeron clandestinamente imposturas e covardes xogadas entre as públicas matronas.

En iguais tebras están comprendidos eses gloriosos de corte e transportadores de nomes que, ao querenen nas súas divisas significar *espera* fan pintar unha *esfera*, *penas* de paxaros por *penas* de sentimentos, *ancolía*⁷⁸ por *melancolía*, a *lúa bicornes* por *vivir medrando*, un *banco roto* por *bancarrota*, *non* e un *campamento* por *non ha campar*, un *sol* e un *dado* por *soldado*, que son homonimias tan ineptas, tan fatas, tan rústicas e tan bárbaras que deberían atarlles un rabo de raposo no pescozo e facerlles unha máscara con bosta de vaca a cada un daqueles que quixesen usalas de aquí en diante en Francia despois da restauración das boas letras.

Polas mesmas razóns (se é que se lles pode chamar razóns e non desvaríos) fería eu pintar unha *peneira* indicando que me fan *penar*, e unha *caixa de moras* que é o meu corazón para o *que hai xa demoras*, e un *as* e unha *monxa* e é un *asesor*, e o *fondo das miñas calzas* é un *muíño de vento*, e a miña *bragueta* é o *abeiro dos endereitados*, e unha *vergasta* é a *verga esta* onde repousa o amor da miña dama.

Ben outramente facían algún tempo os sabios de Exipto cando escribían con letras que chamaban xeroglíficas, que ninguén daba entendido se non era quen de entender a virtude, propiedade e natureza das cousas representadas por elas, arredor das

⁷⁶ Eran os valores que tradicionalmente lles apuña a heráldica a estas cores.

⁷⁷ Composto por Sicilio, heraldo de armas do rei de Aragón, cara a 1458.

⁷⁸ A *sncolía* é planta coñecida cos nomes de *paxariños*, *arreitó*, *bonetes*, etc..

que Orus Apolonio compuxo en grego dous libros e Polifilo no *Soño de Amores* explicou máis. En Francia tedes algún anaco na divisa de Súa Excelencia o Almirante, que foi primeiro levada por Octavio Augusto⁷⁹.

Mais non ha seguir a miña barca a navegar por eses abismos e vaos tan pouco gratos: volvo recalar ao porto do que saín. Espero poder escribir ben longamente sobre diso un día e demostrar –tanto por medio de razoamentos filosóficos como por medio de autoridades recibidas e aprobadas desde a antigüidade– cales e cantas cores existen na natureza, e que é o que pode ser designado por cada unha delas. Se é que Deus me conserva o molde do pucho (o cabazo do viño, como lle chamaba miña aboa).

⁷⁹ A divisa de Augusto *Festina lente* (“Apura lentamente”) figuraba no símbolo do señor de Bonnavet, Guillaume Goffier, representada por un golfinho –a rapidez– e mais unha áncora –a lentitude.

CAPÍTULO 10

Do que é significado polas cores branca e azul

O branco significa, daquela, alegría, solaz e ledicia, e non o significa por engano senón por dereito propio e xusto título, o que habedes poder comprobar se deixades a un lado o voso apaixonamento e queredes ouvir o que arestora vos vou expor.

Aristóteles di⁸⁰ que, supondo dúas cousas contrarias na súa especie, como o ben e o mal, a virtude e o vicio, o frío e a calor, o branco e o negro, o pracer e a dor, a alegría e o dó, e outras así, se as emparellades de tal xeito que un contrario dunha especie conveña razoabelmente a un contrario da outra, teredes como consecuencia que o outro contrario ha concordar co contrario restante. Por exemplo: *virtude* e *vicio* son contrarios nunha especie e tamén o son *ben* e *mal*; se un dos contrarios da primeira especie convén a un dos da segunda, como *virtude* e *ben* (pois é sabido que a *virtude* é boa), igual acontecerá cos restantes, que son *mal* e *vicio* (porque o *vicio* é malo).

Entendida esta regra lóxica, tomade os dous contrarios *alegría* e *tristura*, e despois estes dous de *branco* e *negro* (pois son contrarios fisicamente). Así, se daquela *negro* significa *dó*, por dereito propio *branco* significará *alegría*.

E non está instituído este significado por imposición humana senón recibido por consentimento de todo o mundo, o que os filósofos chaman *ius gentium*, dereito universal válido por todas as bisbarras.

Como ben sabedes, todos os pobos, todas as nacións (excepto os antigos siracusanos e algúns arquivos que tiñan a alma atravesada) e todas as linguas⁸¹, ao quererem demostrar exteriormente a súa tristura poñen roupa negra e os dós todos se fan co negro. E ese consentimento universal está feito coa argumentación e a razón que dá a natureza. Argumentación e razón que calquera pode por si mesmo comprender no intre sen precisar ser instruído por ninguén. É o que nós chamamos dereito natural.

Polo branco, pola mesma indución da natureza, todo o mundo entendeu alegría, ledicia, solaz, pracer e delectación.

No tempo pasado, os tracios e os cretenses sinalaban os días afortunados e ledos con pedras brancas e os tristes e desafortunados con negras.

Non é a noite funesta, triste e melancólica? Ela é negra e escura por privación. Non alegre a claridade a natureza toda? Ela é máis branca do que calquera cousa que poida existir. E para probalo poderíavos eu remitir ao libro de Lourenzo Valla contra Bartolo⁸² mais a testemuña evanxélica havos contentar: en *Math. XVII*, dise que na Transfiguración de Noso Señor *vestimenta eius facta sunt alba sicut lux*, “os seus vestidos fixéronse brancos como a luz”, pola cal brancura luminosa daba a entender aos seus tres apóstolos a idea e a figura da eterna ledicia. Pois que coa claridade alégranse os humanos todos, segundo tendes no dito dunha vella que non teña dentes na boca e máis dicía: *Bona lux*. E Tobías (capítulo V) cando perdeu a vista e Rafael o saudou, respondeu: “Que ledicia podería eu ter, que non vexo a luz do ceo?”. Con tal cor testemuñaron os anxos a ledicia do universo todo na Resurrección do Salvador (*Ioann. XX*) e na súa Ascensión (*Act. I*). Con semellante adovío viu san Xoán Evanxelista (*Apocal. IV e VIII*) vestidos aos fieis na celestial e beatificada Xerusalén.

⁸⁰ Nos *Tópicos* (libros V e VII).

⁸¹ No sentido de *as xentes de todas as linguas*.

⁸² Bartolo foi un xurista italiano do século XIV contra o que Rabelais e os humanistas lanzaron ataques como contra outros comentaristas; reprochábanlle que os seus comentarios facían perder de vista os propios orixinais, as leis do Dereito Romano.

Lede as historias antigas, tanto gregas como romanas. Habedes atopar que a vila de Alba (primeira forma de Roma) foi construída e máis denominada polo achado dunha porca branca

Atoparedes que se a alguén –despois de ter conseguido a vitoria sobre dos inimigos– se lle decretaba que entrase en Roma en estado triunfante, entraba nela enriba dun carro tirado por cabalos brancos, do mesmo xeito que o que entraba nela en ovación⁸³, pois nin en signo nin en cor –non sendo pola brancura– podían expresar mellor a ledicia pola súa chegada.

Atoparedes que Pericles, xefe dos atenienses, quixo que aquela parte dos seus guerreiros á que por azar lle tiñan correspondido as fabas brancas pasase toda a xornada con alegría, solaz e repouso, entrementes que os da outra parte habían batallar⁸⁴. E podería eu expor mil outros exemplos e lugares a este propósito, mais non é este o lugar.

Mediante esa intelixencia podedes resolver un problema que Alexandre Afrodisio⁸⁵ considerou insolúbel: “Por que é que o león, que co seu simple berro e ruxido espanta a todos os demáis, teme e reverencia só ao galo branco?” Pois (como di Proclo no libro *De sacrificio et Magia*) é porque a presenza da virtude do sol, que é o órgano receptáculo de toda luz terrestre e sideral, é máis simbolizante co galo branco (tanto por esta cor como pola súa propiedade e orde específica) que co león. E di máis: que foron visto moitas veces demos baixo forma leonina que, coa presenza dun galo branco, desapareceron de súpeto.

Esta é a causa pola que os *Galli* (chamóuselles así aos franceses porque son de natural branco cama o leite, que os gregos chaman γάλα) gustan de levar plumas brancas enriba dos seus puchos, pois son por natureza ledos, cándidos, graciosos e benqueridos, e por símbolo e insignia teñen a flor máis branca de todas: a flor de lis.

Se preguntades como, por medio da cor branca, a natureza nos induce a entender alegría e ledicia, respondereivos que a analoxía e conformidade é tal porque – igual que o branco exteriormente disgrega e espárese a vista, disolvendo manifestamente os espíritos visuais, segundo a opinión de Aristóteles nos seus *Problemas*, e dos perspectivistas⁸⁶ (e podedes velo por experiencia cando pasades os montes cubertos de neve de xeito que vos laiades de non poderdes mirar ben, así como escribe Xenofonte que lle aconteceu á súa xente e como Galeno expón amplamente no *lib. X De usu partium*)– de igual xeito por unha ledicia excelente o corazón esparéxese interiormente e padece unha manifesta disolución dos espíritos vitais, e pode esta ledicia chegar a ser tan grande que o corazón se vexa privado daquilo que o mantén, e por conseguinte a vida se estanque a causa desta pericairía⁸⁷ como di Galeno no *lib. XII Metho.*, no *lib. V De Locis affectis* e no *li. II De symptomaton causis*, e como testemuñan que ocorreu no pasado Marco Tulio no *lib. I Quaestio Tuscul.*, Verrio, Aristóteles, Tito Livio despois da batalla de Cannas, Plinio no *lib. VII, c. XXII* e *lib. II*, Aulo Xelo no *lib. II. XV* e outros, e ocorreu a Diágoras Rodio, Quilón, Sófocles, Dionisio o tirano de Sicilia, Filípides, Filemón, Polícrita, Filistión, Marco Iuvencio e outros que morreron de ledicia e, como di Avicena (*in II canone et lib. De Viribus cordis*) sobre o azafrán, que tanto alegra o corazón que o despoxa de vida se se toma en dose excesiva, por disolución e dilatación supranormal. Nisto consultade a Alexandre Afrodisio no *lib. Primo Problematum, c. XIX*. E abonda!

⁸³ Estado de triunfo menor

⁸⁴ Plutarco: *Vida de Pericles*.

⁸⁵ Filósofo e matemático grego do século III despois de Cristo.

⁸⁶ Autores de tratados de óptica.

⁸⁷ Neoloxismo creado por Rabelais a partir do grego co significado de “exceso de alegría”.

Mais...o que! Estou entrando nesta materia máis do que prometía no comezo. Aquí, logo, vou recoller as miñas velas, aprazando o resto do libro xa rematado de todo e direi que o azul significa de certo o ceo e cousas celestiais polos mesmos símbolos que o branco significaba ledicia e pracer.

CAPÍTULO 11

Da adolescencia de Gargantúa

Gargantúa, dende os tres aos cinco anos, foi alimentado e instruído en toda disciplina conveniente por mandato de seu pai e pasou o tempo coma os meniños do país, a saber: bebendo, comendo e durmindo, comendo, durmindo e bebendo, durmindo, bebendo e comendo.

Sempre andaba a emborcallarse na lama, a enfarruscar o nariz, a esborranchar a cara, a escalazar os zapatos, a papar moscas e a perseguir papoias, das que seu pai era emperador. Mexaba polos zapatos, cagaba pola camisa, soábase nas mangas, moqueaba na sopa, patuxaba por todas partes, bebía pola chinela e de ordinario refregaba a barriga cun cesto. Afiaba os dentes cunha zoca⁸⁸, lavaba as mans con caldo, peiteábase cun gobilete, sentábase entre dúas cadeiras co cu no chan, cubría a cara cun pano mollado, bebía ao comer a sopa, comía o molete sen pan, trababa ao rir, ría ao trabar, con frecuencia cuspiá na bandexa, estoupaba de graxa, mexaba contra o sol, metíase na auga para se gardar da chuvia, mallaba en frío, pensaba na morte da becerra, facía melindres, botaba os fígados, dicía a epístola do lobo, volvía aos seus carneiros, levaba as porcas cara á herba, zoscáballe ao can diante do león, puña o carro diante dos bois, rañábase onde non lle proía, apagaba os candiolos do nariz, moito enfeixaba e pouco ataba, comía primeiro o pantrigo, púñalles ferraduras aos saltóns, facíase cóchegas para que lle dera a risa, remexíase ben pola cociña, facía un mollo de palla para os deuses, facía cantar as vésperas pola mañán e atopábao moi axeitado, comía verzas e cagaba nabos, dexergaba as moscas no leite, ataba as moscas polo rabo, raspillaba o papel, esborranchaba o pergamiño, gañaba polo pé, tiraba polo pelexo, botaba as contas sen a taberneira, batía a bouza sen coller os paxariños, confundía o cu coas témporas e pensaba que os paxaros mamaban, tiraba dun saco dúas maquías, facía o burro para que lle desen cebada, co seu puño facía un mazo, apañaba as cousas polo aire, quería que baguiño a baguiño fixesen pipas de viño, a cabalo dado miráballe sempre o dente, andaba de cacho para testo, metía entre dúas verdes unha madura, facía fochancas coa terra, protexía de lobos a lúa, se caían nubes, esperaba coller as lavercas, facía de tripas corazón, facía co pan sopas, tanto lle daba touciño como soá e todas as mañáns botaba os fígados. Os cadeliños de seu pai viñan comer á súa cunca e el comía con eles tamén. El mordíalles as orellas e eles rabuñábanlle o nariz. El sopráballes no cu e eles lambíanlle os fociños.

E sabedes o que, fillos? Que o mal de pipa vos revire⁸⁹! Ese pillabanciño andaba sempre a apalpar as súas amas de arriba a abaixo e de adiante a atrás –*Arre borriquiño!*– e xa comezaba a exercitar a súa bragueta, que todos os días as súas amas adornaban con

⁸⁸ Agora Rabelais vai utilizar un tono humorístico ao coller ao pé da letra (e a contrapé) unha serie de expresións figuradas, refráns e ditos populares franceses do seu tempo. Algúns deles teñen o mesmo sentido en galego (*poñer o carro diante dos bois*, *botar as contas sen a taberneira*, etc.), para outros utilizamos expresións galegas de sentido equivalente (*andar de cacho para testo*, *pensar na morte da becerra*, etc.) e, finalmente, noutros –en xeral perdidos no francés actual– traducímolos directamente pensando que o seu sentido é doado de captar. Algunhas destas expresións figuran noutros capítulos de *Pantagruel* e de *Gargantúa*. Case todas elas se refiren ao mundo material máis próximo (animais, natureza, vestimenta, alimentos, mobiliario, etc.) e Rabelais repite un procedemento xa utilizado no capítulo 7 do *Pantagruel* ao ensarillar entre eles os elementos da enumeración, ben pola mesma construción sintáctica ou pola conexión semántica entre determinadas palabras.

⁸⁹ En *Pantagruel* Rabelais utiliza a expresión *Que o mal de terra vos revire!* Referíndose á epilepsia. Aquí xoga coa expresión e fala do *mal de pipa*, a sede esaxerada de viño.

fermosos ramalletes, fermosas fitas, fermosas flores e fermosos freques, e pasaban o tempo en facela opar entre as súas mans coma un magdaleón de emplasto⁹⁰, e despois escachaban a rir cando ela levantaba as orellas como se lle tivera gostado.

E esta chamáballe *meu billote*, aquela *meu pauciño*, estoutra *miña póla de coral*, aqueloutra *miña pella*, *miña rolla*, *meu berbiquí*, *meu tuteló*, *meu trado*, *meu pendurico*, *meu rudo bailongo que vai duro e longo*, *meu alzadeiro*, *miña androlla vermella*, *miña picha carrapicha*...

—É miña —dicía esta.

—Non, que é miña —dicía aquela.

—E logo: eu non hei levar nada? —dicía estoutra— A fe que entón heina cortar.

—Cortala? —dicía aqueloutra— A señora habíalle facer moito mal. Seica anda a lles cortar a cousiña aos nenos? Había el ser *O señor sen rabo*.

E para que se divertira moito, como os picariños do país, fixéronlle un fermoso molinete coas aspas dun muíño de vento de Mirebalais⁹¹.

⁹⁰ Cilindro de emplasto utilizado en medicina.

⁹¹ Zona próxima ás terras natais de Rabelais.

CAPÍTULO 12

Dos cabalos de xoguete de Gargantúa

Despois, e para que toda a súa vida fose bo cabalgador, fixéronlle un grande e fermoso cabalo de madeira, o que el facía brincar, choutar, dar reviravoltas, pinchos para atrás e danzar a un tempo, andar ao paso, ao trote, ao entrepaso, ao galope, ao furtapaso, á escocesa, ao corricán, á cameleira e á onagresca⁹². E facíao mudar de pelaxe (como fan os frades coa dalmática⁹³ segundo a festa que sexa), de baio escuro, de alazán, de gris pedrés, de pelaxe de rato, de cervo, de ruán, de vaca, de marxado, de pecilo⁹⁴, de pega ou de leuco⁹⁵.

El mesmo, cunha gran rastra, fíxose un para a caza, e outro para todos os días co feixe dun lagar, e cun gran carballo, unha mula coa súa galdrapa⁹⁶ para ter no seu cuarto. E aínda tivo dez ou doce para a muda e sete para postas. E a todos os deitaba a rentes de si.

Unha vez o señor de Trinca–arganas visitou a seu pai con moita bamba e moita fachenda o mesmo día en que viñeran velo tamén o duque de Boxantar e o conde de Mollavento. A fe que a morada resultou un pouco estreita para tanta xente, e en especial as cabalarizas. Daquela, o maiordomo e máis o furriel⁹⁷ do devandito señor de Trinca–arganas, para saberen se noutra parte da casa habería cabalarizas baleiras, dirixíronse ao mociño de Gargantúa, preguntándolle en segredo onde estaban as cortes dos cabalos grandes⁹⁸ pensando que os nenos descubren todo de grado.

Entón el levounos polos grandes chanzos do castelo, pasando pola segunda sala, a unha gran galería pola que entraron nunha grosa torre e, ao subiren eles por outros chanzos, díxolle o furriel ao maiordomo:

–Este rapaz está a se burlar de nós, pois as cabalarizas non están nunca no alto da casa.

–Enganádesvos –dixo o maiordomo– pois eu sei de lugares de Lyon, de La Baumette⁹⁹, de Chinon e doutras partes onde as cabalarizas están na parte alta da casa¹⁰⁰; así, se cadra hai por tras unha saída á encosta. Heino preguntar despois, con máis vagar.

Entón preguntoulle a Gargantúa:

–E logo, churrusqueiro: onde nos levas?

–Á corte dos meus cabalos grandes –díxolle el– Xa case que estamos, non hai máis ca subir estes escalóns.

⁹² Todos son nomes de diferentes xeitos de marcha a cabalo na equitación, non sendo o último, creación burlesca de Rabelais que toma pé en *cameleira* (paso de camelo) para crear *onagresca* (paso de onagro).

⁹³ Vestimenta litúrxica.

⁹⁴ Helenismo creado por Rabelais co significado de *variegado*.

⁹⁵ Novo helenismo co significado de *branco*.

⁹⁶ Cobertura que se pon sobre a grupa do cabalo por baixo da sela.

⁹⁷ Altos funcionarios dunha casa real ou nobre. O maiordomo era o encargado de todo o relacionado coa comida e o servizo de mesa, e o furriel o encargado do aloxamento.

⁹⁸ Chamábase *cabalos grandes* aos cabalos que se utilizaban para as batallas, pois loxicamente eran os de maior tamaño e forza.

⁹⁹ En La Baumette, perto de Angers, había un convento franciscano no que posiblemente tivera Rabelais comezado os seus estudos.

¹⁰⁰ Pode que isto fose así, pois as casas construídas no outeiro onde está o castelo de Chinon, ao estaren construídas aproveitando a encosta, teñen o primeiro piso a rentes do camiño e a entrada ao baixo pola outra parte. As cabalarizas, que adoitan estar a rentes do camiño, podían atoparse así no *alto* da casa.

Despois, facéndoos pasar por outra sala grande, levounos ao seu cuarto, e rempujando a porta díxolles:

–Velaí as cabalarizas polas que me preguntabades: velaí o meu xenete, o meu guildín, o meu lavedán e o meu corricán¹⁰¹.

E cargándoos cunha grosa panca, díxolles:

–Regálovos este frisón¹⁰², tróuxeno de Frankfurt mais ha ser para vós: é un bo cabaliño e de moito azo. Cun miñado macho, media ducia de españois¹⁰³ habedes ser os reis das perdices e das lebres todo este inverno.

–San Xoán nos valla! –puxéronse eles– Estámosche ben! Amolounos, confrade!

–Non –díxolles el– que o frade xa marchou hai tres días.

Adiviñade agora para cal das dúas cousas tiñan máis motivo: se para se agacharen coa vergoña ou para riren coa chuscada.

E, en canto que baixaban todos abafados, preguntoulles el:

–Queres un xazal¹⁰⁴?

–E iso que é? –preguntaron.

–Cinco peidos para facervos un bozal –respondeulles el.

–Coido que por hoxe –dixo o maiordomo– aínda que imos asados, non nos habemos queimar no lume, porque xa levamos touciño abondo. Churrusqueiriño, déchesnola ben dada: algún día heite ver papa.

–Évos ben certo –dixo el– mais daquela vós habedes ser papón e este xentil papagaio ha ser un papasantos feito e dereito.

–E mais si! E mais si! –dixo o furriel.

–Adiviñade cantas puntadas leva a camisa da miña nai –dixo Gargantúa.

–Dezaseis –dixo o furriel.

–Non falades verdade, pois podedes vela por diante e mais por tras: *vinte* de aquí e *vinte* de alá. Vós contástelas ben mal.

–E cando? –púxose o furriel.

–Entrementes que co voso nariz facían un espicho para tiraren un moio de merda e coa vosa gorxa un funil para a envasillaren noutra fustalla pois os fondos estaban avoltos –dixo Gargantúa.

–Polas chagas de Cristo! –dixo o maiordomo– Topamos cun lingoreteiro. Señor larapeteiro, Deus vos garde de mal pois que tendes a boca tan fresca!

Así, baixando con moita lixeireza, deixaron caír baixo o arco da escaleira a grosa panca con que os carregara, polo que dixo Gargantúa:

–Sodes ben malos cabalgadores, diantre! Fáltavos o rabón¹⁰⁵ cando o precisades. Se tivésedes que ir de aquí a Cahusac¹⁰⁶, que quereriades mellor: irdes de a cabalo dun parruliño ou levardes unha porca pola trela?

–Querería mellor beber –dixo o furriel.

E dicindo isto, entraron na sala baixa onde estaba a tropa toda, e, contándolles o conto que lles acabara de pasar, fixéronos rir como unha chea de moscas.

¹⁰¹ O *xenete* é un cabalo de raza española, de orixe árabe, o *guildín* un cabalo capado, de orixe inglesa, udaso polas mulleres ou para os paseos, o *lavedán* provén da zona de Lavedan, na Gascuña, e tiña sona de rápido, e o *corricán* é o que marcha con ese tipo de trote xa citado ao comezo do capítulo.

¹⁰² Cabalo da Frisia, rexión europea que comprende parte dos Países Baixos e de Alemaña.

¹⁰³ Cans de caza coñecidos tamén baixo a forma francesa de *épagneul*. A súa raza (*hispaniolus*) tivo orixe na Península Ibérica.

¹⁰⁴ Palabra inventada por Rabelais.

¹⁰⁵ O rabón é un cabalo de carga, co rabo cortado. A frase leva tamén dobre sentido.

¹⁰⁶ Lugar do sur de Francia (no actual departamento do Lot et Garonne) do que o sobriño do bispo de Maillezais –o protector de Rabelais– posuía o señorío.

CAPÍTULO 13

Como Golagrande coñeceu a agudeza maravillosa de Gargantúa polo achado dun limpa-cús

Cara ao fin do quinto ano, Golagrande, de volta da derrota dos canarios¹⁰⁷, visitou o seu fillo Gargantúa. Con iso alegrouse tanto como un pai coma el podía facelo cun fillo coma ese. Deulle unha chea de bicos e apertas e falou con el dun monte de cousiñas de nenos. E bebeu a xeito con el e coas súas amas, ás que lles preguntou, entre outros asuntos, se o tiveran branquiño e aseado. A isto respondeulle Gargantúa que se aplicara tanto que non había en todo o país rapaz máis aseado ca el.

–E logo: como foi? –preguntou Golagrande.

–Pois, con longa e coidadosa experimentación –respondeu Gargantúa– achei un medio de me limpar o cu que é o máis señorial, o máis excelente e o máis conveniente que nunca se teña visto.

–E cal? –preguntou Golagrande.

–Vóuvolo contar arestora –dixo Gargantúa– Limpeime unha vez coa máscara de veludo dunha damiña, e atopeina boa porque a súa seda era mol e producíame polo fondo unha voluptuosidade moi grande.

Outra vez cun carapuchiño dela, e aconteceu o mesmo.

Outra vez cun cobre–pescozos.

Outra vez cunhas orelleiras¹⁰⁸ de satén carmesín, mais o dourado dunha chea de esferas de merda que había nela esfoloume o traseiro todo. Que o fogo de san Antón queime o boche cular do ourive que as fixo e máis da damiña que as levaba!

Esa dor pasoume ao me limpar cunha pucha de paxe ben emplumadiña ao xeito suízo.

Despois, ao esforricar detrás dunha silveira, atopei un gato de marzo¹⁰⁹. Limpeime con el mais as súas poutas ulceráronme o perineo todo.

Curei disto no outro día ao me limpar coas luvas de miña nai, que arrecendían a monte de Venus.

Despois limpeime con xarxa, con fiuncho, con aneto, con ourego, con rosas, con follas de cabaza, con verzas, con acelgas, con pámpanos, con malvarisco, con verbasco (que é escarlata do cu), con leitugas e con follas de espinaca (e todo isto deixoume a perna nova!), con mercurial, con herba pexegueira, con ortigas e consoldas mais tiveron o cagasangue dos lombardos¹¹⁰, do que curei limpándome coa miña bragueta.

Despois limpeime ás sabas, ao cobertor, as cortinas, cun coxín, cun tapete, cun pano verde¹¹¹, cun pano da cociña, cun pano das mans, cun pano do nariz e máis cun penteador¹¹². E en todo atopei máis pracer do que teñen os gafos cando os rañan.

–Si –dixo Golagrande– Mais cal dos limpa–cus atopaches mellor?

–Niso estaba –dixo Gargantúa– e axiña habedes saber o *tu autem*¹¹³. Limpeime con herba, con palla, con estopa, con borra, con lan, con papel, mais

¹⁰⁷ Nova alusión ás Canarias ou os canarios (v. *Pantagruel*, nota 179).

¹⁰⁸ A orelleira, que cobría a orella, adoitaba estar moi adoviada con bordados e cadeiñas de ouro, prendedores, etc.

¹⁰⁹ Os gatos nados nese tempo teñen sona de vigorosos e bravos.

¹¹⁰ A disentería golpeaba as tropas francesas, que por entón andaban pola Lombardía nas guerras de Italia contra Carlos V.

¹¹¹ Das mesas de xogo.

¹¹² Pano amplo que se pon sobre os ombreiros para se pentear.

Sempre nos seus collóns lle queda algún retallo
ao que con papel limpa o cu coma un bandallo.

–Ei, meu collonciño¹¹⁴! –dixo Golagrande– Vexo que xa rimas: é porque ao pipo te arrimas?

–E mais si, meu señor! –respondeu Gargantúa– Xa rimo e arrimo tanto que seica tamén rumio, ás veces. Escoitade o que lles di o noso retrete aos esforricados:

*Cagoso,
ciscoso,
peidoso,
lixento,
teu oso
no noso
gran foso
cai lento.
Noxento,
merdento,
pinguento.
Quéimete san Antonio fogoso
se, a intento,
o ungiuento
cheirento
non limpas do cu ao saír, imbroso!*

–Queredes que siga?

–E mais si –respondeu Golagrande.

–Pois velaí –dixo Gargantúa.

RONDO

*Ao cagar ese día din sentido
a gabela que o meu bo cu pagaba;
o cheiro foi distinto ao que coidaba
pois ficou todo o aire apodrecido.
Ai, se alguén tivese consentido
en traer aquela que eu esperaba
ao cagar!
Pois daría enteiriño eu entupido
o buraco do mexo que me daba
mentres ela cos seus dedos tapaba
o meu buraco da merda collido
ao cagar!*

¹¹³ *Tu autem* eran as primeiras palabras dunha frase que se cantaba ao rematar a lectura do Evanxeo. Así pois, o *tu autem* viña significando, logo, *a totalidade*.

¹¹⁴ A palabra empregábase tamén familiarmente con sentido agarimoso.

–Dicide agora que non sei nada diso! san Deu me valla¹¹⁵! Non fun eu quen os fixen, mais, de ouvilos recitar a esa gran señora, gardeinos na faldriqueira da miña memoria.

–Volvamos á nosa conversa –dixo Golagrande.

–Cal? –preguntou Gargantúa– A de cagar?

–Non –dixo Golagrande– A de limpar o cu.

–Pagades un pipo de viño bretón se vos fago pedir papas neste asunto?– preguntou Gargantúa.

–De certo que si –respondeu Golagrande.

–Non é preciso limpar o cu se non hai merda –dixo Gargantúa– E merda non pode habela se non se cagou. Entón cómpre cagarmos antes de o cu limparmos.

–Ai! –dixo Golagrande– Moito sentidiño tes, meu rapazolo! Deus me valla! Un destes días heite facer pasar doutor en gaia ciencia¹¹⁶, pois tes máis raciocinio do ca idade. Mais, segue, logo, esa conversa limpaculativa, fai favor. E –polas miñas barbas!– por vez dun pipo has ter sesenta pipas dese bo viño bretón que non se dá na Bretaña senón nesta boa terra de Véron¹¹⁷.

–Limpeime despois –dixo Gargantúa– cunha carapucha, cun cabezal, cunha pantufa, cunha capacha, cun cesto (que limpa–cus máis desagradábel!) e despois cun chapeu. E reparade en que os chapeus son uns lisos, outros de pelo, estes de veludo, aqueles de tafetán, estoutros de satén... O mellor de todos foi o de pelo, pois fai boa abstersión da materia fecal.

Limpeime logo cunha galiña, cun galo, cun pito, coa pel dun cuxo, cunha lebre, cunha pomba, cun corvo mariño, cunha bolsa de avogado, cunha capota, cunha cofia e cun pano de engano¹¹⁸.

Mais, en conclusión, digo e manteño que non hai limpa–cus tal como un parruliño ben froixelado¹¹⁹, sempre que un teña presa a súa cabeza entre as pernas. Palabra que me podedes crer! Porque sintes no buraco do cu unha voluptuosidade mirífica, tanto pola dozura do devandito froixel como pola calor tépeda do parruliño, que doadamente se transmite ao boche cular e outros intestinos até chegar á rexión do corazón e do cerebro. E non vaiades pensar que a beatitude dos herois e semideuses que están polos Campos Eliseos de debe ao seu asfódelo ou á súa ambrosía ou ao seu néctar, como din estas vellas. Débese, na miña opinión, a que eles se limpan o cu cun parruliño. E tal é a opinión de mestre Xoán de Escocia¹²⁰.

¹¹⁵ Xogo de palabras co adxectivo *sandeu*. O xogo no texto orixinal era con *la mer Dé*.

¹¹⁶ A gaia ciencia ou *gai sabir* era a denominación da arte poética dos trovadores occitanos.

¹¹⁷ Nas terras onde conflúen os ríos Loira e Vienne.

¹¹⁸ Pano de forma algo semellante á dun paxaro que os falcóiros utilizaban na caza para atreren de novo o falcón.

¹¹⁹ Cuberto de froixel. O *froixel* é a plumaxe fina das aves.

¹²⁰ Ferrete ao filósofo escolástico Duns Scoto, co que Rabelais se mete arreo.

CAPÍTULO 14

*Como Gargantúa foi instruído en letras latinas por un sofista*¹²¹

Ouvidas estas falas, o bo de Golagrande ficou extasiado de admiración, reparando no alto sentido e maravilloso entendemento do seu fillo Gargantúa. E díxolles ás amas:

–Filipo, o rei de Macedonia, coñeceu o bo sentido do seu fillo Alexandre no manexar destramente un cabalo, pois tan terríbel e desenfreado era o tal cabalo que a todos os cabaleiros lles zoscaba unha sacudidura, rompéndolles a un o pescozo, a outro as pernas, a outro o cerebro, a outro as mandíbulas... Ao observar isto Alexandre no hipódromo (que era o lugar onde facían pasear e dar viravoltas aos cabalos), comprendeu que o furor do cabalo non viña senón do terror que lle producía a súa propia sombra. Entón, subíndose de riba del, fíxoo correr contra o sol, de xeito que a súa sombra caía por tras, e desta maneira fixo ao cabalo doce canto quixo. Nisto coñeceu seu pai o divino entendemento que el tiña, e fíxoo adoutrinar ben por Aristóteles, que por entón era estimado por riba de todos os filósofos de Grecia.

E eu dígovos que só por esta conversa que arestora tiven diante vosa co meu fillo Gargantúa, coñezo que o seu entendemento participa dalgunha divindade (tan agudo, sutil, profundo e sereno o vexo) e que ha chegar a un grao soberano de sapiencia se é ben instruído. Polo tanto, quero confíalo a algún home sabio para que o adoutrine segundo a súa capacidade. E non quero aforrar nada niso.

Así, amosáronlle un gran doutor sofista chamado Mestre Tubal Holofernes¹²², que lle aprendeu tan ben o abecedario que sabía dicilo de corrido de atrás para diante. Niso botou cinco anos e tres meses. Despois leulle o *Donato*, o *Faceto*, o *Teodoleto*, e – de Alanus– o *in Parabolis*¹²³, e niso botou trece anos, seis meses e dúas semanas.

Mais reparade en que, entrementes, aprendíalle a escribir en estilo gótico¹²⁴ e el mesmo escribía os seus libros pois a arte da imprensa aínda non estaba en uso.

E de ordinario levaba con el un groso escritorio de máis de sete mil quintais de peso, que tiña un estoxo¹²⁵ tan groso e grande coma os columnas de Ainay¹²⁶, e o tinteiro –con capacidade dun tonel de mercadoría– pendía del con grosas cadeas de ferro.

Logo, leulle o *De Modis Significandi*¹²⁷ cos comentos de Petacorisco, de Matalote, de Pailaroco, de Galeoto, de Xan Carneiro, de Pataconio, de Conicho e dunha chea doutros. E botou niso máis de dezaioito anos e once meses. E deprendeuno tan ben que no exame púñao de corrido ao revés e demostráballes á súa nai cos dedos que *de modis significandi non erat scientia*.

¹²¹ Entre as correccións que Rabelais se viu forzado a facer por prudencia na edición de 1542 figura a substitución de *teólogo* por *sofista*.

¹²² Os dous nomes aparecen na Biblia: *Tubal* significa en hebreu *confusión*, e *Holofernes* é o xeneral babilonio –morto por Judit– que personifica os perseguidores do pobo de Deus.

¹²³ Estes libros formaban o rudimento das escolas da época.

¹²⁴ Os humanistas promovían a escritura de estilo italiano.

¹²⁵ Onde se levaban as plumas e o canivete.

¹²⁶ Igrexa de Lyon.

¹²⁷ Novo manual escolástico moi criticado polos humanistas, nomeadamente por Erasmo. Rabelais aponlle uns comentaristas ficticios de nomes ridiculizantes.

Logo leulle o *Compost*¹²⁸, no que botou ben dezaseis anos e dous meses, momento no que devandito preceptor morreu. No mil catrocentos vinte dunha sífilis ferinte¹²⁹.

Despois tivo outro vello tosiguento ao que lle chamaban Paspán Embridado¹³⁰ e que lle leu a Hugutio, o *Grecismo* de Everardo, o *Doutrinal*, as *Partes*, o *Quid est*, o *Supplementum*, a Mamotreto, *De moribus in mensa servandis*, o *De quator virtutibus cardinalibus* de Séneca, o *cum Commento* de Passavantus e *Dormi secure* nas festas e outros da mesma fariña¹³¹. Coa lectura deles díxose tan sabio como nunca dende entón nós dimos enfornado.

¹²⁸ Unha especie de calendario ou almanaque popular.

¹²⁹ Hai rima na frase porque Rabelais utiliza un epitafio humorístico moi coñecido feito polo poeta Marot.

¹³⁰ Novo nome burlesco, claro.

¹³¹ Os máis destes títulos e autores son reais e utilizábanse na formación escolar da época. O *De quator virtutibus cardinalibus* non é obra do filósofo latino Séneca senón do bispo Martiño de Braga (s. VI) que adoptou o pseudónimo de *Séneca*.

CAPÍTULO 15

Como puxeron a Gargantúa baixo outros pedagogos

No entanto, seu pai decatouse de que, aínda que de certo el estudaba moito e adicaba a iso todo o seu tempo, non lle aproveitaba nada e, o que peor é, virábao tolo, necio, tresvariado e apampado de todo.

Ao se queixar disto a Don Philippe des Marais¹³², vicerrei de Papaligoso, ouvíu a resposta de que máis lle valería non deprender nada ca deprender tales libros con tales preceptores porque a intelixencia deles non era senón parvura e a súa sapiencia non era senón bamba, o que adultera os bos e nobres espíritos e corrompe toda flor de mocidade.

–Secomasí –dixo el– collede un destes mozos de arestora que teña estudado só dous anos. No caso de que non teña mellor xuízo, mellores palabras e mellor conversa ca o voso fillo e mellor porte e trato en sociedade, podédesme pór para sempre sona de picatouciños de La Brenne¹³³.

O que lle gostou ben a Golagrande e ordenou que así se fixese.

Polo serán, ao cear, o devandito Des Marais mandou entrar a un seu paxe de Villegongis chamado Eudemón¹³⁴, tan ben peiteado, tan ben amañado, tan ben polido, tan comedido no seu porte, que máis semellaba un anxiño ca un home. E despois díxolle a Golagrande:

–Vedes este rapaciño? Aínda non ten doce anos. Se vos parece, podemos ver que diferenza hai entre os tresvariados mateólogos¹³⁵ do tempo pasado e os mozos de agora.

A proba gostoulle a Golagrande e ordenou que o paxe disertase. Entón Eudemón, pedíndolle licenza para o facer ao devandito virrei, seu amo, co pucho na man, o rostro sereno, a boca vermella, e o ollar tranquilo posto enriba de Gargantúa con modestia xuvenil, mantívose en pe e comezou a louvalo e glorificalo. En primeiro lugar pola súa virtude e bos costumes, en segundo pola súa sabenza, en terceiro pola súa nobreza, en cuarto pola súa fermosura de corpo, e en quinto exhortouno docemente a venerar con todo respecto a seu pai, que tanto se esforzaba en facelo instruír. Finalmente, rogoulle que tivese a ben collelo coma o máis cativo dos seus servidores, pois non solicitaba para o presente outro don dos ceos senón que lle concedesen compracelo nalgún servizo agradábel. Todo isto proferiuno el con acenos tan propios, pronuncia tan nítida, voz tan elocuente e linguaxe tan ornada e ben latina, que máis semellaba un Graco, un Cicerón ou un Emilio¹³⁶ dos tempos pasados ca un mociño deste século.

Mais toda a compostura de Gargantúa foi que se puxo a chorar coma un cuxo, tapando a cara co seu pucho, e non foi posíbel tirar del fala ningunha como non se dá tirado un peido dun burro morto.

¹³² Personaxe non identificado, encarnación do Humanismo. O nome *Des Marais* podería ser un anagrama de *Érasme*.

¹³³ La Brenne xa apareceu no capítulo 3 como terra de bos porcos. *Picatouciños* era un xeito de chamar *fanfarrón*.

¹³⁴ Villegongis é un lugar de perto de Châteauroux. *Eudemón* é un nome formado a partir do grego e significa *afortunado, feliz*. Este personaxe, moi importante no *Gargantúa*, aparece moi pouquiño nos outros libros da saga (*Pantagruel, Terceiro Libro, Cuarto Libro*).

¹³⁵ Palabra tamén formada a partir do grego co significado de *falaenván, falabarato*. A alusión aos teólogos é evidente.

¹³⁶ Todos tres oradores latinos.

Seu pai encarraxouse tanto por isto que quixo matar a Mestre Paspán. Mais o tal Des Marais impediullo coa boa advertencia que lle fixo, de xeito que a súa ira se moderou. Despois ordenou que lle pagasen a súa soldada e que o fixesen golichar coma un sofista¹³⁷, e que, feito, isto se fose con todos os díaños.

–Cando menos –dixo el– no día de hoxe non lle ha custar moito a quen lle dá pousada, se é que por ventura morre así, cheo coma un inglés¹³⁸

Ao que Mestre Paspán tivo saído da casa, consultou Golagrande co vicerrei que preceptor podería fornecelhe e acordaron entre eles que nesta tarefa habían pór a Ponócrates¹³⁹, pedagogo de Eudemón, e que todos xuntos habían ir a París para coñeceren como era o estudo dos mozos de Francia¹⁴⁰ naquel tempo.

¹³⁷ A expresión *beber teoloxalmente*, que era habitual e era a que Rabelais empregara nas primeiras edicións, foi modificada ao mudar os *teólogos* en *sofistas*.

¹³⁸ Os ingleses tiñan sona de bebedores.

¹³⁹ Nome tamén creado por Rabelais e –como é habitual– de base grega, co significado de *traballador forte*.

¹⁴⁰ Non hai que esquecer que *Francia*, na orixe, era a rexión parisiense (Île-de-France). Ao se ampliar o territorio gobernado por París, o nome foi denominando ese territorio.

CAPÍTULO 16

Como Gargantúa foi enviado a París, e da rara besta que o levou, e como ela derrotou ás moscas bovinas de Beauce

Xusto por aquel tempo, Fayoles¹⁴¹, cuarto rei de Numidia, envioulle de terras africanas a Golagrande a besta máis rara e máis grande que endexamáis fora vista. E a máis monstruosa (de abondo sabedes que África sempre aporta algunha novidade) pois era tan grande coma seis elefantes, e tiña os pés fendidos en dedos coma o cabalo de Xulio César, as orellas tan colgantes coma as cabras do Languegoth¹⁴² e un corniño no cu. Polo resto, tiña pelo de alazán tostado, encadrelado de gris pedrés. Mais o que era terríbel por riba de todo era o rabo, groso máis ou menos como a pía de Saint Mars que hai perto de Langeais¹⁴³ e tamén cadrado, coas sedas nin máis nin menos encerelladas que as espigas de trigo.

Se disto vos maravillades, maravilládevos aínda máis do rabo dos maróns¹⁴⁴ de Escitia, que pesaba riba das trinta libras, e o dos carneiros de Siria, aos que cómpre (se é que Thénau¹⁴⁵ conta verdade) xunguirilles unha carreta ao cu para levalo, de tan longo e pesado que é. Vós non o tendes así, mangallóns da aldea!

E levárona por mar, en tres carracas e un bergantín, ata o porto de Olonne¹⁴⁶ en terras de Talmond.

Cando Golagrande a viu, dixo:

–Velaí o que ven ao caso para levar o meu fillo a París. Xa que logo, todo ha saír ben, Deus me valla! Ha chegar a ser un gran letrado co tempo. Se non fose polos señores animais, viviríamos como letrados¹⁴⁷!

No outro día, despois de beber (como ben entendedes), puxéronse en camiño Gargantúa, o seu predecesor Ponócrates e o seu séquito, e canda eles Eudemón, o paxe mociño. E como o tempo era sereno e morneiro, seu pai mandou que lle fixesen unhas botas aleonadas (Babin¹⁴⁸ chámalle borceguíns).

Así fixeron ledamente o seu longo camiño, sempre con moita encherola, até pasado un pouquiño Orléans. Nese lugar había unha fraga largacía, de arredor de trinta e cinco leguas de lonxitude e dezasete de anchura. Era esta terriblemente fértil e copiosa en moscas bovinas e abellóns, de sorte que era unha verdadeira arremetida contra as pobres bestas, burros e cabalos. Mais a besta de Gargantúa vingou cumpridamente todas as aldraxes alí perpetradas contra os animais da súa especie cunha artimaña que non esperaban. Porque, de que tiveron entrado na tal fraga e que os abellóns tiveron comezado o asalto, desembaiñou ela o seu rabo e, espadachineando, espaxotounos todos tan ben que cortou as árbores todas. A torto, a dereito, de acó, de aló, por aquí, por alá, ao longo, ao ancho, por riba, por baixo, cortou árbores igual ca un segador herba, de sorte que dende aquela non houbo alí nin árbores nin abellóns e toda a rexión ficou reducida a campo.

¹⁴¹ Houbo un capitán Fayoles, parente de Estissac, o protector de Rabelais.

¹⁴² Fai Rabelais un pequeno xogo de palabras entre o país de Languedoc (nome formado a partir da expresión *Langued'oc* ou occitano) e Languegoth, que sería *Lingua dos godos*.

¹⁴³ Grossa torre cadrada situada non moi lonxe de Chinon.

¹⁴⁴ Carneiros dedicados á reprodución.

¹⁴⁵ Jean Thénau publicara recentemente un libro de viaxes no que contaba que no Cairo lle regalaran uns carneiros tan grandes.

¹⁴⁶ O porto de Les Sables–d'Olonne era entón importante.

¹⁴⁷ *Se non fose polos señores letrados, viviríamos como animais* rezaba o dito que Rabelais distorsiona.

¹⁴⁸ O tal Babin foi seguramente un zapateiro con ese nome que había en Chinon.

Moito lle prestou ao velo a Gargantúa, sen que emporiso se gabase, e díxolle aos seus acompañantes “Encontro fermoso isto”, polo que lle chaman dende entón Beauce a esta rexión¹⁴⁹. Mais toda a celebración deles foi porse a bocexar, en lembranza do cal aínda hoxe os nobres de Beauce fan as celebracións bocexando, e préstalles ben e cospen mellor aínda.

Finalmente chegaron a París, lugar no que refolgou dous ou tres días, trouleando co seu séquito e indagando que sabios había por aquel tempo na vila e que viño se bebía nela.

¹⁴⁹ Fai Rabelais un xogo de palabras introducíbel noutras linguas para dar unha etimoloxía fantástica do nome da rexión . Gargantúa di no orixinal *Je trouve beau ce* (“Encontro fermoso isto”), frase que en francés actual sería *Je trouve beau cela/ceci*. A Beauce, rexión moi fértil de 600.000 hectáreas, está situada na cunca parisiense, entre Étampes e Orléans. A pesares da “fazaña” da besta de Gargantúa., aínda se conservan 60.000 hectáreas de fraga ao norete de Orléans.

CAPÍTULO 17

Como lles pagou Gargantúa aos parisienses a súa benvida e como colleu el as grosas campás da igrexa de Notre Dame

Algúns días despois de teren refochado, visitou a vila, e todo o mundo mirou para el con gran admiración, pois o pobo de París é tan parvo, tan pasmón e tan inepto por natureza que un saltimbanqui, un portador de reliquias, un mulo cos seus axóuxeres ou un zanfoneiro no medio dunha encrucillada, ha xuntar máis xente da que había xuntar un bo predicador evanxélico¹⁵⁰.

E tan molestamente o perseguiron que se viu obrigado a pousarse sobre das torres de Notre Dame. Estando nese lugar e vendo tanta xente de arredor súa, dixo claramente:

–Coido que estes lampantíns queren que eu lles pague a miña benvida e o meu *proficiat*¹⁵¹. É razón. Voulles dar o viño, mais non ha ser senón para rir.

Entón, sorrindo, desamarrou a súa fermosa bragueta e, tirando a súa méntula¹⁵² para fóra, mexou por riba deles tan violentamente que afogou a douscentos sesenta mil catrocentos dezaioito, sen contar mulleres e nenos.

Bo número deles escapou da enxurrada de mexo grazas á lixeireza dos pés e cando estiveron no máis alto da Universidade¹⁵³, suando, tusindo, cusindo e sen alento, comezaron a renegar e a xurar, uns coa carraxe e outros coa risa: Carimarí! Carimará! Por santa Ñamiga, báñanos para rir¹⁵⁴! Polo que dende aquela foi chamada *París* a vila que denantes chamaban *Leuquecia* (como di Estrabón no libro IV), é dicir *Branquiña* en grego, polas brancas coxas das damas dese lugar¹⁵⁵. E, por máis que nesta nova imposición do nome todos os asistentes xurasen por cada un dos santos da súa parroquia, non hai que esquecer que os parisienses, que están compostos por xente de toda caste e condición, son por natureza bos xuradores e xuristas, e un alguíño fachendosos (razón pola que estima Joaninus de Barranco no libro *De copiositate reverentiarum*¹⁵⁶ que lles chaman *parrhesienses*¹⁵⁷ –con helenismo– é dicir emproados no falar.

¹⁵⁰ Con esta frase –deliberadamente ambigua, mais á que hai que contrapór a valoración negativa dos portadores de reliquias, aos que Rabelais ridiculiza repetidamente– toma o noso autor partido a prol dos evanxelistas ou partidarios da Reforma relixiosa.

¹⁵¹ O *proficiat* era un dereito de benvida que se lles pagaba aos bispos ao chegaren á súa diocese.

¹⁵² Palabra latina que significa *pene*.

¹⁵³ A *montagne Sainte Geneviève*, que tiña o punto máis alto no que hoxe é a praza do Panteón.

¹⁵⁴ Nas primeiras edicións figuraba unha rica riola de xuramentos e exclamacións populares e reais (no dobre sentido de *auténticas* e de *utilizadas polos reis de Francia*) xunto con outras inventadas por Rabelais, formadas xeralmente con parodias de contido sexual. Podía así o lector imaxinar a multitude parisiense, entre a que identificaba, polas súas expresións e os seus santos patronos, o vendedor de froitas, o zapateiro, o borracho, o gascón, o italiano, o lansquenete alemán, etc. Na edición de 1542 figura só *Carimary! Carimará!* (que aparece tamén na *Farce de Maître Pathelin* ou *Farsa do avogado Patelin*) e mais *Par sainte Mamye!*

¹⁵⁵ Volve Rabelais coas etimoloxías fantásticas como as que fixo no capítulo anterior. Tócalle agora á cidade de París, nome que el explica na mexada de Gargantúa *para rir* (escrito no orixinal *par rys*, en francés da época). *Lutecia* (antigo nome latino da cidade) foi dado como *Leuquecia* (do grego *leucos* “branco”) por Xuliano, non por Estrabón. A etimoloxía fantástica dos nomes das vilas e lugares é un xénero da literatura popular moi rico e interesante. En galego nomes como Amil, Caldelas, Chantada ou Xurenzás recibiron a súa explicación fantástica (v. Celso Baión: *Os nomes da Terra*. Col. O Moucho, Editorial Castrelos).

¹⁵⁶ Libro e autor descoñecidos, probabelmente imaxinario.

¹⁵⁷ Creación a partir do grego *παρρησία* “liberdade de palabra, franqueza no falar”.

Feito isto, reparou nas grandes campás que había nas devanditas torres e fíxoas soar ben harmoniosamente. E, ao facelo, deu en pensar en que servirían de chocas para o pescozo da súa besta, a cal quería el volverlle a seu pai toda carregada de queixos de Brie e arengues frescos. E levounas logo para a súa casa.

Entrementes, foi alá un peticionario xamoneiro de san Antón¹⁵⁸ facer a súa colleita porcina e quixo levalas furtivamente para facer que o ouvisen de lonxe e que o lardo tremese no fumeiro. Mais deixounas cortesmente, non porque estivesen demasiado quentes senón porque eran demasiado pesadas para el¹⁵⁹. Non era este peticionario o de Bourg, que é demasiado amigo meu.

Toda a vila se levantou en sedición, pois xa sabedes que son tan dados a iso que as nacións estranxeiras se pasman da paciencia dos reis de Francia, os cales xustamente non os reprimen, vistos os trastornos que aparecen de día en día. Prouguera a Deus que eu coñecese o obradoiro onde se fraguan estes cismas e maquinacións para descubrirllelas ás confrarías da miña parroquia!¹⁶⁰.

Podedes crer que o lugar onde acudiu o pobo todo entolecido e revoltado foi Nesle¹⁶¹, no que estaba entón (xa non o está) o oráculo de Lutecia. Alí foi exposto o caso e advertido o trastorno do traslado das campás. Despois de ter argumentado *pro et contra* concluíuse en *baralípton*¹⁶² que se enviaría o máis vello e competente da Facultade onda Gargantúa para advertilo do terríbel trastorno da perda desas campás. Malia a advertencia dalgúns da Universidade, que alegaban que este encargo mellor lle acaía a un orador ca a un sofista, foi eleito para este asunto Noso Mestre Janotus de Bragmardo¹⁶³.

¹⁵⁸ Aínda hoxe subsiste en Galiza o costume do *porco de San Antón*. É un ranchiño que anda ceibo pola aldea e é mantido polos veciños todos, subastándose ao final e indo “para o santo” o diñeiro obtido. Semella que a orde de Saint Antoine, no Dauphiné, tivo tamén ese privilexio e que renunciou ao *porco de San Antón* en troque de que os veciños contribuísen con lardo e xamón cando, anualmente, o frade *peticionario* fixese a colleita.

¹⁵⁹ Existía o dito [*Non queiras*] *nada demasiado quente nin demasiado pesado*.

¹⁶⁰ Todo o episodio das campás de Notre Dame é unha alusión ao importante enfrontamento entre o rei – protector en principio do evanxelismo e a reforma– e os teólogos da Sorbona, gardiáns da ortodoxia, con Noél Beda á cabeza. Estes enfrontamentos chegaron a provocar disturbios en París.

¹⁶¹ No Hôtel de Nesle establecera Francisco Iº un xuíz para os procesos da Universidade. Nas anteriores edicións do *Gargantúa* en vez de *Nesle* dicía *a Sorbona*.

¹⁶² Palabra mnemotécnica que designa o quinto dos modos do siloxismo.

¹⁶³ Nas notas ao capítulo 7 do *Pantagruel* –no que a sátira contra a Sorbona é hilarante e punxente– explicamos que *Noso Mestre* era o título dos doutores en Teoloxía. *Janotus* é un nome burlesco, latinización do popular *Janot* (familiar do correntísimo *Jean*) que como en galego (*ser un xan*, un *xanciño*, alguén que se deixa enganar e dominar) ten matiz depreciativo, de alguén un pouco parvo. *Bragmardo* é un nome formado a partir de *braquemart* (bracamarte, un tipo de espada), que serve tamén, por metáfora, para denominar o pene. Imaxinemos, por aproximación un nome como *Xanciñus Carallanis*.

CAPÍTULO 18

Como foi enviado Janotus de Bragmardo para recuperar de Gargantúa as grosas campás

Mestre Janotus, trosquiado á cesarina¹⁶⁴, vestido coa súa muceta á antiga e ben antidotado o seu estómago con marmelo de forno e auga bendita de adega¹⁶⁵, trasladouse á casa de Gargantúa, aguilloando diante súa tres bedeis de rubio fociño e turrando, por tras, de cinco ou sei mestres inertes¹⁶⁶ todos embostadiños de a feito.

Atopounos Ponócrates na entrada e tivo pavor deles, ao velos así disfrazados, e coidou que eran unhas máscaras sen xuízo. Despois, inquiriu dun dos devanditos mestres inertes da tropa que é o que buscaba esa entroidada e respondéronlle que viñan pedir que lles volvesen as campás.

De que ouviu estas falas, Ponócrates correu contarlle as novas a Gargantúa, a fin de que tivese preparada a resposta e decidise nun pulo o que cumpría facer. Gargantúa, advertido do caso, chamou á parte a Ponócrates, o seu preceptor, a Filotomo¹⁶⁷, o seu maiordomo, a Ximnasta, o seu escudeiro, e a Eudemón, e conversou brevemente con eles tanto sobre o que cumpría facer como responder. Todos foron da opinión de levalos ao celeiro do viño e de facelos beber rexamente alí, e –a fin de que ese tosiguento non fachendease de que tiñan devolto as campás polo seu requirimento– que se mandase buscar –entrementes que el golichaba– o preboste da vila, o rector da Facultade e o vigairo da igrexa, aos que –antes de que o sofista tivese manifestado a súa encomenda– se lles entregarían as campás. E que despois, en presenza destes, habían ouvir a súa fermosa arenga. O que se fixo así e, chegados os devanditos, o sofista foi introducido na sala e comezou como segue, tusindo:

¹⁶⁴ Ao xeito de César, que trataba de agochar a súa calvicie.

¹⁶⁵ Pan e viño, logo.

¹⁶⁶ Bulra por *in artis*. O Magister in artis rdtudaba as Artes Liberais da Idade Media (o *trivium* e máis o *quadrivium*)

¹⁶⁷ Igual ca o resto dos membros do séquito de Gargantúa, o maiordomo (encargado da intendencia) e o escudeiro levan nomes de orixe greaga. *Filotomo* significa *que gosta de cortar* e *Ximnasta* era o nome dado aos profesores dos exercicios físicos. Nos *Ximnasios* da antiga Grecia.

CAPÍTULO 19

A arenga de mestre Janotus de Bragmardo feita a Gargantúa para recuperar as campás

–Ehem! Hem! Hem! *Mna dies*, meu señor, *mna dies, et vobis*, meus señores¹⁶⁸! Non había ser senón boa cousa que nos volverades as nosas campás, pois ben que as precisamos. Hem! Hem! Ach! Ben de cartos que refugamos algún día nós dos de Londres de Cahors, e mais tamén dos de Bordeaux de Brie¹⁶⁹, que as querían mercar pola substantífica cualidade da complexión elemental que está intronificada na terresteidade da súa natureza quidditativa para extraneizar os halos e as turbinas de riba das nosas viñas, de certo que non son nosas senón de aquí ao carón. Porque se perdemos a pinga, perdémolo todo: o xuízo e a lei.

Se nolas devolvedes ao meu requirimento, hei gañar con iso seis palmos de salchichas e un par de calzas, que lle han facer moito ben ás miñas pernas, se é que cumpren a promesa. Ho! Por Deus, *Domine*, un par de calzas é bo, *et vir sapiens non abhorrevit eam*¹⁷⁰. Ha! Ha! O que non ten un par de calzas ben as quere, seino eu! Mirade, *Domine*, hai dezaoto días que estou a barallapeneirar¹⁷¹ esta fermosa arenga: *Reddite quae sunt Caesaris Cesari, et quae sunt Dei Deo. Ibi jacet lepus*¹⁷².

A fe, *Domine*, se queredes cear comigo *in camera*¹⁷³, por Deus bendito! *charitatis nos faciemus bonam fartatam. Ego occidit unum porcum et ego habet bon vino*. E con bo viño non se fai mal latín.

Veña, logo, *de parte dei, date nobis campanas nostras*¹⁷⁴. Tomade, en nome da Facultade douvos uns *Sermones de Utino* e *utinam* nos entreguedes as nosas campás. *Vultis etiam pardonos? Per diem, vos habebitis et nihil pagabitis*.

Oh, señor, *campanadonnaminor nobis*¹⁷⁵! De certo *est bonum urbis*. Sérvenlle a todo o mundo. Se a vosa besta se encontra ben con elas, tamén lle acontece iso á nosa Facultade *quae comparata est bestis insipientibus et similis facta est eis, psalmo nescio quo*... E máis anotáralo ben no meu papel, *et est bonum Achilles*. Hem! Hem! Ehem! Ach!

¹⁶⁸ Entre toses e gorgoleiras bota Janotus os seus latíns macarrónicos e as súas peroratas ampulosas, mesturados con observacións realistas e unha linguaxe cotiá. *Mna dies* é un saúdo “fungado” no canto de *Bona dies*. Traducimos en cada nota as frases “latinas” correspondentes. Neste parágrafo repite o *Bo día* e engade: *E bo día tamén a vós*.

¹⁶⁹ Non son, como se indica, o Londres de Inglaterra nin o Bordeaux da Aquitania.

¹⁷⁰ *E un home sabio non as refuga*.

¹⁷¹ Rabelais crea unha palabra expresiva.

¹⁷² *Devolvede ao César as cousas que son do César, e a Deus as cousas que son de Deus* (frase do Evanxeo). *Aí xaz a lebre* (frase que viña significando *velaí o asunto, velaí a cuestión central*).

¹⁷³ O cuarto de caridade era o refectorio onde se daba de comer gratuitamente aos hóspedes en certos mosteiros. As frases nese latín “macarrónico” significan *no cuarto de caridade darémonos unha boa farta* e mais *Eu matei un porco e teño bo viño*.

¹⁷⁴ A primeira frase deste parágrafo significa: *Por Deus, dádenos as nosas campás*. Na segunda hai un pequeno xogo: alusión ao autor de sermóns fai a Rabelais encadear coa conxunción latina *utinam* (“oxalá que...”). Nas frases finais (*Queredes tamén perdóns? Por Deus, habedes ter e non habedes pagar nada*) hai unha crítica da venda de indulxencias, reiterada neste e nos outros libros da xesta dos xigantes.

¹⁷⁵ Creación pseudolatina de Rabelais que aproximadamente significaría *Devolverédesnos as campás*. A segunda expresión latina significa *é bo para a vila*, e a seguinte *que é comparada ás bestas ignorantes e feita semellante a elas en non sei que salmo* (no salmo 48 o rico cegado polo luxo é comparado con unha besta de carga). *Un bo Aquiles* era no argot escolástico *un argumento de peso*.

Velaí! Vouvos demostrar que debedes entregarmas. *Ego sic argumentor*¹⁷⁶:

*Omnis campana campanabilis, in campanario campanando, campanans campanativo campanare facit campanabiliter campanantes. Parisius habet campanas. Ergo gluc*¹⁷⁷.

Ha! Ha! Ha! Foi ben falado, iso! Está *in tertio prime*, en *darii* ou por aí¹⁷⁸. Pola miña alma, houbo un tempo en que eu era o demo argumentando, mais arestora non fago senón soñar, e non preciso, de hoxe en diante, senón bo viño, bo leite, lombo ao lume, bandullo á mesa e prato ben profundo.

Ai, Domine, prégovos *in nomine Patris et Filii et Spiritus Sancti, amen*, que volvades as nosas campás e Deus vos garde do mal e Nosa Señora da Saúde, *qui vivit et regnat per omnia saecula saeculorum, amen*¹⁷⁹. Hem! Ach! Ahach! Ehemahach!

*Verum enim vero, quando quidem, dubio procul, edepol quoniam, ita certe, meus Deus fidus*¹⁸⁰, unha vila sen campas é coma un cego sen bastón, un asno sen atafal ou unha vaca sen choca. Ata que nolas teñades devolto, non deixaremos de vos berrar coma un cego que perdeu o seu bastón, de ornear coma un burro sen atafal e de urrar coma unha vaca sen choca.

Certo latinizador que residía perto do Hospital dixo unha vez alegando a autoridade dun tal *Taponnus* (engánome era *Pontanus*, poeta secular¹⁸¹) que desexaba que as campás fosen de pluma e o badal fose un rabo de raposo, porque lle producían cronite¹⁸² nas tripas do cerebro cando el compuña versos carminiformes¹⁸³. Mais, tan patatán, patatín, piribín, pimpín, foi declarado herético (nós facémolos como figuriñas de cera¹⁸⁴) E non di máis nada o declarante. *Valete et plaudite. Calepinus recensui*.¹⁸⁵

¹⁷⁶ *Argumentarei así* (fórmula que se empregaba para introducir a defensa dunha cuestión filosófica).

¹⁷⁷ *Toda campá campanábel que campaneaa no campanario, campaneando co campanativo fai campanear campanabelmente os campanantes. En París hai campás, polo non tanto...* (Se *ergo* introducía a conclusión lóxica dun razoamento, *ergo gluc* caracterizaba unha conclusión absurda).

¹⁷⁸ “Está no terceiro [modo] da primeira [figura do siloxismo], en *darii* [palabra mnemotécnica como no capítulo 17 *baralipon*] ou algo así”.

¹⁷⁹ Ao construír mal a frase, mestre Janotus atribúelle a Virxe –e non– a Xesucristo– o *que vive e reina...* e tamén desexa *Nosa Señora* [vos garde] *da Saúde*.

¹⁸⁰ Restra de fórmulas de enlace da Retórica.

¹⁸¹ Humanista napolitano que escribira a súa molestia polo ruído das campás.

¹⁸² Colite (hai, probablemente un xogo de palabras co grego *cronos*, tempo)

¹⁸³ Latinismo que significa “con forma de versos” o que é unha redundancia. Posibelmente –en relación coa *colite*– mestre Janotus pensaría en *carminativos* “que fan expulsar os gases intestinais”

¹⁸⁴ Posibelmente Rabelais chufase da condena que a Sorbona fixera do seu primeiro libro, *Pantagruel*, respondendo que fabrica libros a esgalla por máis que o declaren herético.

¹⁸⁵ *Valete et plaudite* (“Que vos preste, e aplaudide”) era a fórmula con que remataba a representación das comedias na antiga Roma. *Calepinus recensui* xoga coa fórmula habitual dos copistas ao asinaren o seu traballo (“Calepino [autor dun célebre dicionario] copiou”) e a da fin das comedias de Terencio: *Calliopus recensui*. Nesta empanada de fórmulas que presenta o final da arenga do sofista non hai que esquecer a mestura da fórmula xurídica *e non di máis nada o declarante*.

CAPÍTULO 20

Como o sofista levou o seu pano e como tivo preito contra todos os outros mestres

Inda ben non dera acabado o sofista cando Ponócrates e Eudemón escacharon a rir tan fortemente que coidaron entregarlle a alma a Deus, nin máis nin menos que como Craso¹⁸⁶ ao ver un burro caralludo comendo cardos, ou Filemón¹⁸⁷, que morreu a poder de rir cando viu un burro comendo os figos que prepararan para o xantar. Xunta a eles comezou a rir mestre Janotus –a quen máis ría– tanto que as bágoas lles viñan aos ollos pola vehemente concución¹⁸⁸ da substancia do cerebro, coa cal foron espremidas estas humidades lacrimais e transportadas deica os nervios ópticos. Nisto, a través deles, estaban representados Demócrito heraclitizando e Heráclito democritizando¹⁸⁹.

Calmadas totalmente estas risas, Gargantúa consultou cos seus o que cumpría facer. Ponócrates foi da opinión de que lle desen de beber novamente a tan bo orador e, visto que os fixera folgar e rir máis do que non daría feito Songecreux¹⁹⁰, que lle fornecesen os dez palmos de salchichas mencionadas na leda arenga, cun par de calzas, trescentos grosos leños para queimar, vinte cinco moios de viño, un leito con triplo colchón de pluma anserina¹⁹¹ e un prato ben capaz e profundo, todo o cal dicía que era necesario para a súa vellez.

Fíxose todo como se decidira, non sendo que Gargantúa, dubidando de que fosen atopar nesa hora calzas cómodas para as súas pernas e dubidando tamén do feitío que lle iría mellor ao tal orador (se á martingala¹⁹², que é unha ponte levadiza do cu para mellor ciscar, se á mariñeira¹⁹³ para mellor aliviar os riles, ou á suíza¹⁹⁴ para manter quente a andorga ou en rabo de bacallau¹⁹⁵ por medo a se pelar os cadrís) mandou que lle desen sete varas de pano negro e máis tres de branco para o forro. Os gaña–pouquiño¹⁹⁶ cargaron coa leña, os mestres en artes coas salchichas e o prato e mestre Janotus quixo cargar co pano.

Un dos ditos mestres, chamado Iuso Arreitandrolla¹⁹⁷, advertiulle que non era honesto nin acaído co seu estado, e que llo entregase a algún deles.

–Ai, burricán, burricán! –dixo Janotus– Ti non tiras conclusións *in modo et figura*¹⁹⁸. Velaí para o que serven as Suposicións e a *Parva Logicalia*¹⁹⁹. *Panus pro quo supponit*²⁰⁰?

¹⁸⁶ Díciase que Craso non rira senón unha vez na súa vida.

¹⁸⁷ Anécdota tirada de Valerio Máximo ou de Luciano. Xa no capítulo 10 se citaba a morte de Filemón.

¹⁸⁸ Latinismo que significa *axitación, abalo*.

¹⁸⁹ Díciase que Heráclito pasara o tempo a chorar pola necidade humana, en tanto que Demócrito pasara o tempo a rir dela.

¹⁹⁰ *Songecreux* era o alcume de Jean de l’Espine, actor cómico da época.

¹⁹¹ De ganso.

¹⁹² As calzas á martingala tiñan unha peza móbil de pano para a entreperna que se abotoaba na cintura por diante e máis por tras, polo que se podía tirar coma *unha ponte levadiza*.

¹⁹³ Os mariñeiros levaba calzas moi amplas.

¹⁹⁴ As calzas dos suízos eran abombadas no ventre e levaban moitos adovíos.

¹⁹⁵ Fendidas por tras caíndo en dúas pezas, como as do estudante lemosino no capítulo 6 do *Pantagruel*.

¹⁹⁶ Os bedéis.

¹⁹⁷ Nome burlesco, claro.

¹⁹⁸ Segundo as regras do siloxismo.

¹⁹⁹ As Suposicións formaban parte da *Parva Logicalia* ou Pequena Lóxica que se ensinaba na educación escolástica.

²⁰⁰ As frases que veñen, nun argot latino–escolástico, xogan coa literalidade da alusión ao pano e coa alusión filosófica dos conceptos expresados por esas palabras. A primeira frase pódese traducir por *Para quen se supón que é o pano?*

–*Confuse et distributive*²⁰¹ –dixo Arreitandrolla.

–Non che pregunto *quo modo supponit*, burricán, –dixo Janotus– senón *pro quo!* É *pro tibiis meis*, burricán! E por isto heino levar *egomet, sicut suppositum portat adpositum*²⁰².

Así o levou ás agachadas, como fixo Patelín co seu pano²⁰³.

O bo foi cando o tusiguento, gloriosamente, en pleno acto celebrado nos Trinitarios²⁰⁴, reclamou as súas calzas e salchichas, pois fóronlle denegadas perentoriamente por canto que xa as tivera de Gargantúa, segundo os informes feitos sobre iso. El advertiulles que fora graciosamente e por liberalidade súa, polo cal eles non se libraban en absoluto das promesas. Non obstante, respondéronlle que se contentase coa razón e que non había ter nin chisca máis.

–O que é a razón –dixo Janotus– non a usamos aquí dentro. Traidores miserabeis, non valedes nada! A Terra non acocha xente máis ruín do ca vós, seino eu ben! Non vos poñades a renguear diante dun coxo, que xa teño practicado a ruindade convosco! Polos cravos de Deus! Hei advertir ao rei dos abusos que aquí dentro son forxados polas vosas mañas e manexos. E que a lepra me veña se el non vos fai queimar vivos todos coma sodomitas, traizoeiros, heréticos e corruptores, inimigos de Deus e da virtude!

A causa destas palabras puxeron eles unha denuncia en contra súa. El, pola súa banda, fixo que os citasen a comparecer. En suma, foi incoado o preito polo tribunal e niso está aínda. Os *maxistros*, nese punto, fixeron promesa de non se desembostaren. Mestre Janot, cos seus seguidores, fixo promesa de non se soar até que non se dese unha resposta definitiva.

Por estas promesas permaneceron ate o de agora embostados e mocallentos, pois o tribunal aínda non peneirou as pezas todas. Han dar sentenza nas próximas calendas gregas, é dicir nunca, pois sabedes abondo que eles fán máis do que é natural, e contra as súas propias leis. As leis de París cantan que só Deus é capaz de facer cousas infinitas. A natureza non fai nada inmortal, pois ela ponlles fin e período a todas as cousas, pois *omnia orta cadunt*²⁰⁵, etc. mais estes tragadores de néboas converten en infinitos e inmortais os preitos que hai pendentes ante eles. E ao faceren iso deron lugar e comprobación ao dito de Quilón o lacedemonio, consagrado en Delfos, que di que Miseria é compañeira de Preito e as xentes que preitean malpocadas, pois antes ven o remate da súa vida que o seu pretendido dereito.

²⁰¹ *Confusamente e sen concretar.*

²⁰² As frases deste parágrafo son: 1) *En que modo se supón*, 2) *para quen*, 3) *para as miñas pernas*, 4) *Eu mesmo, como a substancia porta o accidente.*

²⁰³ Nova alusión á *Farce de Maître Pathelin* que nos revela a súa popularidade.

²⁰⁴ A igrexa dos Trinitarios (Mathurins) era un dos lugares onde se celebraban as asembleas de teólogos.

²⁰⁵ *Todas as cousas que se erguen, caen*, é dicir *Todo o que nace, morre*, alusión a unha frase de Salustio.

CAPÍTULO 21

O estudo de Gargantúa segundo a disciplina dos seus preceptores sofistas

Pasados así os primeiros días e devoltas as campás so seu lugar, os cidadáns de París, en recoñecemento desta cortesía, ofrecéronse a coidar e manter a súa besta durante o tempo que el quixese (o que lle agradou ben a Gargantúa) e enviárona a vivir na fraga de Bièvre²⁰⁶. Coido que xa non está alí agora.

Feito isto, quixo estudar con todo o sentido seguindo o criterio de Ponócrates, mais este dispuxo que, para comezar, o fixese da maneira habitual a fin de entender por que medio, en tanto tempo, os seus antigos preceptores o volveran tan fato, necio e ignorante.

Distribuía, pois, o seu tempo de tal xeito que de ordinario acordaba entre as oito e as nove, fose día ou non; así llo ordenaran os seus antigos profesores alegando o que di David: *Vanum est vos ante lucem surgere*²⁰⁷.

Despois daba choutos, pinchecarneiros e borcallóns polo medio do leito durante algún tempinho para mellor alegrar os seus espíritos animais, e vestíase conforme a estación do ano, mais gostaba de levar un grande e longo pano de grosa frisa²⁰⁸ forrada de raposo; logo peiteábase co pente de Almain²⁰⁹, é dicir cos catro dedos e o polgar, pois os seus preceptores dicían que peitearse, lavarse e limpase doutro xeito era perder o tempo neste mundo.

Despois ciscaba, mexaba, botaba as tripas, arrotaba, peideaba, bocexaba, cusplía, tusía, zalutaba, espirraba e mocallaba coma un arcediogo, e, para combater a orballada e o mal tempo, almorzaba boas tripas fritidas, boas carbonadas²¹⁰, bos xamóns, boas cabritadas e sopas de prima²¹¹ a oito.

Ponócrates advertiulle que non debía alimentarse tan de súpeto ao se erguer do leito sen primeiro ter feito algún exercicio e Gargantúa respondeu:

—O que? Non fixen xa suficiente exercicio ? Andiven a rolos polo leito seis ou sete voltas antes de me erguer. Seica non é dabondo? O papa Alexandre facía así polo consello do seu médico xudeu e viviu até a morte, mal que lles pesase aos envexosos. Os meus primeiros mestres afixéronme a isto dicindo que o almorzo daba boa memoria. E por iso eran eles os primeiros en beber. A min a cousa préstame ben e o almorzo éntrame do melloriño. Mestre Túbal (que foi o primeiro da súa licenciatura en París) dicíame que o triunfo non está en correr moito senón en saír a tempo; tamén a boa saúde da nosa humanidade non está en beber a oito, a oito, a oito, como parrulos, senón en beber dende a mañán cediño, *unde versus*²¹²:

Erguerse cediño non é bo sinal;
beber ben cediño é o máis cabal.

²⁰⁶ De Fontainebleau.

²⁰⁷ *É van que vos ergades antes do que a luz*. Verso dun salmo de David que se cantaba e que figura deliberadamente sen a súa continuación : *O Señor colma aos que ama en canto dormen*.

²⁰⁸ Pano de lá grosa que ao primeiro se facía na Frisia.

²⁰⁹ Xoga Rabelais co apelido dun doutor da Sorbona e co palabra francesa *main* (man).

²¹⁰ Carne que se asaba na grella, enriba das brasas.

²¹¹ Á hora prima (ás 6 da mañán) tomábanse nos mosteiros estas sopas, con moita tallada de pan nelas.

²¹² “*De onde procede o verso*”. Para apoiar a súa conclusión sobre a chave da boa saúde, Rabelais modifica un refrán que dicía *Erguerse cedo non é bo sinal, chegar a punto é o máis cabal*.

Despois de ter almorzado cumpridamente, ía á igrexa e levábanlle nun gran cesto un groso breviario emplantado²¹³ que pesaba, tanto pola graxa como polos pechos e o pergamiño, pouco máis ou menos, once quintais e seis libras. Alí ouvía vinte seis ou trinta misas. Entrementes, viña o seu dicidor de horas²¹⁴ titulado, amantucado coma unha bubela e moi ben antidotado o seu alento con xarope viñeiro abondo; con el rosmaba todos eses kiries e tan coidadosamente os depelicaba que non caía polo chan nin un granciño deles.

Ao se ir da igrexa, traíanlle nun carro de bois un feixe de rosarios de Saint Claude²¹⁵, tan grosos cada un deles coma o molde dun pucho²¹⁶, e, paseándose a través dos claustros, galerías ou xardíns, rezábaos máis veces ca dez eremitas.

Despois estudaba unha ruín media hora cos ollos postos de riba do libro, mais – como di o cómico²¹⁷ – a súa alma estaba na cociña.

Logo de mexar un urinal cheo, sentábase á mesa e, dado que era de natural flegmático, comezaba o seu xantar con algunhas ducias de xamóns, de linguas de boi afumadas, de botargas, de androllas e outros tales anunciadores de viño.

Entrementes, catro dos seus botábanlle arreo na boca, un tras do outro, mostarda, con pás ben acuguladiñas. Despois bebía un enorme grolo de viño branco para se aliviar os riles. Logo xantaba –consonte a estación– vianda a fartar, e só paraba de comer cando o ventre lle tiraba.

En beber non tiña final nin canon²¹⁸, pois el dicía que os límites e os marcos do beber eran cando a cortiza das pantufas de quen bebía inchaba medio metro de altura.

²¹³ O breviario, envolteito en fundas de pano, lembra o un dentro da pantufa.

²¹⁴ Capelán que dirixía as oracións dos nobres.

²¹⁵ Saint-Claude, vila da rexión do Jura, perto da Suíza, era coñecida pola calidade dos seus obxectos de madeira torneados.

²¹⁶ O que ven sendo a cabeza.

²¹⁷ Terencio, na súa peza *O eunuco* (acto IV).

²¹⁸ Regra.

CAPÍTULO 22

Os xogos²¹⁹ de Gargantúa

Despois, rillando pesadamente unha tallada de oración de grazas, lavaba as mans con viño fresco, esgarabellaba os dentes cun pezuño de porco e parolaba lentamente cos seus. Despois, estendido o pano verde, despregaba un eito de cartas e dados e unha chea de taboleiros. Alí xogaba

ao fluxo,
á prima,
ao capote,
á rapa,
ao triunfo,
á Picardía,
ao cen,
ao espiñento,
á desgraciada,
ao roubado,
ao pasa dez,
ao trinta e un,
a parellas e series,
ao trescentos,
ao desgraciado,
á condenada,
á carta virada,
ao malcontento,
ao lansquenete,
ao cucú,
a quen ten que fale,
a pilla, nada, xoga, fóra,
ao casamento,
ao teño,
á opinión,
a o que fai un faino o outro,
á serie,
ás lucas,

²¹⁹ Moitos destes 217 xogos que Rabelais menciona foron identificados, mais outros moitos non. Nós traducimos directamente o nome cando é posible ou facemos unha interpretación cando non é moi seguro o seu significado, outras veces facemos unha adaptación fonética ou mantemos tal cal o nome orixinal. A lista recolle xogos de todo tipo: de cartas, de taboleiros, de habilidade, de persecución, de equilibrio, de pelota, de imitación de oficios, traballos domésticos ou labores agrícolas, etc. Boa parte deles pódense entender partindo da denominación, e moitos chegaron aos nosos días. Por veces aparece o mesmo xogo con distintas denominacións ou variantes e hai algunha denominación que na lista aparece repetida (como *a curuxa*) sen sabermos se se trata do mesmo xogo ou non. No caso de ese xogo ter nome galego utilizámolo, como *o xadrez, a raia dos caxatos, o coito, o truco, a chuca, o couto, os birlos, a pamponella, o tulé, o trompo, o peón, as apandas, a pita cega, as escondidas, o touro por riba do mouro*, etc. Nalgún caso, a tradución do nome orixinal do xogo pódenos lembrar o nome galego dun xogo sen se tratar realmente do mesmo, como acontece con *o cen, as chaves, a porca* ou *o abellón*.

O famoso cadro de Brueghel *Xogos de nenos* –pintado pouco tempo despois da aparición do Gargantúa– aínda que reducido a menos dun cento, forma unha belida composición na que podemos recoñecer moitos dos xogos aquí enumerados.

ao tarot,
a *galo verde, o que gaña perde*,
ao corneado,
ao tormento,
ao remonte,
ao glic,
aos honores,
á morra,
ao xadrez,
ao raposo,
á raia dos caxatos,
ás vacas,
á branca,
ás sortes,
ao tres dados,
ás taboas,
á matrícola,
ao zapateiro,
á ran,
ao maniño,
ao tric-trac,
a todas táboas,
ás táboas baixadas,
ao arrenego,
ao forzado,
ás damas,
ao tato,
a *primus, secundus*,
ao pé do outeiro,
ao coito,
ao truco,
a pares ou non,
a cara ou cruz,
aos pelouros
á chuca,
á bola,
ao zoqueiro,
ao moucho,
ao aloumiño da lebre,
ao tiroliro,
a *porquiño vai de diante*,
ás pegas,
á corna,
ao boi de Entroido,
á curuxa,
a *dar sen rir*,
a picotear,
a desferrar o burro,
a *ei, pericas!*
a *arre borriquiño*,

a *agora séntome*,
á barba de oribus,
ao pitelo,
a *tira o espeto*,
ao bota-foira,
a *compadre, présteme o seu saco*,
ao collón de carneiro,
ao bota-fóra,
aos figos de Marsella,
ao couth,
ás chaves,
a *ei, arqueiro!*,
a esfolar o raposo,
á rastra,
ao gancho da señora,
a vender a aveá,
a soprar o carbón,
á aceiteira,
ao xuíz vivo e o xuíz morto,
a tirar os ferros do forno,
ao aldeán falso,
aos paspallasiños,
ao cortesán chepudo,
a san Topado,
a *pinchafungos*,
ao pino,
ao tapacús,
ao triori,
aos buratos,
á porca,
a ventre contra ventre,
á comba,
á variña,
ao pello,
a *tamén eu son*,
a apagar velas co nariz,
aos birlos,
á chamada,
á bola plana,
ao abellón,
á pica en Roma,
a rillamerda,
a Angenart,
á bola corta,
á grega,
á engruñada,
ás olas,
ao meu desexo,
á pamponella,
aos esparexidos,

á palla corta,
ao pyrevollet,
ao tulé,
ao piquete,
á lotería,
ao furón,
á seguida,
ao casteliño,
á ringleira,
á fochiña,
ao roncador,
ao trompo,
ao peón,
ás tebras,
ao pasmón,
á soule
á lanzadeira,
ao nadegueiro,
á peneira,
a san Cosme, véñote adorar,
ao escarabello negro,
a pilleivos sen verde,
a finalmente vaise a Coresma,
ao carballo esgallado,
ao cabalo afundido,
ao rabiño do lobo,
ao peido na cara,
a Guillerme, dacá a miña lanza,
á randeeira,
ao palleiro,
ao bidueiro,
á mosca,
a mima, mima, boi,
ás conversas,
ás nove mans,
á alabarda,
ás pontes caídas,
á pita,
á choia,
á rolla con plumas,
á pita cega,
a atina–mollos,
á moscarda,
ao sapo,
á moca,
ao pisón,
ao emboca–bola,
ás raíñas,
aos oficios,
a serra compadre, serra comadre,

ao pinote,
á mala morte,
ás cotoveladas,
a lavar a cofia da señora,
ao bordel,
a sementar a aveá,
ao larpán,
ao molinete,
a *defendo*,
á viravolta,
ao batecú,
ao labrador,
á curuxa,
aos miñatos enrabiados,
ao bicho morto,
a *sube, sube, pola escada*,
ao porquiño matado,
ao cu salgado,
ao pombiño,
ao terceiro,
ao fachico,
ao salto do mato,
a cruzar,
ás escondidas,
á rede, con bolsa no cu,
ao niño da tartaraña,
ás apandas,
á figa,
ás peidorradas,
a apilar mostarda,
a cambos,
á recaída,
ao dardo,
ao touro por riba do mouro,
á gralla,
ao grou,
á tallada,
ás narigadas,
ás labercas,
ás cotenadas.

Logo de ter xogado moito e pasado, peneirado e borteado o tempo, cumpría beber un pouquiño (eran vinte cinco canados por home) e, coa mesma, despois de banquetear, íase tender nun bo banco, ou en pleno leito, e dormir dúas ou tres horas sen pensar nin dicir mal ningún.

Des que acordaba, sacudía un pouco as orellas. Entrementes, traguían viño fresco e bebía mellor ca nunca.

Ponócrates advertiulle que era unha mala dieta beber así despois de durmir.

–Esa é a verdadeira vida dos Padres –respondeu Gargantúa– porque eu durmo salgado por natureza, e a durmida valeume tanto coma xamón.²²⁰

Despois, comezaba a estudar un pouco e a botar rosarios adiante e, para os enviar mellor, subía enriba dunha mula vella que servira a nove reis. Así, coa boca fungando e a cabeza abaneando, ía ver pillar algún coello coas redes.

Á volta trasladábase á cociña para saber que asado había no espeto.

E ceaba moi ben, asegúrovolos! E de grado convidaba a algúns bebedores seus veciños cos que, bebendo a pracer, púñanse a relatar contos, dende os vellos ata os novos. Entre outros, tiña como domésticos aos señores de Le Fou, de Gourville, de Grignault e de Marigny²²¹.

Logo de cear chegaban os fermosos Evanxeos de madeira, é dicir, taboleiros a eito, ou o fermoso fluxo, *Un, dous, tres* ou *A todos os envites* (para abreviar²²²) ou ben ían ver as raparigas dos arredores! E veña pequenos banquetes entre colacións e trascolacións! Despois, durmía arreo ata o outro día ás oito.

²²⁰ Os monxes beneditinos (ou frades bieitos), ao que se erguían da mesa ían ler un episodio da *Vitae Patrum* (Vidas dos Padres da Igrexa) e, despois deste exercicio, ían ao refectorio beber un grolo para se refrescaren a gorxa. Gargantúa, despois de botar a sesta, bebe tamén, coma os beneditinos despois de ler; para canto máis que tiña un “sono salgado” que lle producía tanta sede como se tivese comido xamón.

²²¹ Nomes todos de familias nobres existentes na época. Algúns membros deles foron domésticos de Francisco Iº.

²²² É dicir, para non alongarse repetindo unha lista dos xogos aos que xogaban. O *fluxo* é o primeiro dos sinalados anteriormente.

CAPÍTULO 23

*Como Gargantúa foi instruído por Ponócrates con tal disciplina que non perdía hora
ningunha no día*

Cando Ponócrates coñeceu a viciada maneira de vivir de Gargantúa, decidiu instruílo nas letras doutro xeito, mais durante os primeiros días tolerouna, considerando que a Natureza non atura sen grande violencia as mutacións repentinas.

Daquela, para ben comezar a súa obra, suplicoulle a un sabio médico chamado Mestre Teodoro²²³ que considerase se era posíbel volver a Gargantúa a mellor camiño. Aquele purgouno segundo os cánones con elébora de Anticira²²⁴, e con esta medicación limpoulle toda a alteración e hábito perverso do cerebro. Co mesmo medio Ponócrates fíxolle tamén esquecer todo o que aprendera cos seus antigos preceptores, como lles facía Timoteo aos seus discípulos que recibiran o ensino doutros músicos²²⁵.

Para mellor facer isto, introduciuno na compañía da xente sabia que alí había, na emulación da cal medroulle a intelixencia e o desexo de estudar doutro xeito e de facerse valer.

Despois, púxolle tal tren de estudo que non perdía hora ningunha do día senón que consumía todo o seu tempo nas letras e no honesto saber.

Acordaba, pois, Gargantúa arredor das catro da mañán. Entrementes que o fregaban fíanlle algunhas páxinas das Sagradas Escrituras en voz alta e clara, coa entonación propia da materia. Disto encarregábase un paxe nativo de Basché chamado Anagnostes²²⁶. Seguindo as palabras e mais o contido desta lectura, adicábase repetidamente a reverenciar, adorar, pregar e suplicar ao bon Deus, de quen os párrafos lidos amosaban a maxestade e o xuízo maravilloso.

Logo ía aos lugares secretos facer excreción das dixestións naturais. Alí o seu preceptor repetía o que lle leran, explicándolle os puntos máis escuros e difíciles.

Ao volveren, consideraban o estado do ceo: se estaba tal e como o observaran a noite precedente e que sinais traguían o sol e máis a lúa para ese día.

Feito isto, vestíano, peiteábano, encarpuchábano, enfeitábano e perfumábano, momentos durante os que lle repetían as leccións do día anterior. El mesmo dicíaas de corrido e aplicábaas a algúns casos prácticos concernentes á condición humana, encol dos cales se estendían algunhas veces até dúas ou tres horas, mais polo xeral remataban cando el estaba vestido de todo.

Logo líanlle durante tres boas horas.

Feito isto, saían fóra –sempre conversando sobre o tema da lectura– e desprazábanse a Bracque²²⁷ ou aos prados, e xogaban á pelota, á raqueta ou á trígona²²⁸, exercitando elegantemente o corpo como momentos antes exercitaran o espírito.

Todo o seu xogo facíase en liberdade, pois deixaban o partido cando lles petaba e de ordinario cesaban cando a suor lles corría polo corpo ou se sentían cansos. Entón

²²³ Na primeira edición este sabio médico aparecía denominado como Séraphin Calobarsy, que é outro anagrama de Phrançoys Rabelais, que tamén foi utilizado polo noso autor. *Teodoro* é, como a maioría dos nomes dos persoaxes rabelaisianos “serios”, nome de orixe grega e significa *don de Deus*.

²²⁴ A cidade grega de Anticira, no golgo de Corinto, era célebre polo cultivo do elébora, que se usaba como remedio contra a tolemia.

²²⁵ Segundo conta Quintiliano deste poeta e músico grego.

²²⁶ Basché é unha aldea da bisbarra de Chinon. O nome *Anagnostes*, tamén grego, significa *lector*.

²²⁷ Local parisiense de xogo do frontón.

²²⁸ Xogos de pelota, frontón e raqueta.

enxugábanos e refregábanos ben, mudaban de camisa e, paseando de vagariño, ían ver se o xantar estaba preparado. Na espera del, recitaban clara e elocuentemente algunhas máximas extraídas da lectura.

Entrementes, chegaba o Señor Apetito e oportunamente se sentaban á mesa.

Ao comezo do xantar líanlles algunha grata historia das antigas proezas até o momento en que el tomaba o viño.

Entón (se lles parecía ben) continuábanlles a lectura ou comezaban eles dous a parolar ledamente, falando durante os primeiros meses das virtudes, propiedades, eficacia e natureza de todo o que lles servían á mesa: do pan, do viño, da auga, do sal, das carnes, peixes, froitas, verduras e hortalizas e do preparo destas. Ao así faceren aprendeu el en pouco tempo todos os parágrafos relativos a isto de Plinio, Ateneo, Dioscórides, Iulius Pólux, Galeno, Porfirio, Opiano, Polibio, Heliodoro, Aristóteles, Eliano e outros²²⁹. Despois de teren estas conversas, para estaren máis seguros, facían trager á mesa os libros devanditos. E tan ben e tan enteiramente retivo na súa memoria as cousas faladas, que non había por entón médico ningún que soubese a metade do que el sabía.

Despois, parolaban das leccións que leran pola mañán, e rematando o seu xantar con algún confeitado de marmelo, esgarabellaba os dentes cunha vara de lentisco, lavaba as mans e os ollos con auga fresquiña e dábanlle grazas a Deus con algúns fermosos cánticos feitos en louvanza da súa munificencia²³⁰ e benignidade divina. Feito isto, traguíanlle cartas, mais non para xogar senón para aprender con elas mil pequenas finuras e invencións novas que saían todas da aritmética.

Por este medio entroulle afección por aquela ciencia numérica, e todos os días, despois de xantar e de cear, pasaba o tempo adicado a ela tan gratamente como antes adoitaba facelo aos dados e ás cartas. A tal punto que aprendeu a teoría e a práctica dela tan ben que Tunstal²³¹, o inglés que escribira amplamente sobre iso, confesou que, certamente, en comparación con Gargantúa el non entendía da materia máis do que entendía de alto alemán²³².

E non só por ela, senón polas outras ciencias matemáticas como a xeometría, a astronomía e a música, porque agardando a concoccción²³³ e a dixestión da súa mantenza facían mil instrumentos e figuras xeométricas e igualmente practicaban os cánones astronómicos.

Despois alegrábanse cantando harmoniosamente a catro ou cinco voces, ou sobre un único tema a gorxa libre.

Tocante aos instrumentos de música, aprendeu a tocar o laúde, a espineta, a harpa, a flauta alemá²³⁴ e a de nove buracos, a viola e máis a sacabuxa²³⁵.

Empregada así esta hora, unha vez completada a dixestión, purgábase dos excrementos naturais e despois volvíase adicar ao seu estudo principal durante tres horas ou máis, tanto repetindo a lectura matutina como proseguindo o libro encetado ou escribindo, trazando e formando ben as antigas e romanas letras.

Feito isto, saían da súa morada levando con eles un mozo fidalgo da Lorena chamado o escudeiro Ximnasta²³⁶, que lle amosaba a arte da cabalaría.

²²⁹ Autores da Antigüidade (médicos, naturalistas, gramáticos, etc) dos que algúns xa apareceron citados.

²³⁰ Latinismo que significa *xenerosidade*, *magnanimidade*.

²³¹ Tunstal foi secretario de Henrique VIII de Inglaterra e publicou en 1522 un tratado de aritmética.

²³² O alto alemán aparece citado varias veces por Rabelais como paradigma de lingua difícil, como nós podemos hoxe falar do chino.

²³³ Latinismo: *dixestión*.

²³⁴ Flauta travesa ou transversal.

²³⁵ Especie de trombón antigo.

²³⁶ Xa presentado no capítulo 18.

Mudando entón de roupa, montaba enriba dun corcel, dun rocín, dun xinete, dun cabalo bereber, un cabalo lixeiro, e dáballe cen carreiras, facíalle dar reviravoltas no aire, cruzar o foxo, saltar a empalizada e revirarse en círculo corto, tanto cara á dereita como cara á esquerda.

Alí rompía, non a lanza (porque é a máis grande tolería do mundo dicir *Rompín dez lanzas no torneo* ou *na batalla* xa que un carpinteiro podería facelo doadamente) senón que o que é motivo de gloria e de louvanza é cunha lanza ter rompido dez dos seus inimigos. El entón, coa súa lanza afiada, vizosa e tesa rompía un portelo, afundía un arnés, reviraba unha árbore, enfiaba un anel, arrincaba unha sela de armas, unha loriga ou unha luva de ferro. E facíao todo coa armadura posta dos pés á cabeza.

Tocante a montar a cabalo facéndoo marchar ao compás da música e do chascar da lingua, ninguén o fixo mellor do ca el. O equitador de Ferrara²³⁷ non era senón un macaco en comparanza súa. Era principalmente experto en saltar rapidamente dun cabalo a outro sen tocar terra –a estes cabalos chamábanlles desultorios– e por cada lado, empuñando a lanza, montar sen estribeiras e guiar o cabalo a pracer sen rédea, pois todas estas cousas serven para a disciplina militar.

Outro día exercitábase co machado, o que tan doadamente metía, tan limpamente baixaba en redondo e co que tan rexamente batía coas puntas que foi feito cabaleiro de armas na batalla e en todas as probas.

Logo manexaba a pica, brandía a espada de dúas mans, a espada bastarda, a española, a daga e o puñal, con armadura e sen armadura, con escudo, capa ou rodela.

Cazaba o cervo, o corzo, o oso, o gamo, o porco bravo, a lebre, a perdiz, o faisán e a avetarda. Xogaba ao balón e facíao choutar polo aire, tanto co pe como co puño. Loitaba, corría e saltaba, mais non un salto despois de tres pasos, nin a chinquilipé nin o salto alemán –porque Ximnasta dicía que eses saltos son inútiles e de ningún proveito na guerra– senón que dun salto traspasaba un foxo, choutaba por riba dunha sebe, subía seis pasos contra unha muralla e agatuñaba dese xeito deica unha fiestra da altura dunha lanzada.

Nadaba en augas profundas, do dereito, do revés, de lado, con todo o corpo, cos pés só, ou atravesaba todo o río Sena, cunha man de fóra na que levaba un libro, sen mollalo e tirando da súa capa cos dentes como fixo Xulio César²³⁸. Logo entraba no barco con moita forza cunha man, lanzábase de volta á auga, de cabeza, pescudaba o fondo, metíase polos buracos entre os penedos e mergullábase nos abismos e nas furnas. Logo viraba ese barco, gobernábao, levábao rapidamente ou lentamente, deixándoo ir ou a contracorrente, detíñao en plena esclusa, guiábao cunha man entrementes que coa outra facía esgrima cun gran remo, tendía a vela, subía ao mastro polo cordame, corría sobre as vergas, axustaba a búa, contraventaba as bolinas ou rexía o gobernal.

Saíndo da auga subía rexamente pola montaña e baixaba tan doadamente, gabeaba polas árbores coma un gato, choutaba dunha a outra coma un esguir e abatía as grosas pólas coma un novo Milón²³⁹. Con dous puñais afiados e dous pipotes espetados subía ao alto dunha casa coma un rato e saltaba logo de riba a baixo con tal equilibrio dos membros que ao caír nunca se mancaba.

Lanzaba o dardo, a barra, a pedra, o venablo, a pica, a alabarda, tensaba o arco, pousaba contra os riles as grosas baestas de asedio, apuntaba co arcabuz cabo do ollo,

²³⁷ Célebre equitador italiano do século XVI.

²³⁸ Segundo conta Plutarco na súa *Vida de Xulio César*.

²³⁹ Milón de Crotona, célebre atleta grego da Antigüidade.

puña o cañón enriba do carreto²⁴⁰, tiraba ao fito, ao albo, de baixo contra riba, de riba contra baixo, contra adiante, contra o lado ou contra atrás coma os partos.

Atábanlle un cable a unha torre alta, pendendo contra o chan, e por el subía con dúas mans e despois baixaba tan dereito e con tanta seguridade como vós poderiades facelo por un prado ben igualadiño.

Púñanlle unha grosa pértiga apoiada en dúas árbores e pendíase dela polas mans indo e vindo sen tocar cos pés a nada. E non o darían acañado nin a toda carreira.

E para exercitar o tórax e o pulmón gritaba coma todos os demos. Eu sentino dunha vez chamar por Eudemón dende a Porte de Saint-Victor até Montmartre. Nunca Estentor²⁴¹ tal potencia de voz tivo na batalla de Troia.

E para arrixar os nervios fixéranlle dous gordos mazarocos de chumbo, cada un de oito mil setecentos quintais de peso, que el chamaba halteras. Colíaos do chan, cadansúa man, subíaos polo aire por enriba da cabeza e mantíñaos así, sen se mover, tres cuartos de hora ou máis, o que era unha forza inimitábel.

Xogaba ás barras²⁴² cos máis fortes, e, cando chegaba o punto, mantíñase sobre os seus pés tan firme que se entregaría aos máis aventureiros no caso de que o fixesen mover do seu sitio, como algún tempo facía Milón, a imitación do cal sostiña unha granada na man e daríalla a aquel que fose quen de lla arrincar.

Empregado así o tempo, despois de fregado, limpo e mudado de roupa, regresaba moi devagariño, e ao pasaren por algúns prados ou outros lugares herbosos, examinaban as árbores e as plantas, comentando as pasaxes dos libros que escribiran encol delas os antigos como Teofrasto, Dioscórides, Marinus, Plinio, Nicandro, Macer e Galeno²⁴³. E collíanas a mancheas para levaren á súa morada. Un criadiño chamado Rizótomo²⁴⁴ encargábase delas e máis das eixadas, picarañas, legóns, petas, raños e outros instrumentos requiridos para ben herborizar.

Ao que chegaban á morada, entrementes que lle preparaban a cea, repetían algúns parágrafos do que lles leran e sentábanse á mesa.

Reparade en que o seu xantar era sobrio e frugal (pois comía so para refrear os oubeos do seu estómago) mais a cea era copiosa e longa (pois tomaba tanta como lle cumpría para se manter e alimentar) o que é a verdadeira dieta prescrita pola arte da boa e segura medicina (aínda que un fato de médicos pasmóns, acirrados na botica dos sofistas, aconsellen o contrario)

Durante esta comida continuábase a lección do xantar tanto como lles parecía conveniente. O resto do tempo consumíase en boas conversas, todas letradas e útiles.

Despois de as grazas dadas, adicábanse a cantar melodiosamente, a tocar instrumentos harmoniosos ou a eses pequenos pasatempos aos que se xoga con cartas e con dados e gobiletes, e permanecían alí con moito rebulicio divertíndose algunhas veces até a hora de durmir. En ocasións ían frecuentar a compañía de xente letrada ou de xente que tivese visitado países estranxeiros.

En plena noite, antes de se retiraren, ían ao lugar máis descuberto da súa morada para miraren o semblante do ceo, e alí examinaban as cometas (se había algunha), as figuras, situacións, aspectos e conxunción dos astros.

²⁴⁰ Estas tres accións son propias dun xigante, pois tanto as grosas baestas coma os arcabuces precisaban dunha gran forquita para sostelas ao disparar, e o cañón resulta imposíbel de erguer por un home.

²⁴¹ Estentor aparece na *Iliada* como un herói grego que tomou parte na batalla de Troia. A súa potencia de voz equivalía á de cincuenta homes.

²⁴² Xogo no que se enfrontan dous grupos, que teñen que pillar e coller presos aos membros do grupo rival.

²⁴³ Médicos, naturalistas e autores da Antigüidade, algúns xa citados.

²⁴⁴ Outro nome de base grega que significa *cortador de raíces*.

Logo, co seu preceptor recapitulaba brevemente, á maneira dos pitagóricos, todo o que tiña lido, visto, aprendido, feito e ouvido no decurso de toda a xornada

E pregaban a Deus, o creador, adorándoo e ratificando a súa fe nel e glorificándoo pola súa bondade inmensa, e, dándolle as grazas por todo o tempo pasado, encomendábanse á súa divina clemencia para todo o futuro.

Feito isto, entraban no seu repouso.

CAPÍTULO 24

Como empregaba Gargantúa o tempo nos días chuviosos

Se acontecía que o día estaba chuvioso e intemperado, todo o tempo de antes de xantar era empregado como de costume, non sendo que el mandaba prender un bo e claro lume para corrixir a intemperie do aire. Mais despois de xantar, en lugar dos exercicios, quedaban na casa e, a xeito de apoterapia²⁴⁵, divertíanse enfeixando herba, fendendo e serrando leña e mallando os mollos na palleira²⁴⁶. Logo estudaban a arte da pintura e da escultura ou repuñan en uso o antigo xogo das tabas²⁴⁷, así como o describiu Leónicus²⁴⁸ e como xoga o noso bo amigo Lascaris²⁴⁹. Ao xogaren, relembraaban os parágrafos dos autores antigos nos que se fai mención delas ou se utiliza algunha metáfora encol dese xogo.

Igualmente ían ver como estiraban os metais ou como fundían a artillaría, ou ían ver os lapidarios, ourives e talladores de pedrarías, ou os alquimistas e acuñadores, ou os enlizados²⁵⁰, teceláns, veludeiros²⁵¹, reloxeiros, espelleiros, impresores, organistas²⁵², tintureiros e outros tipos semellantes de artesáns, e, dando en todas partes cartos para beber, aprendían e observaban o enxeño e a invención de cada oficio.

Ían ouvir as leccións públicas, os actos solemnes, as repeticións, as declamacións, os discursos dos xentís avogados e as alocucións dos predicadores evanxélicos.

Pasaba polas salas e os lugares preparados para a esgrima e alí probaba todos os estoques contra os mestres e demostráballes pola evidencia que sabía tanto coma eles e mesmo máis.

E, en vez de herborizaren, visitaban as tendas dos drogueiros, herboristas e boticarios e observaban coidadosamente os froitos, raíces, follas, gomos, sementes e ungüentos exóticos, e mais o xeito de os mesturar.

Ía ver os saltimbanquis, escamoteadores e triagueiros e observaba os seus acenos, as súas mañas, os seus chimpos e a súa labia, maiormente dos de Chauny, na Picardía, pois son de natural grandes larapeteiros e bos contadores de lérias tocante ás vacas que voan.

De volta para a cea comían máis sobriamente ca nos outros días, e tomaban viandas máis desecativas e absorbentes a fin de que a intemperie húmida do aire, comunicada ao corpo por necesaria confinidade, fose corrixida por este medio e non lles fose incómodo por non teren feito exercicio como adoitaban.

Así foi educado Gargantúa, e continuaba ese progreso día a día aproveitando en siso tanto como ben comprendedes que pode facelo un mozo, pola súa idade, a través de

²⁴⁵ Novo helenismo, tomado de Galeno: exercicio favorecedor do desenvolvemento corporal.

²⁴⁶ Debe tratarse do sistema de *malla ao lavadoiro* que se facía dentro da casa.

²⁴⁷ É o xogo chamado na tradición galega *a chuca* ou *as chucas*, que se xogaba con osiños do tarso da ovella. Foi un xogo moi popular na antiga Roma. Mantemos a denominación de *tabas* por ser a máis próxima á que Rabelais emprega no orixinal (*tables*) e aos termos latinos empregados polos humanistas do Renacemento.

²⁴⁸ Humanista italiano que publicara poucos anos antes, en Lyon, un diálogo sobre as tabas

²⁴⁹ Humanista grego refuxiado en Italia tras da caída de Constantinopla. En Francia foi bibliotecario de Francisco I e mestre de Guillaume Budé, con quen Rabelais mantivo correspondencia.

²⁵⁰ A palabra empregada no orixinal é *hautelisseurs*, persoas que tecen nun tear de *haute lisse* ou vertical, distinto do habitual en Galiza, que é de *basse lisse* ou horizontal.

²⁵¹ Fabricantes de veludo.

²⁵² Fabricantes de órganos.

exercicio seguido. E se ao comezo este parecía difícil, coa continuidade fíxose tan doce, lixeiro e delectábel que máis semellaba o lecer dun rei ca a aprendizaxe dun estudante.

Con todo, Ponócrates, para lle dar algún acougo nesta vehemente tensión dos sentidos, escollía unha vez ao mes algún día ben claro e sereno para marcharen de mañanciña fóra da vila e iren a Gentilly, a Boulogne, a Montrouge, á ponte de Charenton, a Vanves ou a Saint Cloud²⁵³. E alá pasaban o día co maior rebulicio que podían, trouleando, aledándose, bebendo a eito, xogando, emborcallándose nalgún bo prado, collendo niños de paxaros, pillando paspallás e pescando rans e cangrexos.

Mais aínda que esa xornada pasase sen libros e sen lecturas, non pasaba sen miga de proveito pois no bo prado relembaban de corrido algúns gratos versos da *Agricultura* de Virxilio, de Hesíodo e do *Rústico* de Poliziano²⁵⁴, escribían algúns gratos epigramas en latín e despois púñanos en rondós e baladas en lingua francesa.

Ao banquetearen, separaban a auga do viño augado como ensinan Catón en *De re rust.* e mais Plinio cun gobilete de hedra. Lavaban o viño en pleno cunco de auga, logo retirábano cun funil, facían pasar a auga dun vaso ao outro e construían varios aparatos automáticos, é dicir, que se moven por eles mesmos.

²⁵³ Lugares que hoxe forman parte de París mais que daquela eran pequenas aldeas do campo da Île de France.

²⁵⁴ A *Agricultura* son *As Xeórxicas*, Hesíodo é o autor de *Os traballos e os días.*, e Poliziano –humanista italiano do século XV- escribiu o *Rústico* a imitación de *As Xeórxicas*.

CAPÍTULO 25

*Como aconteceu entre os fogaceiros de Lerné e a xente do país de Gargantúa a grande disputa que deu lugar a duras guerras*²⁵⁵

Por aqueles días, que eran os do tempo da vendima, no comezo do outono, os pastores da bisbarra andaban a gardar as viñas e a impedir que os estorniños non comesen as uvas.

Pasaron daquela os fogaceiros de Lerné pola encrucillada grande, levando para a vila dez ou doce cargamentos de fogazas.

Os pastores pedíronlles entón cortesmente que lles vendesen algunhas ao prezo que ían. Porque, reparade en que é vianda celestial almorzar uvas con fogaza fresca, principalmente caíñas, verdellas, moscatelas, carnazas, e mais cagarrizas para aqueles que andan entalados do ventre porque elas fanos ciscar lonxe coma unha lanza e moitas veces, *coidando* que botan un peido, esforrícanse todos, polo que lles chaman “as *coidantes* das vendimas”.

Os fogaceiros non foron nada considerados coa súa petición, senón que –o que peor é– aldraxáronos grandemente chamándolles pailarocos, dentes fanados, roxelos ridículos, baldreus, peliqueiros, langráns, soinamoinas, lacazáns, mixiriqueiros, bazunchos, fanfurriñas, niquitates, toutizos, candongueiros, lambefoulas, pingalaceiras, emperixelados, imitamonas, larcháns, malamañados, trosmas, babecos, panocos, bardallas, trapalleiros, esfameados, vaqueiros bostentos, pastores merdentos, e outros epítetos difamatorios semellantes, engadindo que non lles pertencía a eles comer tan boas fogazas senón que debían contentarse con pan de relón e torta.

A estas aldraxes, un deles, chamado Frogier, bo mozo e persoa ben honrada, respondeu con acougo:

–Cando foi que vos sairon cornos, que trucades tanto? Arredemo! Sempre nolas dabades de bo grado e agora vos negades? Non é cousa de bos veciños e nós non vos facemos así cando vides mercar o noso tan bo trigo co que facedes os vosos doces e as vosas fogazas. Aínda por riba do trato teríamosvos regalado uvas das nosas. Mais...san Deu me valla, poderíadesvos arrepentir diso! Habédesnos topar un día e entón habemosvos facer o mesmo. Lembrádevos!

Daquela Marquet²⁵⁶, confrade maior do fogaceiros, díxolle:

²⁵⁵ A orixe da guerra picrocolina é a liorta entre os fogaceiros de Lerné e os pastores das terras de Gargantúa. Lerné –situado a un quilómetro da casa de Rabelais en La Devinière– tiña sona de sabrosas *fouaces* (fogazas). A fogaza (do latín *focacia*, bolo cocido baixo a cinza do lume, do fogo, de aí o seu nome) era unha torta de pan preparada con manteiga e ovo que en Francia ten distintas formas e receitas. Tamén noutras partes da Romanía aparecen distintos xeitos de preparala, baixo nomes como o italiano *focaccia*, o occitano *fougasse*, o galego-portugués *fogaza/fogaça* ou o español *hogaza*.

Por causa da disputa vai ter lugar a guerra entre Picrocolo (nome de orixe grega que ven significando *bile amarga*) e Golagrande, pai de Gargantúa. Detrás destes personaxes están Gaucher de Sainte-Marthe e Antoine Rabelais, avogado e propietario de terras, pai do noso autor. A comunidade de comerciantes que utilizaban o río Loira puxera preito contra Sainte-Marthe –todopoderoso señor de Lerné– por lles pechar o paso á navegación cunhas pescarías. A intervención de Antoine Rabelais como avogado da comunidade ante o tribunal de París fixo que co preito se xerara a xenreira da familia Sainte-Marthe contra os Rabelais.

Desta microhistoria nacerá o argumento fantástico -ambientado nas paisaxes auténticas dos arredores da casa de La Devinière– da loita entre o bon rei e o enrabiado agresor. Mais a alusión transcende a Antoine Rabelais e o seu veciño: no personaxe de Golagrande está tamén representado Francisco 1º de Francia, o *pai das letras*, en canto que no agresor imperialista está o rei de España Carlos 1º, o Emperador.

-A fe que estás ben encrestado esta mañán! Onte á tarde comiches paínzo de máis²⁵⁷! Ven acó, ven acó que che eu hei dar das miñas fogazas!

Entón Frogier, con toda sinxeleza, achegouse, collendo un cartiño da súa faldriqueira, coidando que Marquet lle ía tirar do bolso algunha das súas fogazas. Mais o que fixo foi darlle coa súa xostra no medio das pernas tan rudamente que os nós quedáronlle marcados nelas. Despois quixo liscar, mais Frogier chamoulle criminal e, pedindo axuda con tanta forza como puido, arreboloulle ao tempo un fungueirón que levaba debaixo do brazo e acadouno na xuntura coronal da cabeza, enriba da arteria crotáfica²⁵⁸ do lado dereito, de tal xeito que Marquet caiu da súa besta. E ben máis semellaba un home morto do que un vivo.

Entrementes, os caseiros que andaban a escarolar as noces alí perto, acudiron coas súas longas taloiras e mallaron nos fogaceiros coma en centeo verde. Os outros pastores e pastoras, ao ouviren o berro de Frogier, viñeron coas súas fondas e tirapedras e perseguíronos a cantazos tan miúdos que semellaba que sarabiase. Finalmente acañáronos e colléronlles arredor de catro ou cinco ducias das súas fogazas. Con todo, pagáronlles ao prezo habitual e déronlles un cento de conchos e tres cestos de uvas albariñas. Despois, os fogaceiros axudaron a erguerse a Marquet, que estaba malferido de certo, e volveron para Lerné sen proseguiren o camiño de Parilly, ameazando forte e duro aos vaqueiros, pastores e caseiros de Seuilly e de Cinais²⁵⁹

Feito isto, os pastores e pastoras armaron unha trouleada coas fogazas e as uvas e divertíronse xuntos coa música da gaita -chufándose dos gloriosos fogaceiros que tiveran malfado por non se teren persignado coa boa man ese día- e con grosas uvas cachorras bismaron as pernas de Frogier tan xeitosamente que axiña sandou.

²⁵⁶ A muller de Gaucher de Sainte-Marthe chamábase Marie Marquet, e o pai dela ocupara un cargo na Corte.

²⁵⁷ O *galo* comera paínzo ou millo miúdo de máis, por iso estaba encrestado, agresivo.

²⁵⁸ A arteria temporal.

²⁵⁹ As terras que rodean La Devinière, onde está a casa de Rabelais.

CAPÍTULO 26

Como os habitantes de Lerné, por orde de Picrocolo, seu rei, asaltaron de improviso aos pastores de Gargantúa

Ao que os fogaceiros estiveron de volta en Lerné, antes de comeren ou beberen, trasladáronse de socato ao Capitolio, e así, diante do seu rei chamado Picrocolo –o terceiro en levar ese nome– espuxeron a súa queixa mostrando os seus cestos rompidos, os seus puchos esgazados, as súas roupas rachadas, as súas fogazas pilladas e, especialmente, Marquet ferido enormemente, dicindo que todo o fixeran os pastores e caseiros de Golagrande perto da grande encrucillada, pasado Seuilly.

El no intre entrou nunha carraxe furiosa, e sen interrogarse máis alá do porqué e o cómo, fixo pregoar levas a través do seu país para que toda a xente se congregase en armas na praza grande de diante do castelo na hora do mediodía.

Para mellor afincar a súa empresa, mandou bater tambor de arredor da vila. El mesmo, entrementes que lle preparaban o almuerzo, foi facer que montasen a súa artillaría, despregasen o seu estandarte e oriflama e carregasen municións abondo, tanto en equipos para as armas como para as gorxas²⁶⁰.

Ao almorzar, distribuíu os mandos, e polo seu edito foi nomeado o señor Farrapallento para a avangarda, para a que se contaron dezaseis mil catorce arcabuceiros e trinta e cinco mil once ventureiros²⁶¹.

O Grande Escudeiro Botaporela foi destinado á artillaría, na que se contaron novecentas catorce grosas pezas de bronce entre cañóns, basiliscos, serpentinas, culebrinas, bombardas, falcóns, pasavoantes, áspides e outras pezas. A retagarda foi confiada ao duque Rapacartos. No medio da formación colocáronse o rei e máis os príncipes do seu reino.

Tan escasamente equipados, antes de se poñeren en camiño enviaron trescentos cabalos lixeiros, baixo a dirección do capitán Engolevento, para explorar o país e saber se había algunha emboscada pola bisbarra, mais, despois de teren procurado dilixentemente, atoparon todo o país do arredor en paz e en silencio, sen xuntanza ningunha de xente.

Ao ouvilo, Picrocolo mandou que todos se puxesen en marcha rapidamente baixo o se estandarte.

Daquela, sen orde nin concerto, aliñáronse uns no medio dos outros, estragando e derramando todo por onde pasaban, sen se librar nin pobre nin rico, nin lugar sagrado nin profano. Pillaban bois, vacas, toros, cuxos, vitelas, ovellas, carneiros, cabras e castróns, galiñas, capóns, polos, parrulos, gansos, ocas, porcos, cochas e ranchos, arrebolando as noces, collendo os acios das viñas, levando as cepas, derribando os froitos todos das árbores. Era un desorde incomparable o que eles facían e non atoparon ninguén que lles resistira, senón que todos se puñan á mercé deles, suplicándolles que os tratasen máis humanamente, en consideración a que dende sempre foran bos e amistosos veciños e a que nunca contra deles cometeran excesos nin aldraxes para que de súpeto viñesen asoballalos tanto, e que Deus habíaos castigar axiña. Mais a estes reproches eles non respondían outra cousa senón que ían aprenderlles a comer fogaza.

²⁶⁰ Viveres para a tropa.

²⁶¹ Soldados voluntarios que servían sen paga indo á aventura do que pillaban.

CAPÍTULO 27

Como un frade de Seuilly salvou o viñado do mosteiro do saqueo dos inimigos

Tanto fixeron e remexeron eles, rapiñando e ladroando, que chegaron a Seuilly e asaltaron homes e mulleres e colleron canto puideron: nada lles foi quente nin pesado de máis. E aínda que houbese peste na maior parte das casas, eles entraban por todas partes, ripaban todo o que había dentro e nunca por iso se atopaban en perigo, o que é caso ben maravilloso porque os curas, vigairos, predicadores, médicos, cirurxiáns e boticarios que ían visitar, coidar, sandar, predicar e confortar os enfermos morreran xa todos de infección, e estes diaños rapiñeiros e mortíferos nunca alí colleron mal. De onde ven iso, meus señores? Pensade nisto, facede o favor.

Rapiñando así o burgo, trasladáronse ao mosteiro cun balbordo horríbel, mais atopárono ben pecho e aferrollado, polo que o exército principal marchou avante cara ao vao de Vède, excepto sete bandeiras de infantaría e duascenas lanzas que quedaron aló e romperon os muros da horta co fin de estragaren a vendima toda.

Os pobres diaños dos frades non sabían a cal dos seus santos se encomendar

Polo si ou polo non, mandaron chamar *ad capitulum capitulantes*²⁶². Alí decidiuse que habían facer unha boa procesión, reforzada con cantos do prechantre e ladaíñas *contra hostium insidias* e solemnes responsos *pro pace*²⁶³.

Por aquel entón estaba no mosteiro un frade claustral chamado Frei Xoán das Carnespicadas, mozo, galán, baril, ledro, destro, ousado, valente, decidido, alto, delgado, de boca ben cortada, nariz ben prominente, bo despachador de horas, bo desbridador de misas, bo debullador de vixilias²⁶⁴... Por dicilo todo nunha palabra: verdadeiro frade se é que os houbo des que o mundo fradeando fradeou en fradaría. E, polo resto, letrado ata os dentes en materia de breviario.

El, cando ouvíu o ruído que facían os inimigos polo viñado da súa horta, saíu para mirar o que facían e, ao se decatar de que deixaban sen uvas o bacelo no que se baseaba a súa bebida do ano todo, volveu para o coro da igrexa, onde estaban os outros frades todos apampados como fundidores de campás, e véndoos que cantaban: *Ini, nim, pe, ne, ne, ne, ne, ne, ne, ne, tum, ne, num, num, ini, i, mi, i, mi, co, o, ne, no, o, o, ne, no, ne, no, no, no, rum, ne, num, num*, díxolles:

-Cantádelo cagadiño! Polos cravos de Cristo! Por que non cantades:

*Para que a quero eu,
unha viña vendimada?
Para que a quero eu,
non me servindo de nada?*

-Que o demo me leve se é que non están na nosa horta e andan a cortar as cepas e máis os acios de xeito que durante catro anos non teremos senón que andar ao rebusco!

²⁶² Mandaron chamar a capítulo –reunión na que se toman decisións sobre a vida da comunidade relixiosa- a aqueles frades que teñen voz nel.

²⁶³ Nestes actos solemnes, o prechantre ou primeiro chantre, cóengo encargado de dirixir o coro, é quen entoas os cantos. As ladaíñas son *contra das insidiaas dos inimigos*, e os responsos *a prol da paz*.

²⁶⁴ As tres expresións caracterizan ironicamente a Frei Xoán como un frade que reza a toda velocidade “despachando” horas (oracións canónicas), “tirando da brida” para acabar as misas ás carreiras, ou “debullando” as vixilias (oficios relixiosos nocturnos).

Polas chagas de Cristo! Me caso en Santiago! Que habemos beber entrementes nós, pobres diaños? Señor Deus, *da mihi potum*.

Entón dixo o prior claustral:

-Que fai aquí este borracho? Que mo leven á prisión! Turbar así o servizo divino!

-O servizo de viño, fagamos que ese non se turbe –dixo o frade- Porque vós mesmo, señor prior, gostades de beber do mellor. Así fai todo home de ben. Nunca un home nobre odia o viño bo: é un apotegma monástico. Mais estes responsos que estades a cantar aquí non veñen ao caso. Deus me valla!

Por que son as nosas horas curtas no tempo das colleitas e das vendimas, e longas no advento e máis no inverno? O finado e tan lembrado Frei Macé Pelosse, verdadeiro celador da nosa relixión (ou senón que o demo me leve), díxome –acórdame ben- que a razón era para que nesa estación fixésemos e pechásemos o viño e que no inverno o zugásemos.

Escoitádeme, señores, vós que gostades do viño: polas chagas de Cristo, seguideme! Porque: quéimeme enteiriño o fogo de san Antón se os que non coidaron a viña chegan a catar a pinga! Me caso en tal! Os bens da Igrexa! Ah, non, que diaño! Santo Tomás o inglés ben quixo morrer por eles. Se eu morrer niso: non había ser santo tamén? E mais non hei morrer, ho, senón que hei ser eu quen llelo faga aos outros!

E dicindo isto botou abaixo o seu longo hábito e apoderouse do varal da cruz, que era de cerne de sorbeira, tiña a longura dunha lanza, a grosura dun puño e estaba adornado con flores de lis todas case borradas. Así saíu en simple saio, puxo o manteo de través, e co seu varal da cruz bateu rexamente sobre os inimigos que sen orde nin bandeira, sen trompeta nin tambor, andaban a coller os acios polo medio do viñado (pois os portaguíons e portabandeiras arrombaran os seus guíons e bandeiras contra dos muros, os tamborileiros afundiran os seus tambores por un lado para os encheren de uvas, as trompetas estaban cargadas de bacelos e todos os homes estaban espallados). E mallou, logo, tan duramente neles, sen mediar aviso, que os deixou guindados coma porcos, petando a torto e a dereito, á vella esgrima.

A uns apachocáballes os miolos, a outros rompíalles brazos e pernas, a outros dislocáballes os espóndilos da caluga, a outros derreáballes os riles, baixáballes o nariz, incháballes os ollos, fendíalles as mandíbulas, afundíalles os dentes na boca, escangalláballes as omoplatas, anegráballes as canelas, derrancáballes os isquios ou esmendrellábase os cotovelos²⁶⁵.

Se alguén quería esconderse entre as cepas máis espesas, partíalle o carrelo do lombo todo e escadrillábao coma un can.

Se alguén quería salvarse fuxindo, facíalle voar a cabeza en anacos pola sutura lambdoide.

Se alguén agabeaba por unha árbore pensando estar seguro, el, co seu varal, empalábao polo fundamento.

Se algún vello coñecido lle berraba:

-Ei, Frei Xoán, meu amigo! Ei, Frei Xoán, eu entrégome!

-Á forza! –dicía el- Mais ao tempo haslle entregar a túa alma a todo os diaños!

E no intre enchíao de lombeirazos.

E se había alguén tan cheo de temeridade que quixese plantar cara, entón mostraba el o poder dos seus músculos, porque lle traspasaba o peito polo mediastino e polo corazón. A outros, dándolles no medio das costelas, invertíalles o estómago e morrían de súpeto. A outros zoupáballes tan fortemente no embigo que lles facía saír as

²⁶⁵ Neste parágrafo e mais nos que veñen, Rabelais mestura deliberadamente termos moi expresivos da linguaxe popular (derrear, escangallar, miolos, carrelo, etc.) con termos científicos e cultos –maiormente nesa época- como espóndilos, mandíbulas, lambdoide, invertir, etc.

tripas. A outros, entre os collóns, furáballes o boche cular. Crédeme que era o espectáculo máis terríbel que endexamáis se teña visto.

Uns berraban: Vállame santa Bárbara²⁶⁶! Outros: Vállame san Xurxo! Outros: Vállame san Mocardo! Outros: Vállame Nosa Señora de Cunault! (ou de Loreto, ou de Bonne Nouvelle ou de La Lenou, ou de Rivière).

Uns encomendábanse a Santiago. Outros ao Santo Sudario de Chambéry, mais ardeu tres meses despois de xeito que non se deu salvado nin unha chisca. Outros ao de Cadouin. Outros a san Xoán de Angély. Outros a san Eutropio de Saintes, a san Mesme de Chinon, a san Martiño de Candes, a san Clodoaldo de Cinais, ás reliquias de Javarzay e a mil outros bos santiños.

Uns morrían sen falar e outros falaban sen morrer. Uns morrían ao falar e outros falaban ao morrer.

Outros gritaban en voz alta: Confesión! Confesión! *Confiteor! Miserere! In manus*²⁶⁷.

Tan grandes foron os berros dos escontromiñados que o prior do mosteiro con todos os seus frades saíron e, cando viron toda esa pobre xente así esparrada polo medio da viña e ferida mortalmente, confesaron algunha dela. Mais, en canto que os prestes se entretiñan en confesar, os fradiños pequenos correron ao lugar onde estaba Frei Xoán e preguntáronlle en que quería que o axudasen, ao que el lles respondeu que fosen degolando os que estaban polo chan. Daquela, deixando as súas grandes capas debaixo dunha parra que tiñan pertiño, comezaron a degolar e rematar aos que el deixara malferidos. E sabedes con que ferramentas? Con bos goivetes, que son uns coiteliños circulares cos que os meniños da nosa terra escondan as noces.

Logo, co seu varal da cruz, achegouse á fenda que fixeran os inimigos. Algúns dos fradiños levaron para os seus cuartos as bandeiras e guións para se faceren con eles ligas. Mais cando os que se tiñan confesado quixeron saír por aquela fenda, o frade mallounos a paus dicindo:

-Estes están confesos e arrepentidos, e gañaron o perdón, polo que van ao paraíso tan dereitiños coma un fouciño e coma o camiño de Faye²⁶⁸.

Así, grazas á súa proeza, foron derrotados todos os do exército que entraran na horta en número de trece mil seiscientos vinte e dous (sen contar as mulleres e os nenos, enténdese ben).

Endexamáis Maugis²⁶⁹, o eremita, se portou tan valentemente co seu bordón contra os sarracenos (de todo o cal está escrito na xesta dos catro fillos de Aymón) como fixo o frade contra os seus inimigos co varal da cruz.

²⁶⁶ As exclamacións e os santos e reliquias nas que nelas se encomendan son variadas e por veces teñen un aquel de ironía. Santa Bárbara é a patroa da Artillaría e San Xurxo da Cabalaría, san Mocardo é un santo imaxinario e burlesco, Santiago é o de Compostela, máxima pelegrinaxe na Idade Media. Romaxes e peregrinacións menores son as de Cunault, Loreto, Bonne Nouvelle, La Lenou e Rivière. Nesa época eran varios os lugares que dicían conservar o Santo Sudario, a saba que envolveu a Cristo no sepulcro, e entre eles estaban Cadouin e Chambéry. Os outros nomes son tamén de reliquias e prelegrinaxes. Cómpre lembrar que os humanistas tiñan estes cultos por supersticiosos.

²⁶⁷ Peticións e frases soltas de oracións en latín que Rabelais presenta como carentes de espontaneidade, só produto do medo ante a morte.

²⁶⁸ O camiño de Faye seica era moi sinuoso, tan dereito coma un fouciño.

²⁶⁹ *Os catro fillos de Aymón*, ou *Renaud de Mantauban*, é un célebre libro de cabalarías francés do século XII no que o ermitán Maugis, curmán dos protagonistas pelexa contra dos inimigos da cristiandade.

CAPÍTULO 28

Como Picrocolo tomou por asalto La Roche Clermauld e a coita e o pesar que tivo Golagrande por se poñer en guerra

Entrementes que o frade lidaba como xa dixemos contra os que entraran na horta, Picrocolo, con gran rapidez, pasou o vao de Vède coa súa xente e asaltou La Roche Clermauld, lugar onde non se lle opuxo resistencia ningunha. E como xa era noite decidiu aloxarse nesa vila el e máis os seus, e darlle acougo á súa punxente cólera

Pola mañán tomou por asalto os murallóns e o castelo e afortalouno moi ben e proveuno das municións requiridas, pensando en facer alá o seu refuxio se é que fose atacado dende a outra banda, porque o lugar era seguro por construción e mais por natureza, dada a súa situación e a súa posición.

Mais deixémoslos alá e volvamos ao noso bo Gargantúa –que está en París insistindo moito no estudo das boas letras e nos exercicios atléticos- e máis ao bo velliño de Golagrande, seu pai, que despois de cear está quentando os collóns a carón dun bo, claro e grande lume e que, agardando a que se asen unhas castañas, está a escribir na lareira cunha vara queimada pola punta coa que se esgarabella nos tizóns, contándolles á súa muller e á súa familia fermosos contos doutro tempo.

Un dos pastores que gardaban as viñas, chamado Pillot, trasladouse onda el naquela hora e contoulle por enteiro os excesos e pillaxes que estaba a facer Picrocolo, o rei de Lerné, nas súas terras e posesións, e como rapiñara, estragara e saqueara o país todo -non sendo a horta de Seuilly que Frei Xoán salvara para honra súa- e como o devandito rei estaba agora en La Roche Clermauld e alí con moita xiria estaban afortalándose el e os seus homes.

-Ai! Ai! Ai! –exclamou Golagrande- Que é iso, boa xente? Estou a soñar ou é certo o que me din? Picrocolo, o meu vello amigo de sempre, de caste e de alianza, venme atacar? Quen o move? Quen o pica? Quen o guía? Quen o así aconsellou? Ui! Ui! Ui! Meu Deus, meu Salvador, axúdame, inspírame, aconséllame o que debo facer! Prométoche e xuro diante túa –así ti me favoreza- que endexamais lle din a el disgosto, nin fixen mal á súa xente, nin rapiñei as súas terras. Ao contrario: socorrino con xente, diñeiro, favores e consellos en todos os casos que souben que o podía beneficiar. Que me teña aldraxado deste xeito non pode ser senón por causa do espírito maligno. Bo Deus, ti coñeces o meu corazón, porque nada se che pode ocultar: se acaso toleou e se puxo doente e ti mo enviaches aquí para lle eu restablecer o siso, dáme poder e saber para volvelo baixo o xugo da túa santa vontade con moita disciplina.

Ui! Ui! Ui! Boa xente miña, meus amigos e leais servidores: terei que vos importunar coa vosa axuda nisto? Malpocado! A miña vellez non quería nesta hora senón repouso. Nunca na miña vida tanto outra cousa procurei como a paz, mais cómpre, polo que vexo, cargar agora de arreos o meu lombo canso e feble e coller coa miña man tremente a lanza e a maza para socorrer e amparar aos meu pobre súbditos. A razón quéreo así pois é o labor deles o que me mantén e o suor deles o que me alimenta a min, aos meus fillos e á miña familia.

Con todo, non hei emprender a guerra sen ter denantes probado todas as artes e medios de paz. Estou firmemente decidido.

Daquela fixo convocar o seu consello e espuxo o asunto tal como era, acordándose que se había enviar algún home prudente onda Picrocolo para saber por que tan de súpeto saíra do seu repouso e invadira as terras sobre das cales non tiña dereito ningún, e que, de por parte, se enviase a buscar a Gargantúa e os seus, co fin de

defender o país e valelo na dificultade. Todo isto gostoulle a Golagrande, e ordenou que se fixese así, mandando no intre ao basco, seu lacaios, a toda presa na procura de Gargantúa, a quen lle escribiu do seguinte xeito...

CAPÍTULO 29

Contido da carta que Golagarande lle escribiu a Gargantúa

O fervor dos teus estudos requiriría que en moito tempo non te interrompera eu ese filosófico repouso se é que a desvergoña dos nosos amigos e antigos confederados non tivese arestora frustrado a tranquilidade da miña vellez. Mais, pois que é destino fatal ser eu molestado por aqueles en que máis confiaba, teño á forza que chamar por ti en auxilio das xentes e dos benas que che son confiados por dereito natural.

Porque, así como son febles as armas no exterior se é que dentro da casa non hai sentido, igual de van é o estudo –e inútil o sentido– se non é virtuosamente executado e levado á practica no momento axeitado.

A miña intención non é provocar senón apaciguar, non é atacar senón defender, non é conquistar senón protexer aos meus leais súbditos e terras da miña herdanza, nas que entrou hostilmente Picrocolo sen causa nin ocasión, proseguindo día tras día a súa furiosa empresa con excesos que as persoas libres non poden tolerar.

Púxenme por obriga moderar a súa cólera titánica, ofrecéndolle todo o que eu coidaba que o podía contentar, e por varias veces enviei xente en son de amizade xunto a el para saber en que, por quen e como se sentía aldraxado. Mais non tiven del outra resposta senón o voluntario desafío e a pretensión do dereito a dispór libremente das miñas terras. Niso recoñecín que o eterno Deus o deixou ao temón do seu libre arbitrio e propio sentido –que non pode ser máis ca malo se non é guiado continuamente polo graza divina– e que mo enviou aquí con belicosas bandeiras para mantelo no deber e devolverlle o siso.

Polo tanto, meu benquerido fillo, o máis cedo que poidas, ao que teñas lido esta carta, volve axiña, non tanto para me socorreres a min (o que con todo debes facer por piedade natural) senón aos teus, aos cales con razón ti podes salvar e protexer. O triunfo será feito coa menor efusión de sangue posíbel, e, se é posíbel, con enxeños máis eficaces, astucias e trucos de guerra, habemos salvar todas as almas e habemos enviar a xente ben leda para a súa morada.

Queridísimo fillo, a paz de Cristo, noso redentor, sexa contigo.

Saída a Ponócrates, Ximnasta e Eudemón da miña parte.

No vixésimo de Setembro.

Teu pai

GOLAGRANDE

CAPÍTULO 30

Como foi enviado Ulrich Gallet²⁷⁰ xunto a Picrocolo

Ditada e asinada a carta, Golagrande ordenou que Ulrich Gallet, maxistrado relator seu, home sabio e discreto do que en diversos e contenciosos asuntos tiña experimentado a virtude e o bo criterio, fose xunto a Picrocolo para o advertir do que tiñan decidido.

Naquela hora marchou o bo de Gallet, e, pasado o vao, preguntoulle ao muiñeiro polo estado de Picrocolo. Este respondeulle que os seus homes non lle deixaran nin galo nin galiña, que estaban pechados en La Roche Clermauld e que non lle aconsellaba que avanzase máis, por medo á ronda, xa que o seu furor era enorme. El creullo ben, e por esa noite aloxouse no muíño.

No outro día, pola mañán, trasladouse coa trompeta á porta do castelo e requiriu aos gardas para que o levasen a falar co rei, en proveito do mesmo.

Anunciadas estas palabras, o rei non consentiu de xeito ningún que lle abrisen a porta senón que se trasladou ao murallón e díxolle ao embaixador:

-Que hai de novo? Que queredes dicir?

Daquela o embaixador disertou como segue...

²⁷⁰ O parente de Rabelais que defendeu como avogado a Comunidade de comerciantes do Loira contra Gaucher de Sainte-Marthe (v. nota 255) chamábase Jean Gallet, polo que é probábel que este personaxe sexa unha alusión a el.

CAPÍTULO 31

A arenga feita por Gallet a Picrocolo

Máis xusta causa de dor non pode nacer entre os humanos senón cando –do lugar onde esperaban en xustiza, agarimo e benquerenza- reciben coita e dano. E non sen causa -por máis que sen razón- moitos, ao lles acontecer tal, estimaron esta indignidade menos tolerábel do que a súa propia vida e, no caso de non teren podido corrixilo pola forza ou grazas a outro medio, eles mesmos se teñen privado da luz do día.

Non é, logo, maravilla se o meu señor –o rei Golagrande- coa túa furiosa e hostil chegada- está sumido en grande mágoa e anda co entendemento turbado. Sería maravilla que non o tivesen conmovido os excesos incompárabeis que nas súas terras e súbditos foron por ti e a túa xente cometidos, e no que non nos foi omitido exemplo ningún de inhumanidade. Tanta aflición lle causa isto a el –que tanto afecto lles profesou sempre aos seus súbditos- como non podería causarllo a mortal ningún. Con todo, cáusalle unha aflición superior a toda estimación humana por serdes ti e máis os teus quen fixestes estes agravios e destrucións; vós, que dende toda a antigüidade da que se teña memoria tiñades xerado –ti e os teus devanceiros- unha amizade con el e os seus antergos que ata o de agora tiñades mantido, gardado e conservado inviolabelmente os dous como sagrada, de xeito que non só el e os seus senón as nacións bárbaras, coma os poitevinos, bretóns, manseses²⁷¹ e os que viven alén das illas de Canarias e de Isabela²⁷², consideraron tan doado demoler o firmamento e erixir os abismos por riba das nubes como desfacer a vosa alianza, e tanto a temeron nas súas empresas que endexamáis ousaron provocar, irritar nin prexudicar a un por medo do outro.

Hai máis. Tanto encheu este ceo esa sagrada amizade que poucos son hoxe os habitantes de todo o continente e illas do océano que non teñan aspirado ambiciosamente a seren incluídos nela mediante pactos nas condicións que vós quixésedes establecer, estimando tanto o confederarse convosco como as súas propias terras e posesións. De xeito que, en todo o tempo de que se teña memoria, non houbo príncipe nin liga tan airado nin soberbio que tivese ousado atacar, non digo xa as vosas terras senón as dun dos vosos confederados. E se, nun caso extraordinario, atentaron contra deles nunha decisión precipitada, só con teren ouvido o nome e título da vosa alianza, ao socato desistiron das súas empresas.

Que furia, pois, te move arestora para, rompendo toda alianza, conculcando toda amizade, transgredindo todo dereito, invadires hostilmente as súas terras sen teres sido prexudicado, irritado nin provocado en nada por el nin polos seus? Ula, a fe? Ula, a lei? Ula, a razón? Ula, a humanidade? Ulo, o temor de Deus? Coidas que podes ocultar estas aldraxes aos espíritos eternos e ao Deus soberano que é xusto remunerador das nosas empresas? Se o coidas engánaste, porque todas as cousas virán a xuízo del. Seica son fatais destinos ou influencias dos astros os que queren poñer fin ás túas comodidades e ao teu repouso? Así, todas as cousas teñen o seu fin e período, e cando teñen chegado ao seu punto superlativo comezan a baixar en ruína pois non poden ficar por moito tempo

²⁷¹ Habitantes do Poitou, da Bretaña e da rexión de Le Mans. A alusión a estas *nacións bárbaras* – é dicir *estranxeiras*- é unha lembranza da victoria de Carlos VIII de Francia sobre os bretóns, poitevinos e manseses en Saint-Aubin-du-Cormier (1488) que supuxo a anexión da Bretaña ao Reino de Francia.

²⁷²Isabela é o nome da primeira vila fundada por Colón., en 1493, na illa que denominou A Española (hoxe República Dominicana e Haití).

en tal estado. É o final daqueles que non dan moderado por medio da razón e da temperanza as súas fortunas e prosperidades.

Mais se tal fose o fado e tivese agora que ter fin o teu acougo e lecer: tería que ser molestado ao meu rei, a aquel que te instalou a ti? Se a túa casa tivese que se arruinar: tería, na súa ruína, que caír enriba do lar daquel que a engrandecera? A cousa está tan fóra dos límites da razón, tan afastada do sentido común, que apenas é concibíbel para o entendemento humano. E os estranxeiros non a han dar crido ata que a comprobación e a testemuña lles fagan entender que non hai nada santo nin sagrado para aqueles que se desligaron de Deus e da Razón por seguiren as súas inclinacións perversas.

Se é que algún dano tivésemos nós causado aos teus súbditos e posesións, se é que nós tivésemos favorecido aos que te queren mal, se é que non te tivésemos axudado nos teus asuntos, se é que nós tivésemos mancado o teu nome e o teu honor, ou, para mellor dicilo, se o espírito calumniador²⁷³, tentando tirarte cara ao mal, tivese metido no teu entendemento que, por medio de falaces especies e fantasmas ilusorios, nós tiñamos cometido contra ti actos indignos da nosa antiga amizade, ti debías primeiro ter averiguado a verdade e, despois, reprendernos por tal motivo. Nós teríamosche dado tantas satisfaccións como quixeses e terías ficado contente. Mais...Eterno Deus!...Que é o que emprendeches? Seica queres, cal tirano pérfido, rapiñar así e destruír o reino do meu amo? Xulgáchelo tan ignavo e aletargado para non querer resistir os teus inicuos ataques, ou tan desprovisto de xente, de diñeiro, de sabenza e de arte militar para non poder facelo?

Vaite de aquí arestora para estares todo o día de mañán retirado nas túas terras, sen faceres polo camiño tumulto nin violencia. E paga mil besantes²⁷⁴ de ouro polos danos que fixeches nestas terras. A metade hala pagar mañán e a outra metade pagarala nos vindeiros idus de maio, deixándonos en tanto como reféns os duques de Viramoa, de Baixascachas e de Miudallo, xunto co príncipe da Rabuxeira e o vizconde da Piollada.

²⁷³ O demo.

²⁷⁴ O besante era unha moeda bizantina de ouro ou de prata. Na Idade Media o nome de *besante* aplicouse a diversas moedas.

CAPÍTULO 32

Como Golagrande, para mercar a paz, fixo devolver as fogazas

Niso calou o bo de Gallet, mais Picrocolo a todas as súas falas non lles respondeu outra cousa senón: “Vindeas buscar! Vindeas buscar! Estes son de pistola baixa e hanvos amolar coas fogazas!”.

Daquela volveu xunto a Golagrande, a quen atopou de xeonllos, coa cabeza descuberta, inclinado nun recunchiño do seu gabinete, pregándolle a Deus que quixese facer amolecer a cólera de Picrocolo e levalo ao punto de razón sen acudir á forza. Cando el viu o bo do home de volta, preguntoulle:

-Ei, meu amigo, que novas me traedes?

-Non hai acordo –dixo Gallet- Ese home está totalmente fóra de siso e deixado da man de Deus.

-Está –dixo Golagrande- Mais: cal é o motivo que di el deste exceso, meu amigo?

-Non me espuxo motivo ningún –dixo Gallet- senón que dixo, moi encarraxado, algo tocante a fogazas. Non sei se non lles terán feito algunha aldraxe aos seus fogaceiros.

-Quérome enteirar ben –dixo Golagrande- antes de decidir cousa ningunha sobre o que habería que facer.

Entón mandou enteirarse dese asunto e comprobou que lle colleran pola forza algunhas fogazas á xente de Picrocolo e que Marquet recibira un fungueirazo na cabeza, mais que todo llo pagaran ben e que o tal Marquet ferira primeiro coa súa xostra a Frogier nas pernas. E a todo o seu consello pareceulle que este obrara en lexitima defensa. Con todo, dixo Golagrande:

-Xa que se trata só dunhas poucas fogazas, vou tratar de contentalo, porque me disgosta de máis pórme en guerra.

Daquela averiguou cantas fogazas colleran, e ao saber que foran catro ou cinco ducias dispuxo que fixesen cinco carradas delas aquela noite, e que unha fose de fogazas feitas con moita manteiga, moitas xemas de ovos, moito azafrán e moitas especias, para que lla desen a Marquet, e que, para resarcilo, dáballe setecentos mil filipos²⁷⁵ para pagar os barbeiros que o tivesen curado, e, a maiores, dáballe a parzaría de La Pomardièrre a perpetuidade, libre para el e máis os seus. Para conducir e levar todo enviou a Gallet, quen polo camiño mandou coller perto do salgueiral moitos ramos grandes de canas e xuncas e con eles fixo adornar todo de arredor as carretas e cada un dos carreiros. El mesmo levou un na man, querendo dar a entender con isto que eles non querían senón paz e viñan para mercala.

De chegados á porta, solicitaron falar con Picrocolo da parte de Golagrande. Picrocolo seguiu sen querer deixalos entrar nin ir falar con eles e mandoulles dicir que estaba ocupado, mais que lle dixesen o que querían ao capitán Botaporela, que estaba a montar algunhas pezas riba das murallas Daquela díxolle o bo do home:

-Señor, para vos arredar de toda esta disputa e eliminar todo motivo de que non retornedes á nosa primitiva alianza, devolvémosvos arestora as fogazas polas que hai controversia. Cinco ducias colleu a nosa xente e foron ben pagas. Nós queremos tanto a paz que vos volvemos cinco carradas delas. E esta de aquí vai ser para Marquet, que é quen máis se queixa. De por parte, para contentalo enteiramente, velaí setecentos mil tres filipos que eu lle entrego, e para resarcilo céddolle a parzaría de La Pomardièrre a perpetuidade, par el e máis os seus como posesión libre de foros; velaí está o contrato de

²⁷⁵ Moeda de ouro.

transacción. E...por Deus!... vivamos en paz de agora en diante, e retirádevos ás vosas terras ledamente, cedendo esta praza á que non tendes dereito ningún como ben o confesades. E amigos como dantes!

Botaporela contoulle todo a Picrocolo e a maiores envenenou o seu corazón dicíndolle:

-Este pailáns teñen un medo tolo. Deus me valla, Golagrande caga por el, o coitadiño bebedor! A súa arte non é a de facer a guerra senón a de baleirar botellas. Eu son da opinión de que reteñamos estas fogazas e estes cartos, e polo resto nos deamos presa en nos afortalarmos aquí e proseguirmos a nosa fortuna. Seica pensan que están a tratar cun papán para vos satisfacer con esas fogazas? Velaí o que ocorre: o bo trato e a gran familiaridade que tedes tido con eles anteriormente fixeron que agora vos desprezen. “Agarima ao vilán e trabarache a man; zóscalle ao vilán e bicarache a man”.

-Eí! Eí! Eí! -dixo Picrocolo- Santiago me valla, han levar ben delas! Facede como dixestes!

-Unha cousa quero advertirvos -dixo Botaporela- Aquí estamos bastante mal avituallados e moi pouco provistos de arneses de boca²⁷⁶. Se Golagrande nos asediase, dende agora iría eu facerme arrancar os dentes todos, non deixando que me quedasen senón tres. E outro tanto lles faría aos vosos homes: con estes que temos comeríamos demasiado axiña as provisións.

-Hanos sobrar paparoca -dixo Picrocolo- Estamos aquí para papar ou para loitar?

-Para loitar, claro -dixo Botaporela- mais da panza ven a danza, e onde reina a fame a forza retírase.

-Sempre larapeteando! -dixo Picrocolo- Apañade o que eles trouxeron.

Daquela colleron diñeiro e fogazas, bois e carros, e a eles mandáronos de volta sen dicir palabra, non sendo que non se volvesen achegar tan perto, polo motivo que lles habían dicir no outro día. Así, sen faceren nada, volvéronse para xunto Golagrande e contáronlle todo, engadindo que non había esperanza ningunha de os tirar con paz senón con viva e forte guerra.

²⁷⁶ Provisións, logo.

CAPÍTULO 33

Como certos gobernadores de Picrocolo, co seu consello precipitado, puxeron a este no perigo derradeiro

Rapiñadas as fogazas, compareceron perante Picrocolo o duque de Miudallo, o conde Espadachín e o capitán Merdalla, e dixéronlle:

-Maxestade, hoxe facémosvos o máis feliz e máis valeroso príncipe que endexamáis ten habido dende a morte de Alexandre de Macedonia.

-Cubrídevos! Cubrídevos! –dixo Picrocolo

-Moitas grazas, Maxestade –dixeron eles- mais cumprimos o noso deber²⁷⁷. O medio é este:

Ides deixar aquí algún capitán de garnición cunha pequena tropa de xente para protexer a praza, que nos parece forte de abondo tanto por natureza como polos parapecitos construídos mercé ao voso enxeño. Ides partir en dous o voso exército, como entendedes demasiado ben. Unha parte hase lanzar sobre o tal Golagrande e a súa xente e o ha derrotar ao primeiro choque. Alí habedes recuperar diñeiro a mancheas pois o vilán teno a esgalla (*Vilán*, dicimos, porque un nobre príncipe nunca ten un pataco: atesourar e cosa de viláns). A outra parte, entre tanto, ha tirar cara a Aunís, Saintonge, Angoumois e Gascuña, e cara a Périgord, Medoc e as Landas. Sen resistencia han tomar vilas, castelos e fortalezas. En Baiona, San Xoán de Luz e Fonterrabía habédesvos apoderar de todas as naves e, costeando cara a Galiza e Portugal, habedes rapiñar todos os lugares marítimos ate Lisboa, onde habedes ter a esgalla todo o equipamento que precisa un conquistador. Polas chagas de Cristo, España hase render, pois non son senón uns peifocos! Habedes pasar polo estreito de Sevilla²⁷⁸ e alí habedes erixir dúas columnas máis magníficas ca as de Xibraltar para a perpetua memoria do voso nome. E este estreito ha ser chamado Mar Picrocolino. Pasado o mar Picrocolino, velaí Barbarroxa que se converte no voso escravo...

-Heille perdoar a vida...-dixo Picrocolo.

-Ben feito –dixeron eles- Sempre que se faga bautizar. E habedes expugnar os reinos de Túnez, de Bizerta, Arxel, Bona, Cirene e toda a Berbería valentemente. Pasando máis alá, gardaredes nas vosas mans Maiorca, Menorca, Sardeña, Córsega e outras illas do mar Ligur e Balear. Costeando á esquerda habedes dominar toda a Galia Narbonense²⁷⁹, a Provenza e o país dos Alóbrogos²⁸⁰, Xénova, Florencia, Luca e...vaite con Deus!...Roma! O coitadiño do señor Papa está morrendo co medo.

-A fe que non lle hei bicar a súa pantufa²⁸¹ –dixo Picrocolo.

-Tomada Italia²⁸², velaí agora Nápoles, Calabria, Apulia e Sicilia saqueadas todas. E Malta con elas. Folgaríame ben que os seus graciosos cabaleiros²⁸³, que antigamente estaban en Rodas, vos resistisen para ver a súa urina!

²⁷⁷ Picrocolo, como sinal de estima, permítelles manter o pucho ante do rei, mais eles, como súbditos respetuosos, insisten no seu deber de descubrir a cabeza.

²⁷⁸ Estreito de Xibraltar. Segundo a lenda, Hércules abríulles un paso ás augas do océano, separando os montes de Xibraltar e Ceuta, que son as *columnas de Hércules*. Non esquezamos que as columnas, coa divisa *Plus Ultra* ("Mais alá") formaban parte do emblema de Carlos V.

²⁷⁹ A Galia Narbonense era unha provincia da antiga Roma que despois foi a Provenza (a *provincia*, por excelencia, en latín).

²⁸⁰ Os allóbrogos eran un pobo galo que foi vencido polos romanos.

²⁸¹ Bicábanlle os visitantes a chinela, pantufa (ou *mula*) do Papa (á que hai unha alusión no capítulo 5) en sinal de reverencia.

²⁸² Como se ve, refírese ao que hoxe entendemos como o norte de Italia.

-De grado iría eu a Loreto –dixo Picrocolo.

-Nada, nada –dixeron eles- iso ha ser á volta. De aló tomaremos Creta, Chipre, Rodas e as illas Cícladas e pegaremos sobre Morea. Por san Ringán, Deus garde Xerusalén, porque o sultán non se pode comparar coa vosa potencia!

-Hei facer levantar o Templo de Salomón –dixo el.

-Non –puxéronse eles- Agardade aínda un pouco; non sexades endexamáis tan repentino nas vosas empresas. Sabedes o que dicía Octavio Augusto? *Festina lente*²⁸⁴. Cómprevos ter primeiro a Asia Menor: Caria, Licia, Panfilia, Cilicia, Lidia, Frixia, Misia, Bitinia, Carrasia, Adalia, Samagaria, Castamena, Luga e Savasta até o Éufrates²⁸⁵.

-Habemos ver Babilonia e o monte Sinaí? –preguntou Picrocolo.

-Non hai que facelo por de agora. Seica non nos damos remexido abondo ao termos atravesado o mar Caspio e cabalgado as dúas Armenias e as tres Arabias²⁸⁶?

-A fe que toleamos! Ai, miña pobre xentiña!

-E logo? –preguntaron eles.

-E que habemos beber a través deses desertos? Pois dis que o emperador Xulián, con toda a súa tropa morreu alí de sede²⁸⁷.

-Nós xa temos todo disposto –dixeron eles- Polo mar de Siria tendes nove mil catorce grandes naves, carregadas dos mellores viños do mundo. Chegaron a Xaffa dous millóns douscentos mil camelos e mil seiscientos elefantes que vós tendes collido nunha cazata arredor de Sidjilmassa²⁸⁸ cando entrastes en Libia, e a maiores tivestes toda a caravana da Meca. Non vos forneceron viño suficiente?

-Pois claro! –dixo el- Mais non estaba fresco.

-Un peixiño pequeno me non coma! Un paladín, un conquistador, un pretendente e aspirante ao imperio universal non pode sempre cumprir os seus gostos. Louvemos a Deus por terdes chegado, vós e a vosa xente, salvos e enteiros até o río Tigris!

-Mais: que fai entrementes a parte do noso exército que derrotou a ese ruín zugador de Golagrande?

-Non está sen facer nada –dixeron- Logo nos habemos reunir con eles. Colléronvos Bretaña, Normandía, Flandes, Hainaut, Brabante, Artois, Holanda, Zelandia. Pasaron o Rhin por riba da barriga dos suízos e dos lansquenets. Unha parte someteu o Luxemburgo, a Lorena, a Champaña e a Savoia até Lyon. Nese lugar atoparon as vosas garnicións que volvían das conquistas navais do mar Mediterráneo e se reuniron en Bohemia despois de teren saqueado Suabia, Wurtemberg, Baviera, Austria, Moravia e Estiria. Despois pegaron feramente sobre Lübeck, Noruega, Suecia, Dinamarca, Gotia, Groenlandia e países hanseáticos até o mar Ártico. Feito isto, conquistaron as illas Orcadas e someteron Escocia, Inglaterra e Irlanda. De aí, navegando polo mar Báltico e Sarmático²⁸⁹, venceron e dominaron Prusia, Polonia, Lituania, Rusia, Valaquia, Transilvania e Hungría, Bulgaria e Turquía e están en Constantinopla.

²⁸³ Os cabaleiros de San Xoán de Xerusalén, expulsados de Rodas por Suleimán II e establecidos en Malta por Carlos V.

²⁸⁴

²⁸⁵ Países e lugares da Asia Menor, entre os que hai algúns non identificados.

²⁸⁶ A Xeografía antiga distinguía entre a Armenia Grande e a Pequena, e o xeógrafo renacentista Münster distinguía a Arabia Feliz, a Arabia Desértica e mais a Arabia Pétreia.

²⁸⁷ Lenda sobre a morte do emperador Xulián o Apóstata.

²⁸⁸ Vila árabe célebre na Idade Media e posteriormente desaparecida.

²⁸⁹ A Sarmacia extendíase entre o mar Báltico e o mar Negro e denominábase *mar Sarmático* unhas veces o primeiro e outras o segundo deles. Aquí debe ser o segundo.

-Encamiñémonos cara a eles o máis axiña, pois quero ser emperador de Trebisonda. Seica non habemos matar a todos eses cans de turcos e mahometanos?

-E que diaño habemos facer, entón? –puxéronse eles- E habedeslles dar os seus bens e terras a aqueles que vos serviron honradamente.

-A razón así o quere –dixo el- É de xustiza. Douvos Caramania, Siria e toda a Palestina.

-Ah, Maxestade! É ben propio de vós! Moitas grazas! Deus vos faga prosperar moito sempre!

Estaba alí presente un vello fidalgo, experimentado en azares diversos e ben curtido na guerra, chamado Equefrón²⁹⁰ que, ouvindo estas falas, dixo:

-Moito me temo que esta empresa vaia ser semellante á farsa da cántara do leite, na que un zapateiro se vía rico no seu ensoño e despois, rota a cántara, non tivo nin para almorzar. Que é o que pretendedes con esas bonitas conquistas? Cal ha ser o fin de tantos traballos e travesías?

-Será –dixo Picrocolo- que cando esteamos de volta habemos descansar a pracer.

Daquela dixo Equefrón:

-E, se por un caso, nunca de aló volverades (xa que a viaxe é longa e perigosa). Non é mellor descansarvos dende agora sen nos expoñermos a estes azares?

-Deus me valla! –dixo Espadachín- Velaí un que está tresvariado de a feito! Ímonos esconder a carón da cheminea e pasarmos alí coas damas a nosa vida e o noso tempo enfiando perlas ou tecendo como Sardanápalo? *O que non se aventura, non ten cabalo nin mula*, dixo Salomón.

-E *O que de máis se aventura, perde o cabalo e a mula*, respondeulle Marecón²⁹¹ –púxose Equefrón daquela.

-Abonda! –dixo Picrocolo- Pasemos adiante. Eu non lles temo senón a eses diaños das lexións de Golagrande. E, se, entrementes que nós estamos en Mesopotamia nos desen no rabo...:cal sería o remedio?

-Moi doado –dixo Merdalla- Cun pequeno recado que lle enviesdes aos moscovitas, teredes no campo ao momento catrocentos cincuenta mil combatentes selectos. Ah, se me fixésedes niso o voso lugartenente, sería quen de matar unha agulla por un home²⁹²! Trabo, truco, zoupou, apreixo, mato e arrenego!

-Veña, veña! –dixo Picrocolo- Que avien todo e o que me queira que me siga!

²⁹⁰ Nome de orixe grega que significa *Prudente*. Repárese en que é o único dos súbditos de Picrocolo que leva un nome grego, habitual en troco nos homes de Golagrande. Isto débese a que non comparte as ambicións guerreiras de Picrocolo.

²⁹¹ Os *Diálogos de Salomón e Marcón* –Rabelais xoga aquí co nome deste- eran moi populares na Idade Media. Á sabencia filosófica do rei Salomón retrucáballe sempre o sentido común de Marcón.

²⁹² Ridiculización deste personaxe, que non é máis ca un fanfarrón.

CAPÍTULO 34

Como Gargantúa, para socorrer a súa terra, deixou a cidade de París e como Ximnasta se encontrou cos inimigos

Nesa mesma hora, Gargantúa, que saíra de París ao que lera a carta de seu pai, montado enriba da súa gran besta, pasara a ponte de La Nonnain²⁹³ con Ponócrates, Ximnasta e Eudemón, os que –para podelo seguir– colleran cabalos de postas. O resto do seu séquito viña a paso normal, traguendo todos os seus libros e aparello filosófico.

Chegado a Parilly, foi advertido polo caseiro de Gouguet de cómo Picrocolo se afortalara en La Roche Clermauld e enviara o capitán Tripudo cun gran exército a atacar a fraga de Vède e mais Vaugaudry, e de cómo correran atrás das galiñas até Pressoir Billard. E de que era cousa estraña e difícil de crer os excesos que facían polo país. Tanto lle dixo que lle meteu medo, e non sabía o que dicir nin o que facer. Mais Ponócrates aconselloulle que se trasladasen cabo do señor de La Vauguyon, que dende sempre fora seu amigo e confederado e que había informalos mellor de todos os asuntos, o que fixeron decontado e o atoparon en boa disposición de socorrellos. El foi da opinión de enviar algún dos seus para explorar o país e saber como estaban os inimigos, a fin de actuaren segundo o que aconsellase o momento presente. Ximnasta ofreceuse para ir aló, mais decidiuse que para mellor ser levase consigo alguén que coñecese os carreiros e reviravoltas e os ríos da bisbarra.

Daquela marcharon el e Mais Louzán, escudeiro de Vauguyon. E sen temor axexaron por todos os lados. Entrementes, Gargantúa repousou e alimentouse un pouco coa súa xente e fixo que lle desen á súa besta unha ración de avea (foi de setenta e catro moios e tres ferrados). Ximnasta e o seu compañeiro cabalgaron tanto que atoparon os inimigos todos espallados e en desorde rapiñando e roubando todo o que podían. De tan lonxe como o dexergaron, acudiron estes en masa contra el para atacalo. Daquela berroulles:

–Señores, eu son un pobre diaño, tende piedade de min. Aínda teño algún escudo, habémolo beber porque é *aurum potabile*²⁹⁴ e este cabalo ha ser vendido para pagar a miña benvida. Feito isto, levádeme convosco porque nunca home ningún soubo coller, lardear, asar e preparar, e mesmo partir e adobar a galiña mellor do ca min, o que tendes aquí. Así Deus me valla! E polo meu proficiat²⁹⁵ bebo á saúde dos bos compañeiros!

Entón descubriu a súa bota de viño e, sen meter o nariz dentro, bebeu cumpridamente. Os lampantíns miraban para el, abrindo a boca máis dun pé e tirando a lingua coma galgos, agardando beberen despois. Mais Tripudo, o capitán, acudiu nese momento para ver o que era. Ximnasta ofreceulle a súa botella dicindo:

–Tomade, capitán! Bebede dela canto queirades! Eu xa probei. É viño de La Faye Moujau²⁹⁶.

–O que? –dixo Tripudo- Este galafate está a se mofar de nós? Quen es ti?

–Son un pobre diaño –dixo Ximnasta.

–Ah! –dixo Tripudo- Xa que es un pobre diaño é xusto que poidas pasar para diante porque os pobres diaños pasan por todas as partes sen portaxe nin gabela²⁹⁷. Mais

²⁹³ Este e os restantes topónimos corresponden a lugares das terras de Chinon.

²⁹⁴ *Ouro bebíbel*. Xogo coa alusión a unha moeda de ouro que dá para convidar a beber e máis a unha mestura composta de aceite e de cloruro de ouro considerada como panacea pola medicina antiga.

²⁹⁵ V. nota 151.

²⁹⁶ Viño de sona naquel tempo.

non é costume que os pobres diaños vaian tan ben montados. Polo tanto, señor diaño, baixade e dádeme o rocín, e se el non me leva ben, mestre diaño, habedes ser vós o que me levedes, pois moito me gusta que me leve un diaño!

²⁹⁷ Impostos medievais; o primeiro deles pagábase polo dereito de paso.

CAPÍTULO 35

Como Ximnasta matou limpamente o capitán Tripudo e outra xente de Picrocolo

Ouvidas estas palabras, algúns deles comezaron a se aterrorizar e persignábanse coas dúas mans pensando que era un diaño disfrazado. É un deles, chamado Bo Xoán, capitán da Garda Rural, tirou o seu libro de horas da bragueta e berrou forte: “*Agios ho Theos*”²⁹⁸. Se ti es de Deus, fala! Se és do Outro, vaite!”. E non se ía. Ouviron isto moitos da tropa e arredáronse da compañía. Ximnasta, no entanto, observaba e consideraba todo.

Entón fixo coma quen baixaba do cabalo, e cando se debruzaba polo lado de montar deulle limpamente a volta á estribeira coa súa espada bastarda e, pasando por baixo, lanzouse polo aire e caíu cos dous pés enriba da sela, co cu virado cara á testa do cabalo. Despois dixo: “O meu choio vai do revés”.

Daquela, tal e como estaba, deu un chimpso sobre dun pé e, virándose cara á esquerda, volveu recuperar a posición que tiña antes, sen variar nada dela. Ao velo dixo Tripudo:

-Isto non o hei facer eu por de agora. Non ho!

-Merda! –púxose Ximnasta- Fallei! Vou desfacer este salto.

Entón, con moita forza e axilidade, virándose cara á dereita, deu un chimpso como de antes.. Feito isto, puxo o polgar da dereita sobre do arzón da sela e levantou todo o corpo no aire, sosténdose todo o corpo sobre do músculo e o nervio do devandito polgar. E así se virou tres veces. Á cuarta, deborcando todo o corpo sen tocar nada, ergueuse entre as dúas orellas do cabalo, sostendo todo o corpo no aire sobre do polgar da esquerda, e nesa postura fixo un molinete. Despois, petando coa palma da man enriba do medio da sela, deu tal pulo que se sentou sobre a súa grupa, como fan as damas.

Feito isto, pasou moi doadamente a perna dereita por riba da sela e púxose en postura de cabalgar sobre da grupa.

-Mais vale que me poña entre os arzóns –dixo entón.

Daquela, apoiándose sobre dos polgares das dúas mans na grupa, diante del, deborcouse no aire co cu enriba da cabeza e encontrouse entre os arzóns en equilibrio. Despois, dun pincho, levantou todo o corpo no aire e así se mantivo cos pés xuntos entre os arzóns, e deu máis de cen voltas cos brazos estendidos en cruz. E ao facelo berraba en voz alta:

-Arrabeo, diaños! Arrabeo! Arrabeo! Agarrádeme, diaños! Agarrádeme! Agarrade!

Mentres el daba eses pinchos, os lampantíns, todos pasmados, dicíanse uns aos outros:

-Por san Deu! É un trasno ou un demo disfrazado así. *Ab hoste maligno, libera nos, Domine*”²⁹⁹!

E fuxían en desfeita, ollando atrás coma un can que escapa cun plumeiro.

Entón Ximnasta, vendo a súa avantaxe, baixou do cabalo, desembaiñou a espada e a grandes golpes cargou contra os máis empoleirados e fíxoos rolar a moreas, feridos, macelados e escontromiñados, sen que ninguén lle resistise pensando que era un diaño esfameado (tanto polos maravillosos pinchacarneiros que dera como polas palabras que lle dixera Tripudo ao lle chamar *pobre diaño*).

²⁹⁸ En grego: *Deus é santo!* Esta frase comezaba unha oración do Venres Santo e servía de exclamación exorcizante.

²⁹⁹ *Do inimigo maligno, libéranos, Señor!*

Emporiso, Tripudo, a traizón, quíxolle fender os miolos coa súa espada lansqueneta, mais el levaba un bo casco e deste golpe non sentiu senón a carga, e virándose de súpeto lanzoulle voando unha estocada ao tal Tripudo e, entrementes que este se cubría o alto, el cortoulle dun golpe o estómago, o colon e a metade do fígado, polo que caiu no chan, e ao caír botou fora máis de catro potadas de sopas e a alma mesturada entre elas.

Feito iso, Ximnasta retirouse, considerando que os casos do azar nunca cómpre seguios ata o seu final completo e que convén que todos os cabaleiros traten con reverencia a súa boa fortuna, sen molestala nin abelloala. E, montando enriba do seu cabalo, deulle coas esporas tirando dereito polo seu camiño cara a La Vauguyon e levando a Louzán con el.

CAPÍTULO 36

Como Gargantúa demoleu o castelo do vao de Vède e como pasaron o vao

Chegado que foi, contou o estado en que atopara os inimigos e máis a estratagemas que utilizara, el só contra toda aquela caterva, afirmando que non eran senón uns loubáns, rapiñeiros e ladróns, ignorantes de toda disciplina militar, e que se puxesen ao dereito en marcha porque lles había ser moi doado mallar neles coma quen malla no gando. Daquela subiu Gargantúa riba da súa gran besta, coa compañía que dixemos antes, e ao atopar no camiño unha árbore grande e alta (a que lle chamaban comunmente *A árbore de san Martiño* porque dese xeito medrara un bordón que en tempos san Martiño plantará alí) dixo:

-Velaí o que me cumpría. Esta árbore hame servir de bordón e máis de lanza.

E arrancouna doadamente da terra, tiroulle as pólas e adoviouna a pracer.

Entrementes, a súa besta mexou para aliviar o ventre, mais fíxoo con tal abundancia que o diluvio inundou sete leguas. Todo o mexo escorreu cara ao vao de Vède, e tanto fixo encher a corrente que toda esa tropa dos inimigos foi horribilmente afogada, non sendo algúns que colleran o camiño cara aos outeiros pola esquerda.

Ao que Gargantúa chegou ao lugar da fraga de Vède, foi avisado por Eudemón de que dentro do castelo quedaba algún resto dos inimigos. Para comprobalo gritou aquel tan alto como puido:

-Estades aí ou non estades? Se é que estades, non sigades, e se non estades non digo nada.

Mais un canoneiro godallo que estaba na barbacá tiroulle un canonazo e acadouno con furia na tempa dereita. Con todo, non lle fixo máis mal que se tivera lanzado unha cereixa.

-Que foi? Tirádesnos pevidas de uvas? A vendima havos custar cara! –dixo Gargantúa- pensando de certo que a bala era unha pevida.

Os que estaban dentro do castelo divertíndose en pillar, ao ouviren o ruído correron ás torres e fortalezas e tiraron máis de nove mil vinte cinco disparos de falconetes e arcabuces, apuntándolle todos á testa. E tan miudiño tiraban contra del que berrou:

-Ponócrates, meu amigo, estas moscas están a me cegar. Pásame unha póla deses salgueiros para as espaxotar.

Pensaba que as chumbadas e as pedras que lanzaba a artillaría eran tabaos. Ponócrates advertiulle que non eran moscas senón disparos de artillaría que tiraban dende o castelo. Entón petou el coa súa gran árbore contra o castelo, e a baloucazos abateu torres e fortalezas e derrubou todo polo chan. Deste xeito quedaron esmendrellados en anacos todos os que estaban nel

Ao marcharen de aló chegaron á ponte do muíño e atoparon todo o vao cuberto de corpos mortos en tal cantidade que tiñan entullada a cal do muíño, e eran aqueles que pereceran no diluvio urinal da besta. Alá se puxeron a pensar como darían pasado, visto o atranco deses cadáveres. Mais Ximnasta dixo:

-Se os diaños pasaron por aí, eu hei poder pasar moi ben.

-Os diaños pasaron –dixo Eudemón- para pillaren as almas condenadas.

-San Ringan me valla! –dixo Ponócrates- Daquela, por consecuencia necesaria, ha pasar.

-Si, ho! –dixo Ximnasta- Ou hei quedar no camiño!

E dándolle coas esporas ao seu cabalo pasou doadamente para o outro lado sen que nunca o seu cabalo sentise medo dos corpos mortos. Porque el afixéao –seguindo a doutrina de Eliano³⁰⁰- a non temer nin as almas nin os corpos mortos. E non matando a xente (como facía Diocleciano, que mataba os tracios, e Ulises, que puña os corpos dos seus inimigos aos pés dos seus cabalos, segundo conta Homero) senón pódolle un fantoche no medio da súa herba seca e facéndoo pasar de ordinario por riba del cando lle daba a súa avea.

Os outros tres seguírono sen dificultade, excepto Eudemón. O seu cabalo afundiú a pata dereita até os xeonllos dentro da panza dun groso e graso vilán que estaba alí afogado, cara a arriba, e non a daba tirado fóra. Así quedou pexado até que Gargantúa, coa punta do seu pau, mantivo afundido o resto das tripas do vilán na auga mentres que o cabalo levantaba a pata. E (o que é cousa maravillosa en hipiatria³⁰¹) o devandito cabalo curou dun sobreoso³⁰² que tiña naquela pata grazas ao contacto cos boches dese gran lampantín.

³⁰⁰ O escritor latino Eliano cita en *De natura animalium* o método de adestramento de Diomedes e Ulises citado por Rabelais.

³⁰¹ Parte da veterinaria que se ocupa dos cabalos.

³⁰² Tumors óseo na pata dos cabalos.

CAPÍTULO 37

Como Gargantúa, ao se peitear, fixo caer dos seus cabelos as balas da artillaría

Pouco despois de saíren das ribeiras do Vède atinxiron o castelo de Golagrande, que os estaba a agardar con moito degoro. Á súa chegada recibíronos cos brazos abertos; nunca se viu xente máis leda, pois o *Supplementum Supplementi Chronicorum* di que Gargamela morreu entón de ledicia. Eu non sei nada diso, pola miña parte, e ben pouco me preocupa ela ou ninguén.

O certo foi que Gargantúa, ao se cambiar de roupa e se peitear co seu pente (que tiña o tamaño de cen varas e estaba punteado con longos dentes de elefante enteiriños) fixo caer a cada golpe máis de sete feixes de balas que lle quedaran entre os cabelos cando da demolición da fraga de Vède. Ao ver iso, Golagrande, seu pai, pensou que fosen piollos e díxolle:

-Arre, meu fillo! Trouxéchesnos até aquí algúns gaviáns de Montaigu? Eu non quería que residiras alá.

Daquela respondeulle Ponócrates:

-Señor, non vaiades pensar que o levei a ese colexio piollento que lle chaman Montaigu³⁰³. Mellor quixera eu levalo cos mendigos dos Santos Inocentes³⁰⁴, dada a enorme crueldade e vilanía que coñecín naquel. Pois son moito mellor tratados os forzados entre os mouros e os tártaros, mellor os criminais na prisión, e mesmo –sen dúbida– os cans na vosa casa, do que tratan a eses malpocados no tal colexio. E se eu fose rei de París: o demo me leve se non plantaría lume dentro del e faría queimar o director e profesores que aturan que se exerza diante dos seus ollos esta inhumanidade!

Entón, levantando unha desas balas, dixo:

-Son canonazos que hai pouco recibiu o voso fillo Gargantúa ao pasar diante da fraga de Vède debido á traizón dos vosos inimigos. Mais foron tan recompensados que pereceron todos ao ser derrubado o castelo, como os filisteus polo enxeño de Sansón e os que esmagou a torre de Siloé, dos que se escribe en Lucas XIII. Eu son do criterio de que persigamos os vosos inimigos entrementes que temos a sorte ao noso favor, xa que a ocasión leva todos os seus cabelos na fronte, e cando ten pasado alén de vós non podedes volver invocala: é calva por tras da cabeza e xa non volve³⁰⁵.

-De certo que non ha ser arestora –dixo Golagrande– pois este serán quérovos festexar. Sede benvidos.

Dito isto, prepararon a cea e por riba fixeron asados dezaseis bois, tres xovencas, trinta e dous cuxos, sesenta e tres cabritos de leite, noventa e cinco carneiros, trescentos ranchiños con bo mosto, duascenas vinte perdices, setecentas arceas, catrocentos capóns das terras de Loudun e de Cornualles, seis mil pitos e outros tantas pombas, seiscentas pitas do monte, mil catrocentos lebrachos, trescentas tres avetardas e mil setecentos polos de ceba. Carne de caza non se puido reunir tan de súpeto, fóra once porcos bravos que enviou o abade de Turpenay³⁰⁶ e dezoito animais de pelaxe rubia³⁰⁷

³⁰³ O colexio de Montaigu, dirixido por Beda, non só era coñecido polo seu sistema escolástico (criticado e ridicularizado polos humanistas) senón tamén pola súa extrema suxidade (de aí o dos *gaviáns*, os piollos). A disciplina era rigorosísima e as privacións causaban moitas vítimas entre os seus alumnos. Erasmo, que estudiara nel, criticouno duramente nos seus *Coloquios*.

³⁰⁴ Arredor do cemiterio dos Santos Inocentes pululaban os mendigos e arrequeixados.

³⁰⁵ Velaí a explicación da frase *A ocasión pintana calva*. Esta representación alegórica da Ocasión foi utilizada profusamente nas artes e as letras da época.

³⁰⁶ Turpenay, como Grandmont e Les Essarts son lugares próximos a Chinon.

que regalou o señor de Grandmont xunto con cento corenta faisáns que enviou o señor de Les Essarts e algunhas ducias de pombos, de paxaros de río, de cercetas, abetouros, mazaricos, píllaras, francolíns, bernacas, biluricos, avefrías, lavancos, espátulas, martinets, garzas, fochas, garzotas, cegoñas, sisóns, flamengos alaranxados (que son fenicópteros), papuxas, pavos, cuscús a oito e carne cocida a esgalla.

Non faltaba nada e había víveres en abundancia que foron preparados axeitadamente por Lapasalsas, Caldeiradas e Pisagraz, cociñeiros de Golagrande.

Xanote, Miguel e Baleiracuncas dispuxeron moi ben de beber.

³⁰⁷ Na caza distíngues entre animais de pelaxe rubia. Coma o cervo, o lobo e o raposo, e os animais de pelaxe negra coma o porco bravo.

CAPÍTULO 38

Como Gargantúa comeu en ensalada seis peregrinos

Cómpre que contemos o que lles sucedeu a seis peregrinos que viñan de San Sebastián³⁰⁸, perto de Nantes, e que para se poñeren ao abeiro aquela noite, por medo aos inimigos, se acocharon na horta sobre as ervillas, entre as verzas e as leitugas.

Gargantúa encontrouse algo sedento e preguntou se se poderían atopado unhas leitugas para facer ensalada, e ao lle diciren que alí as había das máis grandes e fermosas do país, pois eran tan grandes coma ameixeiras ou nogueiras, quixo ir collelas el propio e levou na súa man cantas lle petou. Xunto con elas levou os seis peregrinos, que tiñan tanto medo que non ousaban dar fala nin tusir.

Ao lavalas primeiro na fonte, dicíanse os peregrinos en voz baixa uns aos outros:

-Que será ben facer? Aquí, entre as leitugas, afogamos. Falaremos? Mais, se falamos hanos matar coma espías.

E mentres así deliberaban, Gargantúa botounos, coas súas leitugas, dentro dun prato da casa tan grande coma o tonel do Císter³⁰⁹, e con aceite e vinagre e máis sal, comeunos para se refrescar antes de cear. Engulira xa cinco peregrinos e o sexto estaba dentro do prato agachado debaixo dunha leituga, non sendo o seu bordón, que sobresaía un pouco. Ao ver isto, díxolle

Golagrande a Gargantúa:

-Semella un corno de caracol. Non o comas.

-E logo? —contestoulle Gargantúa— Están bos durante todo este mes.

E tirando o bordón, levantou xunto con el o peregrino e comeuno moi ben comesto. Despois, bebeu un tremendo grolo de viño pineau e agardaron a que preparasen a cea.

Así devorados, os peregrinos tiráronse fóra das moas da súa dentame o mellor que puideron. Pensaban que os botaran nalgún foxo das prisións, e cando Gargantúa botou o longo grolo coidaron afogar na súa boca. O torrente de viño case que os levou ao abismo do seu estómago, mais saltando cos seus bordóns como fan os miguelotes³¹⁰, puxéronse a salvo á beiriña dos dentes, pero por desgraza un deles, ao tentar o chan co seu bordón para saber se estaban seguros, petou duro no buraco dun dente picado e bateu co nervio da mandíbula, causándolle unha dor fortísima a Gargantúa, que comezou a berrar coa rabia que estaba a aturar. Daquela, para aliviar a súa dor, mandou tragar o seu mondadentes e mentres ía cara á nogueira gralleira³¹¹ desaniñouvos os señores peregrinos. Porque pillou un polas pernas, outro polos ombreiros, outro polas alforxas, outro pola falchoca, outro pola esmoleira e enganchou pola bragueta o coitadiño que lle batera co bordón. Con todo, foi unha gran sorte para este porque lle curou unha bocha chaguenta que o martirizaba dende o momento que pasaran Ancenis³¹².

Desaniñados así os peregrinos, fuxiron a través da viña a bo trote e acougou a dor.

³⁰⁸ Saint-Sébastien d'Aignes.

³⁰⁹ O mosteiro do Císter tiña un tonel de trescentos moios que dis que era da época da súa fundación por San Bernardo.

³¹⁰ Peregrinos que ían ao Mont Saint Michel, na Normandía, e que, por ser lugar rodeado de mar, tiñan que saltar moitas veces valéndose do seu bordón.

³¹¹ Nogueira que ten noces tan duras que só as grallas e os corvos as dan partido

³¹² Lugar á beira do Loira, no camiño de volta de Nantes.

Nesa hora chamouno Eudemón para cear, pois todo estaba disposto.

-Vou mexar o meu mal –dixo el.

Entón mexou tan copiosamente que a urina lles cortou o camiño aos peregrinos, véndose estes obrigados a pasar o gran regueiro. Seguindo pola beiriña da touza, en pleno camiño, caíron todos –non sendo Forneiro- nunha trapela que había, feita para coller lobos con rede, de onde escaparon grazas á habelencia do devandito Forneiro que rompeu todos os lazos e cordas. Saídos de aló, durmiron o resto da noite nunha choupana rente de Le Couldray e alí as palabras dun deles chamado Cansodir reconfortáronos da súa desgraza. El fíxolles a observación de que esta aventura xa fora predita por David nos *Salmos*³¹³.

-*Cum exurgerent homines in nos, forte vivos deglutissent nos* cando nos comeu coa leituga cunhas areíñas de sal. *Cum irasceretur furor eorum in nos, forsitan aqua absorvisset nos* cando bebeu o gran grollo. *Torrentem pertransivit anima nostra* cando pasamos o gran regueiro. *Forsitan pertransisset anima nostra aquam intolerabilem* da súa urina coa que nos cortou o camiño. *Benedictus Dominus qui non dedit nos in captionem dentibus eorum. Anima nostra, sicut passer erepta est de laquea venantium* cando caímos na trapela. *Laqueus contritus est* por Forneiro. *Et nos liberati sumus. Adjutorium nostrum*, etc.

³¹³ Rabelais búlrase da aplicación da Biblia a cada situación cotiá, que era costume dos eclesiásticos do seu tempo. O texto latino di: *Cando se ergueron os homes contra nós, se cadra nos terían devorado vivos...Cando o seu furor se excitaba contra nós, se cadra a auga nos tería absorbido...A nosa alma atravesou o torrente...Se cadra a nosa alma tería atravesado a auga intolerábel...Abenzoado sexa o Señor, que non nos deu en presa aos seus dentes. A nosa alma, coma un paxaro, escapou dos lazos dos cazadores...O lazo foi rompido...e fomos liberados.. O noso socorros, etc.*

CAPÍTULO 39

*Como Gargantúa festexou ao frade e as bonitas cousas que dixo ao cear*³¹⁴

Cando Gargantúa se puxo á mesa e remataron de larpar a puntiña de arriba das viandas, Golagrande comezou a contar a orixe e causa da guerra habida entre el e máis Picrocolo, e chegou ao momento de narrar como Frei Xoán das Carnespicadas triunfara na defensa da horta do mosteiro, e louvouno por cima das proezas de Camilo, Escipión, Pompeio, César e Temístocles. Entón pediu Gargantúa que o mandasen buscar a escape, a fin de que se consultase con el o que cumpría facer. Por vontade deles foino buscar o seu maiordomo, e levouno todo ledado co seu varal de cruz enriba da mula de Golagrande.

Ao que chegou houbo mil aloumiños, mil abrazos e mil saúdos:

-Ei, Frei Xoán, meu amigo! Frei Xoán, meu irmán! Frei Xoán, o demo me leve, unha apreta meu amigo!

-Veña, aos meus brazos!

-Pasa para aquí, carallo, que te vou escadrillar a poder de apertas!

E Frei Xoán divertíase! Nunca home tan garimoso e chascorrandeiro houbo!

-Veña! Veña! –dixo Gargantúa- Un escano para aquí, cabo de min, a este lado!

-Estou conforme, pois que así o queredes –dixo o frade- Paxe, auga! Bota, meu rapaz, bota: hame refrescar o figado. Dáme para eu facer gárgaras.

-*Deposita cappa*³¹⁵ –dixo Ximnasta- Quitemos o manteo.

-Deus me valla! Non, meu señor fidalgo! –púxose o frade- Hai un capítulo *in statuto Ordinis*³¹⁶ ao que non lle había gostar a cosa.

-Merda! –dixo Ximnasta- Merda para o voso capítulo! Ese manteo rómpevos os ombreiros. Botádeo para abaixo!

-Déixame, meu amigo –dixo o frade- Porque aínda bebo mellor con el, así deus me valla! El ponme o corpo todo ledado: se que o deixo. Súas Excelencias os señores paxes vanse fabricar ligas con el, como me ocorreu unha vez en Coulaines. E, de por parte, non hei ter apetito ningún. Mais se me sento á mesa con este hábito: Deus me valla se non te hei beber a ti e mais ao teu cabalo alegremente! Deus libre de mal á compañía toda! Xa ceara, mais non por iso hei comer menos, porque teño un estómago enlousado, e fondo como a bota de san Bieito³¹⁷, sempre aberto como a faldriqueira dun avogado. De todos os peixes non sendo da tenca...collede a ala da perdiz e o coxote da monxa³¹⁸. Ou seica non é unha morte leda morrer coa miñoca tesa³¹⁹? Ao noso prior sábelles moito a carne branca de capón.

-Niso non se asemella moito aos raposos –dixo Ximnasta- pois dos capóns, pitas e polos que collen nunca comen a carne branca.

-E logo? –preguntou o frade.

³¹⁴ Frei Xoán fala coma un tarabelo, e entre o remuíño de exclamacións, xuramentos, xogos de palabras, exaltación do bo beber e o bo comer, do pracer da caza e outros praceres que fai este ser un tanto primario, destaca a exaltación da fidelidade ao rei e protector de Rabelais: Francisco I.

³¹⁵ Fórmula litúrxica que sinalaba o momento no que o oficiante debía quitar a capa.

³¹⁶ *Nos estatutos da orde*.

³¹⁷ Xogo de palabras entre a *bota* de calzado e a *bota* de beber. A *bota de san Bieito* era un tonel dos frades bieitos de Bolonia.

³¹⁸ Frei Xoán comeza coa primeira parte dun refrán (*De todos os peixes, non sendo da tenca, colle o lombo e deixa a panza*) mais desvíase cara a outros “manxares”.

³¹⁹ Segundo un refrán latino *Qui monaca potitur virga tendente moritur* (O que goza dunha monxa morre coa verga tesa).

-Porque non teñen cociñeiros para cocela –respondeulle Ximnasta- e se non está cocida axeitadamente queda vermella e non branca. O vermello das carnes é síntoma de non estaren ben cocidas, non sendo os lumbrigantes e camaróns, que se fan cardinais ao cocelos³²⁰.

-Corpus Christi de Bayard³²¹! –púxose o frade- Pois daquela o enfermeiro do noso mosteiro non ten a cabeza ben cocida, que ten os ollos vermellos coma un cunco de ameneiro...Este coxote de lebracho é bo para os gotosos³²²...E xa que estamos a falar de martelos³²³: por que os coxotes das mociñas están sempre frescos?

-Dese problema non fala Aristóteles, nin Alexandre Afrodisio nin Plutarco – respondeulle Gargantúa.

-Débese a tres causas polas que un lugar se refresca naturalmente –dixo o frade- Primeiro, porque a auga escorre ao longo deles. Segundo. Porque é un lugar sombrizo, escuro e tenebroso, onde o sol non loce endexamáis. E terceiro, porque está continuamente venteado polos aires da boca do corpo, da camisa e, a maiores, da bragueta. E veña ledicia! Paxe, trae de chuchar!...Glo,glo, glo!...Que boíño é Deus que nos dá esta boa pinga! Deus me premie, se eu se eu tivese vivido no tempo de Xesucristo tería gardado ben de que os xudeus non o collesen no horto das oliveiras. Fálteme tamén o demo se eu faltara de lles cortar os xarretes a Súas Excelencias os señores Apóstolos, que fuxiron tan covardemente despois de teren ceado moi ben e deixaron ao seu bo mestre no apuro! Odio máis ca o veneno o home que foxe cando é preciso tirar a faca. Ai, ho, por que non había eu ser rei de Francia oitenta ou cen anos! Deus me asista, habíavos deixar coma cans rabelos a aqueles que fuxiron en Pavía³²⁴! Febres cuartás os collan! Por que non habían morrer eles aló antes de deixaren o seu bo príncipe nesa dificultade? Non é mellor e máis honorábel morrer loitando valentemente do que vivir fuxindo ruinemente?... Non habemos comer moitos parruliños este ano... Ah, meu amigo, pásame un pouco dese porco!...Diantre, xa non hai máis mosto! *Germinavit radix Jesse*. Xerro a min atrás dixese... Este viño non é dos peores. Que viño bebiades en París? Que o demo me leve se algún día non tiveren eu a casa aberta por máis de seis meses a todo aquel que quixese entrar nela!...Coñecedes a Frei Claude des Hauts-Barrois? Que bo compañeiro é! Pero que mosca lle picou? Non fai máis ca estudar dende non sei canto tempo. Eu non estudo miga, pola miña parte. No noso mosteiro non estudamos nunca, por medo aos orellóns. O finado do noso abade dicía que é cousa monstruosa ver un frade sabio³²⁵. Por Deus, meu señor amigo, *magis magnos clericos non sunt magnos sapientes*...Nunca tantas lebres vistes como este ano. Non puiden eu facerme cun azor nin cun terceirón³²⁶ por ningures. O señor de La Bellonière prometérame un miñato, mais escribume hai pouco que lle quedara sen folgos. As perdices hannos comer as orellas este ano... Non atopo pracer na espreita, pois amorméirome; se non corro, se non rebulo, non estou satisfeito. Certo é que, ao

³²⁰ Porque se poñen vermellos, da cor dos hábitos dos cardinais.

³²¹ Xuramento favorito de Bayard, famoso nobre francés que serviu a varios monarcas franceses. Loitando contra Carlos V en Italia fíxose famoso por ter defendido a ponte de Garigliano el só contra douscentos españois, segundo conta a tradición.

³²² Plinio aconséllalles aos gotosos levaren con eles unha pata de lebracho para aliviar a dor. Frei Xoán o que parece aconsellar é comela.

³²³ Evidentemente que non estaban a falar de martelos.

³²⁴ En Pavía tivo lugar unha importante batalla dentro das guerras de Italia entre Francisco I e Carlos V. Os franceses foron derrotados e Francisco I foi preso.

³²⁵ Lembremos a propia experiencia de Rabelais, a quen no mosteiro de Fontenay-le-Comte lle confiscaron os libros impedíndolle estudar o grego.

³²⁶ Termo que, en cetraría, denomina o macho de certas aves de presa. O nome salienta que estes machos son un tercio máis pequenos ca a femia.

saltar valos e sebes, o manteo vai deixando pelos. Fíxenme cun bonito lebrel: que o demo me leve se lle escapa lebre ningunha! Un lacaios leváballo ao señor de Malebrel, eu rapiñeino: fíxen mal?

-Non, ho, Frei Xoán! -díxolle Ximnasta- Non! Por todos os días! Nadiña!

-Entón, por eses demos, en canto que duren! -dixo o frade- Polos cravos de Cristo! Que daría feito con el ese coxo? Polas chagas de Cristo! A el préstalle moito máis cando lle regalan unha boa parella de bois!

-Como é? -preguntou Ponócrates- Estadades a xurar, Frei Xoán?

-Só é para adornar a miña linguaxe -respondeu o frade- É colorido de retórica ciceroniana.

CAPÍTULO 40

Por que a xente foxe dos frades e por que algúns teñen o nariz máis grande ca os outros

-A fe de cristián! –dixo Eudemón- Estou ben asombrado observando o falangueiro que é este frade, pois está a nos alegrar a todos. Daquela: como é que a xente rexeita os frades de toda boa compañía chamándolles derramafestas, igual que as abellas expulsan os abellóns fóra dos seus cortizos? *Ignavum fucos pecus a presepibus arcent*³²⁷, di Virxilio.

Ao que respondeu Gargantúa:

-Non hai cousa máis certa que o manteo e a caperucha atraen contra eles os oprobios, insultos e maldicións da xente do mesmo xeito que o vento chamado Cecias atrae as nubes. A razón perentoria é porque eles comen a merda da xente, é dicir os pecados, e, igual ca aos mascamerdas, bótanos lonxe ao seu retiro (os mosteiros e abadías) apartados da vida social como o están os retretes dunha casa. Mais, se entendedes por que as familias se chufan e acirran sempre ao mono, habedes entender por que os frades son sempre rexeitados por todos, vellos e mozos. O mono non garda a casa coma o can, non tira do arado coma o boi, non produce leite nin lá coma a ovella, non porta fardos coma o cabalo. O que fai é ciscar por todas partes e estragar todo; esa é a causa pola que recibe malleiras. Do mesmo xeito, un frade (refirome a un deses frades ociosos) non labra coma o campesiño, non garda o país coma o guerreiro, non cura os enfermos coma o médico, non predica nin lle ensina a doutrina á xente coma o bo doutor evanxélico e o pedagogo, non transporta as cousas útiles e necesarias para a sociedade coma o comerciante. É a causa pola cal todos os apupan e aborrecen.

-De acordo –dixo Golagrande- mais préganlle a Deus por nós.

-Nadiña! –respondeulle Gargantúa- O certo é que molestan a veciñanza toda a poder de trengueleo de campás.

-Pois claro! –dixo o frade- Unha misa, unhas matinas, unhas vésperas ben repenicadas, van medio rezadas.

-Rosman un ensarillado de lecturas e salmos que non entenden en absoluto e botan un eito de padrenosos entrefebrados con longas avemarías sen pensalos nin entendelos. Eu a iso chámolle bulra de Deus e non oración. Mais, que Deus os axude se é que pregan por nós e non por medo a perderen os seus moletes e as súas sopas graxas. Os verdadeiros cristiáns, de toda condición e en todo tempo e lugar, pregan a Deus, e o Espírito prega e intercede por eles e Deus concédelles a graza. Velaí temos agora o noso bon Frei Xoán. Por iso todos desexan a súa compañía. Non é beatón nin anda esfarrapado: é faladeiro, ledado e decidido, bo compañeiro, laboura, trafega, defende os oprimidos, conforta os aflixidos, axuda os arregueixados e garda a horta do mosteiro

-Fago moito máis ca iso –dixo o frade- porque, ao despachar as nosas matinas e cabodanos no coro, fago ao mesmo tempo cordas para baesta, pulo frechas e saetas, fago redes e saquitos para pillar coellos. Nunca estou ocioso. Mais agora... Veña, A beber!, A beber! Trae a froita: son castañas da fraga de Étroc³²⁸. Con viño novo axiña cosedes a rotos³²⁹. Aínda non vos entonastes co mosto, aquí dentro. Deus me valla, eu bebo en todos os ríos coma os cabalos dos fiscais eclesiásticos!

Ximnasta díxolle:

-Frei Xoán, tirade eses candiolos que vos penden do nariz.

³²⁷ *Arredan dos seus cortizos a tropa preguiceira dos abellóns*, di Virxilio nas *Xeórxicas*

³²⁸ Lugar de Fontenay-le-Comte, á beira do Atlántico, moi coñecido pola calidade das súas castañas.

³²⁹ Na frase orixinal había un xogo de palabras que tratamos de evocar.

-Ha, ha! –exclamou o frade- Seica estou en perigo de afogar, que xa estou coa auga até o nariz! Non, ho! *Quare? Quia*³³⁰ ela sae ben do nariz mais non dá entrado, porque está ben antidotado con pámpanos³³¹. Oi, meu amigo, quen levase botas dese coiro no inverno podería ir sen medo coller ostras porque nunca lle daría entrado a auga.

-Por que é que Frei Xoán ten un nariz tan fermoso? –preguntou Gargantúa.

-Porque así o fixo Deus, que nos fai segundo a súa vontade divina, do mesmo xeito e co mesmo fin que un oleiro fabrica os seus xerros –respondeu Golagrande.

-Porque foi un dos primeiros en chegar á feira dos narices –púxose Ponócrates- Colleu un dos máis fermosos e máis grandes.

-Xóoo! –dixo o frade- Segundo a verdadeira filosofía monacal, é porque a miña ama de cría tiña as tetas moles: ao eu mamar, o meu nariz afundiábase nelas coma en manteiga e alí levedaba e medraba coma a masa dentro da artesa. As tetas duras das amas fan nachos os meniños. Mais... Viva a alegría! *Ad formam nasi cognoscitur ad te levavi*³³²... Endexamais proba eu confeitados. Paxe, trae de chuchar! E, *item*³³³, torradas!

³³⁰ En latín *Por que? Porque...*

³³¹ Con viño, logo.

³³² *Pola forma do nariz coñécese a do* “cara a ti me erguín”. Rabelais xoga coa cita dun salmo chamado dese xeito e mais coa alusión ao membro do que se dicía que tiña unha longura proporcionada á do nariz

³³³ *Igualmente*. O frade pide tamén torradas para mollar co viño.

CAPÍTULO 41

Como o frade fixo durmir a Gargantúa, e das súas horas e breviario

Acabada a cea, deliberaron encol do asunto urxente, e decidiuse que arredor da media noite habían saír de patrulla para saberen canta vixiancia e atención puñan os seus inimigos e que, entrementes, irían repousar un pouco para estaren máis frescos. Mais Gargantúa non daba durmido, puxérase do xeito que se puxese. Por iso díxolle o frade:

-Eu non durmo nunca a pracer senón cando estou no sermón ou cando lle rezo a Deus. Rógovos que comecemos os dous, vós e eu, os sete salmos³³⁴, a ver se moi axiña non estades durmido.

A idea gostoulle moito a Gargantúa e, comezando polo primeiro salmo, ao chegaren a *Beati quorum*³³⁵ durmíronse un e outro. Mais o frade non deixou de acordar antes da media noite, de tan afeito que estaba á hora das matinas claustrais. Ao que estivo esperto, acordou aos demais todos cantando a grandes voces a cantiga:

Acorda, rapaz!
Acorda, acorda!
Acorda, rapaz!
Acorda, xa!

Cando todos estiveron espertos, dixo el:

-Meus señores, dis que as matinas comezan tusindo³³⁶ e a cea comeza bebendo. Fagamos do revés: comecemos agora as nosas matinas bebendo e, á tardiña, á entrada da cea, habemos tusir a cada quen mellor.

Entón dixo Gargantúa:

Beber tan axiña despois de durmir non é conforme á dieta médica. Cómpre primeiro limpar o estómago do superfluo e dos excrementos.

-Está ben medicado! -dixo o frade- Cen demos me salten ao corpo se non hai máis borrachos vellos ca médicos vellos! Eu asinei un pacto co meu apetito polo que sempre se deita comigo (organízoo ben polo día) e tamén comigo se ergue. Tomade vós os vosos purgantes, tantos como queirades, que eu vou polo meu estimulante.

-De que estimulante falades? -preguntou Gargantúa.

-Do meu breviario -respondeu o frade- porque igual que os falcoeiros, antes de alimentaren os seus paxaros lles fan probar unha pata de polo para lles tirar os humores do cerebro e abrírlles o apetito, tamén eu, ao coller ese pequeno e ledó breviario³³⁷ polas mañáns, limpo os pulmóns todos e quedo novo para beber.

-E que uso seguides ao rezardes esas fermosas horas? -preguntou Gargantúa.

-O de Fecante -respondeu o frade- que é de tres salmos e tres lecturas³³⁸ ou nadiña quen non queira. Eu endexamáis me asuxeitei ás horas: son as horas as que están feitas para o home e non o home para as horas³³⁹. Polo tanto, eu fago coas miñas igual

³³⁴ Os salmos da penitencia eran sete.

³³⁵ Comezo do segundo salmo: *Benaventurados aqueles dos que...*

³³⁶ Tusirían os frades co frío ou para se aclararen a voz.

³³⁷ Algúns opinan que podería haber aquí unha alusión a outro tipo de breviario: un frasco con forma de libro.

³³⁸ As matinas compúñanse de doce salmos e tres lecturas, polo que ese rito tan abreviado non existía.

³³⁹ Palabras de Cristo falando do sabbat dos xudeus.

que coas estribeiras: acúrtoas ou alóngoas cando me parece. *Brevis oratio penetrat coelos, longa potatio evacuat cyphos*³⁴⁰. Onde é que está escrito iso?

-A fe que non o sei, meu caralludiño, pero ti vales demasiado –díxolle Ponócrates.

-Niso seméllome a vós –respondeulle o frade- Mais *venite apotemus*³⁴¹.

Prepararon carbonadas a oito e boas sopas de prima e o frade bebeu a pracer. Algúns acompañárono e outros arredáronse. Despois, todos comezaron a se armaren e equiparen, e armaron o frade contra a súa vontade, pois non quería outras armas senón o seu manteo diante do peito e o varal de cruz no puño. Con todo, ao gosto deles, puxéronlle armadura dos pés á cabeza e montárono enriba dun bo corcel napolitano, cun gran bracamarte³⁴² no lado, no medio de Gargantúa, Ponócrates, Ximnasta, Eudemón e vinte e cinco dos máis valentes da casa de Golagrande. Ían todos armados de a feito, coa lanza no puño, montados como san Xurxo, e cada un levaba un arcabuceiro á grupa.

³⁴⁰ Chufa monástica: *Oración curta entra nos ceos, bebedela longa valeira as copas.*

³⁴¹ Oarodia do *Venite adoremus* (“·Vinde e adoremus”) transformado en *Vinde e bebamos.*

³⁴² V. nota 13.

CAPÍTULO 42

Como o frade lles dá azos aos seus compañeiros e como quedou pendurado dunha árbore

Velaí van os nobres campións á súa ventura³⁴³ ben decididos a coñeceren que tipo de combate cumprirá empregar e de que cumprirá protexerse cando chegue o día da grande e terríbel batalla. E o frade dálles azos dicindo:

-Rapaces, non teñades medo nin dúbida, que eu heivos guiar tranquilamente. Deus e san Bieito nos asistan! Pola Paixón! Se eu tivese igual forza ca azos, habíavolos emplumar coma parrulos! Eu non lle temo a nada agás a artillaría. E mais sei unha oración que me transmitiu o subsacristán³⁴⁴ do noso mosteiro e que libra as persoas de toda boca de fogo, mais non me ha dar resultado ningún porque non teño fe nela. Con todo, o meu varal de cruz ha facer as do demo, Deus me valla! O que de vós faga o galiña, que o demo me leve se non o poño de frade no meu lugar e lle encambo o meu manteo! Porque cura a covardía da xente. Seica non ouvistes falar do lebrél do señor de Meurles, que non valía para correr polo campo? Foi este e púxolle un manteo ao pescozo e...polas chagas de Cristo! ...non escapou diante súa nin lebre nin raposo! E o que máis é: cubriu todas as cadelas do país, el que denantes estaba derreado e era *de frigidis et maleficiatis*³⁴⁵.

Ao dicir encarraxado estas palabras, o frade pasou por baixo dunha nogueira, tirando cara o salgueiral, e espetou a viseira do elmo na galla dunha longa póla da árbore. Con todo, deulle decididamente coas esporas ao seu cabalo, que era fogoso cando o picaban, de xeito que o cabalo choutou para diante e o frade, ao querer desenganchar a súa viseira, soltou a brida e pendurouse coa man na pola entrementes que o cabalo rispaba debaixo del. Por causa disto o frade quedou pendurado da nogueira, pedindo axuda, clamando contra o crime e pregoando tamén que o pillaran a traizón.

Eudemón foi o primeiro que o viu, e chamou por Gargantúa dicindo:

-Maxestade, vide e mirade Absalón pendurado.

Gargantúa, ao que chegou, observou a postura do frade e a forma en que estaba pendurado, e díxolle a Eudemón:

-Non atinastes ao comparalo con Absalón³⁴⁶, porque Absalón pendurouse polos cabelos, mais o frade, que ten a cabeza rapada, pendurouse polas orellas.

-Axudádeme, polo demo! -dixo o frade- Non é momento de larapetear! Asemelládesmevos aos predicadores decretalistas³⁴⁷ que din que calquera que vexa o seu próximo en perigo de morte debe -baixo pena de excomuñón trisulca³⁴⁸- exhortalo a que se confese e se poña en estado de graza antes do que axudalo. Daquela, cando eu os vexa a eles caídos no río e a piques de afogar, en lugar de ir á súa procura e botarlles unha man, heilles dicir un longo e fermoso sermón *de contemptu mundi et fuga seculi*³⁴⁹, e des que estean tesos mortos hei ir pescalos.

³⁴³ Fórmula das novelas de cabalaría.

³⁴⁴ Xerarquía imaxinaria.

³⁴⁵ Un título das *Decretais* estaba adicado aos “fríxidos e convertidos en impotentes por maleficios”.

³⁴⁶ Absalón, fillo de David, consoirou contra seu pai e viuse obrigado a fuxir. Na súa fuxida, a súa longa cabeleira enzarapallouse na pola dunha árbore e el quedou pendurado.

³⁴⁷ As *Decretais*, cartas dos papas, recomendaban longos e complicados formalismos que Rabelais non perde ocasión de criticar.

³⁴⁸ *De triple punta*, coma o raio de Xúpiter. É, pois, unha tripla excomuñón papal.

³⁴⁹ *Do desprezo do mundo e da fuxida do século*.

-Non te movas, churrusqueiro- dixo Ximnasta- que eu vou na túa procura, porque es un fradiño ben simpático.

Monachus in claustru
non valet ova duo,
sed quando est extra
bene valet triginta³⁵⁰

Eu vin máis de cincocentas persoas penduradas, mais nunca vin ningunha que tivese maior graza ao estar pendurizada. De eu ter tanta, gustaríame estar así pendurado toda a miña vida.

-Daredes acabado logo de predicar? –dixo o frade- Axudádeme, por Deus, pois que non queredes facelo polo Outro. Polo hábito que levo, habédesvos arrepentir *tempore et loco prelibatis*³⁵¹!

Entón baixou Ximnasta do seu cabalo e, subindo á nogueira, levantou cunha man o frade pola malla do sovaco, e coa outra desenganchou a súa viseira da árbore e deixouno caír así no chan, e el despois.

Baixado que foi, quitou todo o seu arnés e botou unha peza tras outra no medio do campo e, volvendo a coller o seu varal de cruz, volveu montar riba do seu cabalo, que Eudemón retivera de fuxir.

E así se van ledamente, seguindo o camiño do salgueiral.

³⁵⁰ Cancionciña en latín macarrónico: *O frade no claustru non vale dous ovos, mais cando está fóra ben vale trinta.*

³⁵¹ *En tempo e lugar escollidos.*

CAPÍTULO 43

Como Gargantúa bateu coa patrulla de Picrocolo e como o frade matou o capitán Tiradiante e despois foi apresado polos inimigos

Picrocolo, coa narración dos que escaparan polo camiño cando Tripudo fora destripado, encarraxouse moitísimo ouvindo que os diaños correran contra a súa xente e reuniu o seu consello toda a noite. Nel, Tolitates e Botaporela sostiveron que a potencia de Picrocolo era tal que podería derrotar os diaños todos do inferno se é que se presentaban alí, cousa que el non cría totalmente aínda que tamén non desconfiaba dela.

Polo tanto, enviou baixo o mando do conde Tiradiante, para exploraren o país en patrulla, seiscentos cabaleiros, todos montados en cabalos lixeiros, todos ben hisopados con auga bendita, e revestidos cada un cunha estola ao través como distintivo³⁵², para que se por ventura se encontraban cos diaños, pola virtude desta auga gregoriana e da estola os fixesen desaparecer e esvaír. Correron, pois, até perto de La Vauguyon e La Maladerie mais non atoparon ninguén con quen falar, polo que volveron pasar pola parte de enriba, e perto de Le Coudray, na casoupa e choupana pastoril, atoparon os cinco peregrinos, aos que levaron atrelados e maniatados como se fosen espías, por máis exclamacións, imploracións e súplicas que estes fixeron. Ao que baixaron de alá cara a Seuilly ouviunos Gargantúa e díxolles aos seus:

-Compañeiros, preséntase combate, pero eles son en número ben máis dez veces ca nós. Lanzáremonos sobre deles?

-Que diaños habíamos facer, logo? Estimades vós os homes polo seu número e non polas súas virtudes e afouteza? –preguntou o frade.

E despois berrou:

-Lancémonos, diaños, lancémonos!

Ao ouviren isto, os inimigos pensaron de certo que aqueles eran verdadeiros diaños, polo que comezaron a fuxir a rédea solta, excepto Tiradiante, que fincou a súa lanza contra o riste e petou con ela o máis forte que puido no medio do peito do frade. Mais, ao topar co terríbel manteo, demoucouse ela pola punta de ferro como se petásedes cunha candeíña contra unha bigorna. Daquela, o frade baixoulle o seu varal de cruz entre colo e collar³⁵³ sobre do oso acromio³⁵⁴ tan rexamente que o escangallou e lle fixo perder todo o sentido e o movemento e caíu aos pés do cabalo. Ao ver a estola que levaba de través, díxolle Frei Xoán a Gargantúa:

-Eses non son senón prestes, que é só comezo de frade, san Xoán me valla, eu son frade de a feito! Heivos matar destes como moscas!

Despois correu atrás deles a gran galope. Tanto que pillou os derradeiros. E mallou neles coma no centeo, zoupando a torto e a dereito.

Ximnasta preguntoulle decontado a Gargantúa se debían saír en persecución, ao que respondeu Gargantúa::

-De ningunha maneira, porque, segundo a verdadeira disciplina militar, cómpre non poñer endexamais o inimigo en estado de desesperación, pois tal dificultade

³⁵² Ao non estaren aínda uniformados, os soldados precisaban nesa época distintivos. Picrocolo ponlles atravesada unha estola para que sirva de exorcismo e remóllaos con auga bendita. A auga gregoriana (mestura de auga, viño e cinzas) usábase para purificar as igrexas profanadas.

³⁵³ Entre o pescozo e a parte da roupa que o rodea.

³⁵⁴ Termo anatómico tirado do grego par designar a omoplata. Esta palabra, como tantas outras –sexan cultismos ou termos populares, dialectais ou importados doutras linguas- aparece por primeira vez en francés na obra de Rabelais.

multiplica a súa forza e acrece o ánimo que xa estaba abatido e esmorecente. E non hai mellor remedio para a salvación dos estomballados e rendidos que o non esperaren salvación ningunha. Cantas vitorias non colleron os vencidos das mans dos vencedores cando estes non se gobernaron pola razón e intentaron facer un exterminio total sen mesmo querer deixar un só para levar a noticia! Abrídelles sempre aos vossos inimigos todas as portas e camiños, e mellor facédelles unha ponte de prata para mandalos fóra.

-Si, ho! -dixo Ximnasta- Que levan bo escaldo.

-Lévanvos caldo? -púxose Gargantúa- Pois xúrovos polo meu honor que non lles ha prestar! Mais non nos retiremos aínda, a fin de estarmos preparados ante calquera eventualidade. Agardemos aquí en silencio, pois penso que xa coñezo de abondo o enxeño dos nosos inimigos. Déixanse guiar pola sorte e non polo siso.

Entrementes que eles agardaban debaixo das nogueiras, o frade seguía a persecución lanzándose sobre de todos os que atopaba, sen se apiadar de ninguén, até que bateu cun cabaleiro que levaba á grupa un dos pobres peregrinos. E cando ía atacalo púxose o peregrino a berrar:

-Ei, señor prior, meu amigo! Señor prior, salvádeme! Suplícovolo!

De que ouviron estas falas, volveron atrás os seus inimigos, e ao veren que alí non estaba máis ca o frade, que era quen facía todo aquel espolio, cargárono de golpes como se carga de leña un burro. Mais el non sentía nadiña, maiormente cando lle zoupaban sobre do manteo, de tan duro que tiña o coiro. Despois, confiárono en custodia a dous arqueiros e, volvendo atrás, non viron que ninguén os perseguise, polo que coidaron que Gargantúa fuxira coa súa tropa. Daquela, correron cara á noceda tan rápido como puideron para se enfrontaren con eles, deixando alá o frade só cos seus dous arqueiros de custodia.

Gargantúa ouviu o ruído e o rinchar dos cabalos e díxolles aos seus:

-Compañeiros, estou a ouvir o tecoiteo dos nosos inimigos e xa estou dexergando algúns dos que veñen contra nós en masa. Imos apreixarnos ben e manernos no camiño en boa formación. Dese xeito poderémolos recibir con perda deles e mérito noso.

CAPÍTULO 44

Como o frade se desfixo dos seus gardas e como foi derrotada a patrulla de Picrocolo

O frade, ao velos marchar así en desorde, cavilou que irían cargar contra Gargantúa e a súa xente, e atristouse extraordinariamente de non os poder axudar. Despois, decatouse da actitude dos dous arqueiros que o custodiaban, que de grado terían corrido atrás da tropa para pillaren algún botín e que estaban a mirar sempre cara ao val polo que os outros baixaban. E, de por parte, razoaba dicindo:

-Esta xente é ben pouco experta nos feitos de armas, pois en ningún momento me pediu a miña palabra de honor nin me quitou o meu bracamarte.

E inmediatamente tirou o tal bracamarte e bateulle con el ao arqueiro do lado dereito, cortándolle enteiramente as veas xugulares e arterias carótidas do pescozo, coa úvula, até os dous lóbulos do tiroides e, ao retirar o golpe, fendeulle a médula espiñal entre a segunda e a terceira vértebra; e entón caíu o arqueiro totalmente morto. E o frade, revirando o seu cabalo cara á esquerda, correu contra o outro, quem ao ver que o seu compañeiro estaba morto e que o frade o avantaxaba, púxose a berrar:

-Ei, señor prior, entrégome! Señor prior, meu bo amigo! Señor prior!

E o frade púxose a berrar tamén:

-Señor posterior³⁵⁵, meu amigo, señor posterior! Porque ides recibir no voso posterior!

-Ei, señor prior, meu churrusqueiro! Señor prior, que Deus vos faga abade! – púxose o arqueiro.

-Polo hábito que levo, que agora vos vou facer eu cardeal a vós –respondeu o frade- Apresades os relixiosos para cobrardes rescate? Pois a esta hora heivos facer eu coa miña man un chapeu vermello!

E o arqueiro púxose a gritar:

-Señor prior, señor prior! Señor futuro abade! Señor cardeal! Señor todo! Ai! Ai! Ui! Non, señor prior, meu señor prioríño querido, entrégome a vós!

-E eu entrégote a todos os días! –respondeu o frade.

Entón, dun golpe, tronzoulle a testa, cortándolle a fronte por riba dos osos petrosos, e levándolle os dous osos bregmáticos e a sutura saxital con gran parte do sos coronal, e ao facelo tronzoulle as dúas meninxes e partiu profundamente os dous ventrículos posteriores do cerebro³⁵⁶, e o cranio quedoulle pendendo por tras, enriba dos ombreiros, da pel do pericranio, a xeito de bonete doutoral, negro por riba e vermello por dentro. Así caíu, teso, morto, polo chan.

Feito isto, o frade picou coas esporas ao seu cabalo e proseguíu o vieiro que levaban os inimigos, que se encontraran con Gargantúa e os seus compañeiros no camiño grande e ficaran tan mermados en número –pola enorme mortandade que alí fixeran Gargantúa coa súa gran árbore, Ximnasta, Ponócrates, Eudemón e os outros- que comezaron a retirarse de presa, todos aterrorizados e cos sentidos e o entendemento perturbados, como se visen o propia espectro e figura da morte diante dos seus ollos.

³⁵⁵ Xogo de palabras con *prior*, que etimoloxicamente significa *anterior*.

³⁵⁶ Rabelais utiliza vellos termos de Anatomía: os *osos petrosos* son unha parte do temporal, os *bregmáticos* os parietais, a *sutura saxital* é a que une os osos parietais, o *oso coronal* o oso frontal, e os *ventrículos posteriores* do cerebro os ventrículos laterais.

E –como vós vedes un burro cando ten no cu un estro de Xuno³⁵⁷, ou unha mosca que o pica, correr dun lado a outro sen saber para onde ir, tirando coa súa carga polo chan, rompendo o seu freo e as súas rédeas, sen respiro nin acougo ningún, e non sabedes quen o fai mover porque non se ve cousa que o toque- así fuxía aquela xente, perdido o sentido, sen saber o motivo da fuxida. Perseguíaos só o pánico que concibiran nos seus espíritos.

Ao ver o frade que eles non pensaban senón en darlles sebo ás canelas, baixou do seu cabalo e subiu enriba dun penedo que estaba a rentes do camiño e co seu bracamarte zoupou a brazo partido contra os que fuxían, sen miramentos nin contemplacións. E matou e derrubou tantos que o seu bracamarte rompeu en dous anacos. Daquela pensou para si que xa era morte e matanza dabondo e que o resto debía de escapar para levar noticia do ocorrido.

Polo tanto, empuñou unha machada dos que xacían alá mortos e volveuse de novo para o penedo, pasando o tempo en ver os inimigos fuxiren e cairen de cu entre os corpos mortos. O único que lles fixo a todos foi obrígalos a deixar as súas picas, espadas, lanzas e arcabuces, e aos que levaban os peregrinos atados fíxoos ir de a pé e entregoulles os seus cabalos aos devanditos peregrinos, aos que mantivo consigo á beira do valo, xunto con Botaporela, a quen fixo prisioneiro.

³⁵⁷ O estro é o tabao. Io, sacerdotisa de Hera –deusa grega esposa de Zeus, que os latinos chamaron Xuno- foi seducida por este, que a transformou para iso nunha vitela. Xuno envioulle un tabao para que a picase.

CAPÍTULO 45

Como o frade levou os peregrinos e as fermosas palabras que lles dirixiu Pantagruel

Rematada esta escaramuza, Gargantúa retirouse coa súa xente –non sendo o frade- e ao riscar o día foron ver a Golagrande, que estaba no seu leito a pregarlle a Deus pola salvación e a vitoria deles e, ao velos todos salvos e enteiros, abrazounos de todo corazón e pediulles noticias do frade. Mais Gargantúa respondeulle que sen dúbida o tiñan os inimigos. “Pois daquela hanlles cortar as alas” dixo Golagrande (o que de certo tiña sucedido). E de aí que aínda estea en uso a expresión *fradar a alguén*³⁵⁸.

Entón mandou prepararlles un bo almorzo para que restaurasen forzas. Unha vez preparado todo, chamaron a Gargantúa, mais tanto lle pesaba a el que o frade non aparecera, que non quería beber nin comer.

De s’peto chegou o frade, e dende a porta do patio interior berrou:

-Viño fresco! Viño fresco, Ximnasta, meu amigo!

Ximnasta saíu e viu que era Frei Xoán, que traía cimco peregrinos e Botaporela preso. Entón Gargantúa a adiantouse e fíxeronlle a mellor acollida que puideron, e levárono diante de Golagrande, que lle preguntou por toda a súa aventura. O frade contoulle todo: como o pillaran, como se desfíxera dos arqueiros, a carnaxe que fixera polo camiño e como recollera os peregrinos e trouxera o capitán Botaporela. Despois puxéronse a banquetear ledamente todos xuntos.

Entrementes, Golagrande preguntoulles aos peregrinos de que terras eran, de onde viñan e onde ían. Cansidir respondeu en nome de todos:

-Señor: eu son de San Xián do Berry, , este é de Paluau, este de Onzay, este de Arzy e este de Villebrenin³⁵⁹. Vimos de San Sebastián, perto de Nantes, e volvemos de aló a xeiras pequenas.

-De acordo, mais: a que iades a San Sebastián? –preguntou Golagrande.

-Iamos ofrecernos a el contra a peste³⁶⁰ –respondeu Candodir.

-Aí miña pobriña xente! –púxose Golagrande- Seica coidades que a peste ven de San Sebastián?

-De certo que si –respondeu Cansidir- Os nosos predicadores afirmannolo.

-Si? –dixo Golagrande- Predícanvos tales imposturas os falsos profetas? Blasfeman eles sobre os xustos e santos de Deus facéndoos semellantes aos demos, que non fan senón mal entre os humanos, do mesmo xeito que Homero escribe que Apolo botou a peste sobre a hoste dos gregos, e os poetas inventan unha mancha de vexoves³⁶¹ e deuses malignos? Así predicaba en Cinais un camanduleiro que san Antón botaba o fogo sobre as pernas, que san Eutropio facía os hidrópicos, san Bartolo os tolos e san Xián os gotosos.³⁶² Pero eu castigueino tan exemplarmente –por máis que me chamase herexe- que dende entón ningún camanduleiro ousou entrar nas miñas terras. E

³⁵⁸ Rabelais fai un xogo de palabras coa expresión *avoir le moine / bailler le moine à quelqu’un* ‘bulrarse de alguén, escarnecer, ridiculizar’ que xa non se emprega actualmente en francés. Xa noutros capítulos (12 e 43) xogou con ela. Nós, nesta ocasión, facemos o xogo co verbo *fradar* que nalgúns terras de Galiza significa ‘podar as árbores’ e adquire tamén un sentido figurado ao se aplicar como ‘amputar ou cortar membros do corpo humano’.

³⁵⁹ Todos estes lugares pertencen á bisbarra de Châteauroux.

³⁶⁰ Catro epidemias de peste tiñan asolado a rexión anos antes.

³⁶¹ Deuses malignos en Roma, segundo Aulo Xelo.

³⁶² A razón destas atribucións baséase nalgúns destes casos na pura semellanza fonética. Así Eutropio/hidrópico, Bartolo/tolo ou Xián/xeonllo, gota.

asómbreme que o voso rei os deixe predicar polo seu reino tales escándalos, pois eles son máis merecentes de castigo que aqueles que por arte de maxia ou calquera outro medio botaron a peste sobre o país. Porque a peste non mata senón os corpos e tales impostores envenenan as almas.

Ao lles dicir el estas palabras, entrou o frade todo decidido e preguntoulles:

-De onde sodes vós, malpocadiños?

-De San Xián –dixéronlle.

-E como lle vai ao abade Tranchelion³⁶³, o gran bebedor? –preguntoulles- E os frades? Danse boa vida? Polas chagas de Cristo, eles trincan as vosas mulleres entrementes vós andades de romeiros!

-Hem! Hem! –díxolle Cansodir- Eu non teño medo da miña porque o que a vexa de día non se vai partir o pescozo para ila visitar pola noite!

- Non tes moitos triunfos na man! –dixo o frade- Deus me valla! Mesmo que sexa ela tan fea como Proserpina, ha levar a súa sacudidura, pois que hai frades de arredor! Porque un bo obreiro traballa con calquera material! Que a sífilis me veña se non as atopades preñadas, porque xa a simple sombra da torre dun mosteiro é quen de fecundar!

-É como a auga do Nilo en Exipto –dixo Gargantúa- se facedes caso de Estrabón. E Plinio, no libro VII, capítulo III, opina que esta fecundidade vese nos moletes, nos tecidos e mais nos corpos.

Entón dixo Golagrande:

-Marchade, pobre xente, en nome do Creador. Que el vos sexa guía perpetua e, de agoa en diante, non vos deades a estas ociosas e inútiles viaxes. Coidade das vosas familias, traballade cada un na súa vocación, instruíde aos vosos fillos e vivide como vos ensina o bo apóstolo san Paulo. Ao facerdes iso, teredes a protección de Deus, dos anxos e dos santos convosco e non haberá peste nin mal que vos poida prexudicar.

Despois, Gargantúa levounos a tomar o almorzo á sala, mais os peregrinos non facían máis que suspirar e dixéronlle a Gargantúa:

-Ai, que feliz é o país que ten por señor un home tal! Imos máis adoutrinados e instruídos con estas falas que nos dirixiu ca con todos os sermóns que endexamais nos predicaron na nosa vila.

-É o que di Platón no libro V da República –dixo Gargantúa- Que todos os países habían ser felices o día en que os reis filosofasen ou os filósofos reinasen.

Despois mandou encherlles as alforxas con víveres, as botellas con viño e a cada un deulle un cabalo para que fosen descansados o resto do camiño e algúns *carolus*³⁶⁴ para vivir.

³⁶³ Houbera anos antes no mosteiro de Saint Genou (nome do orixinal que nós transpomos en San Xián) un abade Tranchelion que seica dilapidara os bens do mosteiro.

³⁶⁴ O *carolus* era unha antiga moeda acuñada en Francia a fins do século XV, no reinado de Carlos VIII, de aí o seu nome.

CAPÍTULO 46

Como Golagrande tratou humanamente a Botaporela, seu prisioneiro

Botaporela foi presentado ante Golagrande e preguntado por este encol da empresa e asuntos de Picrocolo e que fin perseguía con aquel batifundio tumultuario. Ao que respondeu que tiña como fin e destino a conquista de todo o país, se podía, polo agresión feita aos seus fogaceiros.

-É unha empresa ambiciosa de máis –dixo Golagrande- O que moito enfeixa pouco ata. Xa non corren os tempos de conquistar así os reinos, con danos para o seu próximo irmán en Cristo. Esta imitación dos antigos Hércules, Alexandres, Aníbal, Escipións, Césares e outros tales é contraria á profesión do Evanxeo pola que se ordena a cadaquén gardar, salvagardar, rexe e administrar os seus países e terras, non invadir hostilmente os outros, eo que os sarracenos e os bárbaros chamaban noutro tempo proezas, agora nós chamámoslles rapiñas e ruindades. Mellor tería feito el en ficar na súa casa, gobernándoa como un rei, que vir insultar a miña saqueándoa como un inimigo. Porque gobernando ben a súa, teríaa aumentado, mais ao saquear a miña será destruído.

En nome de Deus, ídevos, e levade a cabo unha boa empresa! Expóndelle ao voso rei os erros que advirtades e endexamais o aconselledes mirando polo voso proveito particular, porque se se perde o común o propio pérdese tamén. Polo que fai ao voso rescate, librovos del enteiramente e quero que vos volvan armas e cabalo.

Así cómpre facer entre veciños e antigos amigos, visto que esa nosa diferenza non é propiamente guerra. Platón, no libro VII da *República*, non quería que se lle chamase guerra senón sedición cando os gregos empuñaban as armas uns contra os outros e pedía que, se por desgraza isto ocorría, se usase con toda moderación. Se lle chamades guerra non é máis ca superficial xa que non penetra ela no profundo dos nosos corazóns. Porque ningún de nós é aldraxado no seu honor, e non é cuestión, a fin de contas, mais que de reparar unha falta cometida pola nosa xente –refírome á vosa e á nosa- falta que, inda coñecéndoa, vós debestes deixar pasar porque os querelantes merecían desprezo antes do que lembranza, máxime ao lles dar satisfacción polo agravio, como me eu ofrecín a facer. Deus ha ser o xusto árbitro do noso diferendo e a el suplicolle que coa morte me tire desta vida e faga que mire devecer os meus bens antes de que eu ou algún dos meus o ofenda en nada.

Rematadas estas falas, chamou el o frade, e diante de todos preguntoulle:

-Frei Xoán, meu bo amigo: sodes vós o que collestes o aquí presente capitán Botaporela?

-Maxestade –respondeulle o frade- el está aquí presente; ten abondo idade e discernimento, e prefiro que o saibades pola súa confesión mellor que polas miñas palabras.

Entón dixo Botaporela:

-Señor, foi el verdadeiramente quen me colleu preso e sométome a el francamente como seu prisioneiro.

-Fixastes un rescate? –preguntou Golagrande.

-Non –dixo o frade- Iso non me preocupa.

-Que prezo lle poñeríades? –preguntou Golagrande.

-Nada, nada –respondeu o frade- Non me interesan esas cousas.

Daquela ordenou Golagrande que en presenza de Botaporela lle desen ao frade sesenta e dous mil saúdos de ouro³⁶⁵ como prezo, o que fixeron entrementes que lle preparaban o almorzo ao devandito Botaporela, a quen lle preguntou Golagrande se quería quedar con el ou prefería volver co seu rei.

Botaporela respondeulle que tomaría a decisión que el lle aconsellase.

-Entón –díxolle Botaporela- volve co voso rei, e que Deus vos acompañe.

Despois deulle unha fermosa espada de Vienne³⁶⁶ coa baíña de ouro labrada con videiras de ourivesaría e un colar de ouro que pesaba setecentos dous mil marcos³⁶⁷, gornecido con pedraría fina estimada en cento sesenta mil ducados, e dez mil escudos como presente de honra³⁶⁸. Despois destas falas montou Botaporela no seu cabalo. Gargantúa forneceulle, para a súa seguridade, trinta homes con armadura e cento vinte arqueiros baixo a dirección de Ximnasta, para levalo até as portas de La Roche Clermauld se fose necesario.

Ao que el marchou, o frade volveulle a Golagrande os sesenta e dous mil saúdos que recibira, dicíndolle:

-Maxestade, non é arestora cando debes dar tales presentes. Agardade ao final desta guerra porque non se sabe que cousas poden suceder, e a guerra feita sen boa provisión de diñeiro non ten máis vigor do que un salaio. O nervio das batallas é o pecunio.

-Entón –dixo Golagrande- ao final heivos contentar cunha xusta recompensa. A vós e a todos aqueles que me teñan servido ben.

³⁶⁵ O saúdo era unha moeda de ouro de moitísimo valor, polo que sería un prezo inmenso.

³⁶⁶ Vienne no Delfinado, tiña sona pola calidade das súas espadas.

³⁶⁷ O peso do marco era duns douscentos cincuenta gramos, como xa se explicou nas notas ao capítulo 8. Serían, daquela, cento setenta e cinco mil quilos.

³⁶⁸ Os ducados, moedas venecianas de ouro que circulaban por todos os países, valían case tanto coma os saúdos, os escudos –tamén de ouro- algo menos.

CAPÍTULO 47

Como Golagrande mandou xuntar as súas lexións e como Botaporela matou a Tolitates e despois matárono a el por orde de Picrocolo

Por eses mesmos días, os de Bessé, de Le Marché Vieux, de Bourg-Saint-jacques, de Le Traîneau, de Parilly, de Rivière, de Les Roches-Saint Paul, de Le Vau breton, de Pontille, de Bréhemont, de Le Pont du Claim, de Cravant, de Grand-Mont, de Les Bourdes, de Lavillaumes, de huismes, de Segré, de Ussé, de Saint-Louand, de Panzoult, de Les Coudreaux, de Véron, de Coulaïne, de Chouzé, de Varennes, de Bourgueuil, de L'île-Bouchard, de Le Croulay, de Narçay, de Candes, de Montsoreau e outros lugares veciños³⁶⁹ enviaron xunto de Golagrande embaixadas para lle dicir que eran sabedores dos danos que lle causaba Picrocolo e que, debido á súa antiga confederación, ofrecíanlle todo o seu poder, tanto en xente coma en diñeiro e outras provisións para a guerra.

Polos pactos que tiñan con el, o diñeiro total sumaba cento trinta e catro millóns, dous escudos e medio de ouro. En xente eran quince mil homes con armadura, trinta e dous mil cabalos lixeiros, oitenta e nove mil arcabuceiros, cento corenta mil aventureiros, once mil douscentos cañóns, dobres cañóns, basiliscos, áspides e corenta e sete mil zapadores. Toda paga e avituallada por seis meses e catro días. Gargantúa non refugou nin aceptou de todo a oferta senón que, agradecéndolle moitísimo, dixo que el ía dirixir esta guerra de tal xeito que non sería preciso importunar a tanta xente de ben. Só enviou a quen trouxese ben formadas as lexións que el mantiña de ordinario nas súas prazas de La Devinière, Chavigny, Gravot e Quinquenais³⁷⁰, que sumaban dous mil cincocentos homes con armadura, sesenta e seis mil homes de a pé, vinte e seis mil arcabuceiros, dúascentas pezas grosas de artillaría. Vinte e dous mil zapadores e seis mil cabalos lixeiros, todos agrupados en compañías, tan ben dotadas cos seus tesoureiros, cantineiros, ferradores, armeiros e outra xente necesaria para o tecoiteo da batalla, tan instruídos na arte militar, tan ben armados, tan ben formados tras das súas bandeiras tan ben organizados tras das súas bandeiras, tan rápidos en ouvir e obedecer os seus capitáns. Tan veloces na carreira, tan fortes no ataque, tan prudentes na aventura, que mellor semellaba unha harmonía de órganos ou un compás de reloxo que un exército ou corpo de armas.

Botaporela, de chegado, presentouse a Picrocolo e contoulle polo miúdo o que fixera e máis o que vira. Ao final. Aconselloulle con palabras firmes que chegase a un arranxo con Golagrande, quen lle probara que era o máis grande home de ben do mundo. Engadiu que non había proveito nin razón ningunha en molestar así os seus veciños, dos que nunca obtiveran senón ben. E que, tocante ao principal, non habían endexamáis saír desta empresa senón con moita mágoa e coita porque a potencia de Picrocolo non era tan grande para que Golagrande non puidese esmagalos doadamente. Aínda ben non tiña rematado estas falas cando Tolitates dixo en voz alta:

-Ben malpocado é o príncipe que é servido por xente tal, que tan doadamente se corrompe, como Botaporela polo que vexo. Porque o seu corazón está tan cambiado, que de grado estaría unido aos noso inimigos para pelexar contra nós e traizoarnos se

³⁶⁹ Todos estes lugares se encontran na bisbarra de Chinon.

³⁷⁰ Nestas localidades, próximas a Chino, tiñan propiedades os Rabelais e en La Devinière atopábase a casa natal de Rabelais, hoxe museo.

eles o tivesen aceptado. Mais, así como a virtude é por todos –tanto amigos como inimigos- louvada e apreciada, tamén a maldade é axiña recoñecida e sospeitada, e mesmo no caso de os inimigos se serviren deles para o seu proveito, sempre abominan dos malvados e traidores.

A estas palabras, Botaporela, perdendo a paciencia, tirou a súa espada e traspasou con ela a Tolitates un pouco por riba da mamila esquerda, polo que morreu no intre e, ao retirar a espada do corpo, exclamou resoltamente:

-Que así morra quen calumnie os fieis servidores!

Picrocolo enfureceuse ao socato e, ao ver a arma e a baíña tan variegadas, exclamou:

-Seica che deran esta espada para matares malvadamente diante miña o meu tan querido amigo Tolitatis.?

Entón ordenou aos seus arqueiros que o partisen en anacos, cousa que foi feita de inmediato, e tan cruelmente que a estancia ficou toda alagada de sangue. Despois fixo inhumar con honores o corpo de Tolitates e lanzar por riba das murallas, contra o val, o de Botaporela.

As noticias destas aldraxes foron sabidas pola tropa toda, e moita dela comezou a murmurar contra Picrocolo, tanto que Chapaviños lle dixo:

-Señor, non sei cal será o final desta empresa. Estou a ver que a vosa xente non ten firmes os azos: consideran que aquí estamos mal provistos de víveres e xa mermados en número a causa de dúas ou tres saídas. De por parte, aos vossos inimigos chéganlles numerosos reforzos. Se é que nos veñen asediar, non vexo como non vai ser a nosa ruína total.

-Merda e merda! –exclamou Picrocolo- Semellades as anguías de Melun, pois berrades antes de que vos esfolen³⁷¹. Vós deixádeos que veñan!

³⁷¹ Seica os vendedores de peixe pregoaban estas anguías berrando: *Anguías de Melun! Antes de as esfolar!* para resaltaren que eran fresquiñas. Picrocolo altera o pregón.

CAPÍTULO 48

Como Gargantúa asaltou a Picrocolo en La Roche Clarmauld e derrotou o seu exército

Gargantúa tomo ao seu cargo o exército todo. Seu pai quedou na súa fortaleza e, dándolles azos con falas garimosas, prometeulles grandes agasallos a aqueles que fixesen algunha proeza. Despois, chegaron ao vao de Vède e, en barcos e pontes feitos rapidamente, pasaron á outra ribeira dunha tirada. Despois, considerando a posición da vila, que estaba en lugar alto e avantaxado, decidiu deliberar aquela noite sobre o que cumpría facer. Mais Ximnasta díxolles:

-Señor, a natureza e complexión dos franceses é de tal xeito que non valen senón no primeiro ataque. Entón son peores ca demos. Mais se é que se lles dá acougo valen menos ca mulleres³⁷² Eu son da opinión de que arestora, logo de que a vosa xente teña respirado e se teña alimentado un pouco, deades a orde de asalto.

Gargantúa atopou boa a idea. Daquela, despregou a todo o seu exército en pleno campo, poñendo as tropas de reserva polo lado da encosta. O frade colleu con el seis bandeiras de xente de a pé e douscentos homes con armadura e, con moita rapidez, atravesou os lameiros e, por riba de Le Puits, acadou o camiño grande de Loudun.

Entrementes, seguía o asalto. A xente de Picrocolo non sabía se era mellor saír fóra e recibilos ou ben gardar a vila sen se moveren. Mais el saíu enfurecido acompañado dun grupo de homes con armadura e divisa da súa casa, e alí foi recibido e festexado polos cañonazos que sarabiaban pola banda dos outeiros, polo que os gargantuistas se retiraron ao val para deixaren lugar á artillaría.

Os da vila defendían o mellor que podían, mais os seus tiros pasaban por cima sen lle dar a ninguén. Algúns do grupo, a salvo dos cañonazos, bateron decididamente sobre da nosa xente³⁷³, mais pouco lles rendeu porque todos foron recibidos entre as ringleiras e alí rolaron polo chan. Ao se veren así, quixéronse retirar, mais entre tanto o frade ocupara a pasaxe, pola que se botaron a fuxir sen orde nin concerto. Algúns querían perseguilos mais o frade retívoos temendo que ao perseguiren aos que fuxían perdesen a formación e que nese momento os da vila cargasen contra deles. Despois, ao agardar un bocadiño e non aparecer ninguén en contra, enviou o duque Frontiste³⁷⁴ a fin de avisar a Gargantúa de que avanzase para acadar o outeiro pola esquerda, para impedir a retirada de Picrocolo por aquela porta. Iso fixo Gargantúa a toda présa e enviou alí catro lexións da compañía de Sebastá³⁷⁵, mais inda ben non deran acadado o cume cando deron de fociños con Picrocolo e os que se espaxeraran con el. Cargaron entón rexamente sobre deles, mais os que estaban enriba dos muros, cos seus disparos e artillaría, ocasionáronlles graves danos. Ao ver isto, Gargantúa, con toda potencia, foinos axudar, e a súa artillaría comezou a bater contra esa parte das murallas; tanto que todas as forzas da vila foron reclamadas para alí.

O frade, ao ver o lado que el asaltaba espido de homes e de gardas, tirou valentemente cara á fortaleza, e tanto fixo que subiu a ela con algúns dos seus homes, pensando que máis medo e pavor causan os que atacan por sorpresa ca os que combaten fronte a fronte. Con todo, non os aterrorizou até que todos os seus tiveron acadado a

³⁷² É o que o historiador latino Tito Livio dicía dos galos. Nótese que é a primeira vez que Rabelais chama *franceses* á xente de Gargantúa.

³⁷³ Tamén aquí Rabelais, que até agora era simple narrador non identificado con ningún dos bandos, toma partido e se pon explicitamente do lado dos de Gargantúa, os franceses, *a nosa xente*.

³⁷⁴ Nome de orixe grega que significa *reflexivo, prudente*.

³⁷⁵ Novo nome de orixe grega: *respectábel*.

muralla, non sendo os douscentos homes con armadura que deixou fóra polo que puidese pasar. Despois, el e mais os seus puxéronse a dar berros horríbeis e mataron sen resistencia os gardas daquela porta e abríronllela aos homes de armadura. Correron todos xuntos afoutadamente cara á porta de Oriente, onde era a desfeita, e deborcaron toda a súa forza dende atrás. Véndose os asaltados espaxados por todos os lados e que os gargantuistas tomaran a vila, rendéronse á mercé do frade. El mandou que entregasen as espadas e armas e que os levasen e encerrasen nas igrexas, collendo antes todos os varais das cruces e pondo homes nas portas para impedir que saísen. Despois, abrindo esa porta oriental, saíu en axuda de Gargantúa.

Mais Picrocolo pensou que lle chegaba a el axuda dende a vila, e con fachenda arriscouse máis ca denantes, até que Gargantúa exclamou:

-Frei Xoán, meu amigo! Frei Xoán, chegades en boa hora!

Daquela, ao se decataren Picrocolo e os seus de que a situación era desesperada, botáronse a fuxir en todas as direccións. Gargantúa perseguiunos até perto de Vagaudry, matando e exterminando, e despois tocou a retirada.

CAPÍTULO 49

Como Picrocolo, ao fuxir, foi sorprendido pola desgraza, e o que fixo Gargantúa despois da batalla

Picrocolo, á desesperada, fuxiu logo cara a L'Île Bouchard, e no camiño de Rivière o seu cabalo esparrouse polo chan, polo que se alporizou tanto que, coa carraxe, matouno coa súa espada. Despois, ao non atopar ninguén que lle dese unha nova montura, quixo coller un burro do muíño que había alí perto, mais os muiñeiros deixárono malferido a paus e tiráronlle a súa roupa, dándolle para se cubrir unha ruín coroa.

Así marchou o pobre encarraxado. Despois, ao pasar o río en Port Huault e contar as súas desgrazas, unha vella lurpia avisouno de que lle habían devolver o seu reino no tempo dos biosbardos.³⁷⁶ Dende entón non se sabe que foi del. Porén, dixéronme que arestora é un pobre gañapouquiño en Lyon, carraxento como dantes, e que sempre anda a inquirir a todos os estranxeiros polo tempo dos biosbardos, esperando de certo que, segundo a profecía da vella, no tempo destes ha recuperar o seu reino.

Despois da retirada, Gargantúa, o primeiro que fixo foi o reconto dos seus, e atopou que poucos deles pereceran na batalla –a saber, algúns da compañía do capitán Tolmero³⁷⁷– e Ponócrates que estaba ferido por un disparo de arcabuz no seu perponto. Despois fixo que rrestaurasen forzas distribuídos por compañías e ordenoulles aos tesoureiros que se lles regalase e pagase esta comida e que non se fíxese estrago ningún na vila, dado que era súa, e que despois da comida comparecesen na praza de diante o castelo, que alí habíanlles dar a paga de seis meses, como así se fixo. Despois mandou congregarse diante del, na mesma praza, todos os que quedaban do bando de Picrocolo, aos que, presentes todos os seus príncipes e capitáns, falou do seguinte xeito:

³⁷⁶ Rabelais, no orixinal, fala de *coquecigrues*, seres imaxinarios cun nome que semella mesturar *coq* (galo), *cigogne* (cigóña) e *grue* (grou). Serían, logo, *galocigroues*. Nós traducímolos por *biosbardos* pois o seu sentido e contexto ven sendo o mesmo.

³⁷⁷ Novo helenismo que significa *o audaz*.

CAPÍTULO 50

Alocución que Gargantúa lles dirixiu aos vencidos

Os nosos pais, avós e devanceiros todos de que teñamos memoria, foron de tal xeito e natureza que –como sinal conmemorativo dos triunfos e vitorias nas batallas por eles consumadas- preferiron erixir, a través da xenerosidade, trofeos e monumentos nos corazóns dos vencidos antes do que, a través da arquitectura, nas terras por eles conquistadas. Porque estimaban máis o vivo relembro dos humanos adquirido a través da liberalidade do que a muda inscrición dos arcos, columnas e pirámides, suxeita ás calamidades do clima e á envexa de cada quen..

Podedes lembravos da mansedume que usaron cps bretóns na xornada de Saint Aubin du Cormier e máis na demolición de Parthenay³⁷⁸. Vós tendes ouvido –e ao ouvilo téndelo admirado- o bo trato que lles deron aos bárbaros da Española, que tiñan pillado, despoboado e saqueado as rexións marítimas de Olonne e do Talmondais³⁷⁹.

Todo este ceo se encheu coas louvanzas e conmemoracións que vós mesmos e vosos pais fixestes cando Alfarbal, rei de Canarias³⁸⁰, non contento coa súa fortuna, invadiu furiosamente o país de Aunis, practicando a pirataría en todas as illas armoricanas e rexións limítrofes. Foi el, en xusta batalla naval, preso e vencido por meu pai, a quen Deus garde e protexa. Mais... O que!... Namentras que os outros reis e emperadores –mesmo os que se fan chamar católicos- terían tratado ruinmente, encarcerado duramente e fixado un elevadísimo rescate, el tratouno civilizadamente, aloxouno amigablemente consigo no seu palacio e, con incríbel magnanimidade, deulle un salvoconduto para regresar ao seu país, carregado de dádivas, carregado de favores e carregado de todos os presentes de amizade³⁸¹. E que foi del? Ao que chegou á súa terra mandou reunir todos os príncipes e parlamentos do seu reino, espúxolles o sentimento humanitario que observara en nós e rogoulles que deliberasen sobre isto de xeito que a xente tomase exemplo para que – igual que nós nos comportabamos con prodigalidade honesta- eles se comportasen con honestidade pródiga. Alí se decidiu por consenso unánime que nos habían ofrecer enteiramente as súas terras, posesións e reino para que dispuxésemos deles segundo o noso arbitrio. O propio Alfarbal en persoa volveu ao socato con nove mil trinta e oito naves de carga, levando non só os tesouros da súa casa e liñaxe real senón de case que todo o país. Porque, a se embarcar para poñer a vela en dirección Oeste-Noreste, cada quen en masa botou no interior deles ouro, prata, aneis, xoias, especias, drogas e perfumes aromáticos, papagaios, pelícanos, monas, gatos bravos, xinetas ou porco-espiños³⁸². Non había fillo de boa nai que non botase dentro o máis singular que tivese. Chegado que foi, quíxolle bicar os pés a meu pai, mais estimaron indigno este feito e non llo toleraron, antes ben abrazárono amistosamente. Ofreceu os seus presentes, mais non llos admitiron por seren excesivos de máis. Deuse

³⁷⁸ Xa na arenga de Ulrich Gallet (v. nota 271) se alude á batalla de Saint-Aubin-du- Cormier. O ano anterior a esta batalla, en 1487, Carlos VIII de Francia tomara a vila de Parthenay mais non represaliara a garnición, limitándose a derrubar as murallas.

³⁷⁹ Tamén na arengas de Ulrich Gallet se alude á Española (v. nota 272). Agora Rabelais atribúelles un ficticio desembarco nesas rexións atlánticas de Francia aos habitantes daquela illa ou aos españois, que tiñan frecuentes enfrontamentos nesas costas.

³⁸⁰ As illas Canarias, varias veces citadas na obra de Rabelais, tamén aparece na arenga de Gallet, e no capítulo 13 Golagrande viña de volta *da derrota dos canarios*. O rei Alfarbal é ficticio.

³⁸¹ Diáfana alusión á catividade de Francisco 1º en España tras ser preso polas tropas de Carlos V na batalla de Pavía.

³⁸² As especias, perfumes e animais exóticos constituían unha importante riqueza.

por escravo e servo voluntario, el e a súa descendencia, mais non llo aceptaron por non semellar equitativo. Cedeu, polo decreto dos parlamentos, as súas terras e reino, entregando a transacción e transmisión asinada, selada e ratificada por todos aqueles que debían facelo, mais rexeitáronllo totalmente e botaron ao lume os contratos. Ao final, meu pai comezou a se laiar doéndose del, e a chorar copiosamente ao reparar na boa vontade e sinxeleza dos canarios e, por medio de frases exquisitas e de frases axeitadas, diminuíu o bo proceder que tivera para con eles, dicindo que non lles fixera nada que valesse un botón, e que se algo de prodigalidade lles tiña amosado era o seu deber facelo. Pero canto máis falaba máis o magnificaba Alfarbal. Cal foi a saída? En vez de esixirmos tiranicamente polo seu rescate –que ao final de todo tivemos que aceptar- vinte veces cen mil escudos e gardarmos como reféns aos seus fillos máis vellos³⁸³ –como puidemos ter feito- eles fixéronse tributarios perpetuos e comprometéronse a entregarnos cada ano dous millóns en ouro puro de vinte catro quilates. Así nolo pagaron o primeiro ano; o segundo, pola súa propia vontade, pagáronnos dous millóns trescentos mil escudos; o terceiro, dous millóns seiscientos mil; o cuarto, tres millóns; e tanto o fan medrar de ano en ano tan gostosamente que imos vernos obrigados a lles prohibir que non traian máis nada. Esa é a natureza da gratitude, porque o tempo, que todo roe e merma, aumenta e acrece os benfeitos, pois unha boa acción, feita con liberalidade, medra continuamente no home de siso grazas aos nobres pensamentos e relembranzas.

Non querendo, pois, arredarme nada da magnanimidade hereditaria de meus pais, arestora eu vos absolvo e vos ceibo, e vos deixo libres e quites como denantes. A maiores, ao saídes polas portas, hanvos pagar, a cada un, por tres meses para que poidades retirarvos ás vosas casas coas vosas familias, e hanvos conducir a salvo seiscientos homes con armadura e oito mil homes de a pé baixo o mando do meu escudeiro Alexandre, a fin de que non vos fagan dano ningún os habitantes do país. Deus sexa convosco!

Sinto de corazón que non estea aquí Picrocolo, pois teríalle feito entender que esta guerra foi realizada sen a miña vontade e sen esperar acrecer nin os meus bens nin a miña sona. Mais, xa que desapareceu e non se sabe onde nin como se esvaíu, quero que o seu reino lle quede enteiro ao seu fillo quen –dado que é de idade demasiado curta pois que aínda non cumpriu os cinco anos- ha ser educado e instruído polos antigos príncipes e xente sabia do reino. E, visto que un reino deserto habería caír doadamente na ruína se non se refrease a cobiza e a avaricia dos seus administradores, ordeno e quero que Ponócrates mande por enriba de todos os gobernadores, .

coa autoridade requirida para iso, e que asista ao rapaz até que o encontre idóneo para poder dirixir e reinar en por el.

Reparo en que a facilidade demasiado feble e relaxada de perdoar os malfeitores éelles ocasión de volveren facer o mal máis axiña, a causa desa perniciosa confianza de indulxencia.

Reparo en que Moisés, o home máis pacífico que no seu tempo houbo na Terra, castigou agremente aos amotinados e sediciosos de todo Israel.

Reparo en que Xulio César –emperador tan magnánimo que del dixo Cicerón que a súa maior fortuna era poder perdoar a todos e a súa maior fortuna querer sempre facelo- castigou, non obstante, rigorosamente, malia iso, os autores da rebelión en certos casos.

³⁸³ Polo tratado de Madrid (1525) Francisco 1º deixaba co mo reféns en Madrid os seus dous fillos. En 1529 o tratado de Cambrai estableceu que o rei francés lle pagase a Carlos V un rescate de dous millóns de escudos de ouro pola liberación dos seus fillos..

A exemplo destes quero que me entreguedes antes de partir: primeiramente a ese bonito Marquet, que foi a orixe e causa primeira desta guerra pola súa finchada runfadela; en segundo lugar aos fogaceiros acompañantes, que non lle corrixiron a súa cabeza tola decontadiño; e finalmente a todos os conselleiros, capitáns, oficiais e asistentes de Picrocolo que o tivesen incitado, aconsellado e animado a saír das súas fronteiras para nos aburar así.

CAPÍTULO 51

Como os vitoriosos gargantuistas foron recompensados despois da batalla

Feita esta alocución de Gargantúa, entregáronlle os sediciosos requiridos por el, non sendo Espadachín, Merdalla e Miudallo, que fuxiran seis horas antes da batalla, un ata a portela de Agnello³⁸⁴ dunha tirada, outro até o val de Vire³⁸⁵, e o outro até Logroño³⁸⁶, sen miraren atrás súa nin colleren folgos no camiño, e máis dous fogaceiros que pereceran na xornada. Gargantúa non lles fixo outro mal senón poñelos a tirar dos prelos da imprensa que acababa de fundar.

Logo fixo inhumar con honores no val da noceda e no campo de Brûlevieille os que morreran. Os feridos, fíxoos coidar e tratar no seu grande nosocomio³⁸⁷ os feridos. Despois ocupouse dos danos que sufrira a vila e os seus habitantes, e fixo que os resarcisen de todos prexuízos que dicesen mediante declaración xurada, e fixo construír alí unha fortaleza, destinando a ela xente e vixía para ter mellor defensa no futuro contra as axitacións repentinas.

Ao partir, deulles as grazas calorosamente a todos os soldados das súas lexións que contribuíran a esa derrota e mandounos hibernar ás súas estacións e gornicións, excepto algúns da lexión decumana³⁸⁸ -os que vira facer algunhas proezas durante as xornadas- e os capitáns das compañías, que levou con el xunto a Golagrande.

Á vista e chegada destes o bo home púxose tan ledo que non é posíbel describilo. Daquela díxolles un festín, o máis grandioso, o máis abundante e máis gorenteiro que se vira dende o tempo do rei Asuero³⁸⁹. Despois de xantar, distribuíu entre todos o que tiña exposto nos aparadores, e que pesaba un millón oitocentos mil catorce besantes de ouro entre grandes ánforas de estilo antigo, grandes cuncos, grandes bandexas e grandes tazas, copas, cunqueros, candelabros, cálices, barquiñas, floreiros, confeiteiros e outra vaixela semellante, toda de ouro macizo, ademais da pedraría, o esmalte e o labor, que en opinión de todos superaba o valor da propia materia. A maiores, fixo que a cada un lle desen, das súas arcas, un millón douscentos mil escudos contantes e soantes, e, por riba, a cada un deles deulle a perpetuidade (non sendo que morresen sen herdeiros) os seus castelos e terras veciñas, segundo lles cadrasen máis cómodos: a Ponócrates deulle La Roche Clermauld³⁹⁰, a Ximnasta Le Couldray, a Eudemón Montpensier, Le Rivau a Tolmero³⁹¹, a Itíbolo Montsoreau, a Acamas Candes, Varennes a Quironacto, Gravot a Sebasto, Quinquenais a Alexandre, Ligré a Sofrón, e así as outras prazas fortes súas.

³⁸⁴ Esta portela –ou desfiladeiro– dos Alpes é o que utilizaran as tropas francesas para entraren en Italia en 1515.

³⁸⁵ Na Normandía

³⁸⁶ Na Rioja, en España.

³⁸⁷ Helenismo: *hospital*.

³⁸⁸ Lexión formada por soldados moi escolleitos.

³⁸⁹ Segundo a Biblia dera un festín que durara cento oitenta días. Ao rematar

³⁹⁰ Case todos estes lugares da bisbarra de Chinon, apareceron xa en distintos capítulos.

³⁹¹ Os capitáns que aínda non apareceran teñen tamén nomes de base grega: Itíbolo significa *directo*, que vai en liña recta, Acamas *infatigábel*, Quironacto *que traballa coas mans mans* e Sofrón *prudente*.

CAPÍTULO 52

*Como Gargantúa fixo construír para o frade o mosteiro de Telema*³⁹²

Quedaba só o frade por dotar. Gargantúa quería facer abade de Seuilly, mais el refugouno. Quíxolle dar o mosteiro de Bourgueuil ou de Saint Florent, o que mellor lle conviñese –ou ambos os dous se lle apetecía– mais o frade deulle a resposta rotunda de que el non quería frades ao seu cargo nin ao seu goberno.

–Porque: como daría eu gobernado a outros –diciu el– eu, que non me daría gobernado a min mesmo? Se vos parece que vos fixen e que podo facervos no futuro algún servizo do voso agrado, concedéme o fundar un mosteiro ao meu xeito.

A petición gostoulle a Gargantúa e ofreceulle todo o seu país de Telema, cabo do río Loira, a dúas leguas da gran fraga de Port Huault, e el pediulle a Gargantúa que fundase a súa orde ao contrario das demais.

–Entón –dixo Gargantúa– en primeiro lugar cumprirá non erguer muros de arredor, porque todos os demais mosteiros están totalmente murados.

–E máis si –dixo o frade– E non sen motivo: onde hai muro por diante e muro por tras hai murmuro³⁹³ abondo, envexa e conspiración mutua.

De por parte –visto que en certos conventos deste mundo séguese o uso de que, se entra neles algunha muller (das sensatas e virtuosas, quero dicir) límpase o lugar por onde ela pasou– dispúxose que se algún relixioso ou relixiosa entraba nel por caso fortuíto, habíanse limpar coidadosamente todos os sitios polos cales tiveran pasado. E dado que nas ordes relixiosas deste mundo todo está acompasado, delimitado e regulado polas horas, non habería alí reloxo nin cadrante solar ningún, senón que se haberían distribuír todas as ocupacións segundo a ocasión e a oportunidade. Porque Gargantúa dicía que a maior perda de tempo que coñecía era contar as horas (“Que proveito se tira diso?”) e a maior tolería do mundo era gobernarse polo son dunha campá e non polo ditado do bo sentido e entendemento.

Item, dado que nese tempo non entraban nas ordes senón as mulleres choscas, coxas, chepudas, feas, deformes, tolas, desasisadas, entangarañadas e eivadas, nin os homes senón os mormosos, mal nacidos, parvos e enredantes na casa...

–A propósito –preguntou o frade–, se unha muller non é fermosa nin boa: para que serve tela?

–Para o convento –dixo Gargantúa.

–Non, para facer camisas con ela –dixo o frade³⁹⁴.

...dispúxose que nel non habían ingresar senón as fermosas, ben feitas e de boa natureza, e os fermosos, ben feitos e de boa natureza.

Item, dado que nos conventos das mulleres non entraban os homes non sendo ás agachadas e clandestinamente, decidiuse que nel non habería mulleres no caso de que non houbese homes, nin homes no caso de que non houbese mulleres.

Item, dado que tanto homes como mulleres, unha vez ingresados na orde, despois do ano de proba, eran forzados e constrinxidos a quedaren nela perpetuamente durante toda a súa vida, estableceuse que tanto os homes como as mulleres que ingresasen nel poderían saír libremente e plenamente cando lles parecese ben.

³⁹² O nome de Telema é sen dúbida simbólico e aparentemente creado a partir do grego co significado de *vontade*

³⁹³ O xogo de palabras é máis visíbel en francés : *mur* (muro) e *murmur* (murmurio, murmuro).

³⁹⁴ O frade fai un xogo de palabras entre *tela* (tecido) e *tela* (verbo *ter*+ pronome persoal *a*).

Item, dado que de ordinario os relixiosos facían tres votos, a saber de castidade, pobreza e obediencia, instituíuse que nel poderíase honestamente estar casado, que todos fosen ricos e que vivisen en liberdade.

Tocante á idade lexítima, as mulleres podían ingresar dende os dez aos quince anos e os homes dende os doce até os dezaioito.

CAPÍTULO 53

Como foi construído e dotado o mosteiro dos telemitas

Para a construción e preparación do mosteiro, Gargantúa fixo librar ao contado dous millóns setecentos mil oitocentos trinta e un carneiros de longa lan³⁹⁵, e por cada ano –até que todo estivese rematado– asignou, a conta dos ingresos do Dive³⁹⁶, un millón seiscentos sesenta e nove mil escudos con sol³⁹⁷ e outros tantos con setestrelo³⁹⁸. Para a súa fundación e mantemento deu a perpetuidade dous millóns trescentos sesenta e nove mil cincocentos catorce nobres con rosa³⁹⁹, como rendas de propiedade, garantidos, amortizados e pagadeiros cada ano ás portas do mosteiro, e desto pasoulles escrituras ben redactadas.

A construción fixose en figura hexagonal, de tal xeito que en cada ángulo construíuse unha gran torre redonda que medía sesenta metros de diámetro, e todas eran iguais en tamaño e feitío. O río Loira corría pola banda septentrional. Ao pé del asentábase unha das torres, chamada Ártica⁴⁰⁰, e tirando cara ao Oriente outra chamada Calaer, a outra seguinte Anatolia, a de despois Mesembrina, a de despois Hesperia, e a derradeira Criora. Entre cada torre había un espacio de trescentos doce pasos. Todo estaba construído en seis andares, contando un de adega baixo terra. O segundo estaba abobadado en forma de asa de cesto⁴⁰¹. O resto estaba revocado con xeso de Flandes en forma de cus de lámpada. O teito estaba cuberto de lousa fina, forrado de chumbo con figuras de monequiños e animais ben conxuntados e dourados. Os canos sobresaían por fóra dos muros, entre as fiestras, pintados de ouro e azur, en figura diagonal, até o chan, onde remataban en grandes quenllas que levaban todas ao río por baixo do edificio.

A devandita construción era seis veces máis grandiosa do que Bonnivet, Chambord ou Chantilly⁴⁰², pois nela había nove mil trescentos trinta e dous cuartos, cada un dotado de recámara, gabinete, gardarroupa, capela e saída a un salón. Entre cada torre, no medio do corpo do edificio, había unha escaleira de caracol crebada, interior, da que os chanzos eran parte de pórfiro, parte de pedra numídica e parte de mármore serpentino, e tiñan doce pes de longo. O seu espesor era de tres dedos e a súa disposición de doce entre cada patamal. En cada patamal había dous fermosos arcos á antiga polos que penetraba a claridade, e a traveso deles entrábase nun gabinete gradeado, da mesma anchura que a devandita escaleira. E subía até enriba da cuberta e alí remataba en pavillón. Por cada lado fa escaleira entrábase nun gran salón e, dende os salóns, nos cuartos.

³⁹⁵ Ver nota 74.

³⁹⁶ O Dive era un regato próximo a La Devinière. Naturalmente, non era navegábel polo que non podía producir ingresos polo imposto dos barcos ao pasaren por el.

³⁹⁷ Moeda de ouro que levaba un sol enriba do escudo de Francia.

³⁹⁸ Moeda inexistente. Rabelais invéntaa ao fío dos nomes das outras, imaxinando agora unha que leva a constelación das Pléiades ou Setestrelo.

³⁹⁹ Moeda de ouro inglesa que levaba a rosa de Iorque.

⁴⁰⁰ Os nomes das torres son todos de orixe grega: *Ártica* (Septentrional), *Calaer* (Aire fermoso), *Anatolia* (Oriental), *Mesembrina* (Meridional), *Hesperia* (Occidental) e *Criora* (Xelada).

⁴⁰¹ Tipo de bóveda usado na época de Luís XII.

⁴⁰² Célebres castelos do Renacemento francés. O de Bonnivet, perto de Poitiers, foi derrubado no século XVIII. O de Chambord –un dos máis coñecidos do Loira– aínda non se rematara totalmente ao aparecer o *Gargantúa*. O de Chantilly, sobre unha primitiva fortaleza medieval, foi destruído no século XVII e reconstruído no XVIII.

Dende a torre Ártica até a Criora estaban as grandes bibliotecas de grego, latín, hebreo, francés, toscano e español, espaxadas polos distintos andares segundo as linguas

No medio había unha maravillosa escaleira de caracol que tiña a entrada por fóra do edificio a través dunha arcada de seis toesas. E estaba feita con tal simetría e capacidade que podían subir xuntos, de fronte, até enriba de todo, seis homes con armadura levando a lanza a rentes.

Dende a torre Anatolia até a Mesembrina había grandes e fermosas galerías, todas decoradas coas antigas proezas, historias e descrições da Terra. No medio había unha subida e unha porta iguais ás que dixemos da banda do río. Enriba desta porta estaba escrito, con grosas letras antigas, o que segue:

CAPÍTULO 54

*Inscripción colocada sobre a porta principal de Telema*⁴⁰³

Non vir aquí, hipócritas, beateiros,
raposeiros, macacos e finchados,
colitortos, pasmóns, camanduleiros,
os conteiros, soinamoinas, manteigueiros,
figureiros e ananos disfrazados,
nus forrados, ruíns encarnizados,
abafados, queimadores inhumanos,
ide fóra vender eses enganos.

Enganos sen par
que ían perturbar
con malignidade
e con falsidade
a paz do meu lar,
enganos sen par.

Non vir aquí, rabuñentos escribanos,
tan insanos chuchadores secretarios
que roubades e comedes os humanos.
Traedes danos e aos honrados parroquianos,
xuíces canos, con sistemas moi falsarios
por salarios ponde de patibularios.
Ide osarios catar, que aquí non hai exceso
para aos vosos tribunais levar proceso.

Proceso e querela
non podeades vela
que aquí só hai lecer
e vós por pracer
buscades pibela,
proceso e querela.

Non vir aquí, imbéciles mastíns,
cíumes sen fins e velloucáns queixosos,
tampouco vós, formadores de motíns,
trasnos e afíns, de envexas paladíns,
nos confíns séntense os vosos acosos.
Nin sarnosos, sifilíticos, chancrosos,

⁴⁰³ Esta “inscripción” lembra o xénero poético chamado *pregón*, que invitaba os espectadores a entrar ás representacións de teatro medieval. A súa forma segue as regras estritas e algo artificiosas das composicións do movemento poético dos Grandes Retóricos (séculos XV e XVI). A serie de estrofas e antistrofas son difíciles de traducir e resultan alio forzadas debido, entre outros motivos, a que as rimas dos versos 1, 3 e 4 e mais 5 e 6 fan eco no primeiro hemistiquio do verso seguinte. Como noutras ocasións, son obxecto da ira de Rabelais os hipócritas e falsos beatos, os xuíces corruptos, os usureiros e os vellos ciumentos. Pola contra, son chamados a entrar en Telema os nobres, os que anuncian o Evanxeo co seu sentido orixinal e as damas de boa condición.

até os vosos osos feden deshonor,
de postelas cheos, corpos sen honor.

Honor e louvanza
son a nosa usanza.
A casa non mude
pois que ten saúde.
Por iso vos lanza:
Honor e louvanza!

Vide vós aquí, seredes moi benvidos,
acollidos con fe, nobres tan eminentes.
Este é o lugar onde os bens son dirixidos
e rexidos para serdes vós mantidos
e atendidos en proporcións inxentes.
Miñas xentes, familia, meus parentes,
vindo a rentes de min habedes ser riseiros,
ledos, gratos e bos, ben xentís compañeiros.

Compañeiros ledos,
serenos e quedos,
fóra da ruindade
da civilidade,
velaquí os segredos,
compañeiros ledos.

Vide vós aquí, os que o Santo Evanxeo
hoxe arreo predicades ben rotundo.
Habedes ter a protección do ceo
que gran freo será, segundo eu creo,
para o feo veneno tan inmundo
contra o mundo lanzado a cada segundo
ben profundo. Vinde: aquí non hai paraxe
pra inimigos de Deus e da santa mensaxe.

A mensaxe santa
aquí sempre canta
e neste lugar
todos han gardar,
a todas levanta
a mensaxe santa.

Vide vós aquí, damas de alta nación,
con intención entrade en boa hora,
linda flora de honesta e brillante facción,
de situación, bo porte e consideración.
A condición desta morada honora
e decora o gran señor que labora
para que todo estea ben coidado
e por iso tanto ouro aquí ten dado.

Dado en compracencia
incita á indulxencia
a quen llo concede.
E á virtude accede
quen vive en decencia,
dado en compracencia.

CAPÍTULO 55

Como era a mansión dos telemitas

No medio do patio interior había unha magnífica fonte de fermoso alabastro. Enriba, as tres Grazas, con cornos da abundancia, cichaban auga polos peitos, boca, orellas, ollos e outras orificios no corpo.

O interior da morada, encima deste patio, pousaba sobre grandes piares de calcedonia⁴⁰⁴ e pórfiro con fermosos arcos á antiga dentro dos que había fermosas galerías, longas e amplas, adornadas con pinturas, cornos de cervos, unicornios, rinocerontes, hipopótamos, dentes de elefantes e outras cousas dignas de admirar.

A morada das damas comprendía dendes da torre Ártica até a porta Mesembrina. Os homes ocupaban o resto. Diante da devandita morada das damas, a fin de que elas tivesen lecer, estaban por fóra, entre as dúas primeiras torres, os campos de torneo, o hipódromo, o teatro e as piscinas, cos extraordinarios baños de tres niveis, ben provistos de todos os complementos e de auga de mirra a acugulo.

Cabo do río estaba o fermoso xardín de recreo e, no medio del, o fermoso labirinto. Entre as outras dúas tres estaban os frontóns e os terreos para xogar ao balón. Pola banda da torre Criora estaba a horta, chea de toda caste de árbores frutais, todas elas dispostas en quinconcio⁴⁰⁵. Ao fondo estaba o gran bosque, acugulado de animais salvaxes.

Entre o terceiro par de torres estaban os albos para o arcabuz, o arco e a balesta. As despensas, fóra da torre Hesperia, nun único andar. Despois das despensas, as cabalarizas, e antes daquelas, a falcoaría, gobernada por cetreiros ben expertos na arte, e anualmente abastecida polos cretenses, venecianos e sármatas⁴⁰⁶ con toda sorte de paxaros exemplares: aguías, xerifaltes, azores, lagarteiros, miñatos, gaviláns, falcóns peregrinos, paxareiros e outros tan ben afeitos e domesticados que, ao marcharen do castelo para se esparexeren polos campos, pillaban todos canto atopaban. Os casetos dos cans estaban un pouco máis lonxe, tirando cara o bosque.

Todas as salas, cuartos e gabinetes estaban entapizados de xeitos diferentes segundo as estacións do ano. Todo o chan estaba cuberto de pano verde. Os leitos estaban bordados. En cada recámara había un espello de cristal veneciano, engastado en ouro fino gornecido de perlas ao arredor, e de tamaño tal que podía verdadeiramente reflectir ás persoas enteiras⁴⁰⁷.

Ao saír das salas da morada das damas estaban os perfumeiros e perruqueiros, polas mans dos cales pasaban os homes cando visitaban as damas. Estes abastecían cada mañán os cuartos das damas de auga de rosa, de flor de laranxeiro e de mirto, e a cada unha delas dábanlle a preciosa caixiña exhaladora de vapores aromáticos.

⁴⁰⁴ Rocha cristalina de cuarzo e ópalo. Haina de diferentes cores: vermello, pardo, verde, etc.

⁴⁰⁵ Disposición da plantación de árbores formando un X.

⁴⁰⁶ Ver nota 289.

⁴⁰⁷ Os espellos adoitaban ser moi pequenos, de aí o sorprendente, a maiores da súa calidade e luxo.

CAPÍTULO 56

Como vestían os relixiosos e relixiosas de Telema

As damas, ao comezo da fundación, vestían ao seu pracer e arbitrio. Despois reformáronas, pola súa libre vontade, do xeito seguinte:

Levaban medias de escarlata ou de semi-grá que subían exactamente tres dedos por riba dos xeonllos, e esta orla era de bonitos bordados e calados. As ligas eran da cor dos seus brazaletes e cubrían o xeonllo por riba e por baixo. Os zapatos, escarpíns e pantufas, de veludo carmesín, vermello ou violeta, retallados en barbas de camarón.

Por riba da camisa vestían fermosa basquiña⁴⁰⁸ de bo camelón de seda⁴⁰⁹. Sobre dela vestían a verdugada⁴¹⁰ de tafetán branco, vermello, louro, gris, etc. Por riba, saia de tafetán de prata con bordados de ouro fino e puntadas onduladas, ou –como lles parecese ben e segundo o tempo que fixese– de satén, damasco, veludo alaranxado, castaño, verde, cincento, azul, amarelo claro, vermello carmesín ou branco, e de pano de ouro, tecido de prata, canutillo ou bordadura segundo as festas.

Os mantos, segundo a estación, de tecido de ouro con rizo de prata, de satén vermello cuberto de canutillo de ouro, de tafetán branco, azul, negro ou acastañado, de sarxa ou camelón de seda, de veludo, de tecido ou pano de prata, de fio de ouro, ou de veludo ou satén bordado en ouro representando distintos motivos.

Polo vran, algúns días en lugar de mantos levaban fermosas casacas dos tecidos devanditos ou algún capote de estilo mourisco, de veludo violeta con rizo de ouro sobre canutillo de prata ou cordón de ouro, gormecidos nas costuras con pequenas perlas da India. E sempre o fermoso penacho, consonte as cores dos manguitos e ben gornecido de galóns de ouro con colgantes. No inverno, mantos de tafetán das devanditas cores forrados con lobos cervais, xenetas negras, martas de Calabria, cibelinhas e outras peles preciosas.

Os rosarios, aneis, cadeas e colares eran de finas pedrarías, carbúnculos, rubíns, balaches⁴¹¹, diamantes, zafiros, esmeraldas, turquesas, granates, ágatas, berilos, perlas e unións⁴¹² extraordinarias.

O toucado variaba segundo a estación: en inverno á moda francesa, en primavera á española, no vran á toscana⁴¹³, non sendo os domingos e festas, nos que levaban toucado francés pois é máis nobre e acaille mellor ao pudor matronal.

Os homes ían vestidos á súa maneira: as calzas, polo baixo de estamina ou sarxa tecida, cor escarlata, media grá, branca ou negra, e polo alto de veludo das mesmas cores ou aproximadas, bordadas ou retalladas ao seu gosto.

O perpono, de pano de ouro, de prata, de veludo ou tafetán, das mesmas cores, retallados, bordados e enfeitados exemplarmente. As agulletas, de seda das mesmas cores. Os ferretes, de ouro, ben esmaltados. Os saios e chamarras, de pano ou tecido de ouro, pano de prata ou veludo recamado a pracer. Os mantos, tan preciosos como os das

⁴⁰⁸ Non se trata aquí dunha saia senón dunha especie de corpiño.

⁴⁰⁹ Remitimos aos dicionarios e enciclopedias para coñecer as características dos diferentes panos e tecidos que aquí aparecen (camelón, tafetán, sarxa, damasco, etc.).

⁴¹⁰ Especie de náguia grossa que facía arquear moito a saia baixo a que se levaba. Ía atada á basquiña.

⁴¹¹ O balache era un rubín de cor violácea.

⁴¹² Perla grande e de gran calidade., con forma algo semellante a unha pera ou unha cebola.

⁴¹³ O toucado á francesa era unha cofia recuberta por un caperuzo cunha tira pendendo. O toucado á española era con veos e encaixes. O toucado á italianam deixando os cabelos máis ao descuberto, utilizaba rulos e fitas adoviados con xoias e pedras preciosas.

damas. Os cintos, de seda, das cores do perpono. Cad un coa súa fermosa espada no lado, de empuñadura dourada, vaíña de veludo da cor das calzas e punta en ouro e ourivesaría. O puñal, igualiño. O pucho, de veludo negro, adoviado con moitas bogallas e gomos de ouro. Enriba, a pluma branca, xeitosamente partida por palliñas de ouro ao cabo das que penduricaban fermosos rubíns, esmeraldas, etc.

Tal harmonía reinaba entre os homes e as mulleres, que todos os días ían vestidos do mesmo modo, e para non fallaren nisto, certos nobres tiñan a encomenda de lles dicir aos homes, cada mañán, que roupa querían levar aquel día as damas, pois todo se facía segundo a vontade destas.

Mais non vaiades pensar que nestes vestidos tan propios e nestes enfeites tan ricos eles ou elas perdían tempo ningún, porque os encargados dos gardarroupas tiñan toda a vestimenta tan lista cada mañán, e as covilleiras⁴¹⁴ estaban tan ben aprendidas que nun momentinho estaban aquelas listas e vestidas de pés a cabeza. E para teren eses enfeites máis a man, había perto da fraga de Telema un gran edificio, de media legua de longo, moi claro e surtido, no que moraban os ourives, lapidarios, bordadores, xastres, fiandeiros de ouro, veludeiros, tapiceiros e enlizadores, e alí traballaba cada un no seu oficio, todo para os devanditos relixiosos e relixiosas. Fornecíalles materiais e tecidos o seños Nausicleto⁴¹⁵, que cada ano lles enviaba sete navíos das illas de Perlas e Caníbales⁴¹⁶, carregados de lingotes de ouro, de seda crúa, de perlas e pedrarías. Se algunhas unións se ían facendo vellas e mudaban a nativa brancura, coa súa arte anovábanas dándollas a comer a algúns bos galos como se lles dá purgante aos falcóns.

⁴¹⁴ Mulleres encargadas do servizo persoal dunha dama nobre.

⁴¹⁵ Epíteto grego que significa *célebre polos seus navíos* e que Homero empregas para caracterizar os feacios.

⁴¹⁶ Algunhas das Pequenas Antillas

CAPÍTULO 57

Como era a regra dos telemitas canto á súa maneira de vivir

Toda a súa vida gobernábase non por leis, estatutos ou regras, senón pola súa vontade e libre arbitrio. Erguíanse do leito cando lles parecía ben e bebían, comían, traballaban e durmían cando tiñan ganas de facelo. Ninguén os espertaba e ninguén os forzaba a beber nin a comer, nin a facer outra cousa ningunha. Así o establecera Gargantúa. Na regra deles non había senón esta cláusula:

FAI O QUE QUEIRAS

Porque a xente libre, ben nacida, ben instruída e que frecuente compañía honesta, ten por natureza un instinto e un aguillón (que eles chaman honor) que a impulsa sempre cara a feitos virtuosos e a retrae do vicio. E cando a suxeición e a forza ruín os oprime e aferrolla, desvían eles a nobre inclinación, pola cal tendían espontaneamente cara á virtude, para abateren e crebaren ese xugo de servidume. Porque sempre emprendemos as cousas prohibidas e sempre cobizamos o que nos negan.

Grazas a esta liberdade entraron na louvábel emulación de faceren todos o que viron que podía agradar a un calquera deles. Se algún ou algunha dicía “Bebamos”, todos bebían; se dicía “Xoguemos”, todos xogaban; se decía “Vamos pasear polo campo”, todos ían. Se ían cazar con falcón ou dacabalo, as damas –montadas en fermosas hacaneas⁴¹⁷, ou no seu bravo palafrén⁴¹⁸- levaba cada unha sobre do puño, xeitosamente enguantado, un gavián, un miñado ou un falcón paxareiro. E os homes levaban outros paxaros.

Tan nobremente estaban educados que non había entre eles ningún ou ningunha que non soubese ler, escribir, cantar, tocar instrumentos harmoniosos e falar cinco ou seis linguas e nelas compor tanto en verso coma en prosa. Nunca se viron cabaleiros tan arrizados, tan galanos, tan destrosa pé e a cabalo, máis vigorosos, que se movesen mellor e que mellor manexasen todas as espadas como os que alí estaban. E nunca se viron damas tan propias, tan xeitosas, menos molestas, máis expertas na man, na agulla e en todo acto femenino, honesto e libre como as que alí estaban.

Por esta razón, cando chegaba o momento no que algún deste mosteiro quería saír fóra, a petición de seus pais ou por algunha outra causa, levaba consigo unha das damas, aquela que o tiña escollido como admirador devoto, e casaban. E se tiñan vivido en Telema en admiración devota e en amizade, aínda máis a continuaban eles ni matrimonio. E seguíanse amando tanto ao final dos seus días como no primeiro día do seu casamento.

Non quero que me esqueza transcribivos un enigma que se atopou nos alicerces do mosteiro, nunha gran placa de bronce. Era tal como segue:

⁴¹⁷ Égua robusta e mansa que servía de montura de paseo para as damas. O seu nome procede de Hackney, principal feira de cabalos da rexión londinense. A mesma orixe ten a palabra *faco/faca*, aínda que esta é denominación dun cabalo e égua de menos categoría.

⁴¹⁸ Cabalo, tamén manso, utilizado para a marcha ou a caza, principalmente polas damas.

CAPÍTULO 58

Enigma en profecía

Pobres homes que esperades a felicidade,
erguede os corazóns e o meu dito escoitade.
Se se pode ben crer coa máis grande firmeza,
polos astros que aluman a nosa natureza,
que o espírito humano por el pode chegar
e as cousas vindeiras todas adiviñar,
ou se, por divina graza e contentamento,
a acadar do futuro todo o coñecemento
e poder predicir nun moi firme discurso
dos anos afastados cal vai ser o seu curso,
fago saber a todo aquel que ouvir quixera
que no inverno que ven, sen outra máis espera,
ou denantes, se cadra, aquí, neste lugar,
unha caste de homes ha nacer e medrar
que, cansos do repouso e da vagaduría,
han ir directamente e en plena luz do día
tratando de enfrontar a xente con ruindade,
buscando a diferenza e a rivalidade.
E o que queira seguilos, por eles apostar,
por moito que co tempo caro chegue a costar,
hano eles de levar a leas evidentes:
os amigos entre eles, entre eles os parentes.
E o fillo moi ousado veredes o que fai
ao se poñer en guerra contra o seu propio pai.
Mesmo os nobres ilustres, en alto lugar nados,
polos vasalos eles hanse ver atacados
e o deber do honor e o da reverenza
han perder entón toda orde e diferenza
pois han dicir daquela que é a vez de cada quen
de subir até enriba e de baixar tamén,
e sobre deste punto haberá tanta lida,
tanta forte disputa, revolta tan crecida,
como nunca unha historia recollera denantes,
mesmo por fantasía, abalos semellantes.
Entón hase de ver moito home de valor
que empuxa a mocidade, o fogo e a calor,
por ter crido de máis ese apetito louco
morrer na fror da idade vivindo así ben pouco.
E ninguén poderá deixar a ocupación
unha vez que se puxo á súa aplicación,
non sendo que este encha con liorta e con pulla
o ceo de ruídos e a terra de bulla.
Entón veremos ter a mesma autoridade
os ruíns homes sen fe e as xentes de verdade
pois todos han seguir a opinión e a crenza

da multitude parva e falta de sabenza
que ha escoller por xuíz o máis trosma e pesado.
Que diluvio nefasto, hostil e malfadado!
Eu chámolle diluvio e é un termo correcto
porque ese traballo non ha perder o efecto
nin se ha ver liberada daquel a terra enteira
até que apareza, moi rápida e lixeira,
a gran inundación que os fortes e aceirados
collerá no combate e os manterá alagados
E en boa hora sexa, pois o seu corazón,
afeito a este combate e a toda sen razón,
nin mesmo ha perdoar animais inocentes
dos que vísceras, tripas e nervios indecentes
non han parar nalgún divino sacrificio
senón ser pra os mortais proveito e beneficio.
Agora vós podedes poñervos a pensar
como todo o que eu digo ha de poder pasar
e qué paz pode ter na interquidencia fonda
o corpo que chamamos a máquina redonda.
Os máis felices, os que maior gaño han obter,
de perdela e derramala deberanse abster
e teñen que intentar dunha ou doutra maneira,
collela e dominala, facela prisioneira,
porque se por acaso ela queda tolleita
só poderá amañala que a creou tan feita.
E para fatalidade do seu triste accidente
antes de o claro sol deitarse co occidente
espallará sobre ela escuridade tal
que ha ser máis maior ca eclipse ou noite natural.
E daquela nun pulo perderá a liberdade
e do altísimo ceo favor e claridade,
ou, como mal menor, ha de ficar deserta,
mais ela, en se atopando en ruína tan certa,
teranos amosado con moi grande alboroto
máis violento, potente e rudo terremoto
que o do día en que o Etna tremelou axitado
ao ser sobre dun fillo do gran Titán lanzado,
e por máis repentino non poderá ser tido
o abalo co que Inarimea se deu del sacudido
cando como tal vehemencia Tifeo se alporizou
e para o medio do mar as montañas lanzou.
Así será en moi poucas horas relegada
a un tristísimo estado, a tal grado cambiada,
que mesmo aquela xente que a tivera algún día
aos que veñen despois ocupar deixaría.
Entón estará perto o momento propicio
de lle poñer remate a este longo exercicio
pois a auga inmensa enriba recollida
fará que cadaquén anuncie a súa partida
e malia todo isto, previa á separación,

poderase no ceo notar con distinción
a abafante calor dunha gran chama acesa
para porlle remate á auga e mais á empresa.
Queda, despois de os incidentes rematados,
que os elexidos sexan ledamente premiados,
colmados de riquezas e maná celestial,
recompensados todos con galardón leal,
e que os outros privados se vexan finalmente.
Así o quere a razón moi axeitadamente,
Para que, de terminado ese traballo e listo,
cadaquén teña axiña o destino previsto.
Tal foi o acordado e cómpre a reverencia
a aqueles que a acadaron coa súa persistencia.

Acabada a lectura deste documento, Gargantúa suspirou profundamente e díxolles aos asistentes:

-Non é de hoxe que son perseguidas as xentes que se suxeitan á crenza evanxélica, mais benaventurado sexa o que non tropece e tenda sempre cara ao fito, cara ao branco que Deus, por medio do seu querido fillo, nos prefixou, sen se deixar distraer nin desviar polas súas paixóns carnaís.

E o frade dixo:


-Que pensades vós, no voso entender, que designa e significa este enigma?

-O que? –respondeu Gargantúa- O decurso e a perseverancia da verdade divina.

-Por san Goderán! –dixo o frade- Non é tal a miña interpretación. O estilo é de Merlín o profeta. Topade nel as alegorías e os significados tan graves que queirades. E cismade niso, vós e a xente, canto queirades. Eu, pola miña banda, non penso que encerre outro sentido máis ca unha descrición do xogo da raqueta en falas escuras. Os que tratan de enfrontar a xente son os organizadores dos partidos, que polo xeral son amigos. Despois dos dous primeiros servizos sae fóra do xogo o que estaba e entra outro. Dáselle creto ao de diante, que di se a bola foi por riba ou por baixo da corda. A auga é a suor, as cordas das raquetas fanse con tripas de carneiros ou de cabras, a máquina redonda é a pelota ou a bola.. Despois do xogo adóitase reconfortarse diante dun lume vivo e mudarse de camisa, e de bo grado se banquetea, pero moito máis ledos aqueles que gañaron. E vivan as enchedelas!

Rabelais

PANTAGRUEL



Esta obra é distribuída baixo licenza [Creative Commons 2.5](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/2.5/)

Citar como:

Rabelais: *Pantagruel*. Tradución ao galego de Henrique Harguindey.

<http://palabrasdesconxeladas.com>

PANTAGRUEL
REI DOS DÍPSODAS

RESTITUÍDO AO SEU NATURAL
COS SEUS TERRIBELIS FEITOS
E PROEZAS

COMPOSTOS POLO FINADO DE
MESTRE ALCOFRIBAS
EXTRACTOR DE QUINTAESENCIA

DÉCIMA DE MESTRE HUGUES SALEL¹
AO AUTOR DESTE LIBRO

*Se por xuntar proveito con dozura
dan a un autor aprecio a conciencia,
apreciado ti has ser, cousa é segura;
e seino porque a túa intelixencia
neste libro, con moi grata sabenza,
describiu tan ben a utilidade
que a Demócrito coido realidade,
o ridor da vida terrenal cativa.
Persevera, que se alta calidade
che negan aquí embaixo, has tela enriba.*

¹ Poeta contemporáneo de Rabelais, moi reputado no seu tempo e tradutor da *Iliada*.

PRÓLOGO DO AUTOR

Ilustrísimos e cabaleirosísimos campeóns, fidalgos e outros, que de grado vos entregades a canto é elegante e honesto: hai pouco vistes, lestes e soubestes as *Grandes e inestimabeis Crónicas do enorme xigante Gargantúa*, e, como verdadeiros fieis, créstelas donosamente e pasastes nelas o voso tempo coas honorabeis damas e doncelas, contándolles en longos e fermosos relatos cando non estabades a lles facer festas, sendo por iso vós dignos de grande louvanza e memoria sempiterna.

Folgaríame moito que cada quen deixase a propia lideira, se despreocupase do seu oficio e esquecese os seus asuntos persoais, para vagar enteiramente por aquelas, sen distraimento nin estorbo ningún para outra cousa, até que fosen sabidas de cabo a rabo. Así, se por ventura a arte da imprensa desaparecera ou se acaso todos os libros pereceran, calquera podería nos tempos vindeiros aprendérllas limpamente aos seus fillos e pasárlas aos seus descendentes e sucesores como de man en man, tal unha cábala relixiosa, pois hai neles máis froito do que por ventura pensa un fato de fanfurriñeiros cheos de postelas que entenden destas alegrías aínda moito menos do que entende Raclet das *Instituta*².

Coñecín eu bo número de altos e poderosos señores que, ao iren cazar grosas feras ou ao faceren voar atrás dos patos bravos, se é que lles acontecía que non daban topado o animal seguindo as ramas partidas ou que o falcón se puña a planear e a presa lles escapaba batendo as azas, levaban unha boa amoladura, como podedes comprender. Mais o seu refuxio de conforto para non desesperaren era lembrar os inestimabeis feitos do devandito Gargantúa.

Outros hai polo mundo (e non vos son andrómenas) que, estando gravemente aflixidos das moas, despois de teren gastado todos os seus bens en médicos sen lles aproveitar nada, non deron atopado remedio máis expeditivo ca o de pór as ditas *Crónicas* entre dous lenzos ben quentes e aplicalos no lugar da dór, sinapizándoos cun pouquiño de pó de *cerollus*³.

E que hei dicir dos pobres sifilíticos e gotosos? Cantas veces os temos visto no momento en que estaban untados e engraxados de a feito e a cara lles relucía como a pechadura dunha despensa de carne, e os dentes lles tecoiteaban como fai un órgano ou unha espineta cando tocan neles, e o gargueiro lles botaba escuma coma un varrón que os aláns acurraron contra os panos! E que é o que eles facían entón? O seu único consolo era ouvir ler algunha páxina dese libro. E temos visto algúns que se encomendaban a cen pipos de vellos demos se é que non sentían alivio manifesto coa lectura do libro cando os mantiñan no limbo⁴. Nin máis nin menos como as mulleres que van parir cando lles len a vida de Santa Margarida.

Seica non é nada todo iso? Atopádeme un libro, en calquera lingua, facultade ou ciencia, que teña tais virtudes, propiedades e prerrogativas, e págovos unha ola de tripas. Non, meus señores, non! Non ten el igual, comparanza nin parangón. Sostegno iso *exclusive* deica o lume. E tende por enganosos, predestinadores, impostores e sedutores a aqueles que quixesen soste que si⁵.

Ben certo é que se encontran nalgúns libros de alto fuste certas propiedades ocultas –e entre eles están *Botagrolos*, *Orlando Furioso*, *Roberto o Diaño*, *Ferabrás*,

² Raclet debeu de ser un profesor de Dereito ao que Rabelais acusa de ser incapaz de comprender os *Instituta*, principios de Dereito Romano elaborados baixo o imperio de Xustiniano.

³ Latinización burlesca do excremento humano.

⁴ A sífilis tratábase nun sitio pechado e quentado con estufas, facendo suar os enfermos, que previamente eran untados con unguento mercurial.

⁵ Hai nesta frase unha alusión ao calvinismo, doutrina refugada por Rabelais.

*Guillermo sen Medo, Huon de Bordeaux, Mandeville e Matabruna*⁶ - mais non son comparabeis a aquel do que falamos. E a xente ben coñeceu por experiencia infalíbel o grande emolumento e utilidade que viña da dita *Crónica Gargantuína* pois os impresores venderon dela en dous meses mais do que han ser mercadas Biblias en nove anos.

Querendo, pois, eu, humilde escravo voso, aumentar aínda máis os vosos leceres, ofrézovos agora outro libro da mesma moeda, fôra que é un pouco máis equitativo e digno de fe do que era o outro. Porque non vaiades crer (se non queredes enganarvos a vós mesmos) que eu falo diso como os xudeus da Lei.

Non nacín en tal planeta nin nunca mentín nin asegurei cousa ningunha que non fose certa. Falo diso coma un rexo onocrótalo, quero dicir cutrenotario dos mártires amantes e croquenotario dos amores⁷. *Quod vidimus testamur*⁸. Son os enormes feitos e proezas de Pantagruel, a quen eu eu servín por soldada des que deixei de ser paxe ate agora que me deu permiso para vir visitar a miña aldea e saber se vivía algún meu parente.

Por tanto –e para lle dar remate a este prólogo– así como eu me encomendo en corpo e alma, tripas e boches, a cen mil cestos cheos de demos gordos se é que minto nunha soa palabra na historia toda, tamén a vós vos queime o fogo de San Antón⁹, o mal de terra vos revire, o raio vos caia, as chagas das pernas vos fagan coxear, o cagasangue vos veña,

*o mal fogo de triquitraca,
delgado como pelo de vaca,
de prata viva ben reforzado,
polo fondo vos sexa entrado,*

e como Sodoma e Gomorra caiades entremedias do xofre, do lume e do abismo, se é que non credes firmemente todo o que vos vou contar nesta *Crónica*.

⁶ Algúns destes libros existiron, outros son imaxinarios. A maior parte deles son títulos ou nomes de personaxes tirados das cancións de xesta.

⁷ Rabelais fai aquí unha serie de xogos de palabras. “Engánase” dicindo primeiro *onocrótalo* (“pelicano”) en vez de *decretalista* (doutor en Dereito Canónico). Na rectificación segue a se “enganar” e non dá dito ben a palabra *protonotario*, título dos notarios apostólicos da curia romana, que tiñan sona de gustaren moito das mulleres.

⁸ En latín “Testemuñamos o que vimos”, cita de San Xoán.

⁹ Alusión a unha serie de males (ergotismo, epilepsia, disentería, sífilis, etc.) mesturados con imprecacións populares.

CAPÍTULO 1

Da orixe e antigüidade do grande Pantagruel

Non ha ser cousa inútil nin ociosa, visto que temos vagar, lembrarnos a primeira fonte e orixe da que nos naceu o bon Pantagruel, porque vexo que todos os bos historiógrafos trataron así as súas crónicas. E non só os árabes, bárbaros e latinos senón tamén os gregos, pagáns que foron bebedores eternos.

Tendes, pois, que reparar en que no comezo do mundo (falo de hai moito, de corenta corentenas de noites, por contar á maneira dos antigos druídas), pouco despois de que Caín matase ao seu irmán Abel, a terra, embebida polo sangue do xusto, foi certo ano tan fértil en todos os froitos que nos produce nas súas entrañas —e maiormente en néspers- que se lle chamou para lembranza “o ano dos néspers gordos”, pois con tres deles enchíase o ferrado.

Naquel ano as calendas foron atopadas grazas aos breviaros dos gregos¹⁰. O mes de marzo faltou da Coresma e os mediados de agosto cairon en maio. No mes de outubro —paréceme- ou no de setembro (a ver se non me engano, que quero librarme totalmente diso) foi a semana tan nomeada nos anais á que lle chaman “a semana dos tres xoves” pois houbo tres a causa das irregularidades bisexas. O sol abaneouse para a esquerda, coma un trencó, a lúa desviou o seu curso máis de cinco varas e foi visto manifestamente o movemento de trepidación no chamado firmamento aplano. Deste xeito, a Pléiade media, deixando as súas compañeiras, declinou cara á equinocial, e a estrela chamada a Espiga deixou a Virgo, retirándose cara a Libra, o que son casos ben espantosos e materias tan duras e difíciles que os astrólogos non dan trabado neles (e ben longos terían os dentes se desen chegado deica alá).

Podédesvos figurar que a xente comía os devanditos néspers de grado, pois daba xenio velos e sabían a gloria. Mais, do mesmo xeito que Noé (o home santo ao que tanto lle debemos por nos ter plantado a viña, da que nos ven ese nectarífico, delicioso, precioso, celestial, ledó e divino licor que chamamos a pinga) se enganou ao bebelo, pois ignoraba a súa grande virtude e poder, tamén os homes e mulleres daquel tempo comían con pracer ese fermoso e gordo froito.

E mais por esta causa tiveron accidentes diversos, porque todos tiveron unha horribel inchadura no corpo. Pero non todos no mesmo sitio.

Pois algúns inchaban polo ventre, que se lles puña abombado coma un tonel. Deles está escrito “*Ventrem omnipotentem*”¹¹ e foron todos eles xente de ben e ridora. E desta raza naceron San Bandullán e Martes de Antroido.

Outros inchaban polo lombo, e tan chepudos se puñan que lles chamaban *montíferos*, é dicir *porta-montañas*. Inda se ve a algún deles polo mundo, de diverso sexo e dignidade. E desta raza saíu Esopo, de quen tendes por escrito a vida e a obra.

Outros inchaban en longura polo membro ao que lle chaman “o traballador da natureza”, de xeito que o tiñan maravillosamente longo, grande, graso, groso, verde e encrestado segundo a moda antiga. Tanto que lles servía de cinto dándolle cinco ou seis voltas ao corpo. E se é que se lles endereitaba e viña o vento de popa, teriades pensado,

¹⁰ Comeza aquí a enumeración dos “signos” que acompañaron a ese “maravilloso” ano “dos néspers gordos”. As calendas é unha división temporal romana que non se atopa nos breviaros gregos, o mes de marzo é, por forza, época de Coresma, e os mediados de agosto non poden caer en maio. A semana dos tres xoves e o abaneo do sol e demais “sorpresas” no firmamento completan o parágrafo que remata cunha ironía sobre os astrólogos.

¹¹ Parodia do “*Patrem omnipotentem*” do *Credo*.

ao velos, que era xente que viña coa lanza no riste e ía en torneo contra o estafermo¹². A raza destes perdeuse, segundo din as mulleres, que se laian todo o día porque *Xa non hai daqueles grosos*, etc. (ben sabedes o resto da canción).

Outros medraban tan enormemente en materia de collóns que tres enchían un moio. Destes descenden os “collóns de Lorena”¹³ que nunca moran na bragueta e caen ao fondo das calzas.

Outros medraban polas pernas, e teriades pensado ao velos que eran grous ou flamengos, ou xente que andaba sobre zancos de pau. E os estudiantiños chámanlles *Iambus* en gramática.

A outros medráballes tanto o nariz que semellaba o tubo dun alambique, todo variegado de cor, todo sementado de bochiñas, pululante, purpurado, chispo, todo esmaltado, todo cheo de espullas e orlado de goles¹⁴ tal e como vistes no cóengo Panzoult e en Piédebois, médico de Angers. Houbo poucos desta raza aos que lles gostase a tisana, mais todos foron amadores do puré setembrino. Nasón e Ovidio¹⁵ tiveron esta orixe, e tamén todos aqueles dos que se escribiu “*Ne reminiscaris*”¹⁶.

Outros medraban polas orellas, e tíñanas tan grandes que con unha facían perpono, calzas e saio, e coa outra cubríanse como se fose unha capa española. E dis que no Borbonesado aínda dura esta caste e de aí ven o dito de “orellas borbonesas”¹⁷.

Outros medraban ao longo polo corpo. E deles viñeron os xigantes, e destes Pantagruel.

E o primeiro foi Calbrod¹⁸,
que enxendrou a Sarabrod,
que enxendrou a Faribrod,
que enxendrou a Hortalí, que foi bo comedor de sopas e reinou no tempo do diluvio,
que enxendrou a Nemrod,
que enxendrou a Atlas, que cos seus ombreiros evitou que o ceo non caise,
que enxendrou a Goliat,
que enxendrou a Erix, o cal foi inventor do xogo dos gobiletas,
que enxendrou a Tito,
que enxendrou a Orión,
que enxendrou a Polifemo,
que enxendrou a Caco,
que enxendrou a Oto, o cal foi o primeiro en ter sífilis porque non bebera fresco no verán, segundo testemuño de Bartachín,
que enxendrou a Encelado,
que enxendrou a Coio,
que enxendrou a Tifeo,

¹² O estafermo era unha figura de madeira que o cabaleiro tiña que golpear no centro de todo, pois se non o facía ben, revirábase e batía nel cun pau que tiña.

¹³ Chufa sobre os habitantes de Lorena moi espallada na época. Cómpre dicir que a palabra “collón” non tiña sempre o sentido propio e ás veces usábase como vocábulo medio insultante e medio paternalista.

¹⁴ Na Heráldica cor vermella

¹⁵ Rabelais separa, facendo dous personaxes, o nome de Ovidio do seu alcume.

¹⁶ “Nariz” en francés escribíase *nez* e pronunciábase *né*. De aí que existise unha relación humorística de todos os tipos de nariz que incluía os *ne quando*, *ne revocas*, *ne advertas*, *ne reminiscaris*, etc que son comezos de frases da Biblia en latín.

¹⁷ Chufa sobre os habitantes do Borbonesado, esta vez.

¹⁸ Rabelais parodia o *Liber generationis Iesu Christi*, do comezo do Evanxeo segundo San Mateu. Moitos dos xigantes da enumeración son invención de Rabelais –e algúns deles son doados de recoñecer polos nomes chuscos- e outros son collidos da Biblia, da mitoloxía, das lendas ou dos libros de cabalaría.

que enxendrou a Aloeo,
 que enxendrou a Eto,
 que enxendrou a Egaio,
 que enxendrou a Briareo, que tiña cen mans,
 que enxendrou a Porfirio,
 que enxendrou a Anteo,
 que enxendrou a Agatón,
 que enxendrou a Poros, contra o que batallou Alexandre o Grande,
 que enxendrou a Arantas,
 que enxendrou a Gabbara, que foi o primeiro que inventou beber tanto,
 que enxendrou a Goliat de Secundilla,
 que enxendrou a Offot, o cal tivo un nariz terriblemente fermoso por beber no
 barril,
 que enxendrou a Artaqueo,
 que enxendrou a Oromedón
 que enxendrou a Xemmagog, que foi o inventor dos zapatos coa punta revirada,
 que enxendrou a Sísifo,
 que enxendrou aos Titáns, dos que naceu Hércules,
 que enxendrou a Enac, que foi moi experto en tirar o arador da sarna das mans,
 que enxendrou a Ferabrás, o cal foi vencido por Oliveiros, par de Francia e
 compañeiro de Rolando,
 que enxendrou a Morgante, o cal foi o primeiro deste mundo en xogar aos dados
 coas súas antiparras,
 que enxendrou a Fracassus, do cal escribiu Merlín Coccaie,
 do que naceu Ferragús,
 que enxendrou a Papamoscas, que foi o primeiro que inventou o afumar as
 linguas de boi na cheminea, pois antes a xente salgábaas como facemos cos xamóns,
 que enxendrou a Bolivorax,
 que enxendrou a Longuis,
 que enxendrou a Gaioffo, o cal tiña os collóns de bidueiro e o carallo de
 sorveira,
 que enxendrou a Comeherba,
 que enxendrou a Queimaferro,
 que enxendrou a Engolevento,
 que enxendrou a Galehaut, o cal foi o inventor das frascas,
 que enxendrou a Mirelangault,
 que enxendrou a Galafre,
 que enxendrou a Feixuco,
 que enxendrou a Roboastro,
 que enxendrou a Sortibrán de Coímbra,
 que enxendrou a Brulant de Monmiré,
 que enxendrou a Bruyer, o cal foi vencido por Oxeiro o Danés, par de Francia,
 que enxendrou a Maubrun,
 que enxendrou a Fodeburros,
 que enxendrou a Hacquelabac,
 que enxendrou a Pichadegrán,
 que enxendrou a Golagrande,
 que enxendrou a Gargantúa,
 que enxendrou ao nobre Pantagruel, meu amo.

Comprendo que ao lerdes este parágrafo teñades unha dúbida razoabel e preguntendes como é posíbel todo iso, pois que no tempo do diluvio todo o mundo perecera agás Noé e sete persoas que levaba con el na arca, entre as cales non está o dito Hurtalí.

A pregunta está ben feita e é ben evidente, sen dúbida. Mais a resposta havos contentar (se é que non teño o sentido mal calafateado). E xa que eu non estaba alí daquela para volo contar a pracer, alegareivos a autoridade dos masoretas¹⁹, hebraicos de bos collóns e de fermosa gaita, que afirman de certo que o dito Hurtalí non estaba dentro da arca de Noé –e como había dar entrada, se era grande de máis!- senón que estaba enriba, dacabalo, coas pernas escarranchadas como están os rapaciños sobre dos cabalos de madeira, e como o gordo Touro de Berna, morto en Marignan²⁰, cabalgaba montado enriba dun canón pedreiro (animal de fermosa alancada e sen falla ningunha). E dese xeito, despois de Deus, salvou el a dita arca de se afundir, pois coas súas pernas tornáballe o bambaneo e co pé facía a virada para onde el quería, como se fai co timón dun navío. Os que estaban dentro enviábanlle víveres por unha cheminea á medida, como xente agradecida polo ben que lles facía, e ás veces falaban con el, como Icaromenipo con Xúpiter segundo conta Luciano.

Entendestes ben todo? Botade daquela un bo grolo sen auga. “Porque se vós non o credes, eu tampouco”, dixo ela.

¹⁹ Os masoretas son comentaristas xudeus da Biblia.

²⁰ Na batalla de Marignan (1515), na que os franceses venceron aos suízos, un bernés –tocador de corno de touro- inutilizou varios canóns franceses nunha soada proeza antes de ser finalmente morto.

CAPÍTULO 2

Do nacemento do moi temido Pantagruel

Gargantúa, aos catrocentos oitenta corenta e catro anos de idade, enxendrou ao seu fillo Pantagruel da súa muller chamada Bocaberta, filla do rei dos amaurotes de Utopía²¹, a cal morreu do parto, pois o neno era tan maravillosamente grande e pesado que non deu saído á luz sen afogar así á súa nai.

Mais, para entenderdes de a feito a causa e razón do seu nome, reparade en que naquel ano houbo unha seca tan grande en todos os países de África, que pasaron trinta e seis meses, tres semanas, catro días, trece horas e un pouco máis sen chuvia, cunha calor do sol tan vehemente que toda a terra estaba árida e nin no tempo de Elías estivo máis abrasada do ca entón, pois non había árbore sobre da terra que tivese folla nin flor. Os prados non tiñan verde, os ríos secaran e as fontes estiñaran. Os pobriños dos peixes, privados dos seus propios elementos, vagaban e berraban horribelmente pola terra. Os paxaros caían do aire faltos de rocío²². Os lobos, os raposos, cervos, porcos bravos, gamos, lebres, coellos, donosiñas, fúñas, teixugos e outros animais, atopábanse mortos polos campos co fociño regañado.

Magoaba mirar para os homes. Teriades que telos visto coa lingua de fóra coma galgos que correron seis horas sen parar. Algúns tirábanse dentro dos pozos, outros metíanse na barriga dalgunha vaca para estaren á sombra (Homero chámalles a estes *Alibantes*). Todo o país estaba ancorado. Daba mágoa ver o traballo dos humanos para se libraren desta terrorífica sede, pois costaba abondo salvar a auga bendita nas igrexas para que non se esgotase. Mais, por consello dos señores cardeais e do Santo Padre, deuse a orde de que ninguén ousase coller senón unha mollada. E aínda, cando alguén entraba na igrexa, teriades que ver ducias de pobres sedentos viren atrás daquel que a distribuía a outro, coas gorxas abertas para poderen pillar algunha gotiña, coma o mal rico²³, a fin de que nada se perdese. Que feliz foi naquel ano o que tivo adega fresca e ben chea!

O filósofo²⁴ conta dándolle voltas á cuestión de por que é que a auga do mar é salgada, que no tempo no que Febo lle deu o goberno do seu carro lucífico ao seu fillo Faetón, este, por ser pouco aprendido nesa arte e non saber seguir a liña eclíptica entre os dous trópicos da esfera do sol, variou o seu camiño e se achegou tanto á Terra que secou todas as rexións subxacentes, queimando unha grande parte do ceo, a que os filósofos chaman *Vía Láctea* e os lapabroas denominan *Camiño de Santiago*, en tanto que os máis empoleirados poetas din que é a parte onde caíu o leite de Xuno cando aleitou a Hércules.

Tanto queceu, logo, a Terra, que lle veu unha suor enorme, de onde saíu o mar, que por esta causa é salgado como toda suor é. E habédesme dar a razón se é que probades a vosa, ou a dos sifilíticos cando os fan suar, éme o mesmo.

Pois case igualiño pasou no ano devandito, porque un venres no que todo o mundo estaba en devoción e facía unha procesión con moitas ladaíñas e rogativas

²¹ En *Utopía*, país imaxinado por Tomás Moro no libro do mesmo título, aparece moitas veces a vila de Amaurote. Os amaurotes aparecerán tamén en *Pantagruel* e mais en *Gargantúa*. Tanto *Utopía* como *amaurotes* son palabras de orixe grega que significan “ningún lugar” e “difícil de ver” respectivamente.

²² San Agostiño mantiña que era debido á humidade o que se sostivesen os paxaros na parte inferior do aire, ao ser esta máis densa.

²³ Alusión a unha pasaxe do Evanxeo.

²⁴ Empédocles, segundo Plutarco.

suplicándolle a Deus omnipotente que os mirase con ollos clementes en tal desventura, víronse claramente saír da terra grosas pingas de auga como cando alguén súa copiosamente. E o pobre do pobo comezou a se alegrar como se fose unha cousa que lle aproveitase a el, pois había quen dicía que non había nin pinga de humidade no aire que fíxese esperar chuvia e que a terra suplía agora esa falta. Os outros sabios dicían que era chuvia das Antípodas, como Séneca narra no cuarto libro das *Questionum naturalium*²⁵ ao falar da orixe e nacemento do Nilo. Mais enganáronse porque, ao que a procesión acabou, cando todo o mundo quixo recoller algo desta orballada e beber a potes, atopáronse con que non era senón salmoira, peor e mais salgada ca a auga do mar.

E pois que nese mesmo día naceu Pantagruel, seu pai púxolle tal nome porque *Panta* en grego é tanto como dicir *todo* e *Gruel* en lingua agarena é tanto como *sedento*²⁶. Quería el sinalar que no intre so seu nacemento o mundo estaba todo sedento, e vía tamén como espírito profético que un día había ser dominador dos sedentos, o que lle foi mostrado no mesmo intre por outro signo máis evidente. Porque, entrementes que a súa nai Bocaberta o paría e as parteiras se dispuñan a recibilo, saíron primeiro do seu ventre sesenta e oito arrieiros, cada un tirando pola súa arreata un mulo carregado de sal, despois dos cales saíron nove dromedarios carregados de anguías, e logo vintecinco carradas de porros, allos, cebolas e ceboliños, o que espantou ben as parteiras. Mais algunha delas dixo:

- Velaí unha boa provisión! Até agora bebiamos pouco, non como tanta xente que somos. E todo isto tira polo viño, así é que é bo sinal!

E cando cacarexaban estas cousiñas entre elas velaí que sai Pantagruel, todo peludo coma un oso. E unha delas dixo con espírito profético:

- Naceu con todo o pelo: ha facer cousas maravillosas. E, se é que dá vivido, ha chegar a vello.

²⁵ No terceiro libro, non no cuarto.

²⁶ Etimoloxía fantástica. *Pantagruel* era o nome dun demiño que, nas representacións populares dos “misterios” do século XV, botaba sal na boca dos bébedos mentres durmían e personificaba a sede.

CAPÍTULO 3

De canto dó tivo Pantagruel pola morte da súa muller Bocaberta

Cando Pantagruel naceu, quen ficou ben asombrado e perplexo foi Gargantúa, seu pai. Si, porque vendo por unha banda morta a súa muller Bocaberta e pola outra nacido o seu fillo Pantagruel –tan fermoso e tan grandeiro- non sabía o que había dicir e o que había facer. E a dúbida que turbaba o seu entendemento era saber se debía chorar, en dó pola súa muller, ou rir, alegrándose polo seu fillo. Por unha banda e mais pola outra tiña argumento lóxicos que o afogaban, pois os facía moi ben *in modo et figura* mais non os daba resolto, e deste xeito atopábase preso coma o rato na rateira ou o miñado pillado no lazo.

- Chorarei? –dicía- Si. E por que? A miña muller, que era tan boa, morreu. Ela que era a máis aquelada que houbo no mundo. Xa nunca a hei ver! Nunca hei dar atopado outra coma ela! É a maior perda que puiden ter! Ai, meu Deus: que che fixen eu para me castigares así? Por que non me enviaches a morte a min primeiro ca a ela? Vivir sen ela é esmorecer. Ai, Bocaberta, ti eras a miña queridiña, a miña bonitiña, a miña coníña –e mais medía ben vintecinco ferrados e dez varas- a miña preñiña, a miña braguetiña, a miña chineliña, a miña pantufiña! Xa non te hei ver máis nunca! Ai, pobriño Pantagruel, perdiches a túa nai tan boa, a túa nodriza tan doce, a túa dama tan benquerida! Ai, morte treidora, es ben malévola e aldraxante para min ao me lebares a aquela a quen por dereito lle pertencía a inmortalidade!

E mentres dicía isto choraba coma unha vaca, mais de repente ría coma un cuxo cando lle acordaba Pantagruel.

- Ah, meu filliño –dicía- meu collonciño, meu peño, que guapiño es! Moito lle agradezo a Deus que me dese un fillo tan fermoso, tan alegre, tan ridor e tan bonito! Ha, ha, ha, ha! Que contente estou! Bebamos! Ha, ha, ha! Deixemos a melancolía. Trai o melloriño, lava os vasos, pon o mantel, bota a estes cans, aviva ese lume, prende a candeia, pecha esa porta, corta esas sopas, manda a eses pobres, dalles o que piden! Toma o meu manto, que así, co perpono só, hei festexar mellor ás comadres!

Cando dicía isto, ouvíu a ladaíña e os *Mementos* dos cregos que levaban enterrar a súa muller, polo que deixou estas falas e de repente embebeceuse noutra cousa dicindo:

- Deus e Señor: heime seguir atristando? Iso me anoxa. Xa non son mozo e vou indo vello. É idade perigosa e podo coller unha febre! Póñome tolo! A fe de cabaleiro, mellor é chorar menos e beber máis! Miña muller morreu. Pois ben -por Deus! (e permitídemme xurar)- non a hei resucitar co meu pranto. Ela está ben: está no Paraíso polo menos, se é que non está aínda mellor. Está a pregarlle a Deus por nós. É ben feliz ao non se ter que ocupar das nosas miserias e calamidades! Nós témolas sempre enriba! Deus ampare ao que queda! Cómpre que pense en atopar outra.

Velaí o que habedes facer... -díxolles ás parteiras- Onde estades, boa xente, que non vos vexo?... Habedes ir ao enterro mentres que eu arrolo aquí ao meu fillo, porque me sinto moi alterado e podería caír enfermo. Pero botade primeiro un bo grolo, que vos ha prestar, a fe que mo podedes crer.

Obedeceron elas e foron ao enterro e mais ao funeral, e o pobre de Gargantúa quedou na casa. E, entre tanto, fixo, para ser gravado, o epitafio da maneira que segue:

MORREU POR UN MAL PARTO A NAI DE PANTAGRUEL,
A NOBRE BOCABERTA DE BELEZA TAMAÑA,
POIS O ROSTRO QUE TIÑA SEMELLABA UN RABEL²⁷,
O SEU VENTRE
ÁS DE SUÍZA E O SEU CORPO ÁS DE ESPAÑA²⁸.
ROGADE A DEUS QUE LLE SEXA PROPICIO
E A PERDOE SE É QUE SE PROPASOU.
VELAÍ O CORPO QUE VIVIU SEN VICIO
E MORREU NO MOMENTO EN QUE FINOU²⁹.

²⁷ O rabel, instrumento de música antecesor do violino, levaba talladas caras grotescas.

²⁸ As suízas pasaban por teren panza e as españolas por seren fracas.

²⁹ Frase humorística corrente na época, como a derradeira do capítulo 2.

CAPÍTULO 4

Da infancia de Pantagruel

Atopo nos antigos historiógrafos e poetas que houbo quen naceu neste mundo de maneira ben estraña e que sería moi longa de contar. Lede o libro VII de Plinio se tendes vagar. Pero nunca na vida tendes ouvido unha tan maravillosa como a de Pantagruel, pois é difícil crer o que tal medrou en corpo e forza en pouco tempo. E non foi nada o de Hércules, que cando estaba no berce matou as dúas serpes, porque elas eran pequeneiras e fráxiles. Pantagruel si que fixo cousas terribéis cando aínda estaba no berce.

Deixo dito, namais, que en cada unha das súas comidas, zugaba o leite de catro mil seiscentas vacas, e que en facer un cazolo para lle ferver as papas ocupáronse os caldeireiros todos de Saumur do Anjou, de Villedieu da Normandía e de Bramont da Lorena, e que lle daban esas papas nunha gran pía que inda agora está en Bourges, perto do palacio. E como tiña xa os dentes tan medrados e enfortecidos, rompeu con eles un anaco da tal pía, como ben se pode ver.

Un día, cara á mañán, cando querían que mamase dunha das vacas (pois non tivo nunca outras nodrizas, como di a historia), ceibouse das amallosas que lle ataban un brazo ao berce e colleuvos a tal vaca por baixo do xarrete e comeulle os dous ubres e a metade do bandullo, co figado e os riles. E houbboa devorar enteiriña se non fose que ela berraba horribelmente, como se os lobos a tivesen presa polas patas. A xente acudiu aos berros e tiroulle a vaca a Pantagruel, mais non soubo facelo de xeito que non lle quedase o xarrete como el o tiña. E Pantagruel comeuno tan ben como fariades vós cunha salchicha, e cando quixeron tirarlle o oso, papouno ao dereito como faría o corvo mariño cun peixe pequeno. E despois púxose a dicir: “Bo! Bo! Bo!” (porque aínda non sabía falar ben) querendo dar a entender con iso que o atopara moi bo e que lle seguisen dando máis. Vendo iso, os que o servían atárono con grosas amarras como as que fan en Tain para a viaxe do sal de Lyon³⁰, ou como as da grande nave *Françoise*, que está no porto de Grâce, na Normandía³¹.

Pero unha vez que un gran oso que seu pai criaba escapou e veu lamberlle a cara –pois as nodrizas non lle limparan ben os fociños- ceibouse das devanditas amarras tan doadamente como Sansón dos Filisteos e colleuvos ao señor oso e partiuno en pedazos coma a un polo e comeuno como un falcón chapa en quente os anacos que lle dan en recompensa pola súa caza.

Temendo por isto Gargantúa que se mancasse, mandou facer catro grosas cadeas de ferro para atalo e mandou poñer arcobotantes bem afustados no seu berce. E unha destas cadeas téndelas en La Rochelle –a que levantan pola tardiña entre as dúas torres do porto- outra en Lyon, outra en Angers³², e a cuarta foi levada polos demos para ataren a Lucifer, que se desencadeara naquel tempo a causa dun cólico que o atormentaba extraordinariamente por ter comido guisada no almorzo a alma dun alguacil. Podedes, logo, crer o que di Nicolás de Lira sobre o párrafo do *Salterio* onde

³⁰ En Tain, no Ródano, había un depósito de sal que se transportaba por barco.

³¹ *La Grande Françoise*, de 2.000 toneladas, era o maior barco construído até entón en Francia. Acabado en 1527, non foi botado até 1533 no porto de Le Havre de Grâce (hoxe Le Havre), porto que fora fundado por Francisco I^o. Desafortunadamente, o *Françoise* foi destruído na súa botadura por unha tempestade.

³² As cadeas que agora cita Rabelais existiron. En La Rochelle, a primeira delas pechaba o porto entre as torres, que aínda hoxe se poden visitar, e os restos ds cadea figuran nun museo da cidade. As outras dúas cadeas pechaban ríos como o Saône en Lyon e o Maine en Angers.

está escrito “*Et Og regem Basan*”³³ e é que o tal Og, sendo aínda pequeno, era tan forte e robusto que cumpría atalo con cadeas de ferro ao seu berce. E que así quedou sosegado e pacífico pois non podía romper tan doadamente as cadeas. Non tiña sitio, mesmamente, para dar sacudido os brazos

Mais velaí que chegou o día dunha gran festa na que seu pai, Gargantúa, daba un bo banquete a todos os príncipes da súa corte. E coido que todos os criados estaban tan ocupados en servir o festín que ninguén se lembraba do pobre de Pantagruel e este quedaba así *a reculorum*³⁴.

E que fixo el?

Que fixo, meus amigos?

Escoitade.

Tentou crebar as cadeas do berce cos brazos, mais non deu porque eran fortes de máis. Daquela espernexou tanto que rompeu cos seus pés o cabo do berce –e iso que estaba feito dunha trabe de sete palmos de ancho- e, así que deu posto os pés fóra, baixouse o mellor que puido, de xeito que tocaba cos pés no chan. Entón, con moita paciencia, ergueuse levando o berce atado ao lombo, coma unha tartaruga que sobe por un muro. Ao velo parecía unha grande carraca³⁵ de cincocentas toneladas posta de pé. Deste xeito entrou ardidamente na sala onde se facía o banquete e espantou ben a asistencia, mais, como tiña os brazos atados dentro, non podía coller nada para comer e, con grande traballo, inclinábase para, como moito, pillar un bocado coa lingua. Vendo isto, seu pai comprendeu que o deixaran sen lle dar de comer e ordenou que lle tirasen as cadeas, seguindo o consello dos príncipes e señores asistentes. E mais porque os médicos de Gargantúa dixeran que se o mantiñan así no berce, toda a vida había padecer de pedras.

Ao que estivo desencadeado fixérono sentar e deuse unha boa panzada. E despois escachizou o seu berce en máis de cinco centos mil anacos co puñazo que deu no medio, alporizado, prometendo que no había volver nunca a el.

³³ “ E Og, rei de Basan”. Nicolás de Lira, franciscano italiano do século XIV, comentarista da Biblia, a propósito do *Deuteronomio* (non dos Salmos) métese cos comentaristas hebreos. Estes alteraran o texto bíblico transformando o leito de Og, de nove cóbados de alto, nun de trinta cóbados.

³⁴ En latín escolar “arredado, arrecuado”.

³⁵ Gran barco, típico do Mediterráneo.

CAPÍTULO 5

Dos feitos do nobre Pantagruel nos seus anos mozos

Así medraba Pantagruel dun día para outro, e a simple vista notábase que lle prestaba, polo que seu pai alegrábase con natural afecto. E cando era pequeno mandou que lle fixesen unha balesta para que enredase cos paxariños (aínda hoxe lle chaman a grande balesta de Chantelle³⁶).

Despois mandouno á escola para que aprendese e pasase a súa mocidade.

Foi así estudar a Poitiers³⁷ e aproveitoulle moito. E vendo que alí os estudantes tiñan momentos de lecer e non sabían en que pasar o tempo, doeuse deles. E un día colleu dun penedal grandísimo que lle chaman Passelourdin³⁸ unha pena de doce varas de contorno e catorce palmos de espesor e púxo a ben postiña no medio dun campo, enriba de catro piares, para que eses estudantes, cando non tivesen outra cousa que facer, pasasen o tempo subidos na tal pena fartándose de viño, xamón e mais empanada e escribisen nela os seus nomes cun coitelo. É a que hoxe chaman *Pedra Levantada*³⁹. E, en memoria disto, ninguén deica hoxe é inscrito na Universidade de Poitiers se non bebeu antes na fonte cabaleira de Croustelles⁴⁰, pasou por Passelourdin e subiu á *Pedra Levantada*.

Logo, ao ler el as fermosas crónicas dos seus devanceiros, atopouse con que Geoffroy de Lusignan, chamado “Geoffroy o do dente grande⁴¹”, abó do primo político da irmá máis vella da tía do xenro do tío da nora da súa sogra, estaba enterrado en Maillezais. Entón, colleu un día de vagar para o ir visitar como home de ben. E marchou de Poitiers con algúns compañeiros, pasando por Ligugé (onde visitou ao nobre abade Ardillon), por Lusignan, por Sanxay, por Celles, por Coulonges, por Fontenay-le-Comte (onde saudou ao douto Tiraqueau) e de alí chegaron a Maillezais, onde visitou o sepulcro do tal “Geoffroy o do dente grande”. Cando viu o retrato deste tivo algo de medo, pois está na imaxe dun home furioso que ten o sabre medio desembaiñado, e preguntou a causa diso. Os cóengos do lugar dixéronlle que non había outra causa senón a de *Pictoribus atque poetis*, etc⁴² (é dicir, que os pintores e poetas teñen liberdade para pintaren a pracer o que queren) mais el non se contentou coa resposta e dixo:

- Non está pintado así sen causa ningunha. Para min que se cadra lle fixeron algunha aldraxe cando morreu e está a pedir aos seus parentes que o vinguen. Heime enterar mellor do asunto e facer o que sexa preciso.

Despois volveuse, mais non para Poitiers porque quixo visitar as outras universidades de Francia. Así ao pasar por La Rochelle meteuse ao mar e foi a

³⁶ Debeu existir algún artefacto guerreiro, ao que alude Rabelais, relacionado con este castelo que foi logo arrasado por Francisco I^o.

³⁷ Comeza a camiñada polas universidades francesas do seu tempo. Para algúns, este capítulo contén importantes datos autobiográficos. Outros pensan que a viaxe é fundamentalmente burlesca e que Rabelais non tivo coñecemento directo de todas estas universidades.

³⁸ Unha gruta que hai na beira do río Clain.

³⁹ Existe aínda este dolmen, deteriorado no século XVIII.

⁴⁰ Aldea de perto de Poitiers que debeu contar con algunha fonte célebre.

⁴¹ Barón turbulento do século XIII así chamado, segundo a tradición, por lle saír un dente fóra da boca. Era fillo da fada Melusina, segundo recolle Jean d'Arras no relato que narra os feitos daquela e dos seus fillos.

⁴² Cita da *Arte Poética* de Horacio.

Bordeaux, lugar onde non atopou grande labor senón gabarreiros que xogaban ás lucas no areeiro⁴³.

De alí foi a Toulouse, onde aprendeu moi ben a bailar e a manexar a espada coas dúas mans, como é uso dos estudantes desa universidade, mais non se demorou moito no lugar cando viu que facían queimar vivos aos seus profesores como arengues afumados⁴⁴. E dixo:

- Deus me garde de morrer así, que xa son sedento abondo por natureza sen que me quenten de por parte.

Despois foise a Montpellier, onde atopou moi bos viños de Mirevalx e leda compañía, e pensou en se pór a estudar Medicina, mais considerou que a profesión era rallante por demáis e melancólica e que os médicos cheiraban á lavativa como demos vellos⁴⁵.

Quixo, polo tanto, estudar leis pero, ao ver que nese lugar non había como lexistas máis ca tres tiñosos e un pelado, marchou de alí. De camiño fixo a ponte do Gard e o anfiteatro de Nimes⁴⁶ en menos de tres horas (o que semella, con todo, obra máis divina ca humana) e foise para Avignon, onde non estivo tres días sen ter amoros, pois como é terra papal as mulleres gostan de xogar co aperta-grupas⁴⁷.

Ao que viu isto, o seu preceptor, chamado Epistemón, tirouno de alí e levouno para Valence, no Delfinado, mais viu que nese lugar non había grande labor e que os lampantíns da vila mallaban nos estudantes, cousa que o alporizou⁴⁸. E un bo domingo que todo o mundo estaba a bailar na praza, un estudante quixo tamén facelo e aqueles lampantíns non llo permitiron. Ao ver iso, Pantagruel botouse contra deles e perseguiunos até a beira do Ródano con mentes de os facer afogar a todos, mais eles afociñáronse contra o chan como toupeiras ben entrada media legua debaixo do río. Aínda hoxe existe o furado no sitio.

Marchou logo de alí e en tres pasos e un chouto chegou a Angers, onde se atopaba moi ben e tería quedado un bo anaco de non ser que a peste os botou⁴⁹.

Así foi parar a Bourges, onde estivo unha boa tempada e aproveitou moito da facultade de Leis. E dicía el, ás veces, que os libros de leis lle semellaban unha fermosa roupaxe de ouro, trufante e maravillosamente preciosa mais orlada de merda.

- Porque –dicía- non hai no mundo libros tan fermosos, tan adornados e tan elegantes coma os textos das *Pandectas* mais a súa orla –a saber, a glosa de Accursio⁵⁰– é tan suxa, tan infame e fedorenta, que non é senón porcaría e vileza.

Ao marchar de Bourges foise para Orleáns e alí atopou un eito de rexos estudantes que o recibiu con moito agasallo, e en pouco tempo aprendeu con eles a xogar á raqueta⁵¹ e a dominala, pois os estudantes desta vila exercítanse moito nese

⁴³ A universidade de Bordeaux era pouco activa daquela. *As lucas* é unha denominación popular das cartas e era tamén un xogo de orixe española que se practicaba con elas.

⁴⁴ A universidade de Toulouse, célebre pola súa facultade de Dereito, era tamén un feudo da intolerancia. Jean de Cahors, profesor de Dereito, foi queimado vivo en 1532 (o ano da aparición do *Pantagruel*) por unha conversa sospeitosa de contido herético luterano.

⁴⁵ Con Montpellier tivo Rabelais unha brillante relación. Alí aprendeu a Medicina (que o apaixonaba), deu a coñecer directamente do grego a Hipócrates e a Galeno, e se doutorou.

⁴⁶ Célebres monumentos romanos.

⁴⁷ Avignon, que pertenceu á Santa Sé até a Revolución Francesa, era lugar de costumes relaxados.

⁴⁸ Estes enfrontamentos entre os estudantes e os habitantes das vilas eran xeneralizados en todas as universidades.

⁴⁹ Houbo en 1530 e 1532 epidemias de peste nesta rexión.

⁵⁰ Rabelais, como humanista, está polo coñecemento directo dos textos, dos orixinais, e non polo indirecto a través de glosas, como fora hábito na Idade Media. Accursio foi un dos máis célebres comentadores dos textos xurídicos.

⁵¹ Non había menos de corenta lugares para xogar á raqueta en Orleáns, nesa época.

xogo. E ás veces levábano eles ás illas para que se divertise no xogo de menear as bolas. Tocante a romperse a cabeza estudando, non o facía moito, por medo a que a vista lle diminuíse. Canto máis que certo profesor repetía nas súas lecturas que non hai cousa tan contraria á vista como a enfermidade dos ollos. E o día no que se licenciou en leis un estudante seu amigo, que non tiña máis ciencia ca o seu alcance pero que en compensación sabía moi ben bailar e xogar á raqueta, fixo el o blasón e a divisa dos licenciados por ese universidade dicindo:

*A pelota na bragueta,
na súa man unha raqueta,
unha lei sobre a corneta⁵²
e un baile baixo o talón:
velaí tes un doutorón.*

⁵² Banda de tafetán negro que se levaba arredor do pescozo e pendía até o chan e que era o distintivo dado por Francisco Iº aos doutores en leis e medicina.

CAPÍTULO 6

*Como Pantagruel atopou un lemosino que arremedaba a lingua francesa*⁵³

Un día, non sei cando, despois de cear, paseaba Pantagruel con algúns compañeiros arrentes da porta pola que se vai a París e atopou un bonito estudante que viña por ese camiño.

Despois de se saudaren, preguntoulle el:

– Meu amigo: de onde ves a esta hora?

E o estudante respondeulle:

– Da nutriz, ínclita e célebre academia vocitada Lutecia.

– Que é o que di? – preguntoulle Pantagruel a un dos seus.

– De París –respondeulle este.

– Ves logo de París? –preguntou- En que pasades o tempo os estudantes parisienses?

–Transfretamos o Sequana no dilúculo e no crepúsculo. Deambulamos polos cómpitos e cuadrivías da urbe. Despumamos a verbocinación do Lacio e, como verisímiles amorabundos, captamos a benevolencia do omníxuíz, omníforme e omníxeno sexo feminino. Algúns diéculos, invisamos os lupanares e, en éxtase venéreo, inculcamos as nosa uretras nos penitísimos recesos das pudendas das meretrículas amabilísimas. Despois, cauponizamos boas espátulas verbecinas perforaminadas de petrosil nas tabernas meritorias de La Pomme de Pin, Le Château, La Madeleine e La Mule⁵⁴. E se, pola forza da fortuna, hai rareza ou penuria de peculio nos nosos marsupios e están exhaustos de metal ferruxinoso para poder escotar, dimitimos pignorados os nosos códices e hábitos, prestolando os tabelarios que veñan dos penates e lares patrióticos.

Ao ouvilo, dixo Pantagruel:

– Que demo de linguaxe é esa? A fe que ti es algo herético!

– Non, meu señor –respondeu o estudante– pois libentísimamente, ao que iluesce unha minútula lesca do día, demigro a un de tantos e tan ben arquitectados mosteiros e ali, irrorándome de boa auga lustral, rillo algunha tallada de harmoniente precación dos nosos sacrificulos e, refungando as miñas préculas horarias, elúo e abstergo a miña ánima dos seus inquinamentos nocturnos. Reverencio os Olímpícolas. Venero latrialmente o superno Astripotente. Diligo e redamo os meus próximos. Servo os prescritos decalóxicos e, segundo a facultátula das miñas vires, non me aparto deles nin o lato unguícola. Ben veriforme é que, por causa de que Mammona non superguxita unha chisca nos meus lóculos, me atopo un pouco raro e lento á hora de supererogarlle elimósinas aos exenos que queritan o seu estipo hostiatamente.

- Merda e remerda! –púxose Pantagruel– Que quere dicir o tolo este? Penso que nos está a fabricar unha linguaxe diabólica e nos está a botar algún encantamento.

⁵³ O lemosino, habitante da vila ou da rexión de Limoges (zona de fala occitana), remeda a fala dos estudantes parisienses e derrama coma eles –na opinión de Rabelais– o latín e mais o francés. Non traducimos deliberadamente este latín macarrónico. Seméllanos que o autor buscaba a incompreensión e a ampulosidade pedantesca mediante a acumulación de cultismos non usuais e de palabras esdrúxulas que lles imprimen ás linguas románicas un ritmo chocante. Este procedemento é moi usado pola literatura popular e de autor como fonte de diversión e bulra.

⁵⁴ A máis destas tabernas célebres (algunha frecuentada xa por François Villon no século XV), no parágrafo citábanse, nas edicións anteriores do *Pantagruel*, os nomes dalgúns lupanares moi frecuentados polos estudantes.

Ao que un dos seus lle dixo:

- Señor, seguro que este galán quere remedar a lingua dos parisinos, mais non fai senón esfolar o latín. Coida así pindarizar⁵⁵ e seméllalle que é un grande orador porque desdeña o uso común de falar.

Ao que dixo Pantagruel:

- É certo iso?

Respondeulle o estudante:

-Señor micer⁵⁶, non foi nato o meu xenio apto para o que di este flaxitoso nebulón –escoriar a cutícula da nosa vernácula gálica– senón que viceversamente eu navo ópera e, con velas e remos, enítome en locupletala coa redundancia latinícoma.

-Meu Deus! –dixo Pantagruel– Heite aprender eu a falar! Mais...respóndeme primeiro: de onde es?

Ao que respondeu o estudante:

- A orixe primeira dos meus avos e átavos foi indíxena das rexións lemóvicas onde requiesce o córpore do axiotato San Marcial.

- Entendo –dixo Pantagruel- Ti es lemosino, con todo e por todo, e poste a remedar aos parisienses. Pois, ven aquí que che dea unha piña!

E daquela colleuno polas gorxas dicíndolle:

- Estás a esfolar o latín. Voute facer vomitar, San Xoán me valla, porque te vou esfolar vivo eu a ti!

Entón, comezou o pobre do lemosino a dicir:

- *Vée dicou, gentilastre! Ho! Saint Marsault adjuda mi! Hau, hau, laissas a quau, au nom de Dious, e ne me touquas grou*⁵⁷

E díxolle Pantagruel:

- A esta hora falas xa con naturalidade!

E deixouno así, pois o pobre do lemosino cagábase polas calzas, que estaban cortadas como rabo de bacallao e non levaban fondo. Por isto púxose Pantagruel:

- San Alipentino me valla, que cheirume! Semella un gato bravo! Leve o demo a este mascarrábanos⁵⁸!

E deixouno.

Mais aquel tivo tal remordemento toda a súa vida, e quedoulle tanta sede, que dicía moitas veces que Pantagruel o levaba colleito polas gorxas. E despois dalgúns anos morreu da morte de Rolando⁵⁹, por vinganza divina, o que nos demostra o que din o filósofo e mais Aulo Xelo, que nos convén falar coa linguaxe usual, e, como dicía Octavio Augusto, que cómpre evitar as palabras abandonadas coa mesma habilidade con que os patróns dos barcos evitan os baixos do mar.

⁵⁵ Imitar o estilo oratorio de Píndaro.

⁵⁶ Termo respectoso provenzalizante.

⁵⁷ O parágrafo, traducido do lemosino, diría así: “Ei, escoitade, nobre señor! Ai! Vállame San Marcial! Ai, ai, déixádeme, en nome de Deus, e non me toquedes”.

⁵⁸ Así eran alcumados os lemosinos por seren os rábanos alimentos básicos na súa mantenza.

⁵⁹ Segundo unha tradición popular, Rolando tería morto de sede en Roncesvales.

CAPÍTULO 7

De como Pantagruel veu a París e dos fermosos libros da biblioteca de Saint-Victor

Despois de ter estudado moito e ben en Orléans, Pantagruel decidiu visitar a grande universidade de París. Mais antes de marchar avísaronos de que na igrexa de Saint-Aignan, no propio Orléans, había unha enorme e grosa campá que levaba no chan douscentos catorce anos, pois era tan grosa que ningún aparato era quen de a erguer, nin mesmo un pouquiño. E iso por moito que se tivesen aplicado xa todos os medios que din Vitrubio en *De architectura*, Alberti en *De re aedificatoria*, Euclides, Arquímedes, Taón e mais Herón en *De ingeniis*⁶⁰, pois nada diso serviu. Entón el, sempre tan dado a satisfacer as humildes peticións dos cidadáns e habitantes desa vila, decidiu levala á torre para o que estaba destinada.

Foise, logo, ao lugar onde estaba e levantouna do chan co dedo meniño tan doadamente como poderiades vós facelo cun axóuxere dos que se lle poñen aos gabiáns⁶¹. Mais, antes de a levar á torre, Pantagruel quixo tocar con ela unha alborada pola vila e facela soar polas rúas todas levándoa da súa man. Todo o mundo se puxo moi ledos pero por causa disto houbo un prexuízo ben grande, pois de levala así e facela soar polas rúas todo o bo viño de Orléans se avolveu e se botou a perder. A xente non se decatou até que foi noite entrada, pois daquela todos sentiron tanta sede por teren bebido este viño avolto que non facían senón cuspir tan branco como algodón de Malta, dicindo: “Temos o Pantagruel. Temos as gorxas salgadas⁶².”

Feito isto, foise a París coa súa xente. E, ao que entrou, todo o mundo saíu fóra da casa para velo (xa sabedes que o pobo de París é parvo por natureza, tanto se o colledes polo dereito como polo revés) e miraba para el apampado e non sen medo de que levase o Palacio Real para outra parte, para algún país remoto, igual que seu pai levara as campás de Notre Dame para pendurar no pescozo da súa besta.

E despois de que morou alí algún tempo e estudou moi ben as sete artes liberais, dicía que era unha vila boa para vivir, mais non para morrer porque os mendigos dos Santos Inocentes quentábanse o cu cos osos dos mortos⁶³. E encontrou magnífica a biblioteca de Saint-Victor, o mesmo que algúns libros que atopou nela. Velaquí o repertorio deles, *et primo*⁶⁴:

⁶⁰ Autores todos da Antigüidade –non sendo Alberti, arquitecto italiano do século XV– e gregos todos agás o romano Vitrubio. Destacaron no campo da enxeñaría, da matemática, da física e da arquitectura.

⁶¹ Atábanselles axóuxeres nas patas ás aves de presa para podelas recuperar.

⁶² Ver nota 25.

⁶³ O cementerio dos Inocentes estaba sobrecargado e os osos eran exhumados e amoreados en osarios a carón dun mercado no que había sempre numerosos mendigos.

⁶⁴ A biblioteca da abadía de Saint-Victor –de cóngos regulares– era famosa. O catálogo fornecido por Rabelais é, evidentemente, fantástico. A falta de podermos dar as ducias de notas necesarias para a cabal delectación da sátira, diremos que: a) os títulos van ensarillados entre eles polo sentido, pola forma ou polo tipo de personaxe ao que aluden; b) o latín dos títulos é as máis das veces burlesco e macarrónico; c) en moitos títulos satirízase a práctica abusiva, común en moitos libros da época, de mesturar na denominación obxectos materiais con intencións espirituais; d) á beira de expresións de claro contido escatolóxico ou sexual, abundan outras nas que a alusión está máis velada; e) son principal obxecto de bulra os inimigos dos humanistas, principalmente os teólogos e escolásticos (coa Sorbona á cabeza en Francia e o Papa en Roma), os falsos beatos, as ordes relixiosas (ás que acusa de corrupción, gula e outros defectos), os xuristas (maiormente os do Dereito Canónico), etc; f) moitos dos personaxes citados existiron, mais outros son nidiamente ficticios; g) a abreviatura M. nos títulos latinos significa *Magister* e a abreviatura M. N. *Magister Nostrum*, tratamentos dos doutores en teoloxía.

“*Biga salutis*”
 “*Bragueta iuris*”
 “*Pantufla decretorum*”
 “*Malogranatum vitiorum*”
 “A pelota da Teoloxía”
 “O esteo emplumado dos predicadores”, composto por Chocalleiro
 “A pichabarrina dos cabaleiros”
 “O meimendro dos bispos”
 Mamotretus: “*De babuinis et simiis*”, cum commento Dorbellis.
 “*Decretum Universitatis Parisiensis super pectositatem muliercularum ad placitum*”
 “A aparición de Santa Xertrude a unha monxa de Poissy que estaba de parto”
 “*Ars honeste peidandi in societate*”, per M. Ortuinum
 “O mostardeiro da penitencia”
 “As polainas”, alias “As botas da paciencia”
 “*Formicarium artium*”
 “*De brodiorum usu et honestate golichandi*” per Silvestrem Prieratem, Jacospinum”
 “O corneado na corte”
 “O capacho dos notarios”
 “O paquete do matrimonio”
 “O cruxol da contemplación”
 “As andrómenas do dereito”
 “O aguillón do viño”
 “A espora do queixo”
 “*Deporcatorium scholarium*”
 Tartaretus: “*De modo cacandi*”
 “As fanfarrias de Roma”
 Bricot: “*De differentiis soparum*”
 “O cuíño da disciplina”
 “A chinela da humildade”
 “O tripeiro do bo pensamento”
 “O caldeiro da magnanimidade”
 “Os enleos dos profesores”
 “As cotobeladas dos curas”
 Reverendi patris fratris Laponi, provincialis Lingoreteriae: “*De Lambentis Farinis*”, libri tres
 Pasquilli, doctoris marmorei: “*De cervis cum cardi alcachofeiri comedendis*”, tempore papali ab Ecclesia interdicto
 “A invención da Santa Cruz” con seis personaxes, representada por finos expertos”
 “Os anteollos dos romípetas”
 Maioris: “*De modo faciendi butellos*”
 “A gaita dos prelados”
 Beda: “*De optimitate triparum*”
 “A demanda dos avogados sobre a reforma das especias”
 “O esborrachado dos procuradores”
 “Chícharos con touciño”, cum commento.

Praeclarissimi iuris utriusque doctoris Pilloti Rapaquartis: "De reparandis glosse Accursiane pasmonatas", repetitio enucidiluculidissima

"Stratagemata Francarquieri" de Bagnolet

Franctopinus: "De re militari", cum figuris Tevoti

"De usu et utilitate esfolandi equos et equas", autore M. Nostro de Quebecu.

"A rusticidade dos prestes"

M. N. Patadeburra de Rostock: "De mostarda post prandium servienda", lib. quatordecim, apostilati per M. Vaurillonis

"O agasallo dos fiscais eclesiásticos"

"Quaestio subtilissima, utrum Chimera, in vacuo bombinans, possit comedere secundas intentiones? Et fuit debatuta per decem hebdomadas in concilio Constantiense"

"A empapuxadura dos avogados"

"Esborranchamenta Scoti"

"O sombreiro alado dos cardeais"

"De calcaribus removendis decades undecim" per M. Albericum de Rosata

Eiusdem: "De castrametandis crinibus", lib. tres

"A entrada de Antonio de Leiva nas terras do Brasil"

Marforii bacalarii cubantis Rome: "De pelendis mascarendisque Cardinalium mulis"

"Apoloxía deste contra os que din que a mula do papa come somente ás súas horas"

Pronosticatio que incipit "Silvi Peloti" dato per M. N. Songecruyson

Boudarini episcopi: "De emulgentiarum projectibus enneades novem" cum privilegio papali ad trienium et postea non

"A cagada das doncelas"

"O cu pelado das viúvas"

"A carapucha dos monxes"

"Os moumeos dos padres celestinos"

"A portaxe da manducidade"

"A lareca dos lampantíns"

"A rateira dos teólogos"

"A embocadura dos mestres en artes"

"Os pinches de Ockham en simple tonsura"

Magistri N. Lapasalsam: "De investigationibus horarum canonicarum", lib. quadraginta

"Bateculum confratriarum", incerto authore

"A caverna dos larpáns"

"O fedor dos españois", supergalocanticado por Fray Íñigo

"O matavermes dos soiniñas"

"Acovardamentus rerum italicarum", authore magistro Bruslefer

R. Lullius: "De brincaderiis principium"

"Conarium beateriae", actore M. Jacobo Hochstratem, hereticometra

Apirolado: "De magistro nostrandorum magistro nostratorumque cantinis", lib. octo galantissimi

"As peidorradas dos bulistas, copistas, escribintes, abreviadores, referendarios e datarios" compilada por Regis

"Almanaque perpetuo para gotosos e sifilíticos"

"Maneriae desfeluxandi fornellos" per Eccium

"A corda dos comerciantes"

“As comodidades da vida monacal”
 “A guisotada dos beateiros”
 “A historia dos trasnos”
 “A miseria da soldada”
 “As argalladas dos provisosores”
 “A bolsa dos tesoureiros”
 “*Badallocatorium sophistarum*”
 “Antipericatametapordamphiscibrationes merdantium”
 “A limacha dos botarripios”
 “O botavento dos alquimistas”
 “A matrícola dos pedichóns”, empetada por frei Serratis
 “As trabas da relixión”
 “A raqueta dos campaneiros”
 “O esteo da vellez”
 “O betillo da nobreza”
 “A ladaíña do macaco”
 “Os grilletes da devoción”
 “A marmita das catro estacións”
 “O morteiro da vida política”
 “O axota-moscas dos eremitas”
 “O caperuzo dos penitenciarios”
 “O triquitraque dos frades godalleiros”
 Pesadus: “*De vita et honestate garridorum*”
 “*Mucetae Sorbonicae Moralisationes*”, per M. Lupoldum
 “As miudezas dos viaxeiros”
 “As pocións dos bispos portativos”
 “*Agitationes doctorum Coloniensium adversus Reuchlin*”
 “As cunchas das señoras”
 “A martingala dos esforricados”
 “*Virevoltarum recollepelotarum*”, per F. Pedebolae
 “Os zocos da valentía”
 “A mascarada dos tardos e demachiños”
 Gerson: “*De auferibilitate pape ab Ecclesia*”
 “A traíña dos nomeados e graduados”
 Jo. Dytebrodii: “*De terribilitate excommunicationum*”, libellus acephalus
 “*Ingeniositas invocandi diabolos et diabolas*”, per M. Guingolfum
 “A caldeirada dos perpetuos orantes”
 “A mourisca dos heréticos”
 “As muletas de Gaetan”
 Mollafuciños, doctoris cherubici: “*De origine papasantorum et torticollorum ritibus*”, lib. septem
 “Sesenta e nove breviarios de alta graxa”
 “O bandullazo das cinco ordes mendicantes”
 “A peletaría dos chocalleiros, extraída da Bota Amarela incornifistibulada na *Suma anxélica*”
 “O cismeiro dos casos de conciencia”
 “A andorga dos presidentes”
 “A verga asnal dos abades”
 Sutoris: “*Adversus quemdam qui vocaverat eum bribonem et quod bribones non sunt condemnati ab Ecclesia*”

“Cacatorium medicorum”
“O desfeluxador da astroloxía”
“Campi clysteriorum”, per S. C.
“O tirapeidos dos boticarios”
“O bicacús da cirurxía”
Iustinianus: *“De falsis beatiss tollendis”*
“Antidotarium animae”
Merlinus Coccaius: *“De patria diabolorum”*

Entre os cales algúns están xa impresos e os outros arestora no prelo na nobre vila de Tubinga.

CAPÍTULO 8

De como Pantagruel, estando en París, recibiu carta de seu pai Gargantúa, e copia desta

Pantagruel estudaba moito, como ben podedes ver, e aproveitáballo outro tanto, pois tiña un entendemento de dobre pregué e unha capacidade de memoria que medía doce odres en barricas de aceite. E en canto que estaba alí morando recibiu un día carta de seu pai, que lle dicía⁶⁵:

Benquerido fillo:

Entre os dons, grazas e prerrogativas con que o soberano creador, Deus todopoderoso, dotou e adornou a natureza humana no seu comezo, seméllame singular e excelente aquela pola que esta pode, pese a ser mortal, adquirir unha especie de inmortalidade e, no decurso dunha vida transitoria, perpetuar o seu nome e a súa semente, o que se fai pola descendencia saída de nós en lexítimo matrimonio. Énos, pois, así, restablecido dalgún xeito o que nos fora tirado polo pecado dos nosos primeiros pais, aos que lles foi dito que, por non teren obedecido o mandado do Creador, habían morrer, e pola morte sería reducida á nada esta forma tan magnífica coa que o home fora creado. Mais, por este medio de propagación seminal, remanece nos fillos o que se fora perdendo nos pais e nos netos o que se fora murchando nos fillos, e así sucesivamente até a hora do xuízo final, cando Xesucristo teña devolto a Deus pai o seu reino pacificado sen mal ningún nin contaminación de pecado. Han cesar entón todas as xeracións e corrupcións, e han acabar para os elementos as contínuas transmutacións visto que a tan desexada paz ha ser consumada e perfecta e que todas as cousas se han reducir á súa fin e período.

Non é, daquela, sen xusta e equitativa causa que eu dou grazas a Deus, meu conservador, por me ter permitido ollar como a miña ancianidade canosa florecía de novo na túa mocidade. Porque cando dispoña aquel que todo rexe e modera que a miña alma deixe esta morada humana, non hei considerar que morro totalmente senón que paso dun lugar a outro, pois que en ti e para ti eu remanezo na miña imaxe visíbel deste mundo, vivindo, vendo e conversando entre xentes de honor e amigos, como eu adoitaba. E esa miña conversa foi, coa axuda e a graza divina, non sen pecado – conféssoo – pois todos nós pecamos e continuamente lle rogamos a Deus que perdoe os nosos pecados, mais si sen reproche.

É por iso que, así como en ti remanece a imaxe do meu corpo, se paralelamente non relucisen os costumes da alma, non habías ser considerado como gardián e tesouro da inmortalidade do noso nome. E o pracer que había ter au ao ver isto había ser pequeno, considerando que remanecería a parte menor de min –o corpo– mentres que a maior –a alma–, aquela pola cal o noso nome remanece abenzoado entre os homes, estaría dexenerada e abastardada. E non digo isto porque teña desconfianza da túa virtude, que me foi xa demostrada antes de agora, senón para te animar a aproveitares cada día máis.

E o que estou a che escribir non é tanto para que vivas nesa conduta virtuosa canto para que, por vivir e teres vivido así, esteas ledos e collas un novo pulo semellante

⁶⁵ A carta compendia a educación humanista, coa formación nas letras e nas ciencias, o coñecemento do Universo –ou Macrocosmos– e do propio home (ese “outro mundo”) ou Microcosmos, e a lectura directa dos textos (relixiosos, médicos ou xurídicos), fronte ao tempo “gótico” das tebras, como se caracterizaba á Idade Media. O ideal do “honesto home” renacentista, no que se funden a ciencia, a tolerancia e a fe relixiosa, é o que Gargantúa lle presenta ao seu fillo.

para o futuro. Hache lembrar ben como, para acadar esa empresa, eu non aforrei medio ningún senón que che axudei como se non tivese outro tesouro neste mundo agás verte unha vez na miña vida perfectamente acabado, tanto en virtude, honradez e probidade como en todo saber liberal e honrado, e deixarte así despois da miña morte como un espello que represente a miña persoa, teu pai. E se non é dun xeito tan excelente como eu desexo canto aos feitos, si, de certo, canto ás intencións.

Aínda que o finado de meu pai, o tan lembrado Golagrande, tivera adicado todo o seu coñecemento para que eu aproveitase toda perfección e saber político e para que o meu labor e o meu estudo se correspondesen moi ben ou mesmo ultrapasaran o seu desexo, como podes comprender os tempos non eran tan idóneos e tan cómodos para as letras coma agora, e eu non tiven a abundancia de profesores que ti tiveches.

Os tempos eran aínda tenebrosos e sentíase a infelicidade e a calamidade dos godos, que destruíran toda boa literatura. Mais pola bondade divina fóronlle restituídas ás letras a súa luz e a súa dignidade estando eu vivo. E vexo niso tal cambio que agora costaríame moito traballo ingresar na primeira clase dos meniños da escola a min, que na miña idade viril tiñanme –e non se enganaban– polo máis sabio do dito século. E non digo isto por xactancia vá (aínda que podería moi ben facelo ao che escribir, como autoriza Marco Tulio no seu libro Da vellez e a sentenza de Plutarco no seu libro titulado Como un pode gabarse sen envexa) senón por che inculcar a afición a tenderes sempre máis alto.

Agora todas as ensinanzas están restauradas e as linguas restablecidas: a grega –sen a cal é vergoña que unha persoa se diga sabia– a hebraica, a caldaica e a latina. A imprensa, que foi inventada na miña época por inspiración divina –o mesmo que a artillaría foino, a contrapelo, por inspiración diabólica– ten por uso elegantes e correctas edicións. O mundo enteiro está cheo de xente sabia, de preceptores moi doutos, de bibliotecas moi vastas, e coido que nin no tempo de Platón nin no de Cicerón nin no de Papiniano houbo tal facilidade para o estudo como se ve hoxe. Vexo que os bergantes, os verdugos, os mercenarios e os palafreiros de agora son máis doutos que os doutores e predicadores do meu tempo.

Que hei dicir? Mesmo as mulleres e as rapazas aspiraron a esta louvanza e maná celeste de boa doutrina. Tanto é así que aos meus anos vinme obrigado a aprender as letras gregas, que eu non desprecei como Catón senón que non tiven ocasión de estudalas na miña mocidade. E de grado me deleito lendo as Morais de Plutarco, os fermosos Diálogos de Platón, os Monumentos de Pausanias e as Antigüidades de Ateneo, agardando a hora en que Deus meu creador dispoña chamarme e ordenarme saír desta terra.

Por isto, meu fillo, exhórtote a que empregues a túa mocidade en aproveitares ben en estudos e mais en virtudes. Estás en París e tes o teu preceptor Epistemón: un pódete adoutrinar con vivas e vocais instrucións e o outro con louvabeis exemplos. Entendo que debes aprender as linguas perfectamente. Primeiramente a grega –como quer Quintiliano– en segundo lugar a latina e despois a hebraica –para as Santas Escrituras– igual que a caldea e a árabe. E quero que, canto ao grego, formes o teu estilo a imitación de Platón, e canto ao latín a imitación de Cicerón. E que teñas toda a historia presente na túa memoria, para o que che ha axudar a cosmografía dos que a escribiron.

Tocante ás artes liberais, xeometría, aritmética e música, xa che dei algo de gosto por elas cando aínda eras pequeno e tiñas cinco ou seis anos. Prosigue o resto e coñece todos os cánones da astronomía e arrédateme, como de abuso e vaidade, da astroloxía adivinatoria e da arte de Lulio. No que fai ao dereito civil quero que saibas de arriba a abaixo os fermosos textos e que mos compares con filosofía.

E en canto ao coñecemento dos feitos da natureza, quero que te adiques a eles con curiosidade. Que non haxa nin mar nin río nin fonte dos que non coñezas os peixes, os paxaros todos do aire, todas as árbores, arbustos e matos das fragas, as herbas todas da terra, todos os metais agachados no ventre dos abismos, as pedrarías de todo o Oriente e de todo o Sur. Que nada che sexa descoñecido.

Despois, consulta con moita atención os libros dos médicos gregos, árabes e latinos, sen despreciáres os talmudistas e cabalistas, e, por medio de frecuentes diseccións, adquire perfecto coñecemento dese outro mundo que é o home. E, algunhas horas ao día, comeza a ler as Santas Escrituras, primeiro en grego o Novo Testamento e as Cartas dos Apóstolos e despois en hebreo o Vello Testamento.

En suma, que vexo un abismo de ciencia. Porque de aquí en diante, ao que sexas un home feito e dereito, has saír desa tranquilidade e repouso de estudo e has aprender a cabalaría e as armas para defenderes a miña casa e valeres aos nosos amigos en todas as súas dificultades contra os ataques dos que lles queiran facer mal.

E quero que axiña comprobes todo o que tes aproveitado, cousa que non has facer de mellor xeito senón defendendo teses sobre todos os coñecementos en debate público contra todos, e mais frecuentando a xente letrada que hai en París e noutras partes.

Mais, como segundo o sabio Salomón a sapiencia non entra en alma malévola e ciencia sen conciencia é só ruína da alma, cómpreche servir, amar e temer a Deus, e pór nel todos os teus pensamentos e esperanzas. E, pola fe formada coa caridade, estar sempre unido a el de sorte que nunca perdas polo pecado o seu amparo. Desconfía das ilusións mundanas. Non poñas o teu corazón en vaidade porque esta vida é transitoria en canto que a palabra de Deus remanece eternamente. Sé servicial con todos os teus próximos e ámaos coma a ti mesmo. Respecta aos teus preceptores. Foxe da compañía da xente á que non queres asemellar e non recibas en van as grazas que Deus che deu. E cando coides que tes adquirido todo o saber que hai aí, volve canda min para que eu te vexa e che dea a miña benzón antes de morrer.

Meu fillo, que a paz e a graza de Noso Señor estea contigo. Amén.

En Utopía, no décimo sétimo día do mes de Marzo.

Teu pai

GARGANTÚA

De que recibiu e leu esta carta, Pantagruel colleu novos folgos e puxo no corazón aproveitar máis ca nunca, de xeito que, ao velo estudar e aproveitar tan infatigablemente a agudamente, teriades dito que os libros alimentaban o seu espírito como as xestas o lume.

CAPÍTULO 9

Como Pantagruel encontrou a Panurgo, a quen estimou durante toda a vida

Un día no que Pantagruel paseaba por fóra da vila cara á abadía de Saint Antoine, parolando e filosofando coa súa xente e algúns estudantes, atopou un home de boa estatura e elegantes trazos no seu corpo todo, mais que daba mágoa do estragado que estaba por varias partes, e tan desaxeitado semellaba ter escapado dos cans. Ou mellor aínda: semellaba un dos que traballan na recolleita das mazáns no país de Perche⁶⁶.

Ao que o viu, así de lonxe, díxolle Pantagruel aos seus acompañantes:

- Vedes ese home que ven polo camiño de Charenton? A fe que el só é pobre en fortuna, pois asegúrovos que na súa fisionomía vese que a Natureza produciuno de nobre e ricaz liñaxe, mais as aventuras das xentes curiosas reducírono a tal penuria e indixencia.

E, de que estivo á altura deles, preguntoulle:

- Meu amigo, rógovos que vos deteñades un pouquiño e respondades ás miñas preguntas. Non vos ha pesar, pois teño a intención de vos dar toda a axuda que eu poida porque me dá moita mágoa vervos nesa calamidade. Dícideme, polo tanto, meu amigo, quen sodes, de onde vides, a onde ides, que buscadeis e como vos chaman.

O compañeiro respondeulle en lingua xermánica⁶⁷:

- *Junker, Gott geb euch Glück unnd hail. Zuvor, lieber juncker, ivh las euch wissen, das da ihr mich von fragt, ist einen arm unnd erbarmglichs ding, unnd wer vil darvon zu sagen, welches euch verdruslich zu hœren, unnd mir zu erzelen wer, vievol die Poeten unnd Orators vorzeiten haben gesagt in iren Sprûchen und Sententzen, das die Gedechnus des Ellends unnd Armut vorlangst erlitten ist ain grosser Lust?*⁶⁸

Ao que respondeu Pantagruel:

- Meu amigo, non entendo miga do que chafullades, polo tanto, se queredes que vos entenda, falade noutra lingua.

Daquela o compañeiro respondeulle:

- *Al barildim gotfano dech min brin alabo dordin falbroth ringuam albaras. Nin porth zadikim almucathin milko prin al elmim enthoth dal heben ensouim: kuthim al dum alkatim nin broth dechoth porth min michais in endoth, pruch dal maisoulum hol moth dansrilrim lupaldas in voldemoth. Nin hur diavosth mnarbotim dal gousch*

⁶⁶ Bisbarra da rexión parisiense que se fixo célebre principalmente polos seus cabalos (os *percheróns*).

⁶⁷ Panurgo vai utilizar un procedemento que xa foi utilizado en menor grao na *Farsa do avogado Patelín*, coa diferenza de que Rabelais fai un uso bastante correcto e non persegue unha intención caricatural, demostrando un bo dominio tanto das linguas clásicas como das modernas. Outras son invención do propio Panurgo-Rabelais e, por máis intentos que houbo de descifralas, non se chegou a resultado concreto ningún senón o de recoñecer nomes de lugares relacionados coa vida do autor ou, ás veces, algún xogo de palabras de contido sexual. A nosa primeira intención foi trasladar esas linguas modernas (alemán, danés, holandés, escocés, euskera, español, etc.) ao estadio actual, mais despois, tendo en conta sobre todo que os textos contiñan incorreccións xa na lingua daquel momento (Panurgo podía ter un certo dominio, mais non era lóxico esixirlle a perfección en todas elas), optamos por deixalas tal cal.

⁶⁸ En alemán: *Señor, Deus vos dea felicidade e prosperidade. En primeiro lugar, benquerido señor, sabede que o obxecto da vosa pregunta é triste e digno de compaixón. E o que habería que dicir encol dela sería para vós molesto de ouvir e para min de contar, aínda que os poetas e oradores dalgún día teñan dito nas súas máximas e sentenzas que a lembranza da miseria e da pobreza pasada é unha grande ledicia.*

*palfrapin duch im scoth pruch galeth dal Chinon, min foulcrich al conin butathen doth dal prim*⁶⁹.

- Entendedes algo diso? –preguntoulles Pantagruel aos acompañantes.

Ao que Epistemón dixo:

- Coido que é linguaxe dos Antípodas. Nin o demo sería quen de lle meter o dente!

Entón dixo Pantagruel:

- Compadre: non sei se as murallas poden entendervos, mais o que é nós non vos entendemos nin chisca.

Dixo logo o compañeiro:

- *Signor mio, voi videte per exemplo che la cornamusa non suona mai, s'ela non a il ventre pieno. Così io parimente non vi saprei contare le mie fortune, se prima il tribulato ventre non a la solita refectiōne. Al quale e adviso che le mani e li denti abbui perso il loro ordine naturale et del tuto annichilati.*

Ao que respondeu Epistemón:

- Estamos nas mesmas!

Dixo , logo, Panurgo:

- *Lard, ghest tholb be sua virtiuss be intelligence ass yi body schal biss be naturall relvtht, tholb suld of me pety have, for nature hass ulss egualy maide; bot fortune sum exaltit hess, an ovis deprevit. Non ye less vious mou virtius deprevit and virtiuss men discrivis, for, anen ye lad end, iss non gud*⁷⁰.

- Menos aínda –respondeu Pantagruel.

Daquela dixo Panurgo:

- *Jona andie, guaussa goussyetan behar da erremedio, beharde, versela ysser lan da. Anbates otoy y es nausu, eyn essassu gourr ay proposian ordine den. Non yssena bayta fascheria egabe, genherassy badia sadassu noura assia. Aran hondovan gualde eydassu nay dassuna. Estou oussyc eguinan soury hin, er darstura eguy harma. Genicoa plasar vadu?*⁷¹

- Sodes Genicoa? –respondeu Eudemón.

Ao que dixo Carpalim:

- San Ringan me valla! Sodes de Escocia se non me engano!

Entón respondeu Panurgo:

- *Prug frest strinst sorgdmand strochdt drhds pag brledand Gravot Chavigny Pomardiēre rusth pkallhdracg Deviniēre près Nays. Bouille kalmuch monach drupp delmeupplistrincq dlrnddodelb up dreht loch minc stzrinquald de vins ders cordelis hur jocststzampenards*⁷².

Ao que dixo Epistemón:

- Que é o que falades, meu amigo? É cristián ou lingua do avogado Patelín? É talmente linguaxe do país das Linternas!

Dixo logo Panurgo:

⁶⁹ Lingua inventada por Rabelais.

⁷⁰ En escocés: *Se vós sodes tan poderoso en intelixencia como grande por natureza canto ao corpo debedes ter piedade de min, pois a natureza fixonos iguais, mais a fortuna elevou a uns e abaixou a outros. Con todo, a virtude é moitas veces desdeñada e os homes virtuosos son desprezados pois antes do final derradeiro ninguén é bo.*

⁷¹ En basco: *Gran señor, todos os males precisan remedio. Ser como cómpre é o difícil. Supliqueivos tanto! Facede que haxa orde na nosa conversa: iso será , sen molestia, se me mandades traer con que me saciar. Despois, preguntádeme canto queirades. Non vos ha facer falta, mesmo, facer o gasto de dous, se Deus quere.*

⁷² Nova linguaxe imaxinaria.

- Herre, ie en spreke anders gheen taele dan kersten taele: my dunct nochtans, al en seg ie v niet een word, myuen nood verklaart ghenonch wat ie beglere; gheest my unyt bermherticheyt yet waer um ie ghevoet magh zunch⁷³.

Ao que respondeu Pantagruel:

- Éche outro tanto!

Dixo logo Panurgo:

- *Seignor, de tanto hablar yo soy cansado. Por que suplico a Vostra Reverentia que mire a los preceptos evangélicos, para que ellos movant Vostra Reverentia a lo que es de conscientia, y, sy ellos no bastarent para mover Vostra Reverentia a piedad, suplico que mire a la piedad natural, la cual yo creo que le movra, como es de razón, y con esto non digo más*⁷⁴.

Ao que respondeu Pantagruel:

- Arredemo, amigo! Non vos teño dúbida ningunha de que saibades falar ben moitas linguas, mais decide o que queirades nunha fala que deamos entendido!

Entón dixo o compañeiro:

- *Myn Herre, endog ieg med inghen tunge taled, lygesom boeen, ocg uskvlig creatner! Myne Kleebon, och myne legoms magerhed uudviser allygue klalig huvad tyng meg meest behoff girereb, som aer sandeligh mad och drycke: hwarfor forbarme teg omsyder offvermeg; och bef ael at gyffuc meg nogeth; aff huylket ieg kand styre myne groendes maghe lygeruss son mand Cerbero en soppe forsetthr. Soa shal tua loeffve lenge och lyksaligh*⁷⁵.

- Creo –dixo Eustenes- que os godos falaban así. E que se Deus quixese nós falariamos mesmo co cu.

Daquela dixo o compañeiro:

- *Adoni, scolom lecha: im ischar harod hal habdeca, bemeherah thithen li kikar lehem, chancatbub: laah al Adonai chonen ral*⁷⁶.

Ao que respondeu Epistemón:

- Agora entendín eu ben, porque é lingua hebraica pronunciada ben retoricamente.

Daquela dixo o compañeiro:

- *Despota ti nyn panagathe, dioti sy mi uc artodotis? Horas gar limo analiscomenon eme athlios. Ce en to metaxy eme uc eleis udamos, zetis de par emu ha u chre, ce homos philologi pamdes homologusi tote logus te ce rhemeta peritta hyparchin, opote pragma asto pasi delon esti. Entha gar anankei monon logi isin, hina pragmata (hon peri amphisbetumen) me phosphoros epiphenete*⁷⁷.

⁷³ En holandés: Señor, non falo unha lingua que non sexa cristiá. Paréceme, con todo, que, sen que eu vos diga unha soa palabra, os meus farrapos vos amosan abondo o que eu desexo. Sede bastante caritativo para me dardes algo de comer.

⁷⁴ En español: Señor, de tanto falar estou canso. Por eso suplico a Vosa Reverencia que miredes os preceptos evanxélicos, para que eles movan a Vosa Reverencia ao que é de conciencia, e, se eles non fosen abondo para moveren a Vosa Reverencia á piedade, suplico que miredes á piedade natural, a cal eu creo que vos ha mover, e con iso non digo máis nada.

⁷⁵ En danés: Meu señor, mesmo no caso en qu, coma os nenos e as bestas, non falase eu lingua ningunha, a miña vrestimenta e a delgadez do meu corpo amosarian claramente o que preciso: comer e beber. Tende, pois, piedade de min e facede que me dean con que dominar o meu estómago, que está a oubear, igual que se pon unha sopa diante de Cerbero. Así habedes vós vivir moito tempo e feliz.

⁷⁶ En hebreu: Señor: que a paz sexa convosco. Se queredes facerlle ben ao voso servidor, dádeme axiña un bolo de pan, así como está escrito: O que ten piedade do pobre mpréstalle ao Señor

⁷⁷ En grego clásico (transcrito segundo a pronunciación do grego moderno, e non segundo a pronunciación erasmiana que foi adoptada posteriormente polas universidades): Meu boísimo amo: por que non me dades pan? Estádesme vendo esmorecer coa fame como un miserento e non tendes piedade ningunha de min e preguntádesme cousas inoportunas. E mais, todos os amigos das letras están de

- Que? –dixo Carpalim, o lacaio de Pantagruel– É grego, entendino eu! E como é iso? Viviches en Grecia?

Dixo logo o compañeiro:

- *Agonou dot oussys vou denaguez algarou, nou den farou zamist vous mariston ulbrou, fousquez vou brol, tam bredaguez moupreton den goul houst, daguez daguez nou croupys fost bardounnoflist nou grou. Agou paston tol nalprissys hourtou los ecbatonous, prou dhouquys brol panygou den bascrou nou dous caguons goulfren goul oust tropassou*⁷⁸.

- Entendo –dixo Pantagruel– Ou parécemo. É linguaxe do meu país de Utopía ou aseméllaselle moito.

E cando el ía comezar unha parrafada, dixo o compañeiro:

- *Iam toties vos, per sacra, perque deos deasque omnis, obtestatus sum, ut, si qua vos pietas permovet, egestatem meam solaremmini, nec hilum proficio clamans et ejulans. Sinite, quaeso, sinite, viri impii, quo me fata vocant abire, nec ultra vanis vestris interpellationibus obtundatis, memores veteris illius adagi, quo venter famelicus auriculis carere dicitur*⁷⁹.

- Arredemo, meu amigo! Non sabedes falar francés?

- Pois claro, señor –respondeu o compañeiro– Grazas a Deus. É a miña lingua natural e materna, pois que nacín e medrei de mozo no xardín de Francia, que é a Turena.

- Entón –dixo Pantagruel– contádeme cal é o voso nome e de onde vides, pois a fe que vos collín un afecto tan grande que, se accededes á miña vontade, non vos habedes mover de onda min. E habemos ser unha nova parella de amigos semellante á que formaron Eneas e Acates.

- Señor –dixo o compañeiro– o meu auténtico e propio nome, co que fun bautizado, é Panurgo⁸⁰, e arastora veño de Turquía, a onde me levaron preso cando fumos a Mitilene⁸¹ –nunca tal eu fora!- e de grado vos contarei as miñas aventuras, que son máis maravillosas que as de Ulises. Pero, como queredes que quede convosco (e acepto de grado a oferta prometéndovos que non vos hei abandonar, así fósedes ao mesmo inferno) xa habemos ter outro momento máis cómodo e vagar abondo para contalas. Por agora teño necesidade ben urxente de me alimentar. Dentes afiados, ventre baleiro, gorxa seca, apetito que canta: todo está preparado. Se queredes que me poña a traballar, vai dar gloria verme papar. Por Deus, dade orde xa!

Entón Pantagruel dispuxo que o conducisen á súa morada e que lle levasen moita vida. Fíxose así, e el comeu moi ben deica a tardiña, na que se foi deitar coma un galo e

acordo en que os discursos e palabras son superfluos cando os feitos son evidentes para todos. Os discursos non son necesarios máis que alí onde os feitos sobre os que discutimos non se mostran claramente.

⁷⁸ Outra linguaxe fantástica.

⁷⁹ En latín: *Polas cousas sagradas! Por todos os deuses e deusas! Xa varias veces vos conxurei para que, se algunha piedade vos conmove, aliviedes a miña miseria, e non me serve de nada clamar nin laiar. Deixádeme, suplicovolo, deixádeme ir, homes impíos alá onde o destino me chama, e non me fatiguedes máis coas vosas vós interpelacións, en memoria deste vello refrán que é dito: que o ventre esfameado non ten orellas.*

⁸⁰ O nome de Panurgo, formado sobre o grego, significa “O que todo o fai” ou “O trampón” e era o epíteto que algúns autores gregos empregaban para o raposo. Tamén os nomes doutros personaxes do capítulo están formados sobre o grego, así Epistemón (“O sabio”), Eudemón (“O afortunado”), Carpalim (“O rápido”) e Eustenes (“O forte”).

⁸¹ A vila grega de Mitilene, en mans dos turcos, foi asediada en 1502 polos franceses para compracer ao Papa, que quería unha pequena cruzada. O asedio converteuse en derrota e algúns franceses foron apresados polos turcos.

durmíu até o outro día á hora do almorzo, de xeito que non deu máis ca tres pasos e un salto do leito á mesa.

CAPÍTULO 10

Como Pantagruel xulgou equitativamente nunha controversia maravillosamente escura e difícil, e con tanta xustiza que o seu xuízo foi considerado moi admirábel.

Lembrándose ben da carta e mais das exhortacións de seu pai, Pantagruel quixo un día pór a proba o seu saber.

Colocou para iso teses en todas as rúas da vila. Eran nove mil setecentas sesenta e catro e versaban sobre os saberes todos. Tocaba nelas as máis fortes dúbidas que houbese en calquera ciencia.

E, de primeiras, enfrontouse na rue du Fouarre⁸² con todos os profesores, estudantes e oradores, e fixoos arrecuar a todos. Despois, na Sorbona, enfrontouse cos teólogos todos por espazo de seis semanas, dende as catro da mañán até as seis da tarde (fóra dúas horas de intervalo para se alimentar e coller folgos),

A isto asistiron os máis dos señores dos Tribunais: relatores, presidentes, asesores, membros da sección de contas, secretarios, avogados e outros, xunto cos concelleiros da dita vila, médicos e canonistas. E aínda que os máis deles puxeron o freo nos dentes, por moitas falacias e astucias que empregaron avergoñounos a todos e demostroulles que non eran senón unha grea de carneiros con saio.

Daquela, a xente toda deu en falar del e en divulgar o seu saber tan maravilloso. Mesmo as mulleriñas (lavandeiras, tratantas, cociñeiras, caniveteiras e outras) dicían ao el pasar pola rúa: “É el!”. E a Pantagruel prestáballe moito, como lle ocorreu a Demóstenes, o príncipe dos oradores gregos, cando unha vella encrequenada dixo amosándoo co dedo: “É ese!”

E aconteceu que había por esa época nos tribunais un preito pendente entre dous importantes fidalgos, que eran, por unha parte, o señor de Bicacús – o demandante– e, pola outra, o señor de Zugapeidos –o demandado. A súa controversia era tan alta e difícil en dereito que o tribunal do parlamento entendía tanto dela como se lle falasen en alto alemán. Reuníronse, daquela, por orde do rei, os catro parlamentos máis sabios e máis gordos entre todos os de Francia, xunto co Gran Consello e os principais profesores da universidades –non só de Francia senón tamén de Inglaterra e Italia– como Xasón, Philippe Dèce, Petrus de Petronibus e unha chea doutros vellos rabinistas⁸³. Así, reunidos polo espazo de corenta e seis semanas, non foron quen de lle fíncar o dente nin de entender o caso ao dereito para lle dar forma xurídica. E tan enrabechados estaban que coa vergoña ciscábanse por eles como uns bandallos.

Mais un deles, chamado Du Douhet⁸⁴ -entre todos o máis sabio, experto e prudente– un día en que todos tiñan o cerebro *filopeneirado*⁸⁵, díxolles:

- Meus señores: hai xa ben tempo que estamos aquí sen facermos outra cousa que gastar e non damos topado neste asunto nin fondo nin beira. E canto máis o estudamos menos o entendemos, o que é para nós grande vergoña e cargo de conciencia. Coido que non habemos saír desta senón con deshonor pois non facemos máis que darlle voltas ás nosas consultas. Velaí o que eu pensei: tendes ouvido falar dese grande personaxe chamado Mestre Pantagruel, de quen a sabiduría é recoñecida como superior á deste tempo nas discusións que sostivo publicamente contra todos, non? Paréceme

⁸² Nesa rúa estaba a Facultade de Artes.

⁸³ Enumeración de xuristas, uns reais e outros non.

⁸⁴ Xurista contemporáneo e amigo dos humanistas.

⁸⁵ Palabra inventada por Rabelais,

que debemos chamalo e consultar este asunto con el pois ningún home o ha dar resolto se el non é quen de facelo.

E todos os xuíces e doutores aceptaron de grado.

Deste xeito, mandárono buscar no intre e pregáronlle que tivese a ben cernir e peneirar completamente o preito e facerlles o informe do que a el lle semellase en boa ciencia legal, e déronlle os sacos de documentos, que case facían a carga de catro gordos asnos de collóns ben postos. Mais Pantagruel díxolles:

- Meus señores: están aínda vivos os dous fidalgos que pleitean?

Ao que lle dixeron que si.

- Pois logo –dixo– para que demo serve toda esta faramalla de papeis e copias que me dades? Non é mellor ouvir na viva voz deles a súa disputa ca ler estas macacadas que non son senón enganos, cautelas diabólicas de Cepola e mais deformacións do Dereito? Porque estou seguro de que vós, e todos aqueles que tiveron este preito nas mans, argallastes *Pro et Contra* todo o que puidestes, e, no caso de a súa controversia ser patente e doada de vulgar, vós escurecéstela con parvas e irrazoabeis razóns e ineptas opinións de Accursio, Baldo, Bartolo, de Castro, de Imola, Hippolytus, Panormo, Bartachin, Alexandre, Curtius⁸⁶ e tantos outros vellos mastíns que non entenderon nunca a menor lei das *Pandectas* e non eran senón grandes carneiros de pagar o dezmo, ignorantes de todo o que se precisa para a comprensión das leis. Porque é ben certo que non tiñan coñecemento das linguas grega ou latina, senón só da gótica e bárbara⁸⁷ E mais as leis foron ao primeiro colixidas dos gregos, como testemuña Ulpiano en *l. posteriori De Orig. juris*⁸⁸, e as leis todas están cheas de máximas e palabras gregas. E foi despois cando elas foron redactadas no latín máis elegante e ornado que dar se poida, sen facer excepción dos de Salustio, Varrón, Cicerón, Séneca, Tito Livio ou Quintiliano. Como é, pois, que habían entender o texto das leis estes vellos tresvariados que non viron nunca un bo libro de lingua latina, segundo aparece manifestamente no seu estilo, que é propio de desfeluxadores de chemineas ou cociñeiros e pinches, e non de xurisconsultos?

O que máis é: visto que as leis son extraídas do cerne da filosofía moral e natural: como é que van entendelas eses tolos que estudaron menos filosofía da que estudou a miña mula? Estaban eles tan cargados de letras de humanidade e de coñecemento do mundo antigo e da Historia coma un sapo está cargado de plumas! E o Dereito está cheíño de todo aquilo, e sen eses coñecementos non pode ser entendido (como algún día hei demostrar máis de vagar por escrito).

Por isto, se queredes que eu entenda neste proceso, queimádeme primeiro todos estes papeis e mandádeme vir en persoa diante miña eses dous nobres, e, de que os teña ouvido, heivos dicir a miña opinión sen ficción nin disimulo ningún.

Algúns opúñanse a iso, pois ben sabedes que en toda xuntanza hai máis tolos ca sabios e a parte máis grande supera sempre á mellor, como di Tito Livio falando dos cartaxineses. Pero o tal Du Douhet resistiu virilmente á contra, sostendo que Pantagruel tiña razón, e que rexistros, encuestas, réplicas, recusacións, alegatos e demais diañuras non eran senón deformacións do Dereito e non facían senón alongar o proceso, e que o diaño había levalos todos eles se non obraban conforme á equidade evanxélica e filosófica.

⁸⁶ Comentaristas e glosadores, algún deles xa atacado anteriormente.

⁸⁷ “Gótico e bárbaro” chamaba Lorenzo Valla ao latín “de cociña” ou “macarrónico” que empregaban os glosistas.

⁸⁸ Erro de Rabelais. Non foi Ulpiano senón Pomponio.

Ao final, queimaron os papeis todos e os fidalgos foron convocados en persoa. E díxolles entón Pantagruel:

- Sodes vós os que tendes esta porfía entre os dous?
- Somos, señor –dixeron.
- Quen dos dous é o demandante?
- Son eu –dixo o señor de Bicacús.

- Pois, meu amigo, contádeme o caso punto por punto e con toda a verdade, porque vos xuro por Deus bendito que se me mentides en algo heivos tirar dos ombreiros e heivos demostrar que coa xustiza e o xuízo hai que se andar coa verdade. Por isto mesmo, tende tino de non engadirdes nin quitardes cousa ningunha no relato. Falade, logo.

CAPÍTULO 11

*Como pleitearon, sen avogado ningún, diante de Pantagruel,
os señores de Bicacús e Zugapeidos*⁸⁹.

Comezou, logo, Bicacús deste xeito:

– Señor, o certo é que unha boa muller da miña casa ía ao mercado vender ovos...

– Cubrídevos, Bicacús⁹⁰ -dixo Pantagruel.

– Moitas grazas, señor –dixo Bicacús–...mais pasaba, por certo, entre os dous trópicos, seis reais cara o zénit e mais algúns patacos, que os montes Rifeos tiveran aquel ano grande esterilidade de argalladas, por causa dunha sedición de Trapalladas ocorrida entre os Chafulleiros e os Maquieiros pola rebelión dos Suízos, que se xuntaran até o número de bos días para iren ao visco polo aninovo o primeiro buraco do ano que lle dan sopa aos bois e a chave do carbón ás rapazas para que lles boten avea aos cans.

En toda a noite non fixeron outra cousa senón, coa man enriba do pote, despachar bulas a pé e bulas a cabalo para pasar os barcos pois os xastres querían facer cos retallos roubados unha cerbatana para cubrir o océano, que daquela estaba preñado dunha pota de repolos segundo a opinión dos enfeixadores de herba. Mais os médicos dicían que na súa urina non recoñecían signo evidente no paso da avetarda de que tivera comido machadas con mostarda, non sendo que os señores do Tribunal lle ordenaran por bemol á sífilis que deixara de andar ao rebusco entre os vermes de seda, porque os lampantíns xa tiñan bo comezo bailando a danza do diapasón *un pé no lume e a cabeza no medio* como dicía o bo de Ragot⁹¹.

Ai, meus señores! Deus goberna todo á súa vontade e contra a fortuna adversa un carreteiro rompeu nas nafres a súa tralla. Foi á volta da Bicocca⁹² cando se licenciou en pesadez Mestre Antitus de La Cressonnière. Como din os canonistas: *Beati pesadi, quoniam ipsi tropezaverunt*⁹³.

Mais –San Fiacre de Brie me valla!- o que fai a Coresma tan alta non é outra cousa senón que:

*Pentecostés,
cóstasme caro unha e outra vez.
Que veña a auga de maio
que trae o pan para todo o ano.*

Claro que o alguacil púxome tan alto o albo do tiro para que o escribano non se chuchara orbicularmente os seus dedos emplumados de ganso e viramos manifestamente que cada quen apaña nos fociños, non sendo que mirase en perspectiva ocularmente cara á cheminea para onde pende o anuncio do viño de corenta barazas que son necesarias para vinte albardas de prazo quinquenal. Cando menos: quen non había

⁸⁹ Este alegato, como os dous capítulos seguintes, carece de sentido. Rabelais encadea deliberadamente despropósitos aos que se mesturan alusións e bulas. Con todo, resulta imposible tratar de descifrar mensaxes como algúns teñen intentado infrutuosamente. Para Marc Berlioz, por exemplo, Bicacús está a acusar a Zugapeidos, ou a algún dos seus, da violación dunha das mulleres da casa do segundo.

⁹⁰ Os nobres descubrían a cabeza só en presenza do rei.

⁹¹ Célebre bandido do século XVI.

⁹² Batalla na que os franceses perderon o Milanesado a favor dos españois.

⁹³ Antitus, a quen Rabelais atribúe humoristicamente o título nobiliario de La Cressonnière (lugar de perto da abadía de Fontenay, onde estivo o noso autor) pasaba polo prototipo do pesado pedante.

mellor soltar o paxaro diante do pastel antes que tirarlle o caperuzo? Porque moitas veces pérdese a memoria ao se calzar un ao revés. Emporiso: Deus garde de mal a Thibaut Mitaine!

Entón, díxolle Pantagruel:

- Amodiño, meu amigo, amodiño! Falade con xeito e sen vos alporizar. Entendo moi ben o caso: seguides.

- Pois, señor, -dixo Bicacús- a tal boa muller, rezando as súas oracións, non pode parar a estocada pola virtude divina dos privilexios da Universidade senón, polo seu ben, quecer anxelicamente cubríndose cun sete dos naipes e lanzando o seu estoque o máis perto posíbel do lugar onde venden os trapos vellos que usan os pintores flamengos cando queren ferrar ao dereito as chicharras, e asómbrome ben de que a xente non poña ovos, xa que sabe chocalos tan ben.

Aquí quixo interpelar e dicir algo o señor de Zugapeidos, polo que Pantagruel díxolle:

-Caso en San Antonio! Pertéceche falares sen que cho manden? Estou aquí suando tinta para entender o procedemento da vosa porfía e aínda me ves abourar! Arredemo, déixame en paz! Xa falarás a túa ración ao rematar este. Proseguide –díxolle a Bicacús- e tomade o tempo que precisades.

- Ao ver, logo, -seguíu Bicacús- que a pragmática sanción non mencionaba iso para nada e que o Papa daba liberdade a todos para peidearen a pracer, se é que non estaban raiados os forros brancos por moita pobreza que houbese no mundo, con tal de que non se persignasen con engano, o arco da vella, recién feito en Milán para facer xurdir as cotovías, consentiu que a boa muller lles servise nun prato aos ciáticos polo protesto dos peixiños de collóns ben plantados que por entón eran necesarios para entender a construción de botas vellás.

Por tanto, Jean le Veau, seu primo Xermán, cambiado unha leña de vara, aconselloulle que non se metese no azar de secundar a limpeza remexedora sen primeiro pasar por pedralume o papel para tanto pilla, nada, xoga, fóra: porque *Non de ponte vadit , qui, cum sapientia cadit*⁹⁴. Visto que os señores do Tribunal de Contas non se piñan de acordo no apremio das faltas de Alemán, coas que se artellaran *Os anteollos dos Príncipes*⁹⁵, impreso recentemente en Amberes.

E velaí, señores, o que relaciona mal e cre a parte contraria *in sacer verbo dotis*⁹⁶ pois, querendo obedecer á vontade do rei, eu armárame de pés á cabeza cunha sola de ventre para ir ver como é que os meus vendimadores fixeran cachizas os seus altos puchos para xogaren mellor cos monecos e o tempo da feira era algo perigoso e a varios arqueiros refugáranos cando da revista, pese a que as chemineas fosen altas segundo a proporción do esparaván e o adragucho o amigo Baudichón⁹⁷.

E desta maneira foi ano de moito caracois en todo o país de Artois, o que non foi pequeno castigo para os señores cargadores de coleiros cando se comían sen escasular biosbardos a faltar. E folgaríame ben que todos tivesen boa voz. Xogaríase así moito

⁹⁴ Rabelais troca o sentido do dito *Non de ponte cadit qui cum sapientia vadit* (“Non cae da ponte aquel que vai con prudencia”) cambiando de lugar os verbos.

⁹⁵ Obra que xa apareceu citada no capítulo 6.

⁹⁶ Novo xogo de palabras trocando a expresión *in verbo sacerdotis* (“en palabra de crego”).

⁹⁷ Personaxe que aparece nunha canción popular da época.

mellor ao frontón, e todas esas pequenas sutilezas que se fan cando se etimoloxizan os zocos habían baixar moito máis doadamente ao Sena para seguir servindo na Pont des Meuniers⁹⁸, como en tempo foi decretado polo rei de Canarias, resolución que consta nesta escribanía.

Por iso requiro que pola vosa señoría se diga e declare sobre o caso o que sexa xusto, coas costas, danos e prexuízos.

Entón dixo Pantagruel:

- Queredes dicir algo máis, meu amigo?

E respondeulle Bicacús:

- Non, señor. Xa dixen o *Tu autem*⁹⁹ todo e non lle variei nada, pódoos xurar.

- Entón vós, señor de Zugapeidos –dixo Pantagruel- dicide o que queirades. E sede breve, sen deixardes, con todo, de dicir nada que veña a propósito.

⁹⁸ Ponte de París.

⁹⁹ Para rematar cada lectura dos Evanxeos cantábase un versículo que comezaba con esas palabras.

CAPÍTULO 12

Como o señor de Zugapeidos se defendeu diante de Pantagruel

Comezou entón o señor de Zugapeidos do xeito seguinte:

-Señoría, meus señores: Se a iniquidade dos homes fose tan doadamente vista en xuízo categórico como se coñece unha mosca no medio do leite, o mundo –catro bois– non estaría tan comesto dos ratos como está e teríamos pola terra moitas orellas que foron covardemente roídas por eles. Porque, por máis que todo o que dixo a parte contraria é de plumaxe certa tocante á letra e á historia do *factum*, con todo, meus señores, a agudeza, o engano e os enleños escóndense baixo o púcaro de rosas.

Seica teño eu que aturar que, cando estou a comer a miña sopa sen pensar nin dicir cousa má ningunha, me veñan aguilloar e quentar a cabeza tocándome o sonsonete e dicindo

*O que bebe ao comer a sopa,
de morto non ve nin gota?*

A Virxe me valla! A cantos grosos capitáns non temos visto nós en pleno campo de batalla, no reparto do pan bendito da confraría tocar no laúde, repiñar co cu e dar saltiños en plataforma para se bambolearen máis cumpridamente!

Mais agora as xentes andan tolas polos panos de balas de Leicester. Corrómpese o un, o outro cinco, catro e dous, e se o Tribunal non manda tomar medidas han topar tan mal rebusco este ano como de costume, ou ben han facer gobiletos. Se un pobre vai aos baños quentes para se facer pintar os fociños con bosta de vaca, ou mercar botas de inverno, e os sarxentos de ronda, ou os de vixía, reciben a decocción dunha lavativa ou a materia fecal dunha cadeira furada sobre os seus balbordos: cómpre por isto rillar as testas das moedas e rustir as escudelas de madeira?

As veces nós pensamos unha cousa mais Deus fai outra, e cando o sol está deitado todos os animais están á sombra. E non quero que me crean se non son quen de demostralo en condicións, con xente e en pleno día. O ano trinte e seis mercara eu un cabalo rabón da Alemaña, alto e curto, de boa lá e tecido de grá como aseguraban os ourives, e foi, con todo, o notario e púxolle algúns *etcétera*¹⁰⁰. Non son eu escribán para pillar a lúa cos dentes, mais, na ola de manteiga onde enselaban os instrumentos vulcánicos, rumoreábase que o boi salgado facía atopar o viño sen candieiro e, mesmo que estivese agachado no fondo dun saco de carboeiro empenicado e envolteito coa testeira e a armadura requeridas para ben rustir o guisote, é cabeza de carneiro. E ten razón o dito que conta que presta moito ver vacas negras contra o bosque queimado cando un está a gozar dos amores. Fíxenlles esta consulta aos señores letrados e eles deron a conclusión en *frisesomorum*¹⁰¹ de que non hai como segar no vran nunha adega ben provista de papel e tinta, plumas e canivetes de Lyon, á beira do Ródano, parabín, parabán, porque tan axiña como un arnés cheira os allos, a ferruxe cómelle o fígado e despois non fai senón andar con rebiques de tortícolis, ventando a dormida despois de xantar. E velaí por que o sal costa tan caro.

Non vaiades crer, señores, que no momento en que a tal boa muller envisgou o cullereiro para mellor dotar o recordo do sarxento e que o boche chourelar deu viravoltas polos petos dos usureiros, non houbo nada mellor para se protexer dos caníbales que coller unha restra de cebolas, atada con trescentos nabos e un pouquiño de redaño de vitela, da mellor caste que teñen os alquimistas, e ben betumar e calcinarse as

¹⁰⁰ Os *etcétera* dos notarios podían introducir nunha acta cláusulas perigosas.

¹⁰¹ Denominación dun dos nove modos da primeira figura do siloxismo.

chinelas, tararí, tarará, con boa salsa de angazo e acachaparse en calquera buratiño de toupeira, salvando sempre os torresmos.

E se os dados non vos queren dar doutro xeito dobre as, dobre as do gordo nin un as, poñei a dama nun recanto do leito, brincai con ela, trailalalalá, e bebei a máis non poder, *depiscando ranis*¹⁰², a plena polaina cotúrnica; será polos paxariños en tempo de mudaren a pluma, que se divirten xogando a apagar velas co nariz, agardando bater o metal e quentarlles a cera aos lingoreteiros da cervexa.

Ben certo é que os catro bois dos que tratamos tiñan a memoria un pouco curta, mais como sabían a escala, non lle tiñan medo nin ao corvo mariño nin ao parrulo de Saboia, e a boa xente da miña terra puxera nela moitas esperanzas dicindo: “Estes rapaces han chegar a grandes aritméticos. Par nós ha ser unha rúbrica de dereito”. Nós non podemos fallar en pillar o lobo, ao facermos as nosas sebes por riba do muíño de vento do que falou a parte contraria. Pero o demo maior tivo ganas diso e puxo polo traseiro aos alemáns, que cheiraron de diaño, “*Her, tringue, tringue*”¹⁰³, xogando ao triqui-traque, pois non hai esaxeración ningunha ao dicir que en París, na ponte pequena, galiña palleira¹⁰⁴, por máis que eles se encarapuchasen coma bubelas, non sendo verdadeiramente que sacrificasen os pelexos da tinta recén feita con letras versais e cursivas, tanto me ten, con tal que a cabeceira da encadernación non faga criar vermes.

E dado o caso de que, cando do aparelamento dos galgos, as raparigas tocaron o corno anunciando a presa denantes de o notario ter dado a súa relación por arte cabalística, non se deduce (agás un mellor criterio do Tribunal) que cincuenta ferrados de prado de dobre ancho fagan tres barricadas de tinta fina sen soprar no estanque, considerando que nos funerais do rei Carlos había en pleno mercado guedello por dous e as, quero dicir, xúrollo, de lá.

E eu vexo de ordinario en todas as boas gaitas, que cando un vai cazar con reclamo, dando tres voltas coa vasoira pola cheminea e insinuando o seu nome, non fai senón vendar os riles e soprar no cu, se é que por ventura está quente de máis, e *bolo con bola*.

*E des que foron vistas as cartas chegadas
as vacas lle foron entregadas.*

Unha sentenza tal foi dada na Martingala o ano dezasete polo desgobierno de Loge Fougereuse, o que o Tribunal ha facer o favor de tomar en consideración.

Non digo certamente que non se poida con equidade desposuír a xusto título a aqueles que serían quen de beber auga bendita, como se fai cunha alabarda de tecelán coa que se fan os supositorios para os que non queren dimitir, senón que a bó xogo, bós cartos.

Tunc, meus señores, *quid iuris pro minoribus?*¹⁰⁵ Porque o uso común da lei sálica é tal que o primeiro encirrante que ande a comer de moca a vaca dos outros, que se sone en pleno canto da música sen solfear os puntos dos zapateiros, ten –en tempo de esmorga– que sublimar a penuria do seu membro co musgo colleito cando a xente se amoreira na misa do galo, para lle abrir a baixada a eses viños brancos de Anjou que botan a cambadela, colo con colo, ao xeito de Bretaña.

Concluindo, como foi dito, con costas, dano e prexuizos.

¹⁰² En latín macarrónico *pescando rans*.

¹⁰³ En alemán *Señor, bebe, bebe!*

¹⁰⁴ A *galiña palleira* é a criada no campo. A frase “En París, na ponte pequena, galiña palleira” aparece nunha canción popular da época.

¹⁰⁵ En latín: *Entón: que dereito para os máis pequenos?*

Cando o señor de Zugapeidos tivo rematado, díxolle Pantagruel ao señor de Bicaús:

- Meu amigo: queredes replicar algunha cousa?

E Bicaús respondeu:

- Non, señoría, porque non dixeran máis que a verdade. Por Deus! Poñámoslle fin a esta porfía, que non estamos aquí sen moito gasto!

CAPÍTULO 13

Como Pantagruel deu sentenza na porfia dos dous nobres

Entón, Pantagruel ergueuse e xuntou todos os presidentes, asesores e doutores que alí estaban e díxolles:

- Veña, señores! Agora que ouvistes *vive vocis oraculo*¹⁰⁶ a porfia de que se trata: que vos parece?

Ao que eles responderon:

- De certo que a temos ouvido, mais o demo nos leve se entendimos a causa! Por isto rogámosvos *una voce*¹⁰⁷ e pregámosvos como favor que nos deades a sentenza conforme vexades vós e *ex nunc pro ut ex tunc*¹⁰⁸ nós cadraremos de acordo e ratificarémosla co noso consentimento total.

- Daquela, meus señores, -dixo Pantagruel- pois que o queredes vouno facer, mais non atopo o caso tan difícil como vós dicides. O xoso parágrafo *Catón*, a lei *Frater*, a lei *Gallus*, a lei *Quinque pedum*, a lei *Vinum*, a lei *Si dominus*, a lei *Mater*, a lei *Mulier bona*, a lei *Si quis* a lei *Pomponius*, a lei *Fundis*, a lei *Emptor*, a lei *Pretor*, a lei *Venditor*, e tantas outras son, na miña opinión, ben máis difíciles¹⁰⁹.

E despois de dicir isto, paseouse dando unha ou dúas voltas pola sala pensando moi profundamente (segundo se podía deducir ao velo laiar coma un burro ao que lle apertan de máis as cinchas), pensando que cumpría facer xustiza a cada quen sen prexudicar nin favorecer a ningún deles. Despois, volveuse sentar e comezou a pronunciar a sentenza que segue:

- “Vista, ouvida e ben sopesada a disputa entre os señores de Bicacús e Zugapeidos, o Tribunal falla:

Que, considerada a horripilación do morcego declinan bravamente do solsticio estival para facer as beiras as esbardalladas que deron mate de peón polas vexacións dos lucífugas que están no clima *dia Rhomes* a un macaco a cabalo cinguido aos riles cunha baestra, o demandante tivo moita razón ao calafatear o galón que a boa muller inflaba, cun pé calzado e outro descalzo, debendo ser indemnizada, baixo e teso na súa conciencia, con tantas pasmonadas como pelos hai en dezaioito vacas, e outro tanto para o bordador.

Dun xeito semellante, é declarado inocente do caso privilexiado das porcalladas que se coidaba podía ter el cometido ao non poder ciscarse cabalmente, pola decisión dun par de guantes, perfumados de peidorradas con candeas de noz como se usa no país de Mirebeau, soltando a bolina coas broncéas balas de canón que os palafreiros utilizaban para amasar condestabelmente as legumes espetadas das terras do Loira con todas as campañas de gabiáns feitas a punto de Hungría que o seu cuñado levaba memorialmente nun cesto limítrofe, bordado de goles con tres castróns derreados por cazaren parrulo salvaxe, en cañamazo, no abeiro angular dende o que se lle tira ao papagaio vermiforme co esteo emplumado.

¹⁰⁶ En latín: *Por oráculo de viva voz.*

¹⁰⁷ En latín: *A unha soa voz.*

¹⁰⁸ En latín: *Dende agora como dende entón.*

¹⁰⁹ Estas leis, que realmente figuran no Dereito romano, pasaban por ser as máis escuras.

Mais no que acusa ao demandado, de que foi aquelante, amañador, tirofagoso¹¹⁰ e alcatranador de momias, pois que remexendo non foi topado certo como ben argumentou o demandado, o Tribunal condénao a tres cuncadas de leite callado, condimentadas, preloritaneadas e godepisadas¹¹¹ como é costume no país, que deberá pagarlle ao tal demandado a mediados de agosto, en maio.

Mais o tal demandado halle fornecer herba e estopa á embocadura das trapelas guturais enzarapalladas con caperuchos ben peneirados en rodiñas.

E amigos como denantes, e sen costas para ninguén, claro.”

Pronunciada esta sentenza, as dúas partes marcharon todas contentas coa decisión, o que foi case incríbel pois nunca acontecera dende o Diluvio nin nunca volverá acontecer en trece xubileus que dúas partes opostas e contendentes nun xuízo vaian igual de contentas cunha decisión definitiva.

Tocante aos asesores e demais doutores alí presentes, ficaron en éxtase, desvanecidos ben tres horas, e todos arrebatados de admiración polo saber sobrehumano de Pantagruel que recoñeceran nidiamente na resolución deste caso tan difícil e espiñento. E habían seguir así de non lles teren levado vinagre e auga de rosa abondo para lles faceren volver o sentido e o entendemento habitual. Louvemos a Deus sempre por isto!

¹¹⁰ Palabra creada a partir do grego e que significa “comedor de queixo”.

¹¹¹ *Preloritaneadas* e *godepisadas* son palabras descoñecidas, creadas probabelmente por Rabelais.

CAPÍTULO 14

Como Panurgo conta de que maneira escapou das mans dos turcos

O xuízo de Pantagruel foi axiña sabido e coñecido por toda a xente, impreso abundantamente e recolleito nos arquivos do palacio, de sorte que a xente comezou a dicir:

- Nin o propio Salomón, que devolveu o fillo á súa nai verdadeira baseándose na suposición, amosou nunca tal mestría no saber coma o bon Pantagruel. Podemos estar ben ledos de telo no noso país.

E ao dereito quixérono facer maxistrado relator e presidente do Tribunal, mais el refugou todo agradecéndollelo con agarimo.

- Pois hai nesas funcións servidume de máis –dixo– e só con gran traballo se dan salvado os que as exercen, vista a corrupción dos homes. E coido que se non se enchen con outra caste de xente os asentos que os anxos deixaron baleiros¹¹², non habemos ter o Xuízo final nin en trinta e sete xubileus, e daquela non han atinar as conxeturas de Cusanus¹¹³. Advírtovolo a tempo. Mais se tendes algún moio de viño, aceptaríavolo de bo grado como agasallo.

Cousa que eles fixeron de grado enviándolle o mellor da vila. El bebeu ben, mais o pobre de Panurgo si que bebeu a encher, pois estaba mirrado coma un arengue afumado (tamén é certo que lle daba ao zoco tan rápido coma un gato fraco). E algún rifouille, dicíndolle cando estaba a medio baleirar unha gran copa chea de viño tinto:

- Amodiño, compadre! Dá carraxe velo zugar así!

-Que o demo me leve! –púxose el– Non deches cun deses bebpouquiños parisienses, eses que non beben máis do ca un pimpín e non collen a bicada se non lles petan na cola como aos pardais. Compañeiro, se eu fose quen de botar para arriba tanto como boto para abaixo¹¹⁴, xa estaría sobre da esfera da lúa con Empédocles! Mais non entendo que demo quere dicir isto: este viño é ben delicioso pero canto máis bebo máis sede teño. Coido que a sombra do señor Pantagruel produce sedentos do mesmo xeito que a lúa dá mormeira¹¹⁵.

Os asistentes botáronse a rir, e Pantagruel, ao ver iso, preguntou:

- E logo, Panurgo: de que estades a rir?

- Señor –dixo el– contáballes o malpocadiños que son os demos eses dos turcos ao non poderen beber nin gota de viño. Non me faría eu da súa relixión aínda que non houbese outra chata no Corán de Mahoma.

- Daquela, cóntame agora como escapaches das mans deles –dixolle Pantagruel.

- Deus me valla, señor –dixo Panurgo- non vos hei mentir nin tan siquiera unha palabra.

Os tunantes dos turcos puxéranme ao espeto todo cobertiño de lardo coma un coello (pois estaba eu tan mirrado que outramente a miña carne habíalles ser un mal prato) e estaban a me asar viviño. Entramentes que me asaban eu encomendábame á graza divina, lembrándome do bo San Lourenzo e non deixaba de confiar en que Deus

¹¹² Para San Anselmo, entre outros, Deus creou os homes para que substituisen aos anxos rebeldes que acompañaron a Lucifer na súa caída.

¹¹³ O cardeal Nicolás de Cusa (s. XV) predicara a fin do mundo para o 34º xubileu despois de Cristo, o que viría correspondendo ao século XVII.

¹¹⁴ “Como boto abaixo viño no meu corpo”, enténdese.

¹¹⁵ Volve xogar aquí Rabelais cos dous personaxes chamados Pantagruel: o protagonista da obra e mais o demo medieval do que xa falamos. Os antigos coidaban que a lúa producía catarros.

había de me librar, o que ocorreu dun modo ben estraño. Porque, entramentes me encomendaba a Deus de todo corazón berrando: “Meu Deus, axúdame! Meu Deus, sálvame! Meus Deus, tírame deste tormento no que estes cans traidores me teñen por defender a túa relixión!” o que estaba a me asar adurmiñouse pola vontade divina, ou pola dalgún bo Mercurio que adurmiñou astutamente a Argos o dos cen ollos.

Cando vin que non me daban máis voltas no espeto, mirei para el e vin que estaba adurmiñado. Entón, collín cos dentes un tizón pola punta que aínda non ardera e chimpéivolo contra as pernas do que me asaba. E despois chimpei outro, o mellor que dei, debaixo dun catre que estaba a carón da cheminea, onda o xergón de palla de Súa Excelencia o meu cociñeiro.

O lume prendeu decontado na palla, e da palla foi ao catre e do catre á soleira, que estaba recuberta de madeira de abeto adornada con molduras. Mais o bo do caso foi que o lume que eu chimpara contra o tunante do meu cociñeiro queimoulle os pelos todos da entreperna e ía prenderlle nos collóns, pero como era el tan cheirento non se tería decatado até entrado o día. E, atordado coma un carneiro, ergueuse e púxose a berrar tan alto como deu: “Dal baroth! Dal baroth!”, o que ven querendo dicir “Lume! Lume!” E despois veuse dereitiño cara a min para me guindar enteiro no lume, e xa me tiña cortadas as amalloas coas que me ataran as mans e estábame cortando as dos pés cando chegou o amo da casa. Cando sentira berrar polo lume e cheirara o fume na rúa na que estaba a pasear con algúns outros pachás e muftís¹¹⁶ botárase a correr todo canto puidera para prestar axuda e salvar as súas cousas.

Nada máis chegar, tirou o espeto onde eu estaba espetado e matou no intre ao meu cociñeiro (non sei se por non gobernar ben o asunto ou por outra razón) pois pasoulle o espeto dende un pouco máis enriba do embigo, cara ao costado dereito, furándolle o terceiro lóbulo do figado e, ao subir, penetroulle polo diafragma e atravesoulle a casula do corazón e saíulle polo alto do lombo, entre os espónkilos e a omoplata esquerda¹¹⁷.

Ben certo é que ao tirar el o espeto do meu corpo batín no chan contra o trasfogueiro e manqueime un pouco, mais non foi moito pois o lardo termou da zoupada.

Vendo, logo, o meu pachá que o caso era desesperado e que a súa casa ardera sen remedio e perdera os seus bens todos, encomendouse a todo canto demo hai chamando nove veces por Grellagot, Astarot, Rappallus e Borrancho¹¹⁸.

Ao ver isto pillei eu un bo anaco de medo, dicíndome con temor. “Agora han vir os demos levárense este louco. Serán capaces de me levaren a min tamén? Xa estou asado a medias. O lardo ha ser a causa da miña perdición, pois estes demos devecen por el, segundo asegura a autoridade do filósofo latino Iámblico e Murmault na apoloxía *De chepudis et contrafactos Magistros nostros*¹¹⁹. Mais persigneime berrando “*Agyos athanatos, ho Theos!*”¹²⁰ e non veu ningún.

¹¹⁶ “Pachá” máis que un título concreto de xerarquía de goberno, parece referirse a “home poderoso”. O muftí era un doutor en leis.

¹¹⁷ Descrición moi precisa dende o punto de vista científico, como corresponde aos coñecementos médicos de Rabelais. Hipócrates dividía o figado en cinco lóbulos. A *casula* ou *cápsula* do corazón é o pericardio. Os espónkilos son as vértebras dorsais.

¹¹⁸ Os nomes de dous destes demos (Astarot e Rappallus) aparecen na literatura medieval. Os dous outros son invención de Rabelais.

¹¹⁹ Iámblico –filósofo neoplatónico do século III-IV despois de Cristo– non parece ter aludido a nada diso. Murmault pode ser un humanista aludido en forma burlesca na obra titulada en latín macarrónico.

¹²⁰ En grego “*Deus é santo e inmortal*”, fórmula cantada nos oficios do Venres Santo.

Ao se decatar, o ruín do meu pachá quíxose matar co meu espeto e furarse con el o corazón. Premeu ben contra o peito mais non o deu traspasado, pois non estaba afiado de abondo, e por máis que puxou non deu feito nada.

Entón fun eu cabo del e díxenlle:

- Ei, micer Langranus! Andas a perder o tempo: así non te darás matado nunca. Todo o máis pódeste dar unha pancada que te faga laiar de por vida nas mans dos barbeiros. Pero, se queres, eu mátoe de vez, sen que sintas cousa ningunha. Pódesmo crer, que xa matei a moitos outros e foilles moi ben.

- Ai, meu amigo! –púxose el– Faino, por favor! Douche a miña bolsa! Tena, velaí vai! Hai nela seicentos serafíns¹²¹ e varios diamantes e rubíns perfectos.

- E onde van? –preguntoulle Epistemón .

- San Xoan me valla –dixo Panurgo- Vanche bos, se é que aínda existen. “*Onde van as neves de antano?*” preguntábase Villon, o poeta parisiense, que tiña esa como a súa maior preocupación¹²².

-Acaba, fai favor –díxolle Pantagruel- Que queremos saber como te apañaches co teu pachá.

- A fe de home de ben que non minto unha palabra! –dixo Panurgo- Embrulleino cun mal calzón que atopei por alí medio queimado e atéivolo con forza de pés e mans coas miñas cordas, de xeito que non puido rebulir. Despois paseille o espeto pola Gargamela e pendureino, pousando o espeto riba de dous ganchotes de ferro que sostían unhas alabardas. Aticeivos un bo lume por baixo e chamusqueivos ao meu milord como se fai cos arengues ao afumalos na cheminea. Despois pillei a súa bolsa e máis unha lanciña que estaba enriba dos ganchos e lisquei a bo galope. Deus sabe o que tal me cheiraba o lombo!

Cando baixei á rúa atopei toda a xente, que viñera correndo con auga a oito para apagar o lume. Ao que me viron así, medio asado, doéronse xenerosamente de min e botaron a auga toda enriba miña e refrescáronme alegremente, o que me fixo moito ben. Logo déronme un pouco de alimento, mais case que non comín porque só me daban auga para beber, conforme ao costume deles.

Non me fixeron outro mal, non sendo un ruín turco, baixote el e chepudo por diante, que se puxo a trabarme furtivamente no lardo, mais eu dinlle tal lostregazo nos cotobelos con toda a miña lanza que non volveu unha segunda vez. E unha moza corintia, que me trouxera un pote de mirobálanos émblicos¹²³, confeitados ao xeito do seu país, e que se puxo a mirar como encollera co lume a miña demoucada ferramenta, pois agora só me chegaba até os xeonllos. Mais reparade en que esta asadura curoume enteiramente unha ciática que me tiña preso dende había máis de sete anos polo lado do que me deixou queimar o meu cociñeiro durmiñón.

Mais, en tanto que eles se divertían comigo, o lume triunfaba prendendo –non me preguntendes como– en máis de dúas mil casas. Decatouse diso un dos presentes e púxose a berrar: “Me caso en Mahoma! Toda a vila está a arder e nós a divertirmos aquí!”. E cada quen liscou para o seu tobo.

O que son eu, pillei cara ás portas da vila e, des que estiven enriba dun cotarelo que hai fóra dela, vireime como a muller de Lot e vin que toda estaba a arder, o que me aliviou tanto que houben esforricarme coa alegría. Mais Deus castigoume ben.

- E logo? –preguntou Pantagruel.

- Pois, en canto que eu estaba a mirar con tanta ledicia o fermoso lume –dixo Panurgo– chufándome e dicindo: “Ha, ha! Pobres pulguiñas Ha, ha! Pobres ratiños!

¹²¹ Moeda oriental de ouro.

¹²² François Villon, poeta parisiense, un dos máis importantes da literatura francesa

¹²³ Froitos exóticos de propiedades afrodisíacas.

Habedes ter mal inverno, ao terdes lume no palleiro!” máis de seiscentos –o que!- máis de mil trescentos once cans, grandes e pequenos, todos xuntos correndo para fóra da vila, escapando do lume. De primeiras correron dereitiños cara a min –pois chegoulles o cheiro da miña pecadenta carne medio asada– e teríanme devorado se non me chega a inspirar daquela o meu anxo da garda ensinándome un remedio moi oportuno contra a dor de dentes.

- E logo: como é que lle tiñas medo á dór de dentes? –preguntoulle Pantagruel– Non curaras da reuma?

- Pardiola! –respondeu Panurgo- Hai dór de dentes máis grande que a dos cans a vos trabar nas pernas? Mais no intre acordoume o meu lardo e chimpeino entremedio deles. Entón, os cans botáronse os uns contra dos outros, deixáronme e deixeiños eu a eles pelexando entre eles. Así escapei ledos e varudos. Vivan, logo, os asados!

CAPÍTULO 15

Como Pantagruel ensina unha maneira ben nova de construír as murallas de París

Un día, para se recrear do seu estudo, Pantagruel foi pasear polos arrabaldos de Saint Marcel con mentes de ver a Folie Gobelín¹²⁴. Panurgo ía con el e levaba, coma sempre, entre a roupa, a frasca e algún anaco de xamón. Sen iso non andaba endexamáis, pois dicía que era o seu parapeito. Non levaba outra espada e, cando Pantagruel quixo darlle unha, respondeulle que ela podía escaldarlle o bazo.

- De acordo –díxolle Epistemón– mais se te atacasen: como te habías defender?

- A golpe de zoco, con tal que os estoques estivesen prohibidos–respondeulle el.

Cando viñan de volta, Panurgo púxose a examinar as murallas da vila de París e, chufándose, díxolle a Pantagruel:

- Mirade para esas murallas. Que fortes e que grandes son para gardaren os paxariños que mudan de pluma! Polas miñas barbas, son ruíns abondo para unha vila coma esta, pois unha vaca sería quen de derrubar dun peido máis de seis brazas delas!

- Meu amigo –díxolle Pantagruel– Sabedes o que dixo Axesilao cando lle preguntaron por que a grande cidade de Lacedemonia non estaba cinguida de murallas? Pois, amostrando os habitantes e cidadáns da vila, tan expertos eles en disciplina militar, tan fortes e tan ben armados, dixo: “Velaí as murallas da cidade” Quería el significar que non hai muralla como a dos osos, e que as vilas e cidades non poden ter muralla máis segura e máis forte do que a virtude dos cidadáns e habitantes. Así, esta vila é tan forte pola multitude do pobo belicoso que está dentro dela, que non se preocupa por facer outras murallas. E, a máis diso, que inda que alguén quixese amurallala como Estrasburgo, Orleáns ou Ferrara, non había ser posíbel, de tan excesivo que había ser o gasto.

- De acordo –dixo Panurgo– mais sempre é ben ter un rostro de pedra cando os inimigos nos invaden, aínda que fose só para preguntar: “Quen vai aí?” Tocante aos gastos que vós dicides necesarios para amurallala, se os señores concelleiros da vila me desen unhas boas cuncas de viño, habíalles ensinar eu unha maneira ben nova de podelas construír baratas.

- E como? –preguntou Pantagruel.

- Non lle digades nada a ninguén se volo eu ensino –respondeu Panurgo.

Vexo que as parrochiñas das mulleres deste país van máis baratas ca as pedras. Cumpría, logo, construír as murallas con elas, dispóndoas con boa simetría de arquitectura, e pondo as máis grandes nas primeiras ringleiras, despois, seguindo en pendente as medianas, e finalmente as pequenas. E despois, facer un entretecidiño bonito de puntas de diamante, coma a torre grande de Bourges, con tantos bracamartes¹²⁵ tesos que viven nas braguetas claustrais.

Quen demo había desfacer tales murallas? Non hai metal que resista tanto os golpes. E daquela... que viñesen os culebrinos¹²⁶ fregarse contra elas! Xúrovos por Deus que habiades ver destilar axiña ese abenzado froito da sífilis, miúdo como a chuvia e seco de diaño! E, de por parte, o raio non lles había caír nunca enriba porque todos eles están benditos ou consagrados.

¹²⁴ Célebre casa de pracer.

¹²⁵ O bracamarte é un tipo de espada, mais Rabelais dalle tamén á palabra o sentido de “pene”.

¹²⁶ Xogo de palabras de carácter sexual por “as culebrinas”.

Non vexo máis ca un inconveniente.

- Ho,ho, ho! Ha, ha, ha! –riu Pantagruel – E cal ?

- Pois que ás moscas sábenlles de maravilla e pegaríanse doadamente e ciscaríanse nelas botando a perder a obra toda. Mais velaí como podería remediarse: cumpriría axotalas moi ben cuns bos rabos de raposo ou uns bos vergallóns de burros de Provenza. E sobre diso vouvos contar, mentras imos camiñando cara á cea, un fermoso exemplo que pon Frater Laponis no seu libro *De computationibus mendicantium*¹²⁷.

“No tempo no que os animais falaban (non hai diso tres días) paseábase pola fraga de Bièvre un pobre león dicindo os seus rezos cando pasou por baixo dunha árbore sobre da que estaba un aldeán –carboeiro el– cortando leña. De que este viu o león, guindoulle a súa machada e fixolle unha ferida grandísima no coxote. Daquela o león, coa perna de arrastro, correu e cacheou a fraga toda buscando axuda até que atopou un carpinteiro que de grado lle mirou a súa chaga, limpouna o mellor que puido e encheuna de musgo dicíndolle que a axotase moi ben para que as moscas non viñesen ciscarse nela, en canto que el ía buscar herba dos carpinteiros.

Curou o león, e paseaba pola fraga un día no que unha vella sempiterna andaba por alí recollendo leña e facendo feixes. A muller, ao ver que viña o león, caíu para atrás co medo, de xeito tal que o vento lle revirou saio, vestido e camisa por riba dos ombreiros. O león, doéndose dela ao ver iso, foi correndo ao seu carón para ver se se mancara, e mirándolle o seu *como se chama* dixo:

- Miña pobre! Quen che fixo esa ferida?

Mentres así falaba viu un raposo, e o león chamou por el dicíndolle.

- Ei, compadre raposo! Ven! Ven aquí a escape!

E, ao que o raposo se achegou, díxolle el:

- Compadre, amigo: a esta muller ferírona entre as pernas dun xeito ben ruín e hai unha manifesta solución de continuidade. Mira que grande é a chaga! Dende o cu até o embigo mide ben catro...ou que digo!... cinco palmos e medio. É un machadazo. Sospeito que xa lla fixeron hai tempo, a ferida. Polo tanto, para que as moscas non veñan: axótaa ben forte, fai favor! Por dentro e por fóra. Ti tes un bo rabo. E mais é ben longo. Axota, meu amigo, axota. Pídocho por favor! Entrementes, eu vou buscar musgo para pór nela, pois cómpre que nos socorramos e nos axudemos os uns aos outros. Axota forte! Así, meu amigo, axota ben porque esta chaga quere que a axoten moito! Outramentes, a persoa non pode atoparse a xeitiño. Axota ben, meu compadriño, axota! Deus forneceuche un bo rabo: telo grande e gordo e ben proporcionado Axota forte e non te preocupes. Axotador rexo que a xeito axota sen parar, xamáis con rexouba no xogo rexeitado será. Axota, caralludiño! Axota, valedoriño! Eu non me hei demorar.

Despois, foise buscar musgo abondo e, de que estivo un pouco lonxe, berroulle ao raposo:

- Segue a axotar ben, compadre! Axota e non canses de axotar nunca, meu compadriño! Heite facer contratar como axotador de don Pedro de Castilla. Axota e non fagas outra cousa senón axotar.

O pobre do raposo axotaba moi ben por acó e por aló, por dentro e por fóra, mais a traidora da vella púxose a botar ventos e peidos cheirentos de mil diaños. O pobre do raposo estaba ben mal a xeito porque non sabía de que lado había de se virar para fuxir do perfume dos ventos da vella. Cando se estaba virando, viu que había outro burato por tras –aínda que non tan grande como o que el estaba a axotar– de onde lle viña ese aire tan cheirento e infecto.

¹²⁷ Obra fantástica, como as da biblioteca de Saint Victor.

Volveu finalmente o león traendo máis de dezaioito balas de musgo e comezou a metelo pola ferida cun pau que trouxera. E metera xa dezaseis balas e media cando dixo asombrado:

- Arredemo! Éche ben profunda, esa ferida! Poderían entrar nela máis de dúas carradas de musgo!

O raposo avisouno:

- Compadre león, meu amigo: non poñas o musgo todo, fai favor! Garda un pouco porque aínda hai aquí embaixo outro buratiño que cheira de mil diaños! O olor envenéname de tan fedorento que é!”

Cumpriría facer gardar así das moscas esas murallas e pór axotadores contratados.

Entón preguntoulle Pantagruel:

- E como sabes ti que as partes vergoñentas das mulleres van tan baratas se nesta vila hai tantas mulleres asisadas, castas e doncelas?

- *Et ubi colliges?*¹²⁸ –díxolle Panurgo– Vovos dar, non unha opinión senón a certeza e seguranza verdadeira. Non me vou gabar por ter embutido catrocentas dezasete desde que estou nesta vila (e non hai máis de nove días diso) senón dicir que esta mañán atopei un homiño que, nunhas alforxas semellantes ás de Esopo¹²⁹ levaba dúas raparigas de dous ou tres anos como moito. Unha diante e outra detrás. Pediume esmola pero respondinlle que eu tiña máis collóns ca cartos, e despois preguntéille: “Meu homiño: estas rapaciñas son doncelas?”. “Meu irmán –díxome el– hai dous anos que as levo así e tocantes a esta de diante, como a vexo de continuo, coido que é doncela (con todo non poría a man no lume), mais da que levo atrás non vos podo dicir nadiña”.

- A fe que es un compañeiro simpático –púxose Pantagruel- Quero que vistas a miña librea.

E fíxoo vestir elegantemente, conforme á moda da época, agás que Panurgo quixo que a bragueta das súas calzas tivese tres pés de longo e que fose cadrada, o que se fixo así. E el mostrábaa ben, dicindo a miúdo que a xente aínda non coñecía as ventaxas e utilidades de levar bragueta grande pero que o tempo lles había ensinar un día como todas as cousas foran inventadas a tempo.

- Deus libre de mal ao compañeiro ao que a bragueta longa lle salvou a vida! Deus libre de mal ao que a bragueta longa lle valeu un día cento sesenta mil e nove escudos! Deus libre de mal ao que coa súa bragueta longa salvou a toda unha vila de morrer de fame! Deus me valla, hei facer un libro *Da comodidade das braguetas longas* cando teña máis vagar!

E de certo compuxo sobre diso un libro fermoso e grande con ilustracións, mais aínda non foi impreso, que eu saiba.

¹²⁸ En latín macarrónico *E onde colles?*

¹²⁹ Alusión libre a un apólogo de Esopo.

CAPÍTULO 16

Dos costumes e tradicións de Panurgo

Panurgo era de estatura media, nin moi alto nin moi baixo, e tiña o nariz un pouco aquilino, feito con mango de navalla barbeira. Andaba daquela polos trinta e cinco anos de idade, dourado finamente coma unha daga de chumbo¹³⁰ e era home de galante figura, malia ser algo libertino e estar suxeito por natureza a unha enfermidade que por aquel tempo chamaban

*Falta de cartos, non hai dor coma ela*¹³¹

Con todo, tiña el sesenta e tres maneiras de os atopar cando os precisaba, e a máis honrada e común destas era mediante furtadela feita ás agachadas..

Éravos ruín, trampulleiro, bebedor, nugallán e rapiñeiro como non había outro en París. Fóra diso era o mellor rapaz do mundo. E andaba sempre a argallar algo contra dos alguacís e a ronda.

Unha vez xuntaba tres ou catro langranotes e, pola tardiña, facíaos beber coma templarios, levándoos despois por baixo de Sainte Geneviève ou a carón do Colexio de Navarra¹³². E no momento de a ronda subir cara alá (o que el sabía porque puña a súa espada no chan e a súa orella a carón dela de xeito que cando ouvía menearse a súa espada era síntoma infalíbel de que a ronda estaba perto), nese momento, logo, el e mais os seus compañeiros pillaban un carro rempuxándoo ben e lanzábano con toda forza contra a baixada. E así os pobres dos da ronda remataban todos no chan coma porcos. Despois, saían liscando para outro lado, pois en menos de dous días aprendeu el todas as rúas, ruelas e travesías de París tan ben como o seu *Deus det*¹³³.

Outra vez puña nunha belida praza pola que a tal ronda tiña que pasar un regueiro de pólvora de canón e no momento en que aquela pasaba prendíalle lume, e despois divertíase mirando a graza que lle facían ao fuxir, pensando que o fogo de San Antón os collía polas pernas.

E aos pobres dos mestres en artes perseguíaos mais ca a ninguén. Cando atopaba algún pola rúa nunca deixaba de lle facer algunha aduanada, ora pón dolle un cagallón enriba do seu chapeu afundido, ora pendurándolle rabiños de raposo ou orellas de lebre por tras ou facéndolle algunha outra falcatuada..

Un día no que aqueles mestres estaban citados para se atoparen na rue du Fouarre¹³⁴ fixo el unha tarta borbonesa composta de allos a mancheas, *galbanum*, *assa fetida*, *castoreum* e cagallóns quentiños diluíndo todo en vurmo de bochas chancrosas¹³⁵ e, pola mañán moi cediño, engrasou e untou con ela o pavimento todo, de xeito que nin

¹³⁰ Dobre chufa: nin o chumbo vale para as armas brancas nin se sabía douralo no tempo de Rabelais.

¹³¹ Retrouso dunha canción popular.

¹³² A igrexa de Sainte Geneviève estaba situada enriba dun antigo outeiro. De feito, a rúa que leva a ela chámase aínda rue de la Montagne Sainte Geneviève. Por alí tamén se atopaba o Collège de Navarre, onde hoxe se atopa a École Polytechnique.

¹³³ Comezo da oración de agradecemento a Deus despois de comer.

¹³⁴ A rue du Fouarre apareceu xa noutras ocasións como sede da Facultade de Artes. O ataque á Sorbona é manifesto, aínda que no parágrafo anterior e mais neste Rabelais suprimiu as alusións aos teólogos que figuraban nas primeiras edicións do *Pantagruel*.

¹³⁵ A verdadeira tarta borbonesa era outra cousa, claro. A de Panurgo utiliza substancias resinosas persas (*galbanum* e *assa fetida*) que como o seu nome indica son cheirentas, igual que o *castoreum*, extracto das glándulas próximas ao aparato xenital do castor.

o demo tería aturado. E toda aquela boa xente botaba as tripas diante de todo o mundo como se viñese de esfolar raposos, e por esta causa morreron dez ou doce de peste, catorce colleron a lepra, dezaioito a gafeira e máis de vinteseite pillaron a sífilis. Mais a el non lle preocupou nin un chisco.

Levaba de ordinario entre a roupa unha xostra coa que xostraba sen remedio, para lles meter présa, os criados que atopaba levando viño para os seus amos.

No seu saio tiña máis de vinteseis saquetiños e folecos cheos sempre :

- un cun dadiño de chumbo e unha navalliña, afiada como a agulla dun peleteiro, coa que cortaba as bolsas.

- outro con herba dos pegotes prendida con plumiñas de parrulos ou de capóns, que botaba sobre a roupa ou os sombreiros da boa xente facéndolle con elas a miúdo uns fermosos cornos que levaban pola vila adiante, por veces durante toda a vida. Tamén por veces llelas puña ás mulleres enriba dos seus carapuchos, por tras, feitas con forma de membro de home.

- no outro, unha morea de cartuchiños cheos de pulgas e piollos que que apañaba nos mendigos dos Santos Inocentes¹³⁶ e que lanzaba coa axuda das fermosas caniñas ou plumas que serven para escribir, contra o pescozo das damas máis melindrosas que atopaba, mesmo fose na igrexa, pois el nunca se puña enriba, no coro, senón que sempre se mantiña na nave coas mulleres, tanto na misa, nas visperas ou no sermón.

- no outro, moita provisión de anzós e de ganchiños cos que xunguía homes e mulleres en compañía moi apertados, mesmo aquelas que levaban vestidos de tafetán italiano. E no momento en que elas querían marchar rachaban os seus vestidos todos.

- no outro, un esqueiro equipado con mecha, mistos, pedra de facer lume e toda caste de aparellos requeridos para iso.

- no outro, dous ou tres espellos ustorios¹³⁷ cos que facía rabear ás veces homes e mulleres, e facíalles perder a compostura na igrexa. Porque el dicía que non había máis ca unha antistrofa entre *muller de boca tola* e *muller de toca bola*¹³⁸.

- no outro levaba provisión de fíos e de agullas cos que facía mil trasnadas.

Dunha vez, á saída do Palacio de Xustiza, na sala grande, cando un franciscano dicía a misa dos maxistrados, foise el e axudoulle a se revestir pero, entramentes que o facía, coseulle a alba co hábito e mais coa camisa, e despois retirouse cando os maxistrados do Tribunal viñeron sentarse para ouviren aquela misa. Pero cando chegou o *Ite missa est* e o pobre do frade quixo desvestir a alba, tirou xunto con ela hábito e camisa que estaban cosidos xuntos e remangouse até o lombo, mostrándolle a súa ferramenta toda á xente. E de certo non era pouca. O frade seguía a tirar, pero canto máis tiraba máis se descubría. Até que un dos maxistrados dixo: “O que?” O bo deste padre quere que lle fagamos a ofrenda e que lle biquemos o cu? Que llo bique o fogo de San Antón!” E dende entón ordenaron que os coitadiños dos padres non habían quitar máis a roupa diante da xente senón na súa sacristía, maiormente en presenza de mulleres, porque aquilo sería ocasión de pecado de cobiza.

E a xente preguntábase por que os frades tiñan a picha tan longa.

O tal Panurgo resolveu moi ben o problema dicindo:

“O que fai as orellas dos burros tan grandes é que as súas nais non lles puñan caperuchos na testa cando eran pequenos, como di *De Alliaco*¹³⁹ nas súas

¹³⁶ Xa no capítulo VII se aludiu a estes mendigos.

¹³⁷ Espellos compostos de varios outros, movíbeis, de xeito que concentrasen os raios solares. Parece que foron usados xa na antigüidade. Euclides espuxo a teoría e semella que Arquímedes os utilizou para incendiar a flota romana que sitiaba Siracusa.

¹³⁸ A antistrofa é un xogo de palabras que hoxe se coñece como *contrepèterie* e que consiste no troco de letras ou de silabas entre dúas palabras..

“Suposicións”. Por igual razón, o que fai a picha dos pobres e beatos padres tan longa é non levaren calzas pechadas. O seu pobre membro esténdese en liberdade a rédea solta, e así lévano bailando sobre dos xeonllos como as mulleres levan os rosarios. Mais a causa pola que o teñen de gordura equivalente é porque con ese acaneo os humores do corpo descendén ao membro, xa que, segundo os lexistas, axitación e moción continua é causa de atracción”.

- item, tiña un folecho cheo de pedralume que botaba polo lombo das mulleres que vía máis encrestadas, obrigándoas a unhas a se despiren diante de toda a xente, e outras a bailaren como galo sobre brasas ou como boliña sobre tambor, e a outras a correren polas rúas. E el ía correndo atrás e ás que se despían púñalles a súa capa ao lombo coma un home cortés e amábel.

- item, tiña noutro un frasquiño cheo de aceite rancio e cando atopaba algunha muller ou algún home cun bo vestido, engraxáballe e estragáballe con aquel as partes máis bonitas facendo coma quen que os apalpaba dicindo: “Ai que bo pano! Ai, que bo satén! Ai, que bo tafetán, miña señora! Deus vos conceda todo o que tan nobre corazón desexa! Con novo vestido, novo amigo! Que Deus volo conserve!” E ao dicir isto púñalles a man enriba do colariño e a condenada da mancha permanecía aí perpetuamente, tan fondamente gravada na alma, no corpo e na sona que nin o demo tería sido capaz de a tirar. E ao final de todo dicíalle: “Señora, tende tino non cairdes, que aquí diante vosa hai un burato grande e porco!”.

- noutro tiña unha chea de euforbio pulverizado moi sutilmente e metía nel un pano do nariz, bonito e ben traballado, que lle roubara á fermosa lenceira do palacio ao lle catar un piollo de riba do seu seo (piollo que el propio puxera alí). E cando se atopaba na compañía dalgunhas damas distinguidas colocáballes o tema da lencería e colocáballes a man no seo preguntando: “E este labor: é de Flandes ou do Hainaut?”. E despois tiraba o pano de nariz dicindo: “Mirade, mirade, este si que é labor fino: é de Fodtignan ou de Fodterrabía¹⁴⁰ e sacudíao ben forte diante do nariz delas e facíaas espirrar catro horas seguidas. Entramentes, ell púñase a peidorrear coma un rocín e as mulleres botábanse a rir dicíndolle: “Como é, Panurgo? Estadés a peidorrear?”. “Non tal, miña, señora –respondía el– Estou afinando ao contrapunto da música que vós tocades co nariz”.

- no outro unha tenaza, un alzapremo, unha ganzúa e algunha outra ferramenta coa que non había porta nin arca que el non dera arrombado.

- no outro unha chea de gobiletiños cos que xogaba con moita arte, pois tiña os dedos afeitos á man como Minerva ou Aracné¹⁴¹, e mais fora en tempos vendedor de triaga¹⁴². E cando el descambiaba unha moeda de prata, o que tiña o troco precisaba ser máis fino ca Mestre Mosca para que Panurgo non lle fixese desaparecer de cada vez cinco ou seis moedas, tamén de valor, visibelmente, abertamente, manifestamente, sen lesión nin ferida ningunha e sen que o outro chegase a cheiralas.

¹³⁹ Pierre D’Ailly, escolástico do século XIV, foi chanceler da Universidade de París.

¹⁴⁰ Deformación dos nomes de Frontignan e Fontarabie (en éuscaro Hondarribia), vila que en certos momentos pertenceu a Francia, co obxecto de facer un equívoco sexual. Para maior chufa, estas vilas estaban situadas no sur, que non eran zonas de encaixe reputado, como as citadas do norte

¹⁴¹ Muller lidia á que a deusa Minerva, ciumenta da súa habilidade para tecer, converteu en araña.

¹⁴² A triaga, triaca, teriaca ou teriaga, era un antigo composto meicamentoso utilizado para moitas doenzas e moi espallado.

CAPÍTULO 17

Como Panurgo gañaba as indulxencias e casaba as vellas, e os preitos que tivo en París

Un día atopei a Panurgo algo confuso e taciturno, e sospeitei que non tiña diñeiro, polo que lle dixeran:

- Panurgo, vós estades enfermo; nótovalo no semblante e entendo de que mal é: tendes fluxo de balsa¹⁴³. Mais non vos preocupedes, aínda teño eu uns cartiños que non viron pai nin nai¹⁴⁴ que non vos han faltar, como tampouco non vos falta a sífilis na vosa necesidade.

Respondeume el a iso:

- Merda para o diñeiro! Algún día non hei ter senón cartos de máis, porque teño unha pedra filosofal que me atraí o diñeiro das bulas coma o imán atraí o ferro. Pero: queredes vir gañar as indulxencias?

- Abofé que xa non son moi indulxente neste mundo –respondílle eu– Non sei o que vai pasar co outro. Ben, vamos, logo, en nome de Deus, pero por un real, nin máis nin menos¹⁴⁵.

- Daquela, empréstádeme un real –dixo el- que volo hei volver con intereses.

- Non, ho, non! –díxenlle– Dóuvolo de corazón.

- *Grates vobis dominos*¹⁴⁶ - púxose el.

Así é que fumos alá, comezando en Saint Gervais¹⁴⁷. E eu gañei as indulxencias só na primeira boeta (pois conténtome con pouco nesta materia) e despois dixeran os meus responsos e oracións a Santa Bríxida, mais el gañounas en todas as boetas e en todas deu sempre cartos aos encargados.

E aló marchamos a Notre Dame, a Saint Jean, a Saint Antoine e ás restantes igrexas nas que había banco de indulxencias. Eu, pola miña parte xa non as gañaba, mais el bicaba as reliquias en todas as boetas e en todas daba. Ao final, cando nos volvimos, convidoume a beber na taberna de Le Château e amostroume dez ou doce dos seus saquetiños cheos de cartos. Ao velos, persigneime, facendo o sinal da cruz e dicindo: “Onde é que conseguistes tantos cartos en tan pouco tempo?”. El respondeume que os collera nas bandexas das indulxencias.

- Porque ao lles dar o primeiro real –dixo– deixeiño caír con tanto xeito que semellaba unha grosa moeda de prata, e así cunha man collín unha presa de moedas grandes, unha ducia ou mesmo dúas, e coa outra tres ou catro pequeniñas. E igual fixen en todas as igrexas nas que estivemos.

- Deus me valla! Estádesvos condenando como unha serpe! Sodes un ladrón e mais un sacrílego!

- Son, si –dixo el– Como a vós vos pareza. Mais o que é a min non me parece tal, porque os encargados das indulxencias danmo cando, ao presentaren as reliquias a bicar, me din: *Centuplum accipies*¹⁴⁸, é dicir, que por un real colla cen. Porque *accipies*

¹⁴³ Doenza bulresca.

¹⁴⁴ Nova frase colleita da *Tarsa do avogado Patelin*. Son cartos que non existen, logo.

¹⁴⁵ Era uso antigo dar nos tratos un real simbólico para obras de caridade. Era o “real de Deus”. Parece que Rabelais alude aquí a ese costume.

¹⁴⁶ A frase aparenta querer dicir “Grazas a vós, Señor” mais é un latín macarrónico escolar que en realidade fai un xogo de palabras dicindo “Os dominós sonvos gratos”.

¹⁴⁷ Saint Gervais e as outras citadas son igrexas de París, algunhas desaparecidas xa.

¹⁴⁸ En latín “Recibirás o céntuplo”.

dise á maneira dos hebreos, que usan o futuro por vez do imperativo, como di aquel mandamento de *Diliges Dominum*¹⁴⁹ e mais *dilige*. Así, cando o indulxencíxero¹⁵⁰ me di *Centuplum accipies* quere dicir *Centuplum accipe*, e así o expoñen o rabí Kimy e o rabí Aben Ezra e todos os masoretas e *ibi Bartolus*¹⁵¹. E por parte, que o papa Sixto deume mil cincocentas libras de renda sobre os seus dominios e tesouro eclesiástico por lle ter curado unha bocha chancrosa que o atormentaba tanto que coidou que había quedar coxo toda a vida. Así, estoume pagando coas miñas propias mans (porque el non está) no tal tesouro eclesiástico.

Ai, meu amigo! –dixo– Se soubeses o que tal apañei na cruzada habías quedar pampo. Produciume máis de seis mil floríns.

- E onde demo foron parar? –pregunteille eu– Porque non tes nin pataco.

- Fóronse ao sitio de onde viñeran –díxome el– Só cambiaron de amo. Cando menos tres mil deles empregueinos en casar, non as mociñas (pois esas o único problema que teñen é que atopan maridos de máis) senón as gordas vellas sempiternas que non tiñan xa dentes na boca, cavilando eu: “Estas mulleriñas empregaron moi ben o tempo da súa mocidade e traballaron co aperta-grupas pódolle o cu a todo aquel que viña até que ninguén o quixo xa. Deus me valla! Hei facer que lles dean outra sacudidura denantes de morreren”. Dese xeito dáballes a unha cen floríns, a outra cento vinte, a unha terceira trescentos, segundo o infames, detestabeis e abominabeis que fosen. Porque canto máis horribeis e execrabeis que eran, mais cartos había que lles dar. Outramente nin o demo tería querido trincalas! Ía eu a escape onda algún cargador de leña groso e graso e eu propio facía o casamento. Mais denantes de lle mostrar as vellas, mostráballes os escudos dicindo: “Compadre, velaí tes isto para ti se queres xogar ao tropicallo un anaco”. Daquela, aos pobres diaños púñaselles o pau teso como se lles pon aos mulos vellos. Nese estado facíalles eu preparar unha boa enchenta, con viño do melloriño e moitas especias, para pór as vellas quentes e en cío. E ao final acababan fuchicando como toda a boa xente, non sendo que a aquelas que eran horribelmente feas e cacarañadas mandáballes eu pór un saco enriba da cara.

E por parte, tamén perdín moitos en preitos.

- E que preitos puidiches ti ter se non tes terra nin casa de teu?- pregunteille.

- Meu amigo –respondeume– As damas desta vila atoparan, por instigación do demo do inferno, unha caste de colariños ou cobre-pescozos de feitío alto, que lles cubrían tan ben os seos que non se lles podía meter a man por baixo, pois a fendedura puxéranas por detrás e estaban todos pechados por diante, polo que os pobres amantes –dolentes e contemplativos– non estaban contentos.

Un bo martes presenteí eu demanda por este feito no Tribunal, constituíndome en parte contra as devanditas damas e advertindo dos grandes prexuízos que eu tería, prometendo que, pola mesma razón, había eu facer coser a bragueta das miñas calzas no traseiro se o Tribunal non puña orde. Ao final, as damas formaron sindicato, mostraron os seus fundamentos¹⁵² e deron procuración para que se defendese a súa causa, mais eu perseguinas tan duramente que a resolución do Tribunal dispuxo que eses altos cobre-pescozos non se habían volver levar agás que estivesen algo fendidos por diante. Pero o certo é que me costou moito.

¹⁴⁹ En latín “Amarás o Señor”.

¹⁵⁰ Cultismo creado por Rabelais para ridiculizar e subliñar a súa hostilidade cara á venda de indulxencias.

¹⁵¹ En latín “E aquí Bartolo”, bulra da manía dos glosistas de acumularen citas de autoridade. Os rabinos Kimy e Aben Ezra existiron e destacaron como lingüistas no século XII.

¹⁵² Palabra ambigua: poden ser os fundamentos legais ou os corporais.

Tiven outro preito ben porco e ben suxo contra Mestre Limpazudre e os seus secuaces para que non seguisen a ler clandestinamente pola noite o *Pipo de cuba* nin o *Cuarto de sentencias*¹⁵³ senón en pleno día nas escolas de Fouarre, fronte a todos os outros sofistas, no que eu fun condenado aos gastos por algunha formalidade da relación do alguacil.

Outra vez formei queixa no Tribunal contra as mulas dos presidentes, asesores e outros, a fin de que, cando na corte do Palacio as puxeran a rillar no freo, as asesoras lles fixesen bonitos babeiros para que coa súa baba non derramasen o pavimento, de xeito que os criados do Palacio puidesen xogar alí tranquilamente aos dados ou ao arrenego¹⁵⁴ sen derramaren as calzas polos xeonllos. E tiven resolución favorábel a isto, mais costoume ben.

Sumade agora canto me costan os banquetiños que lles dou aos criados do Palacio de cando en cando.

- E logo? –preguntei eu.

- Meu amigo –contestoume– Ti non tes pasatempo ningún neste mundo. Eu teño máis do ca o propio rei. Se quixeses xuntarte comigo habíamos facer as do demo.

- Non, non! San Adauro¹⁵⁵ me valla! –díxenlle eu– Que un día hante aforcar.

- E a ti! –díxome el– un día hante enterrar. O qué é máis honroso? O aire ou a terra? Ai, carneirón! Pois... entrementes que eses criados banquetean, eu gárdolles as mulas e córtolle a algunha a estribeira do lado de montar, de xeito que non queda presa senón por un fío. E cando o finchado do asesor, ou outro, colle pulo para subir enriba, cai polo chan coma un porco diante de todo o mundo e fai rir por máis de cen francos. Pero eu aínda río moito máis e é porque, de chegados á morada, fan eles azoutar coma centeo verde ao señor criado. Por isto non choro o que me costou banquetealos.

A fin de contas: que tiña (como xa dixen enriba) sesenta e tres maneiras de arrecadar cartos, mais tiña tamén, emporiso, duascenas catorce de gastalos exceptuada a da restauración por baixo do nariz.

¹⁵³ O *Pipo de cuba* é sen dúbida un título fantástico. O *Cuarto de sentencias* era un manual célebre nas escolas. O *mestre Limpazudre* é colocado como un máis dos sofistas da rue du Fouarre (nas outras edicións dicía tamén *teólogos*) ou os sofistas como limpazudres (homes que se ocupaban de baleirar letrinas).

¹⁵⁴ Xogo que tamén aparece no *Gargantúa*.

¹⁵⁵ Santo imaxinario.

CAPÍTULO 18

Como un importante home de letras de Inglaterra quixo argumentar contra Pantagruel e foi vencido por Panurgo

Por eses mesmos días, un sabio chamado Taumasto¹⁵⁶, que ouvira o renome e a sona do saber incomparábel de Pantagruel, veu de Inglaterra coa única intención de velo e de coñecelo, e de probar se o seu saber era tanto como dicía a sona. Así, de chegado a París, dirixiuse á morada do tal Pantagruel, que paraba no hostel de Saint Denis¹⁵⁷ e que nese intre estaba a pasear polo xardín con Panurgo, filosofando á maneira dos peripatéticos. De primeiras estremeceuse todo de medo, ao velo tan grande e tan groso, e despois saudouno cortesmente, como é costume, dicíndolle:

- Ben certo é o que dí Platón, o príncipe dos filósofos: que se a imaxe da ciencia e da sabenza fose corporal e visíbel para os humanos había incitar a todos á súa admiración. Porque xa a simple sona dela, espallada a través do aire, se é recibida polos ouvidos dos seus estudosos e amantes aos que chamamos filósofos non os deixa durmir nin acougar a xeito, de tanto que os estimula e os abrasa a acudiren ao lugar e veren a persoa na que se di que a dita ciencia estableceu o seu templo e produciu os seus oráculos. Demostráronnos manifestamente isto a raíña de Saba, que veu dos límites do Oriente e do mar Pérsico por ver a orde da casa do sabio Salomón e ouvir a súa sabenza; Anacarsis, que de Escitia foi deica Atenas por ver a Solón; Pitágoras, que visitou aos vaticinadores menfíticos; Platón, que visitou aos magos de Exipto e a Arquitas de Tarento; Apolonio Tianeo, que foi até o monte Cáucaso e atravesou os escitas, os masaxetas, os indios, navegou o gran río Fisón até os brahmanas para ver a Hiarcas e logo Babilonia, Caldea, Media, Asiria, Partia, Siria, Fenicia, Arabia, Palestina e Alexandría até Etiopía para ver os Ximnosofistas¹⁵⁸.

Igual exemplo temos en Tito Livio, a quen viñeron ver e ouvir a Roma diversos estudosos dos confíns limítrofes de Francia e España.

Non pretendo eu contarme entre o número e orde destas xentes tan perfectas, mais si quero ser considerado como estudoso e amante non só das letras senón tamén da xente letrada.

Así, cando ouvín a sona do teu saber tan inestimábel, abandonei o meu país, a miña familia e a miña casa e trasladeime aquí, non me importando nada nin a longura da viaxe nin o tedio do mar nin a novidade das bisbarras, só para te ver e conversar contigo dalgunhas cuestións de filosofía, de xeomancia e de cábala nas que teño dúbidas e por causa das que non dá acougado o meu espírito. Se ti podes resolvermas convírtome dende agora en escravo teu –eu e mais toda a miña descendencia– pois non teño outra riqueza que eu estime digna recompensa diso.

Redactareinas por escrito e mañán fareino saber a todos os sabios da cidade a fin de que discutamos sobre elas publicamente na súa presenza.

Mais velaí a maneira como eu entendo que debemos discutir. Non quero discutir *pro e contra*, como fan os parvos dos sofistas desta cidade e mais doutras. Non quero

¹⁵⁶ Taumasto significa en grego “admirábel”.

¹⁵⁷ Este hostel acollía sobre todo beneditinos e probabelmente foi residencia de Rabelais en París.

¹⁵⁸ Viaxes recolleitas de diversas fontes (a Biblia, Eliano, San Xerome, etc). Os vaticinadores menfíticos son os adiviños de Menfis. O río Fisón rega o lendario Paraíso Terrenal. Os Ximnosofistas (ou “filósofos nús”) son os faquires da antiga India.

tampouco discutir declamando, á maneira dos académicos¹⁵⁹, nin por números, como facía Pitágoras e quixo facer Pico della Mirándola en Roma, senón que quero discutir só por señas, sen falar, pois as materias son tan árduas que as palabras humanas non haberían resultar suficientes para explicalas á miña satisfacción.

A túa Magnificencia hame compracer atopándose na grande sala do Colexio de Navarra ás sete da mañán.

Acabadas estas palabras, díxolle Pantagruel honorabelmente:

- Señor, non querría eu negarlle a ninguén o compartir as grazas que Deus me deu. Porque del nos ven todo ben, e o seu gusto é que sexa multiplicado cando nos atopamos entre xentes idóneas e dignas de recibir este maná celeste de honesto saber. E porque –como xa me decatei– ti tes o primeiro lugar entre estas, infórmote de que sempre me has atopar disposto a obedecer todas e cada unha das túas peticións dentro das miñas pequenas posibilidades. Ben certo é que teño eu máis que aprender de ti do que ti de min, pero, como solicitaches, conversaremos xuntos sobre as túas dúbidas e buscaremos a súa solución até o fondo do pozo inagotábel onde dicía Heráclito que está escondida a verdade¹⁶⁰.

E teño que gabar moito o xeito de argumentar que propuxeches, a saber por señas e sen falar, porque ao facermos isto ti e mais eu habémonos entender e habemos estar fóra do bater de mans deses pasmóns dos sofistas cando se está no mellor momento da argumentación.

Non hei logo faltar mañán ao lugar e hora en que me citaches, mais rógoche que non haxa entre nós disputa nin tumulto e que non procuremos o honor nin o aplauso dos homes senón só a verdade.

Respondeulle a isto Taumasto:

- Señor, Deus te manteña na súa graza premiando que a túa Alta Magnificencia queira condescender tanto coa miña pequena vileza. Adeus, logo! Deica mañán!

- Adeus! –dixo Pantagruel.

Señores que ledes o presente escrito, crede que nunca ninguén estivo tan excitado e fóra de si en pensamento como estiveron toda a noite Taumasto e mais Pantagruel. Pois o tal Taumasto díxolle ao porteiro do hostel de Cluny, onde el paraba, que na súa vida tivera tanta sede como tiña aquela noite.

- Coido que Pantagruel me ten pola gorxa. Mandade, por favor, que traian de beber e facede que eu teña auga fresca para me gargarizar ben o paladar.

Pola outra banda, Pantagruel chegou ao máis alto grao e en toda a noite non fixo outra cousa senón estar ollando:

- O libro de Beda *De numeris et signis*.
- O libro de Plotino *De inenarrabilibus*.
- O libro de Proclo *De Magia*.
- Os libros de Artemidoro *Peri onirocriticon*.
- De Anaxágoras *Peri Semion*.
- De Inario *Peri Aphonon*.
- Os libros de Filistión.
- De Hipponax *Peri anecphoneton*.

¹⁵⁹ Os discípulos de Platón.

¹⁶⁰ Non foi Heráclito senón Demócrito.

E unha chea doutros¹⁶¹.

Tanto que Panurgo dixo:

- Señor, deixade todos eses pensamentos e ídevos deitar, porque sinto que tendes o espírito tan alterado que poderíades caír axiña nalgunha febre efémera por cismardes en exceso. Mais bebede primeiro vinte e cinco ou trinta bos grolos e retirádevos e durmide a pracer, que eu hei responderlle e argumentarlle pola mañán ao señor inglés. E poderedes vós falar mal de min se é que non o deixo *ad metam non loqui*¹⁶².

- Si, mais Panurgo, meu amigo, -dixo Pantagruel- el é maravillosamente sabio: como has poder ti satisfacelo?

- Moi doadamente -respondeu Panurgo- pero pídivos que non me faledes máis diso e que me deixedes facer a min. Coidades vós que pode haber un home tan sabio coma os demos?

- De certo que non, sen unha especial graza divina -dixo Pantagruel.

- Pois eu teño discutido moitas veces con eles -dixo Panurgo- e téñoos feito recuar e pedir papas. Por iso poderedes estar seguro de que a ese glorioso Inglés heino facer cagar vinagre diante de todo o mundo.

Así pasou Panurgo a noite golichando cos criados e xogando todas as agulletas das súas calzas a *primus* e *secundus* e á variña¹⁶³ e, cando chegou a hora sinalada, conduciu o seu amo Pantagruel ao lugar establecido, e poderedes crer que non había en todo París nin pequeno nin grande que non se atopase no tal lugar pensando:

- Este demo de Pantagruel, que convenceu a todos os enganosos e pipiolo dos sofistas, vainas levar agora, porque este Inglés é o demo e a súa nai. Veremos quen gaña.

Así, reunido todo o mundo, Taumasto estaba xa a agardar por eles, e cando Pantagruel e máis Panurgo chegaron á sala, todos eses párvulos, bachareles e lectores comezaron a bater palmas como é o seu costume pasmón, mais Pantagruel exclamou con voz alta, como se fose o son dun dobre canón:

- Paz, polo demo, paz! Deus me valla, galopíns, se me abourades aquí heivos cortar a cabeza a todos!

Con estas palabras quedaron todos arrepiados como parrulos e nin se atrevían a tusir -mesmo aínda que tivesen comido quince libras de plumas- e tanta sede lles entrou con esta soa voz que tiraban a lingua medio pé fóra da boca como se Pantagruel lles tivese salgado a gorxa.

Entón comezou a falar Panurgo dicíndolle ao Inglés:

- Señor: ti viñeches aquí para discutires contenciosamente das teses que puxeches ou ben para aprenderes e saberes a verdade encol delas?

Ao que Taumasto respondeu:

- Señor, non me trae outra cousa máis ca o bo desexo de aprender e saber aquilo do que eu tiven dúbida toda a miña vida e non din topado libro nin home que me puidese contentar coa resolución das dúbidas que eu lle propuxen. E, tocantes a discutir

¹⁶¹ A tradución dos títulos latinos e gregos é: *Dos números e dos signos*, *Das cousas inenarrabeis*, *Da maxia*, *Sobre a significación dos soños*, *Sobre os signos* (é descoñecido, este libro de Anaxágoras), *Das cousa indicibeis* (tanto o autor como o libro son descoñecidos) e *Das cousas que cómpre calar* (tamén esta obra de Hipónax é descoñecida). Canto a Filistián, restaurador do antigo teatro mímico grego, tamén descoñecemos os seus libros.

¹⁶² “Ao límite de non falar”.

¹⁶³ Xogos que se xogaban con agulletas (especie de cordón forrado para atar as calzas) ou con pauciños.

contendendo, non quero facelo. É cousa ruín de máis e déixoa para eses loubáns dos sofistas, que nas súas discusións non buscan a verdade senón a contradición e a disputa.

- Daquela –dixo Panurgo– se eu que son pequeno discípulo do meu mestre, o señor Pantagruel, te contento e satisfago en todo e por todo, sería cousa indigna importunalo a el. Por iso é mellor que el presida xulgando a nosa conversa e dándoche contento ao final se é que che parece que eu non din satisfeito o teu estudoso desexo.

- Verdadeiramente falaches moi ben –dixo Taumasto.

- Comeza, pois.

Reparade en que Panurgo metera no fondo da súa longa bragueta un fermoso floco de seda vermella, branca, verde e azul e que dentro puxera unha boa laranxa.

CAPÍTULO 19

Como Panurgo avergoñou ao inglés que argumentaba con señas

Daquela, xa en silencio e escoitando os asistentes todos, o inglés ergueu altas, no aire, as dúas mans por separado, pechando todas as extremidades dos dedos na forma que en terras de Chinón chaman “cu de galiña” e bateu unha contra a outra, polas uñas, catro veces. Despois abriunas e coa palma dunha bateu contra da outra, cun son estridente. Xuntándoas de volta outra vez como de antes, bateu dúas veces, abrindoas de novo catro veces e despois volveunas pór xuntas e estendidas, unha a par da outra, coma quen prega devotamente a Deus.

Panurgo, de súpeto, ergueu no aire a man dereita e despois puxo o pulgar desta no nariz, na venta do mesmo lado, mantendo os outro catro dedos estendidos e apertados conforme á súa orde en liña paralela ao perfil do nariz, pechando totalmente o ollo esquerdo e chiscando o dereito con profunda depresión da sobrancella e da palpebra. Despois ergueu alta a esquerda, cos catro dedos moi apertados e estendidos e o pulgar elevado, e mantívoa en liña directamente correspondente coa posición da dereita, cunha distancia entre as dúas dun cóbado e medio. Feito isto, de igual maneira baixou contra o chan unha man e mais a outra. Finalmente púxoas no medio, como apuntando directamente contra o nariz do inglés.

- E se Mercurio... -dixo o inglés.

Aí Panurgo interrompeu dicindo:

- Falastes, máscara!¹⁶⁴

Entón fixo o inglés esta seña: ergueu alta, no aire, a man esquerda toda aberta, despois pechou no puño os catro dedos desta e pousou sobre o perfil do nariz o pulgar estendido. Logo, de súpeto, ergueu a dereita toda aberta e toda aberta a baixou, xuntando o pulgar no sitio que pechaba o dedo meniño da esquerda, e moveu os catro dedos lentamente no aire. Despois, ao contrario, fixo coa dereita o que fixera coa esquerda e coa esquerda o que fixera coa dereita.

Panurgo, sen asombrarse diso, tirou polo aire a súa trismexista¹⁶⁵ bragueta coa esquerda, e coa dereita tirou dela un toro de costela de boi branca e dúas pezas de madeira, as dúas iguais, unha de ébano negro e outra de pau do Brasil encarnado, e púxoas entre os dedos daquela man en boa simetría, e facéndoas bater entre elas fixo un son semellante ao que fan os leprosos na Bretaña coas súas castañas, resoando, con todo, moito mellor e máis harmoniosamente este, e, coa lingua contraída dentro da boca, cantarolaba ledamente, sempre mirando para o Inglés.

Os teólogos, médicos e cirurxanos pensaron que con esta seña alegaba que o inglés era leproso. Os conselleiros, lexistas e decretalistas coidaron que, ao facer iso, quería el concluír que algún xeito de felicidade humana consiste no estado de leprosaría, como antigamente sostiña Noso Señor.

O inglés non pillou medo con isto e erguendo as dúas mans no aire púxoas de tal xeito que apretou no puño os tres dedos máis grandes e pasou os pulgares entre os dedos

¹⁶⁴ Panurgo recrimínalle a Taumasto o faltar á regra da discusión muda, facendo alusión a unhas danzas chamadas *momerías* nas que as máscaras tiñan que gardar silencio.

¹⁶⁵ “Moi grande” (tradución literal do grego: “tres veces grande”). Hermes Trismexisto foi o nome dado polos gregos a un antigo deus exipcio considerado pola tradición autor de escritos esotéricos relacionados coa maxia, a astroloxía e a alquimia. Deste Hermes derívase a palabra *hermetismo*, nome dado ao conxunto de doutrinas que se lle atribúen.

índice e mediano en tanto que os dedos auriculares ficaban estendidos. Así llos presentou a Panurgo, e despois emparellounos de modo que o pulgar dereito tocaba o esquerdo e o dedo meniño esquerdo tocaba o dereito.

A iso, Panurgo, sen dicir unha palabra, ergueu as mans e fixo esta seña: xuntou a uña do dedo índice coa uña do pulgar da man esquerda, facendo no medio unha distancia como unha argola, e apretou os dedos todos da man dereita no puño, agás o dedo índice que meteu e sacou moitas veces por entre os outros devanditos dous dedos da man esquerda. Despois estendeu o dedo índice e mais o medio da dereita afastándoos o máis que deu e tirándoos cara a Taumasto. Despois puxo o pulgar da man esquerda enriba do anguliño do ollo esquerdo, estendendo toda a man como unha aza de paxaro ou unha barbatana de peixe, movéndoa moi xeitosamente para un lado e mais para outro. E o mesmo fixo coa dereita no anguliño do ollo dereito.

Taumasto comezou a palidecer e a tremer e fíxolle esta seña: bateu co dedo medio da man dereita contra o músculo da palma que está debaixo do pulgar e despois puxo o dedo índice da dereita nesa argola da esquerda, mais púxoo por baixo e non por riba como fixera Panurgo.

Daquela Panurgo bate unha man contra a outra e sopra na palma. Feito isto, mete de volta o dedo índice da dereita na argola da esquerda, sacándoo e meténdoo moitas veces. Despois estendeu o mentón mirando atentamente a Taumasto.

A xente, que non entendía nada das señas, entendeu ben que con esta preguntáballes a Taumasto:

- Que queredes dicir con isto?

Taumasto comezou a suar grosas gotas e semellaba un home que estivese extasiado en alta contemplación. Despois decatouse e puxo as uñas todas da esquerda contra as da dereita abrindo os dedos como se fosen semicírculos e ergueu tanto como puido a man con esta seña.

Ao que Panurgo, de súpeto, puxo o dedo pulgar na man dereita baixo a mandíbula e o dedo auricular daquela na argola da esquerda, e nesa posición fixo soar os seus dentes moi melodiosamente, os de abaixo contra os de arriba.

Taumasto ergueuse con grande esforzo, mais ao se erguer botou un gran peido de panadeiro (porque o “bolo” veu despois) e mexou vinagre ben forte, e cheiraba de mil demos. Os asistentes comezaron a tapar o nariz, pois el esforricábase coa angustia. Logo ergueu a man dereita, pechándoa de tal xeito que xuntaba as puntas de todos os dedos, e puxo a man esquerda plana sobre o peito.

A isto panurgo tirou a súa longa bragueta co seu floco e estendeuna catro palmos e mantívola no aire coa man esquerda mentres coa dereita colleu a súa laranxa e guindándoa polo aire sete veces, á oitava ocultouna no puño da dereita manténdoa en alto todo calado. Comezou logo a sacudir a súa fermosa bragueta amostrándolla a Panurgo.

Despois disto, Taumasto comezou a encher as fazulas coma un gaiteiro e soprou como se estivese a inchar unha vexiga de porco.

Ao que Panurgo puxo un dedo da esquerda no burato do cu e coa boca púxose a sorber aire como cando se comen ostras na cuncha ou cando se zuga a sopa. Feito isto, abriu un pouquiño a boca e coa palma da man dereita petou enriba dela, facéndose así un son grande e profundo como se viñese da superficie do diafragma pola tráquea arteria, e fíxoo dezaseis veces.

Mais Taumasto seguía a soprar coma un ganso.

Daquela Panurgo puxo o dedo índice da dereita dentro da boca apreixándoo forte cos músculos desta. Despois tirouno, e ao tiralo fixo un son grande, como cando os rapaces tiran bos rábanos cun canón de sabugueiro, e fíxoo nove veces.

Entón Taumasto exclamou:

- Ah, meus señores, que gran segredo! Meteu a man ate o cóbado!

Despois tirou un puñal que levaba, sosténdoo coa punta contra abaixo.

Ao que Panurgo colleu a súa longa bragueta e sacudiuna canto puido contra os coxotes. Despois puxo as dúas mans, unidas en forma de peine, sobre a cabeza, tirando a lingua canto podía e remelando os ollos cara á testa como unha cabra que está morrendo.

- Ah, entendo! Mais o que? –dixo Taumasto facendo sinal de pór o mango do puñal contra o seu peito e pondo sobre a punta a palma da man mentres facía mover un pouquiño o extremo dos dedos.

Ao que Panurgo baixou a cabeza polo lado esquerdo e puxo o dedo mediano na orella dereita, elevando o pulgar contra arriba. Despois cruzou os dous brazos sobre o peito, tusindo por cinco veces e á quinta petando co pé dereito contra o chan. Despois levantou o pé esquerdo e, apertando os dedos todos no puño, mantivo o pulgar contra a fronte, petando coa man dereita por seis veces contra o peito.

Mais Taumasto, como non contento con isto, puxo o pulgar da esquerda sobre a punta do nariz pechando o resto da man.

Entón Panurgo puxo os dous dedos máis grandes en cada lado da boca, retirándoo tanto como puido e amostrando os seus dentes, e cos dous pulgares fixo baixar as pálpebras dos ollos moi profundamente, pondo unha cara ben fea segundo o parecer dos asistentes.

CAPÍTULO 20

Como Taumasto conta as virtudes e o saber de Panurgo

Daquela ergueuse Taumasto e, tirando o seu pucho da cabeza, deulle as grazas garimosamente ao tal Panurgo, e despois díxolle en voz alta a toda a asistencia:

- Señores: nesta hora podo eu dicir con razón a frase evanxélica *Et ecce plus quam Salomon hic*¹⁶⁶. Vós tendes aquí, na vosa presenza, un tesouro incomparábel: o señor Pantagruel. A súa sona atraéume aquí dende o fondo de Inglaterra para conversar con el dos problemas insolubeis tanto de maxia, alquimia, cábala, xeomancia e astroloxía como de filosofía, problemas que eu tiña na miña mente.

Mais agora dame carraxe esa sona, pois seméllame que é envexosa contra el xa que non recolle nin a milésima parte do que realmente é.

Vós vistes como simplemente o seu discípulo me contentou e me dixo sobre eses asuntos máis do que eu preguntaba. A maiores, formuloume e solucionoume outras dúbidas inestimabeis. Por iso podo aseguravos que me abriu o verdadeiro pozo e abismo de enciclopedia, e ate un punto tal que eu non coidaba atopar home que fose quen de coñecer nin mesmo os primeiros elementos. E foi cando nós discutimos por señas, sen dicirmos nin media palabra. Mais logo hei eu redactar por escrito o que dixemos e resolvemos, a fin de que non se vaia pensar que foron bulras, e fareino imprimir para que todos aprendan coma min. E poderedes xulgar o que tería podido dicir o mestre cando o discípulo fixo xa tal proeza porque *Non est discipulus super magistrum*¹⁶⁷.

En todo caso: louvado sexa Deus! Agradézovos humildemente o honor que me fixestes nesta sesión! Deus volo pague eternamente!

A mesma acción de grazas lle fixo Pantagruel a toda a asistencia, e ao marchar levou cear con el a Taumasto, e podédesme crer que beberon a ventre desabotoado (pois por aquel tempo pechábanse os ventres con botóns, como agora os colariños) ate acabaren dicindo: “E vós de onde vides?”¹⁶⁸

Virxe Santa! Como tiraban do pelexo de carneiro! As frascas corrían e eles tocaban o corno:

- Tira!
- Dalle!
- Paxe, viño!
- Bota, polo demo, bota!

Ningún deles bebeu menos de vintecinco ou trinta moios. E sabedes como? *Sicut terra sine aqua*¹⁶⁹ porque facía calor e de por parte pillarán sede.

Tocante á narración das teses expostas por Taumasto e o significado das señas que usaron ao discutiren, habíavolas eu narrar segundo a relación entre elas mesmas, mais dixéronme que Taumasto fixo un gran libro encol diso, impreso en Londres, no que el aclara todo sen deixar nada. Por esa razón apártome diso por agora.

¹⁶⁶ “E velái máis ca Salomón”.

¹⁶⁷ “Non está o discípulo por riba do mestre”.

¹⁶⁸ É dicir, ate non se recoñeceren xa.

¹⁶⁹ “Como terra sen auga”.

CAPÍTULO 21

Como Panurgo se namorou dunha alta dama de París

Panurgo comezou a ser reputado na vila de París por esta discusión na que lle gañou ao inglés, e dende aquela fixo valer ben a súa bragueta e fixo que cosesen por riba dela bordados á maneira romana. A xente louvábao publicamente, fixeron unha canción sobre el que cantaban os picariños cando ían por mostarda, e era benvido a toda compañía de damas e de doncelas, de xeito que se volveu famoso, tanto que se propuxo subir por riba dunha das grandes damas da vila.

Así, deixando unha chea de longos prólogos e promesas que fan ordinariamente eses dolentes contemplativos namorados de Coresma que non lle tocan nadiña á carne, díxolle un día:

- Señora: había ser utilísimo para a sociedade, deleitábel para vós, honroso para a vosa liñaxe e para min necesario, que vós fósedes cuberta pola miña raza. E crédeme, porque a experiencia hávoloo demostrar.

A dama, cando ouvíu estas falas, fíxoo recuar máis de cen leguas dicindo:

- Tolo ruín! Pertécevos dicirme esas cousas? Con quen pensades que estades a falar? Ídevos e non volvades máis nunca diante miña, que só por un chisco non fago que vos corten brazos e pernas!

- Pois –dixo el- habíame ser igual ter brazos e pernas cortadas con tal de os dous metésemos unhas boas talladas de boa carne, xogando cos monequiños de abaixo, porque (dixo amosando a súa longa bragueta) velaí tendes a mestre Xoan Xoves que vos había tocar un maneo que habíades vós sentilo mesmo no miolo dos ósos. É galante e sábevos atopar tan ben os incidentes externos e mais as vinchiñas da rateira, que despois del non hai máis ca sacudir o pó.

Ao que respondeu a dama:

- Ídevos, ruín, ídevos! Se me dicides unha palabra máis, chamo pola xente e fago que vos dean unha malleira.

- Oh! –dixo el- Non sodes vós tan má como dicides, non, ou moito me enganei coa vosa fisionomía. Porque tería a terra que subir deica o ceo e o alto ceo descer ao abismo, e toda a orde ficar invertida, antes de que nunha tan grande fermosura e elegancia como a vosa houbese unha gota de fel ou de malicia. Ben certo é que se di con gran pena:

*Viuse algunha vez muller fermosa
que a un tempo non fose belicosa?*

Mais iso dise das fermosuras vulgares. A vosa é tan excelente, tan singular e tan celestial que coido que a natureza púxoas en vós como parangón, para nos facer comprender o que tal é quen de facer ela cando quere empregar todo o seu poder e toda a súa sabenza. Porque non é senón mel, non é senón azucre, non é senón maná celestial todo o que en vós hai.

Foi a vós a quen París debeu adxudicar a mazá de ouro, non a Venus nin a Xuno nin a Minerva, pois nunca houbo tanta magnificencia en Xuno, tanta sabedoría en Minerva nin tanta elegancia en Venus como hai en vós.

Oh, deuses e deusas celestiais! Que feliz será aquel ao que lle fagades a graza de abrazar a esta, de bicala e de fregar con ela o seu touciño! Deus me valla! Hei ser eu,

ben o vexo, pois xa ela me ama perdidamente. Seino! Estou predestinado a iso polas fadas. Daquela, para gañarmos tempo, metepuxespernexemos.

E quíxolle dar unha aperta, mais ela fixo coma quen se puña na fiestra a chamar polos veciños para que lle valesen.

Entón saíu Panurgo decontado e díxolle ao fuxir:

- Señora, esperade aquí, que xa os vou eu buscar, non vos tomedes o traballo.

Así marchou de alí sen se preocupar moito por ter sido refugado. E nunca peor cara puxo polo ocorrido.

No outro día, encontrouse na igrexa á hora na que ela ía á misa. Á entrada deulle auga bendita, inclinándose diante dela; despois, axionllouse ao seu carón, familiarmente, e díxolle:

-Señora. habedes saber que estou tan namorado de vós que non dou mexado nin cagado. Non sei o que vos parece, mais... se me acontecese algún mal: que ocorrería?

- Ídevos! –dixo ela- Ídevos! Iso a min non me interesa! Deixádeme pregarl a Deus!

- Facede un equívoco¹⁷⁰ coa frase *Pona xeitosa, ergue a cirola!* –dixo el.

- Non sei –dixo ela.

- Pois é *Cona xeitosa, ergue a pirola!* –dixo e-. E con iso pedídlle a Deus que me dea todo o que o voso nobre corazón desexa, e agora dádeme como graza este rosario.

- Tomade e non me abouredes máis –dixo ela.

E dito iso, quixo quitar o seu rosario, que era de limoeiro con grosas doas de ouro, mais Panurgo tirou axiña unha das súas navallas e cortouno ben cortado, dicíndolle mentres o levaba ao chambón:

- Queredes a miña navalla?

- Non, non! –dixo ela.

- Pois a fe que está para o que vós queirades mandar –dixo el- Corpos e bens, tripas e boches.

Entrementes, a dama non estaba moi contenta polo seu rosario, que precisaba para estar ben composta na igrexa, e pensou: “Este baduán é algún ventoleiro, home de estraño país. Non hei recuperar endexamáis o meu rosario. Que vai dicir o meu marido? Vaise encarraxar comigo, mais eu heille dicir que un ladrón cortoumo na igrexa, o que ha crer doadamente ao ver aínda o cabo de fita no meu cinto”.

Despois de xantar, Panurgo foina ver, levando na manga unha grande bolsa, chea de fichas e de escudos dos que a xente do Palacio emprega para a contabilidade, e comezou a dicir:

- Cal dos dous ama máis ao outro? Vós a min ou eu a vós?

Ao que ela respondeu:

- O que son eu, non vos odio, pois, como Deus manda, amo a todo o mundo.

- Mais, dicideme –púxose el- Non estades namorada de min?

- Xa vos teño dito moitas veces –dixo ela- que non me viñerades con esa parola. Se me seguides a falar así, vouvos demostrar que non é a min a quen debedes de falar dese xeito deshonesto. Ídevos de aquí e volvédeme o meu rosario para que o meu marido non me pregunte por el.

- Como, señora? –dixo el- O voso rosario? Non tal, Xuncras me valla! Mais si vos hei dar outro.

¹⁷⁰ *Equívoco* é outra denominación da antistrofa ou *contrepèterie*, xogo de palabras xa practicado no capítulo 16.

Queredes mellor de ouro ben esmaltado, con grosas esferas ou fermosos lazos de amor, ou ben con grosos lingotes macizos? Ou querédelo de ébano, de grosos xacintos¹⁷¹ ou grosos granates tallados? Cos doas de finas turquesas ou fermosos topacios? Finos zafiros ou fermosos balaches¹⁷²? E todo con grosas doas de diamantes de vinteito quilates?

Non, non, é demasiado pouco: sei dun fermoso rosario de finas esmeraldas, coas doas grandes, de ámbar gris redondeado, e que ten na fibela unha perla de Persia como unha laranxa de grande. Non custa máis ca vintecinco mil ducados. Quérovoló dar como presente pois é o meu contento.

E, en canto que dicía isto, facía soar as súas fichas como se fosen escudos verdadeiros:

- Queredes unha peza de veludo carmesín tinguido de grá? Unha peza de satén brocado ou carmesín? Queredes cadeas, douraduras, brincos, aneis? Non tendes máis que dicir si. Ate cincuenta mil ducados non me supón nada.

Pola virtude destas palabras el facíalle a boca auga, mais ela díxolle:

- Non, agradézovolo, non quero nada de vós.

- Deus me valla! –dixo el– Pois eu si que quero algo de vós, mais é unha cousa que non vos ha custar nada nin habedes perder nada. Mirade –e mostraba a súa longa bragueta– velaí Mestre Xoán Paxarolo que pide pousada.

E quixo abrazala, mais ela comezou a gritar (con todo, non moi alto). Daquela Panurgo virou a súa cara falsa e díxolle:

-Entón non queredes deixarme traballar un pouco? Pois merda para vós! Non vos pertence tanto ben nin tanto honor, mais...Deus me valla!, heivos facer cabalgar polos cans.

E dito isto fuxíu ás alancadas por medo aos golpes, que el temía por natureza.

¹⁷¹ Pedra preciosa.

¹⁷² Rubín de cór violácea.

CAPÍTULO 22

Como Panurgo lle fixo á dama parisiense unha xogada que non foi do seu agrado

Mais reparaide en que ao día seguinte era a grande festa do Corpus Christi, na cal as mulleres poñen a súa mellor roupa, e nese día a devandita dama puxera un fermoso vestido de satén carmesín e máis un mantelo de veludo branco moi precioso.

A víspera, Panurgo cacheou tanto por aquí e por alá que deu atopado unha *lycisque orgoose*¹⁷³ a que atou ao seu cinto e levou para o seu cuarto dándolle moi ben de comer todo ese día e esa noite. Pola mañán, matouna e colleulle o que saben os xeománticos gregos, picouno en anacos o máis pequeniños que puido e levounos ben agachados camiño do lugar onde a dama tiña que ir para seguir a procesión, como é costume na dita festa. Cando ela entrou, Panurgo deulle auga bendita saudándoa moi cortesmente, e un pouquiño despois de ela rematar os seus rezos, foise cabo dela ao seu banco e entregoulle un rondó escrito desta forma:

*Por unha vez que eu a vós, dama fermosa,
amor eu declarei, vós belicosa
botástesme para non volverme ver:
eu, que a vós nunca mal quixen facer
en dito ou feito, en verso ou ben en prosa.
De topardes esa angueira anoxosa
podiades dicir sen ser tramposa:
“De aquí o amigo que marcharse ha ter,
por unha vez”.*

*Non fai dano aquel que o corazón amosa
ardendo en viva chama amorosa
pola beleza que hai no voso ser.
Quero só eu caír nese poder
para ser de bo grado presa vosa,
por unha vez.*

E, en canto que ela abriu o papel para ver o que era, Panurgo sementou ao dereito a droga que levaba polas distintas partes dela, e mesmo nos pregues das mangas e do vestido, e díxolle despois:

- Señora, os pobres amantes non sempre están satisfeitos. Polo que son eu, espero que as más noites, os traballos e as coitas que o voso amor me causa, hanme ser deducidos no equivalente das miñas penas do purgatorio. Cando menos, rogádelle a Deus que no meu mal me dea paciencia.

Aínda ben non rematara Panurgo estas palabras cando todos os cans que estaban na igrexa acudiron onde a dama polo olor das drogas que espallara enriba dela. Pequenos e grandes, gordos e fracos, viñan todos estirando o membro e cheirándoa e mexándolle por todas partes riba dela. Foi a vilanía máis grande do mundo.

Panurgo arredounos un pouco e despois marchou de xunto súa e retirouse a unha capela por ver a diversión, pois os viláns dos cans enchían de mexo a roupa dela. Tanto

¹⁷³ En grego “unha cadela quente”.

que un gran lebel mexoulle na cabeza, outros nas mangas, outros na grupa, en canto que os pequenos mexábanlle nos zapatos, de xeito que todas as mulleres do arredor pasaban bo traballo para salvala.

E Panurgo ría, e díxolle a un dos señores da vila:

- Coido que esa dama anda en cío ou que algún lebel a cubríu hai pouco.

E cando viu que todos os cans daban voltas de arredor dela, rosmando como fan de arredor dunha cadela quente, foise de alí na procura de Pantagruel. En todas as rúas nas que atopaba cans, dáballes unha patada dicindo:

- Non habedes ir cos vosos compañeiros á boda? Veña, demontre! Veña!

E, de chegado á casa, díxolle a Pantagruel:

- Mestre, facede o favor, vide ver todos os cans do país que se xuntaron de arredor dunha dama, a máis fermosa desta vila, e quérenlle mover o mango no zuncho.

O que consentiu de grado Pantagruel, e viu a representación, que lle pareceu moi fermosa e novedosa.

Mais o bo foi na procesión, onde se viron máis de seiscentos mil catorce cans de arredor dela dándolle mil tormentos. E, de todas partes polas que ela tiña pasado, novos cans recién chegados seguían o seu rastro, mexando polo camiño nos lugares que tocan os seus vestidos.

Toda a xente paraba a ver este espectáculo observando o comportamento deses cans que lle subían deica o pescozo e lle estragaron os seus fermosos enfeites todos, polo que non soubo ela atopar outro remedio senón retirarse á súa morada. E os cans a correr detrás, e ela a se esconder, e as camareiras a rir.

Ao que ela entrou na casa e pechou a porta atrás súa, chegaron alá todos os cans de media legua á redonda e botaron tanto mexo sobre a porta da casa que coa urina formaron alí un regato no que darían nadado doadamente os parrulos. E é ese regato o que actualmente pasa por Saint-Victor, no que Gobelin tinxe o pano a causa da virtude específica destas mexadas de can¹⁷⁴, como en tempos predicou publicamente o noso mestre de Oribus. Así –Deus vos asista!- podería ter moído alí un muíño (con todo non tanto como o de Bazacle, en Toulouse¹⁷⁵).

¹⁷⁴ Os Gobelinos (les Gobelins) era unha coñecida familia de tinxidores ou tintureiros de longa tradición. Nos seus obradoiros, aos que aquí alude Rabelais, foron instaladas no século XVII as manufacturas de tapices que se fixeron célebres no mundo enteiro.

¹⁷⁵ Muíño sobre o Garona que pasaba por ser o máis fermoso de Europa.

CAPÍTULO 23

Como Pantagruel marchou de París cando ouviu novas de que os dípsodas¹⁷⁶ invadían o país dos amaurotes¹⁷⁷, e por que causa en Francia as leguas son tan pequenas

Pouco tempo despois, Pantagruel ouviu a nova de que seu pai, Gargantúa, fora trasladado ao país das fadas por Morgana¹⁷⁸, como antigamente o foran Ogier e mais Artur, e ao mesmo tempo que –coñecido o seu traslado– os dípsodas saíran das súas fronteiras e saquearan unha gran rexión de Utopía, tendo nese momento asediada a grande vila dos amaurotes. Marchou, logo, de París sen lle dicir adeus a ninguén, pois o asunto requería dilixencia, e foi para Ruán.

De camiño, ao ver Pantagruel que as leguas de Francia eran pequenas por demais en comparanza coas dos outros países, preguntoulle a causa e razón diso a Panurgo. Este contoulle unha historia que *Marotus do Lago*¹⁷⁹, *monachus*, pon nas *Xestas dos reis de Canarias* dicindo que:

“Antigamente os países non tiñan distinción entre eles tocante a leguas, millas, estadios ou parasangas, até que o rei Faramundo os distinguíu, o que fixo da maneira seguinte. Escolleu ben en París cen mozos garridos, galantes e decididos, e na Picardía cen garridas mozas e fixo que durante oito días lles desen moi bo coido e boa vida. Despois, chamounos, e a cada un deles deulles a súa moza xunto con cartos abondo para os gastos, ordenándolles que fosen a diversos lugares por direccións diferentes, e que en todos os sitios en que trincasen a súa moza, puxesen unha pedra, e iso había ser unha legua.

Así, os compañeiros marcharon ledamente e, como estaban frescos e tiñan vagar, fodichaban en cada recuncho, e velaí por que as leguas de Francia son tan pequenas¹⁸⁰. Mais cando tiveron percorrido moito camiño e estaban cansos como pobres diaños, e xa non había máis aceite no candil, non enrellaban tanto e se contentaban (falo dos homes) con algunha ruín e pobre vez no día. E velaí o que fai tan grandes as leguas de Bretaña, as das Landas, de Alemaña e outros países máis afastados. Os outros dan outras razóns mais esta paréce-me a min a mellor.”

No que concordou de grado Pantagruel.

Ao marcharen de Ruán chegaron a Honfleur, onde se meteron ao mar Pantagruel, Paurgo, Epistemón, Eustenes e Carpalim. Nese lugar, mentres esperaban o vento propicio e calafateaban a nave, recibiu dunha dama de París (á que el mantivera durante moito tempo) unha carta que levaba enriba a inscrición:

Ao máis amado polas beldades e menos leal dos paladíns: P.N.T.G.R.L.

¹⁷⁶ Palabra que ven do grego e significa “sedento”.

¹⁷⁷ Os amaurotes xa foron citados no capítulo 2 (ver nota 21).

¹⁷⁸ A fada Morgana ten un importante papel no ciclo artúrico ou materia de Bretaña.

¹⁷⁹ Autor descoñecido, probablemente creación de Rabelais nunha alusión burlesca ao héroe artúrico Lanzarote do Lago e ao poeta e humanista Marot, co que mantivo boas relacións. Nótese unha nova alusión ás Canarias –en conexión con Lanzarote, aínda que o nome da illa semella proceder do navegante xenovés Lancelotto Malocello e non do cabaleiro artúrico– que foran descubertas e colonizadas por franceses.

¹⁸⁰ Aínda non estaba consolidada nesta época a centralización do que logo había ser o estado francés. A Francia que se cita aquí á rexión Parisina, a da Île-de-France, nome que se foi utilizando para o reino conforme as fronteiras se foron ampliando.

CAPÍTULO 24

Carta dunha dama de París que un mensaxeiro lle levou a Pantagruel, e explicación dunha frase escrita nun anel de ouro

Ao que leu a inscrición, Pantagruel quedou pampo, e preguntándolle ao tal mensaxeiro o nome daquela que a enviara, abriu a carta e non atopou nada escrito dentro. Había somente un anel de ouro cun diamante en táboa¹⁸¹. Entón chamou a Panurgo e espúxolle o caso.

Panurgo díxolle que a folla de papel estaba escrita, mais que o estaba con tanta sutileza que non se vía miga de escritura.

E para sabelo púxo a carón do lume, para ver se a escritura fora feita con sal amoniacado diluído en auga.

Despois meteuna en auga, para ver se a carta fora escrita con zume de titímalo¹⁸².

Despois espúxo a luz da candeia, por se fora escrita con zugo de cebolas brancas.

Despois fregou unha parte dela con aceite de noz, para ver se non fora escrita con lixivia de figueira.

Despois fregou outra parte con leite de muller que está a aleitar a súa filla primoxénita, para ver se non fora escrita con sangue de sapos.

Despois fregou un recanto con cinza dun niño de anduriñas, para ver se fora escrita co orballo que se atopa nas mazáns do alquequenxe¹⁸³.

Despois fregou outra punta con cerume das orellas, para ver se fora escrita con fel de corvo.

Despois enchoupouna en vinagre, para ver se fora escrita con leite de herba rateira.

Despois engrasouna con unto de morcego, para ver se fora escrita co esperma de balea que chaman ámbar gris.

Despois meteuna moi a modiño dentro dunha tina de auga fresca e tirouna ao socate de alí para ver se fora escrita con pedralume.

E, ao ver que non descubría nada, chamou ao mensaxeiro e preguntoulle, pensando que fose a astucia que conta Aulo Xelo:

- Compañeiro: a dama que te enviou aquí non che deu un bastón para o tragueses¹⁸⁴?

E o mensaxeiro respondeulle:

- Non, señor.

Daquela Panurgo quixo que lle rapasen o cabelo para saber se a dama fixera escribir con algunha tinta forte sobre a súa cabeza pelada o que ela quería transmitir, mais ao ver que os seus cabelos eran moi longos desistiu, considerando que en tan pouco tempo non lle poderían ter medrado tanto.

Entón díxolle a Pantagruel:

¹⁸¹ Diamante tallado en superficie plana, sen facetas.

¹⁸² Nome dunha planta euforbiácea.

¹⁸³ Nome dunha planta solanácea.

¹⁸⁴ Este procedemento de enviar mensaxes secretas chamábase *escítalo* e era empregado polos maxistrados de Esparta. Consistía no envío dunha fita enrolada nun bastón coa mensaxe escrita seguindo unha disposición que só podía saberse tendo outro bastón idéntico.

- Mestre, polos cravos de Cristo, non sei o que facer nin o que dicir! Eu utilicei, para ver se aquí hai algo escrito, unha parte do que pon Messere Francesco de Nianto, o toscano, que escribiu a maneira de ler cartas invisíbeis, e o que escriben Zoroastro en *Peri Grammato acriton* e Calphurnius Bassus en *De Literis illegibilibus* mais non vexo nada e creo que non hai outra cousa senón o anel. Vamos velo.

Entón, ao miralo, atoparon escrito por dentro, en hebreo.

LAMAH HAZABABTHANI

Chamaron logo a Epistemón, preguntándolle o que iso quería dicir, ao que el respondeu que eran palabras hebraicas que significaban: *Por que me abandonaches?*¹⁸⁵

Daquela Panurgo replicou de súpeto:

–Xa entendo o caso: Vedes este diamante? É un diamante falso. Velaí, pois, a explicación do que quere dicir a dama:

“Di, amante falso: por que me abandonaches?”

Pantagrueu entendeu esta explicación de contado e lembrouse de cómo, ao marchar, non lle dixeran adeus á dama, e atristouse, e tería dado volta a París de grado para facer as paces con ela, mais Epistemón levoulle á memoria a separación de Eneas de Dido e mais o dito de Heráclito Tarentino segundo o que, estando ancorado o navío, cando a necesidade aperta cómpre cortar a corda antes de perder o tempo en desatala, e que debía deixar todos os pensamentos para acudir á vila do seu nacemento, que estaba en perigo.

Unha hora despois levantouse o vento chamado nor-noroeste, co que despregaron as velas todas e se meteron mar adentro, e en pouco días, pasando por Porto Santo e por Madeira, fixeron escala nas Illas Canarias.

Ao marcharen de alí pasaron por Cabo Branco, por Senegal, por Cabo Verde, por Gambia, por Sagres, por Meli, polo Cabo de Boa Esperanza e fixeron escala no reino de Melinde¹⁸⁶.

Ao marcharen de alí puxeron a vela co vento da tramontana, pasando por Meden, por Uti, por Udem, por Guelasim, polas Illas das Fadas e deica o reino de Acoria. Finalmente chegaron ao porto de Utopía, distante da vila dos amaurotes tres leguas e un pouquiño máis¹⁸⁷.

Cando estiveron en terra un pouco frescos, dixo Pantagrueu:

- Rapaces, a vila non está lonxe de aquí. Antes de seguirmos adiante sería ben decidir o que cómpre facer, a fin de non semellarmos aos atenienses, que non consultaban senón despois de acontecido o caso.

Estades decididos a vivir e a morrer comigo?

- Claro, señor –dixeron eles todos– Podedes estar tan seguro de nós como dos vosos propios dedos.

- Pois non hai mais ca un punto que ten o meu espírito suspenso e dubidoso –dixo el– e é que non sei nin en que disposición nin en que cantidade están os inimigos

¹⁸⁵ Derradeiras palabras pronunciadas por Cristo na cruz.

¹⁸⁶ É a ruta da navegación ás Indias bordeando África. A maior parte destes lugares eran colonias portuguesas

¹⁸⁷ Os países son agora imaxinarios. A tramontana é o vento que sopra en Italia dende o Norte. *Meden*, *Uti* e *Udem* son nomes tirados de palabras gregas que significan “nada”. *Guelasim* –da mesma orixe– significa “ridículo”. *Acoria*, nome tamén formado do grego, ven significando “sen patria”; os Acorios son, xa na devandita obra de Tomás Moro, os habitantes do país de Utopía e Rabelais “desprázos” ao facelos veciños de Gargantúa e Pantagrueu.

que teñen a vila asediada. Se o soubera, iría con moita máis seguranza. Por iso, pensemos xuntos na maneira de o sabermos.

Ao que dixeron todos xuntos:

- Deixádenos ir ver e agardádenos aquí, porque no día de hoxe habémosvos traer noticias certas.

- Eu –dixo Panurgo– propóñome entrar no seu campamento polo medio dos gardas e dos vixías e dar-me unha enchenta con eles e desembaiñar o bracamarte á súa costa sen ser recoñecido por ninguén, visitar a artillaría e as tendas todas dos capitáns e pasear con moita proa entre as compañías sen ser descuberto nunca. Nin o demo sería máis agudo ca min, porque eu son da liñaxe de Zópiro¹⁸⁸.

- Eu –dixo Epistemón– coñezo todas as estrataxemas e proezas dos valentes capitáns e campeóns do tempo pasado e todas as mañas e agudezas da disciplina militar. Hei ir, e mesmo que fose descuberto ou destapado había escapar facéndolles crer de vós todo o que eu quixese, porque eu son da liñaxe de Sinón¹⁸⁹.

- Eu –dixo Eustenes– hei entrar a través das súas trincheiras malia os vixías e os gardas todos, pois heilles pasar por riba do ventre e heilles romper brazos e pernas, así eles fosen tan fortes coma o demo, porque eu son da liñaxe de Hércules.

- Eu –dixo Carpalim– hei entrar alí se é que os paxaros dan entrada, porque teño o corpo tan guicho que hei dar saltado as súas trincheiras e traspasado todo o seu campamento antes de que me dean visto. E non teño medo de lanza, frecha ou cabalo por moi rápido que for. Mesmo que fose Pegaso o de Perseo ou Pacolet¹⁹⁰ había eu escapar salvo e varudo. Eu propóñome camiñar por riba das espigas de trigo e por riba da herba dos prados sen que comben baixo miña, porque eu son da liñaxe de Camila a Amazona¹⁹¹.

¹⁸⁸ Persa que cortou o nariz e as orellas para semellar un traidor aos seus e que deste xeito deu entrada en Babilonia, capital dos inimigos.

¹⁸⁹ Sinón foi o guerreiro grego que se deixou prender polos troianos e os enganou para que metesen na vila o cabalo de madeira.

¹⁹⁰ No rela to *Valentín e Orson*, Pacolet é un mago anano que fabrica un cabalo de madeira capaz de voar polos aires.

¹⁹¹ Camila, raíña das Amazonas, era quen de camiñar sobre as espigas de trigo sen as facer combar.

CAPÍTULO 25

Como Panurgo, Carpalim, Eustenes e Epistemón, compañeiros de Pantagruel, derrotaron ben sutilmente a seiscentos sesenta cabaleiros.

En canto el estaba a dicir iso, albiscaron seiscentos sesenta cabaleiros que, avanzando montados enriba de cabalos lixeiros, acudían para ver que navío era o que acababa de atracar no porto e corrían a rédea solta para pillalos se podían.

Entón dixo Pantagruel:

- Rapaces, retirádevos para dentro do navío. Velaí os nosos inimigos que acuden, pero eu héivolos matar aquí como animais, mesmo que fosen dez veces máis. Entrementes, retirádevos e divertídevos co espectáculo.

Daquela respondeu Panurgo:

- Non, señor. Non é razón que fagades así. Ao contrario, retirádevos para o navío, vós e mais os outros, pois eu soño heinos derrotar aquí, mais non podemos demorarnos. Avanzade vós!

Ao que os demais dixeron:

- Ben falado. Retirádevos, señor, e nós axudaremos aquí a Panurgo. Ides ver o que sabemos facer.

Daquela dixo Pantagruel:

- De acordo, mais no caso de que forades máis febles eu non vos hei faltar.

Entón Panurgo tirou das naves dúas grandes cordas e atounas ao cabrestante que había na cuberta e púxoas en terra e fixo con elas un extenso círculo, cunha delas por fóra e outra dentro dela, e díxolle a Epistemón:

- Entrade para dentro da nave e, cando eu vos diga, dádlle voltas moi rapidamente ao cabrestante recollendo cara a vós estas dúas cordas.

Despois díxolles a Eustenes e a Carpalim:

- Rapaces, esperade aquí e ofecédevos ao inimigos francamente, obedecédelles e facede coma quen vos rendides. Mais reparade en non entrardes no interior destas cordas: retirádevos sempre fóra delas.

E entrou decontado no navío, pillou un feixe de palla e unha barrica de pólvora de canón e espallounas polo interior das cordas e, cunha granada de fogo, mantívose a carón delas.

De súpeto, chegaron con gran forza os cabaleiros e os primeiros bateron a carón mesmo do navío e, como se escorregaba moito na ribeira, cairon (eles e mais os seus cabalos) até o número de corenta e catro. Ao veren isto, os outros achegáronse, pensando que se lles resistían ao apareceren, mais Panurgo díxolles:

- Señores, coido que vos mancastes. Perdoádenos, pois non foi pola nosa culpa senón pola lubricidade da auga do mar, que está sempre pegañenta. Nos rendémonos á vosa vontade.

Outro tanto dixeron os seus dous compañeiros, e mais Epistemón, que estaba na cuberta.

Entrementes, Panurgo foise afastando e, ao ver que todos estaban no interior das cordas e que os seus dous compañeiros se arredaran de alí deixándolles sitio a todos aqueles cabaleiros que se acugulaban para ver a nave e o que había dentro, berroulle de súpeto a Epistemón:

- Tira! Tira!

Entón Epistemón comezou a tirar no cabrestante e as dúas cordas enzarapalláronse entre os cabalos facéndoos esparrarse doadamente a eles e mais os

cabaleiros, pero estes, ao velo, tiraron da espada e quixéronas desfacer, polo que Panurgo puxo lume na pólvora e fixo que todos ardesen alí como almas condenadas. Homes e cabalos, ninguén escapou non sendo un que subira nun cabalo turco colléndoo á carreira, mais cando Carpalim o descubriu, correu atrás súa con tanta rapidez e axilidade que o pillou en menos de cen pasos, e choutando á grupa do cabalo abrazouno polo lombo e levouno para o navío.

Rematada esta derrota, Pantagruel púxose ben contento e louvou maravillosamente a habelencia dos seus compañeiros. Fixo que se refrescasen e comesen ben e alegremente na ribeira e que bebesen de igual xeito, a barriga contra o chan, e o seu prisioneiro con eles, como en familia, aínda que o pobre diaño non estaba seguro de que Pantagruel non o fose devorar enteiriño. E mais teríao podido facer tan doadamente como vós o fariades cun carameliño, e non lle tería abultado na boca máis do que un gran de millo na gorxa dun asno. Tan larga tiña a gola Pantagruel.

CAPÍTULO 26

Como Pantagruel e os seus compañeiros estaban anoxados de comer carne salgada e como Carpalim foi cazar para ter carne fresca

En canto que banqueteaban, dixo Carpalim:

- San Parrocho me valla! Non habemos comer nunca carne de caza? Esta carne salgada ponme todo sedento. Vouvos tragner aquí un coxote destes cabalos que queimamos: ha estar ben asado.

E, en canto que se levantaba para facer isto, dexergou á beira do bosque un corzo grande e fermoso que saíra do mato (penso que ao ver o lume de Panurgo). De contado correu el atrás súa con tanta celeridade que semellaba ser o risco dunha baestra, e pillouno nun momento. E, ao correr, colleu coas mans polo aire catro grandes avetardas, sete sisóns, vinteseis perdices charras, trinta e dúas rubias, dezaseis faisáns, nove arceas, dezanove garzas e trinta e dous pombos; e matou cos pés dez ou doce lebrachos e coellos xa mozotes, dezaioito rascóns emparellados que formaban bandada, quince porquiños bravos, dous teixugos e tres raposos grandes.

Baténdolle, pois, ao corzo co seu sable ao través da cabeza, matouno, e ao traguelo recolleu os seus lebrachos, rascóns e porquiños bravos, e de tan lonxe como puido chamou, dicindo:

- Ei, Panurgo, meu amigo! Vinagre! Vinagre!

Polo que o bon Pantagruel pensou que lle dera unha volta o corazón e ordenou que lle preparasen vinagre. Mais Panurgo entendeu ben que había lebracho para levar aos dentes e amosoulle ao bon Pantagruel como Carpalim levaba un gran corzo ao pescozo e toda a cintura bordada de lebrachos.

No intre fixo Epistemón, en nome das nove musas, nove fermosos espetos de pau ao xeito antigo, Eustenes axudou a esfolar e Panurgo puxo dúas selas de armas dos cabaleiros dispostas de tal maneira que servisen de trasfogueiros; puxeron de cociñeiro ao seu prisioneiro e no lume no que ardían os cabaleiros fixeron asar a súa carne de caza.

E despois, gran encherola con moito vinagre! Ao díaño o que andivese con mixiricadas! Daba gloria velos larpar!

Entón dixo Pantagruel:

- Quixera Deus que cada un de vós tivese dous pares de campaiñas de falcón no queixelo e eu tivese no meu os grosos reloxios de Rennes, de Poitiers, de Tours e de Cambrai para ver a alborada que habíamos facer co acaneo dos nosos fociños!

- Mellor é pensarmos no noso choio un pouquiño –dixo Panurgo– e en cal sería o modo de vencermos aos nosos inimigos.

- Ben falado –dixo Pantagruel.

Polo tanto, preguntoulle ao prisioneiro

- Meu amigo, dinos a verdade e non nos mintas en nada se non queres que te esfolemos vivo, porque eu son o que come os rapaciños pequenos. Cóntanos exactamente a disposición, o número e a forza do exército.

Ao que respondeu o prisioneiro:

- Señor, dígovos a verdade: no exército hai tres centos xigantes, todos con armadura de pedra de cantaría, extraordinariamente grandes –aínda que non tanto coma vós, non sendo un, o xefe deles, que lle chaman Lobishome e ten armadura de bigornas ciclópeas– cento sesenta e tres mil infantes, con armadura de pel de trasnos, xente forte

e valente, once mil catrocentos homes de a cabalo, tres mil seis centos canóns dobres e un sennúmero de espingardas, noventa e catro mil zapadores, cento cincuenta mil putas, fermosas como deusas...

- Iso para min! –dixo Panurgo.

-...Algunhas delas son amazonas, outras lionesas, outras parisienses, turenas, anxevinas, poitevinas, normandas, alemás...Hainas de todos os países e de todas as linguas.

- Si, mais: o rei vai con elas? –preguntou Pantagruel.

- Vai, en persoa, Maxestade –dixo o prisioneiro– e chámalle Anarca¹⁹², rei dos dísodas, é dicir, da xente sedenta (porque nunca vós tendes visto xente tan sedenta nin que beba tan de grado) e ten el a súa tenda gardada polos xigantes.

- Abonda –dixo Pantagruel– Veña, rapaces: estades decididos a vir aló comigo?

Ao que Panurgo respondeu:

- Deus confunda a aquel que vos abandone! Xa pensei eu como volos hei deixar todiños mortos coma porcos, que nin o xarrete lle ha escapar ao demo. Mais hai algo que me preocupa un pouco.

- O que? –preguntou Pantagruel.

- É –dixo Panurgo– como darei avanzado, meténdolles o bracamarte ás putas todas que alí van, de xeito que non escape ningunha sen que eu lle toque o pandeiro como hai que tocalo.

- Ha, ha, ha! –riu Pantagruel.

E Carpalim dixo:

- Polo demo maior! Deus me valla, eu hei encher algunha!

- E eu, que? –dixo Eustenes- Eu non volvín endereitalo des que nos movimos de Ruán. Polo menos, que a agulla suba ás dez ou ás once, ou inda máis, que o teño duro e forte como cen demos!

- É certo –dixo Panurgo– Ti has ter as máis gordas e cheas.

- Como? –dixo Epistemón– Todo o mundo vai cabalgar e eu vou tirar do burro? O demo leve ao que non faga nada! Habemos usar o dereito de guerra: *Qui potest capere, capiat*¹⁹³.

- Non, ho –dixo Panurgo– Ata o burro a un gancho e cabalga como a xente!

O bon Pantagruel ría ouvindo todo isto, e despois díxolles:

- Botades as contas sen a taberneira! Teño medo de vos ver, antes de que sexa noite, sen moitas ganas de arreitar, e ver como vos cabalgan a vós a golpes de pica e lanza!

- Abonda! –dixo Epistemón– Eu tráivolos para asar, ferver, guisar ou amasar. Non son eles tantos como tiña Xerxes, pois tiña tres millóns de soldados (se cremos a Herodoto e a Trogo Pomponio) e mais Temístocles con pouca xente derrotounos. Non vos preocupar, por Deus!

- Merda e remerda! –dixo Panurgo– A miña bragueta, ela soíña, halle sacudir o pó aos homes todos, e san Bailanoburaco (que descansa dentro dela) halles tirar a cotra a todas as mulleres!

- Veña, logo, rapaces! –dixo Pantagruel– Comecemos a camiñar!

¹⁹² Nome de orixe grega que significa “sen poder, sen autoridade”.

¹⁹³ A frase latina empregábase xeralmente en sentido figurado (“O que poida entender, que entenda”) mais Epistemón cóllea ao pé da letra (“O que poida pillar, que pille”).

CAPÍTULO 27

Como Pantagruel ergueu un trofeo en memoria da proeza e Panurgo outro en memoria dos lebrachos. E como Pantagruel enxendrou cos seus peidos os homiños e coas súas ventosidades as mulleriñas. E como Panurgo rompeu un pau ben gordo enriba de dous vasos.

- Antes de nos irmos de aquí –dixo Pantagruel– en memoria da proeza que arestora fixestes quero construír neste lugar un fermoso trofeo¹⁹⁴.

Entón, entre todos eles, con moita ledicia e cancións campesinas, ergueron un gran madeiro no que penduraron: unha sela de armas, unha testeira de cabalo, arreos, estribeiras, esporas, unha loriga, unha armadura de aceiro, unha machada, un estoque, unha luva de ferro, unha maza, mallas dos sovacos, caneleiras, un gorxal, e así todos os aparellos requiridos para un arco de triunfo ou trofeo.

Despois, para memoria eterna, escribiu Pantagruel a seguinte sentenza vitorial:

*Aquí apareceu a experiencia
de catro valerosos cabaleiros
que sen usaren armas, con só ciencia,
cal se fosen Escipións verdadeiros,
a seiscentos sesenta piolleiros
queimaron, por godallos, como leña.
Aprendeí vós, reis, torres, pioneiros,
que enxeño a forza gaña e mais domeña.
Pois o vencer,
é de saber,
vennos por mor
do que querer
co seu poder
Noso Señor.
Non conta a forza nin a grandor,
só a quen lle apraz vai el escoller.
Daquela terá gloria e mais honor
o que espere con gran fe no seu crer.*

Entrementes que Pantagruel escribía os versos devanditos, Panurgo pendurou dun gran pau as cornas do corzo e mais a súa pel e os pezuños dianteiros dereitos, despois as orellas de tres lebrachos, o raxo dun coello, as mandíbulas dunha lebre, as azas de dúas betardiñas, as patas de catro pombos, un frasquiño de vinagre, un corno onde puñan o sal, o seu espeto, unha lardeadeira, un caldeiro ruín cheo de buratos, unha xerra na que preparaban a salsa, un saleiro de barro e un gobilete de Beauvais.

E, en imitación dos versos e do trofeo de Pantagruel, escribiu o que segue:

¹⁹⁴ O trofeo era un monumento que os antigos gregos e romanos erguían en honor dos deuses despois dunha vitoria en combate. Facíase cos despoixos e armas collidas ao inimigo, que se amoreaban e se penduraban das árbores.

*Aquí pousaron os cus con paciencia
catro bos bebedores rebuldeiros
para honraren a Baco en benquerencia
botando sen parar grolos enteiros.
Perdeu entón o raxo e os cueiros
Mestre Lebracho, veña que te veña,
sal e vinagre, así como colmeiros,
seguírono e deixárono sen seña.
Pois pra saber
ben defender
cando hai calor,
cómpre beber
sen se deter
e do mellor.
Mais comer lebracho é grande dór
sen lembrarse de vinagre ter.
O vinagre é del alma e valor,
Isto nunca esquecido debe ser.*

Entón dixo Pantagruel:

- Vamos, rapaces! Xa enredamos de máis aquí coa mantenza, porque non é moi frecuente ver que os grandes esmorgueiros leven a cabo importantes feitos de armas. Non hai sombra coma a dos estandartes, non hai fume coma o dos cabalos nin chouqueleo coma o dos arneses!

Nisto comezou Epistemón a sorrir e dixo:

- Non hai sombra coma a da cociña, fume coma o das empanadas nin chouqueleo coma o das cuncas!

Ao que respondeu Panurgo:

- Non hai sombra coma a das alcovas, fume coma o das tetas nin chouqueleo coma o dos collón!

Despois, erguéndose, botou un peido, deu un asubío e gritou con voz alta ledamente:

- Viva sempre Pantagruel!

Ao ver isto, Pantagruel quixo facer outro tanto, mais co peido que botou a terra tremeu nove leguas á redonda e o aire corrompido deste enxendrou máis de cincuenta e tres mil homiños ananos e contrafeitos, e cunha ventosidade que botou enxendrou outras tantas mulleriñas engruñadas, como as que vedes en moitas partes, que non medran nunca senón contra abaixo coma os rabos das vacas, ou ben en redondo coma os rábanos do Lemosín..

- Vaites! –exclamou Panurgo– Tan frutuoso son os vosos peidos? Deus me valla! Que fermosos zouponciños e que fermosas baltroteiriñas. Hai que os casar entre eles pois han enxendrar moscas bovinas!

O que fixo Pantagruel. E chamounos pigmeos e enviounos a vivir a unha illa cabo de alí na que dende entón multiplicáronse moito, mais os groux fanlles a guerra de continuo e eles deféndense con coraxe, pois estes anaquiños de homes (que en Escocia chaman “mangos de rascadeira”) son por natureza coléricos. A razón física é porque teñen o corazón perto da merda.

No mesmo momento colleu Panurgo dous vasos que había por alí, os dous de igual tamaño, e encheunos de auga con toda canto cabía neles, e puxo un enriba dunha banquetta e outro enriba doutra separándoas unha distancia de cinco pés. Colleu despois

a vara dun venablo, do tamaño de cinco pes e medio, e púxo a enriba dos dous vasos de xeito que os dous extremos da vara tocasen xusto os bordes dos vasos. Feito isto, colleu un pau ben gordo e díxolles a Pantagruel e mais aos outros:

- Señores, reparade de que maneira habemos vencer doadamente aos nosos inimigos. Porque así como eu hei romper esa vara que está enriba dos dous vasos sen eles rompérense nin quebrárense nadiña (o que máis é: sen que unha soa gota de auga saia fóra) tamén nós habemos romperlles a cabeza aos nosos dípsodas sen que ningún de nós sexa ferido e sen perdermos ningún dos nosos choios. Mais, a fin de que non vaiades pensar que hai encantamento, tomade –díxolle a Eustenes– metade no medio con ese pau tan forte como poidades.

O que fixo Eustenes e a vara rompeu limpamente en dous pedazos sen que unha pinga de auga caise dos vasos.

E despois dixo:

- Sei moitas máis. Vamos, logo, tranquilos.

CAPÍTULO 28

Como Pantagruel venceu de xeito ben estraño aos dypsodas e aos xigantes

Despois de toda esta conversa, Pantagruel chamou ao seu prisioneiro e despediuno, dicíndolle:

- Vaite co teu rei ao seu campamento e dalle noticia de todo canto viches e dille que se prepare para me festexar mañán polo mediodía, pois ao que cheguen as miñas galeras (que ha ser de mañán como máis tarde), heille probar con un millón oitocentos mil soldados e máis de sete mil xigantes (todos eles máis grandes do que ti me ves) que fíxo unha tolemia e unha senrazón ao atacar así o meu país.

Con iso finxía Pantagruel ter un exército que viña polo mar.

Mais o prisioneiro respondeulle que se convertía en escravo seu e que estaba contento de non voltar coa súa xente, que quería mellor combater con Pantagruel contra eles, e que por Deus así llo permitise.

Pantagruel non quixo consentirlllo senón que lle ordenou que marchase axiña e fíxese como el lle dixerá, e deulle unha caixa chea de euforbio e de grans de trovisco confeitados en augardente en forma de compota, ordenándolle levala onda o seu rei e dicirlle que se era quen de comer unha onza diso sen beber sería quen de resistirlle a el sen medo.

Entón, o prisioneiro suplicoulle coas mans xuntas que na hora da batalla tivese piedade del, ao que lle dixo Pantagruel:

- Des que lle teñas anunciado todo ao teu rei, pon en Deus toda a túa esperanza e el non te ha abandonar, porque eu, aínda que sexa poderoso, como podes ver, e teña infinitas xentes armadas, non teño, con todo, esperanza na miña forza nin na miña habelencia senón que toda a miña confianza está en Deus, meu protector, que nunca abandona a aqueles que puxeron nel a súa esperanza e o seu pensamento.

Feito isto, o prisioneiro rogoulle que, tocante ao rescate, tivese a ben facerlle unha petición razoábel. Ao que respondeu Pantagruel que o seu fin non era roubarlle á xente nin pedir rescate por ela senón enriquecela e reformala en liberdade total.

- Vaite –díxolle– na paz do Deus vivo, e non andes nunca en más compañías para que non che aconteza desgraza ningunha.

Ao que o prisioneiro marchou, díxolle Pantagruel á súa xente:

- Rapaces, deille a entender a este prisioneiro que temos un exército que ven polo mar e mais que non habemos atacalos ate mañán ao mediodía a fin de que eles, temendo a grande chegada de xente, se ocupen esta noite en pór orde e fortifícarense, mais a miña intención é que carguemos contra eles sobre a hora do primeiro sono.

Deixemos aquí a Pantagruel cos seus apóstolos e falemos do rei Anarca e o seu exército.

De que chegou, o prisioneiro dirixiuse cara ao rei e contoulle como viñera un grande xigante chamado Pantagruel que derrotara e fixera asar cruelmente os seiscentos cincuenta e nove cabaleiros todos, e só el se salvara para levar a noticia. E que, por parte, tiña o encárgo do devandito xigante de lle dicir que no outro día preparase o xantar para as doce, porque contaba con atacalos desa hora.

Despois entregoulle a caixa na que estaban os confeitados. Mais, tan logo como el tragou unha cullerada destes, veulle tal ardencia á gorxa, con ulceración da campaña, que lle esfolou a lingua. E por moitos remedios que lle procuraron non lle atoparon

alivio ningún senón o de beber arreo, pois tan logo tiraba o gobilete da boca a lingua ardíalle. Por isto non facían máis ca empiparlle viño pola gorxa cun funil.

Vendo isto, os seus capitáns, pachás e xentes de garda probaron as devanditas drogas para saberen se producían tanta sede, mais aconteceulles como ao seu rei. E todos lle deron tanto á frasca que polo campamento todo correu o rumor de que o prisioneiro estaba de volta e que habían ter un ataque no outro día. E que xa se preparaban para el o rei e mais os capitáns, xunto coa xente de garda, bebendo a potes. Polo que todos os do exército comezaron a lapa, golechar e pifar coma eles. En resume, que beberon tanto e tanto que adormeceron coma porcos, sen orde, polo medio do campo.

Agora volvamos ao bon Pantagruel e contemos como lle foi neste asunto.

Ao marchar do lugar do trofeo, colleu o mastro do seu navío na man coma un bordón e meteu no cesto da gávea douscentos trinta e sete pipotes de viño branco de Anjou (dos restos de Ruán) e atou á súa cintura a barca toda chea de sal tan doadamente como as mulleres dos lansquenets levan os seus gueipos, e púxose así en camiño cos seus compañeiros.

Cando estivo perto do campamento dos seus inimigos, díxolle Panurgo:

- Señor: queredes facer ben as cousas? Botade para abaixo ese viño de Anjou da gávea e bebamos coma bretóns.

Ao que condescendeu de grado Pantagruel, e beberon tan a xeito que non ficou nin gota dos douscentos trinta e sete pipotes, agás unha bota de coiro fervido de Tours que Panurgo encheu para el (pois chamáballe o seu *Vade mecum*) e algúns pousos ruíns para o vinagre.

Despois de tiraren ben do pelexo, Panurgo deulle de comer a Pantagruel un diaño de drogas compostas de litontripón, nefrocaticón, doce de marmelo cantaridizado e outras especies diuréticas. Feito isto, Pantagruel díxolle a Carpalim:

- Ide á vila, agaveando coma un rato pola muralla como sabedes facer e dicídelles que saian agora e zoupen enriba dos inimigos con tanta forza como poidan, e dito isto, baixade, collendo un fachuzo aceso co que habedes prender lume dentro de todas as tendas e pavillóns do campamento. Despois, berrade canto poidades coa vosa grossa voz e marchade do tal campamento.

- De acordo –dixo Carpalim– mais: non sería ben que eu encravase a súa artillaría toda?

- Non, non –dixo Pantagruel– mais o que si has facer é prenderlle lume a toda a pólvora.

Obedecendo, Carpalim foi no intre e fixo como Pantagruel dispuñera, e saíron da vila todos os combatentes que nela estaban.

E, en canto que tivo prendido lume nas tendas e pavillóns, pasou lixeiro por riba deles sen que se decatasen (tan profundamente roncaban e durmían). Chegouse ao lugar onde estaba a artillaría e púxolle lume ás súas municións, mais velaí estivo o perigo. O fogo foi tan repentino que houbo abrasar ao pobre de Carpalim, e se non fose a súa maravillosa lixeireza tería quedado asado coma un porco, mais el liscou tan rápido que nin a frecha dunha baestra dá voador máis axiña.

Cando estivo fóra das trincheiras, berrou tan horribilmente que semellaba que os demos todos estaban desencadeados. Con este son acordaron os inimigos mais: sabedes como? Tan atordados coma no primeiro toque de matinas, o que na terra de Luçon chaman *frega-collóns*.

Entrementes, Pantagruel comezou a sementar o sal que tiña na súa barca e, como durmían coa boca aberta e regañada, encheulles as gorxas con el; tanto que os pobres

malpocadiños tusían coma raposos berrando: “Ai, Pantagruel, moito nos quantas o tizón!”. De súpeto, entráronlle a Pantagruel ganas de mexar, a causa das drogas que lle dera Panurgo, e mexou no medio do campamento tan ben e tan copiosamente que os afogou a todos e houbo un diluvio particular a dez leguas á redonda. E conta a historia que se chegase a estar alí e mexase tamén a grande besta de seu pai, tería habido un diluvio máis enorme ca o Deucalión¹⁹⁵, pois non mexaba ela nunca sen facer un río máis grande ca o Ródano e o Danubio.

Vendo isto, os que saíran da vila dixeron: “Morreron todos cruelmente; mirade como corre o sangue”. Mais enganábanse pensando que a urina de Pantagruel era o sangue dos inimigos porque non vían senón baixo o lustre do lume dos pavillóns e unha pouca claridade da lúa.

Os inimigos, despois de teren acordado, vendo por unha banda o lume no seu campamento e a inundación e o diluvio urinal, non sabían o que dicir nin o que pensar. Algúns dicían que era a fin do mundo e o xuízo final, que debe ser concluído co lume; os outros que os deuses mariños Neptuno, Proteo, Tritón e os demais os perseguían e que por iso a auga era mariña e salgada.

Oh! Quen poderá agora contar como lle foi a Pantagruel contra os trescentos xigantes! Oh, miña musa, miña Calíope, miña Talía, inspírame nesta hora! Vólveme iluminar, pois velaí a ponte dos asnos da lóxica¹⁹⁶, velaí a esparrela, velaí a dificultade de poder expresar a horríbel batalla que aconteceu!

A fe que me había prestar agora unha cántara do mellor viño que nunca beberon os que van ler esta historia tan verídica!

¹⁹⁵ Alusión a unha narración que fai Ovidio nas *Metamorfoses*.

¹⁹⁶ Expresión escolástica: problema ao que un ten necesariamente que enfrontarse.

CAPÍTULO 29

Como Pantagruel desfixo os trescentos xigantes armados con pedra de cantaría e o seu capitán, Lobishome.

Os xigantes, ao veren que todo o seu campamento estaba alagado, levaron o seu rei Anarca ao lombo o mellor que puideron fóra do forte, como fixo Eneas co seu pai Anquises cando da conflagración de Troia. E cando Panurgo os albiscou, díxolle a Pantagruel:

– Señor, velaí os xigantes que saíron. Pegade enriba deles co mastro donosamente, seguindo a vella esgrima. Porque é a esta hora cando cómpre amosarse home de ben. Pola nosa banda non vos habemos faltar. E afoutadamente, que eu heivos matar moitos deles. Porque...o que! Tamén Davide matou a Goliat doadamente! E mais que ese mangallón de Eustenes, que ten a forza de catro bois, non ha quedar parado. Tende valor e batédevos utilizando a punta e mais o gume.

Mais Pantagruel dixo:

– Non, se valor teño abondo, mais: nin Hércules ousou emprendela contra dous!

– Esa si que é boa! –dixo Panurgo– Ídesvos comparar con Hércules? Deus me valla! Tendes vós máis forza nos dentes e máis sentido no cu do que nunca chegou a ter Hércules en todo o seu corpo e a súa alma! Un home val o que el se precia!

Estando eles nestas falas velaí que chega Lobishome con todos os seus xigantes, e ao ver a Pantagruel só, encheuse de temeridade e de fachenda, pola esperanza que tiña el en matar o coitado do homiño. Daquela díxolles aos seus compañeiros xigantes:

– Mangallóns da aldea! Mahoma me valla! Se algún de vós comeza a combater contra estes, fágovos morrer cruelmente! Quero que me deixedes combater a min só. Entrementes, vós ides ter o lecer de nos ver.

Retiráronse daquela os xigantes todos co seu rei para alí pertiño, onde estaban as frascas, e Panurgo e os seus compañeiros con eles, arremedando este aos que teñen a sífilis (pois torcía o fociño e engruñaba os dedos) e con voz rouca díxolles:

– Arrenego, compañeiros! Nós non facemos a guerra! Dádenos de comer convosco entrementes que os nosos amos se baten.

O que de grado consentiron o rei e mais os xigantes, e puxéronse a papar con eles. Entrementes, Panurgo púxose a lles contar as fábulas de Turpín, os exemplos de San Nicolás e os contos da Cigoña¹⁹⁷.

Lobishome, daquela, dirixiuse cara a Pantagruel cunha moca toda de aceiro que pesaba nove mil setecentos quintais con dous cuartos, de aceiro dos cálibes¹⁹⁸, con trece puntas de diamante no extremo, das que a menor era máis grosa como a campá máis grande de Notre Dame de París (se cadra faltaba o espesor dunha uña, ou como moito – non quero mentir– da folla dunha desas facas que chaman *cortaorellas*, pero só iso, nin chisca arriba nin chisca abaixo) e estaba enfeitizada, de xeito que non podía romper endexamáis, senón que, polo contrario, todo o que ela tocaba rompía no intre.

Así pois, como el se achegaba con gran fereza, Pantagruel, dirixindo os ollos ao ceo, encomendouse a Deus facendo a promesa que segue:

¹⁹⁷ Lendas, miragres e contos populares. O arcebispo Turpín é un dos personaxes principais do *Cantar de Roldán*. A el se lle atribuíu a autoría da *Historia de vita Caroli Magni et Rolandi* que popularizou durante séculos as figuras de Carlo Magno e de Roldán, relacionándoas con Compostela, e que forma parte do *Liber Sancti Iacobi* ou Códice Calixtino.

¹⁹⁸ Os Cálibes, pobo de Asia Menor, tiñan sona de traballaren moi ben o ferro, e foron os introdutores do aceiro na Grecia.

– Señor Deus que sempre fuches o meu protector e valedor, ti ves a anguria na que estou agora. Nada me trae aquí senón o celo natural, o que ti lles outorgaches aos humanos de se gardaren e se defenderen eles, as súas mulleres e fillos, pais e familia, non sendo que se tratase do teu asunto propio, que é a fe. Porque no tal asunto non queres axudante senón a confesión católica e o servizo da túa palabra; e nos prohibiches todas as armas e defensas porque ti es o Todopoderoso que no teu asunto propio e alí onde se trata da túa propia causa pódeste defender moito mellor do que se podería pensar, ti que tes milleiros de centenas de millóns de lexións de anxos, dos que o menor é quen de matar os humanos todos e facer virar o ceo e mais a terra ao seu gusto, como algún día ben se demostrou co exército de Senaquerib¹⁹⁹. Se che apraz, logo, a esta hora virme en axuda (pois só en ti está a miña total confianza e esperanza), fágоче a promesa de que por todas as bisbarras, tanto deste país de Utopía coma doutros nos que eu teña poder e autoridade, hei facer predicar o teu santo Evanxeo puramente, simplemente e enteiramente, de xeito que as imposturas dun fato de santurróns e falsos profetas, que a través de constitucións humanas e invencións depravadas envenenaron o mundo todo, han ser desterradas do meu arredor.

Entón ouviuse unha voz do ceo que dicía: *Hoc fac et vinces*, que quere dicir “Fai isto e vencerás”.

Despois, ao ver Pantagruel que Lobishome se achegaba coas trasgoleiras abertas, foi contra el afoutadamente e berrou tan alto como puido “Vas morrer, godallo! Vas morrer!” para lle meter medo, segundo a disciplina dos lacedemonios, co seu horribel berro. Despois, da barca que levaba á cintura, botoulle máis de mil dezaioito cascos e unha tega de sal, cos que lle encheu a gorxa, o gargueiro, o nariz e mais os ollos.

Irritado por isto, Lobishome lanzoulle un mocazo, queréndolle romper os miolos, mais Pantagruel foi hábil e mantivo a toda hora o pé firme e o ollo rápido. Por iso arreceu un paso co pé esquerdo, mais non o soubo facer tan ben que o golpe non caise sobre da barca, que rompeu en catro mil oitenta e seis anacos e verteu o resto do sal polo chan.

Ao ver isto, Pantagruel despregou garridamente os brazos, e como quere a arte da machada, deulle unha estocada coa grosa punta do seu mastro por riba do mamilo e, retraíndo o golpe cara á esquerda de xeito que tallase, bateulle entre colo e colar. Despois, adiantando o pé dereito, arreboloulle unha picada nos collóns coa alta punta do seu mastro, rompendo o cesto da gávea e vertendo tres ou catro pipotes de viño que quedaran como restos. Entón Lobishome pensou que lle cortara a vexiga e que o viño era a súa urina que saía dela.

Non contento con isto, Pantagruel quixo redobrar a acometida, mais Lobishome, erguendo a moca, avanzou sobre el e con toda a súa forza quíxolla espetar enriba. Así bateu tan rexamente que se Deus non tivese socorrido ao bo Pantagruel teríao fendido dende o curuto da testa até o fondo do bazo. Mais o golpe desviouse cara á dereita pola brusca lixeireza de Pantagruel e a moca penetrou na terra máis de setenta e tres pés, a través dun groso penedo do que fixo saír un lume máis gordo ca nove mil seis cubas.

Vendo Pantagruel que se entretiña en tirar a tal moca, presa no chan no medio da pena, correu enriba del e quixo baixarlle a cabeza de vez, mais o seu mastro, por desgraza, rozou lixeiramente o mango da moca de Lobishome, que estaba enfeitizada como xa dixemos, e por esta causa o seu mastro rompeulle a tres dedos da empuñadura. Quedou el máis pampo ca un fundidor de campás e berrou:

–Ei, Panurgo! Onde estás?

¹⁹⁹ Alusión a un libro da Biblia (Reis) no que consta que un anxo matou nunha noite 185.000 soldados do rei asirio Senaquerib.

Panurgo, cando o ouvíu, díxolles ao rei e aos xigantes:

–Deus me valla, hanse facer moito mal se non os apartan!

Mais os xigantes estaban ledos coma se estivesen nun casamento.

Entón Carpalim quíxose erguer de alí para axudar ao seu amo, mais un xigante díxolle:

– Vállame Goldrón, sobriño de Mahoma! Se te moves de aquí, heite meter polo fondo das miñas calzas como se fai cun supositorio, pois que ando entalado do ventre e non dou cagado non sendo a forza de facer renxer os dentes.

Despois, Pantagruel, privado así da espada, volveu coller a punta do seu mastro batendo á toa no xigante, mais non lle facía máis mal do que poderíades facer dándolle unha cotenada a unha bigorna de ferreiro. Entrementes, Lobishome estaba a tirar a súa moca do chan. Deuna tirado logo e preparouna para machucar a Pantagruel, que bulía rápidamente e desviaba os seus golpes todos, até que unha vez, ao ver que Lobishome o ameazaba dicíndolle “Malvado, a esta hora voute picar como carne para empanada! Mais nunca has de lle dar sede á pobre xente!” Pantagruel pegoulle co pé un golpe tan grande no ventre que tirou con el para atrás, patas arriba, e levouno así de arrastras, a esfola-cus, máis dun tiro de arco. E Lobishome berraba, devolvendo sangue pola boca “Mahoma! Mahoma!”. A tal voz erguéronse os xigantes todos para o axudaren, mais Panurgo díxolles:

– Meus señores, non vaiades, fiade en min porque o noso amo anda tolo e zoupa a torto e a dereito sen mirar para onde. Vaivos tragner malfado.

Mais os xigantes non tiveron conta diso ao veren que Pantagruel estaba sen espada.

Cando os viu achegarse, Pantagruel xolleu a Lobishome polos dous pés e levantou o seu corpo no aire como unha pica, e con el armado de bigornas púxose a zoupar no medio deses xigantes armados de pedra de cantaría, e chimpounos, como fai un pedreiro coas achas, sen que ninguén parase diante del que non fose a rolos polo chan. E coa rotura deses arneses pedrosos formouse un balbordo tan horríbel que me fixo lembrar cando a gran torre de manteiga que estaba en Saint Étienne de Bourges se fundiu co sol²⁰⁰.

Panurgo, xunto con Carpalim e Eustenes, degolaron entrementes aos que estaban caídos no chan.

Facede conta que non escapou ningún deles, e que ao mirar para Pantagruel semellaba un segador que coa súa gadaña (era Lobishome) cortaba a herba dun prado (eran os xigantes), mais nesta esgrima Lobishome perdeu a testa. Foi cando Pantagruel derrubou a un que lle chamaban Rapandrolla e que estaba armado de alto aparello (eran pedras de amolar). Unha racha destas cortoulle de a feito a gorxa a Epistemón. Outramente, os máis deles ían armados á lixeira, con pedras de toelo²⁰¹, e os outros de pedra xistosa.

Finalmente, ao ver que todos os outros estaban mortos, lanzou o corpo de Lobishome tan lonxe como puido contra a vila e caiu como unha ran sobre a barriga na praza maior, e ao caír, coa pancada, matou un gato queimado, unha gata mollada, unha ave tarda e un parruliño embridado²⁰²

²⁰⁰ A “torre de manteiga” era chamada así por ter sido construída cos cartos pagados polos fieis para poderen comer manteiga na Coresma, mais non foi esa torre a que se afundiou (nunca, en todo caso, *que se fundiu*) senón outra torre anterior.

²⁰¹ Pedra mol, de toba calcárea.

²⁰² Para que non puidesen escapar do recinto onde os tiñan, atravesábanlles aos parrulos unha pluma no bico que non os deixaba saír dos barrotes ou das sebes que os rodeaban.

CAPÍTULO 30

Como Epistemón, que tiña a corta testada²⁰³, foi curado habilmente por Panurgo, e noticias dos demos e dos condenados.

Rematada esta desfeita xigantesca, Pantagruel retirouse ao lugar das frascas e chamou por Panurgo e mais os outros, que volveron sans e salvos cabo del, non sendo Eustenes, a quen un dos xigantes rabuñara un pouquiño a cara cando estaba a degolalo, e Epistemón, que non aparecía. A Pantagruel doeulle tanto iso que quixo matarse el mesmo. Mais Panurgo díxolle:

– Arredemo, señor, esperade un pouco! Habémolo buscar entre os mortos e habemos saber a verdade toda.

Así pois, mentres buscaban achárono morto todo teso, coa cabeza entre as mans toda ensanguentada.

Entón Eustenes exclamou:

– Ai, malvada morte, leváchesnos o máis perfecto dos homes!

A esta voz ergueuse Pantagruel co máis grande dó que se viu no mundo. E díxolle a Panurgo:

– Ai, meu amigo, o auspicio dos vosos vasos e da vara de venablo foi ben enganoso de máis!

Mais Panurgo dixo:

– Non chorar, rapaces! Aínda está quentiño. Vóuvolo curar eu e deixalo máis sano do que nunca estivo.

Dicindo isto, colleu a cabeza e mantívoa sobre da súa bragueta, ao quente, a fin de que non collese vento. Eustenes e Carpalim levaron o corpo ao lugar onde paparan (non coa esperanza de que curase nunca senón para que Pantagruel o vise). Con todo, Panurgo reconfortouno dicíndolle:

– Así perda eu a cabeza se non o dou curado (aposta dun tolo). Deixade eses choros e axudademe.

Entón limpou moi ben con bo viño branco o colo e despois a testa e sinapizou con po de diamerdis²⁰⁴ que levaba sempre nun dos seus folecos. Despois untounos con non sei que untura e empatounos ao xusto, vea contra vea, nervio contra nervio, espóndilo contra espóndilo a fin de que non quedase torticulado (pois a xente tal el odiaba á morte²⁰⁵). Feito isto, deulle de arredor quince ou dezaseis puntadas de agulla, a fin de que non caise de volta, e despois puxo de arredor un pouco dun ungüento que el chamaba “resucitativo”.

De súpeto, Epistemón comezou a respirar, despois a abrir os ollos, despois a espirrar e despois botou un gran peido da casa. Por iso dixo Panurgo: “A esta hora xa está curado de certo”. E deulle de beber un vaso dun viño branco moi ruín cunha torrada con azucre. Deste xeito foi curado Epistemón habilmente, agás que andivo rouco máis de tres semanas e que tivo unha tos seca da que nunca deu curado non sendo a forza de beber.

²⁰³ Nova *contrepèterie* por *testa cortada*.

²⁰⁴ Rabelais ridiculiza este “milagre” ou acto de “maxia” pois o po de *diamerdis* (aínda que adornado co prefixo grego *dia-* e a terminación latina *-is* para facer máis “científico”) ben se ve o que é.

²⁰⁵ Rabelais chámalles *torticulosos* e *colitortos* aos hipócritas e falsos devotos, pois torcen o pescozo e baixan a cabeza finxindo devoción.

E nesas comezou a falar, dicindo que vira os demos, falara con Lucifer familiarmente e se dera unha boa encherola no inferno e nos Campos Elíseos²⁰⁶. E aseguraba diante de todos que os demos eran bos compañeiros. Tocante aos condenados, dixo que estaba ben amolado porque Panurgo o tivera devolto tan axiña á vida.

– Porque para min era un singular lecer podelos contemplar –dixo.

– Como? –preguntou Pantagruel.

– Non os tratan tan mal como poderíades pensar –dixo Epistemón– senón que o seu estado é cambiado de xeito estraño. Porque vin a Alexandre o Grande que remendaba calzas vellas e gañaba así a súa pobre vida²⁰⁷,

Xerxes pregoaba mostarda²⁰⁸,
Rómulo era salineiro,
Numa, fabricante de cravos,
Tarquino, terquiño,
Pisón, paisano,
Sila, balseiro,
Ciro era vaqueiro,
Temístocles vidreiro,
Epaminondas espelleiro,
Bruto e Casio, agrimensores,
Demóstenes, viñateiro.
Cicerón, atiza–lumes,
Fabio, enfiador de rosarios,
Artaxerxes, cordeiro,
Eneas, muiñeiro,
Aquiles, tinguidor²⁰⁹,
Agamenón, lambecazolas,
Ulises, segador,
Néstor, aureano,
Darío, limpador de retretes,
Anco Marcio, calafate,
Camilo, galocheiro,
Marcelo, escasulador de fabas,
Druso, trinca–améndoas,
Escipión o Africano pregoaba sarrio nunha zoca²¹⁰,

²⁰⁶ Na mitoloxía greco–romana, os Campos Elíseos eran o lugar onde moraban, cunha existencia feliz, as almas dos que en vida foran virtuosos

²⁰⁷ Comeza a enumeración de homes e mulleres poderosos en vida (maiormente emperadores, reis, guerreiros e papas) que no Inferno se ven “abaixados” a faceren humildes e duros traballos.

²⁰⁸ Os vendedores –tanto nas feiras como nas rúas– cantaban o seu “pregón”, unha frase coa que anunciaban o seu produto. Até non hai moito, era aínda habitual nas rúas galegas ouvir pregóns (das peixeiras, dos cacharreiros, das leiteiras, dos meleiros, etc.) Hoxe é moi raro, mais aínda de cando en cando se pode sentir pregoar algún oficio tradicional ou moderno, por veces asubiado como no caso do afiador. Un eco do pregón son as chamadas ao cliente que se fan nas feiras e nos mercados.

²⁰⁹ O orixinal de Rabelais cualifica Aquiles de *teigneux* polo que a interpretación que até agora se viña facendo era *Aquiles, tiñoso*. Nós cremos que cómpre interpretar o termo como *teigneur* ‘tinguidor’ e en defensa desta interpretación publicamos no seu día un artigo (v. Henrique Harguindey Banet: *Achille avait-il la teigne?* Études Rabelaisiennes, volume XXX, Genève, Droz, 1991). Mireille Huchon (v. Rabelais: *Oeuvres complètes*. Bibliothèque de la Pléiade, Gallimard, Paris, 1994, p.1330) acepta a nosa hipótese. Por outra banda, Aquiles é o único personaxe que se repite; a mención que comentamos foi engadida por Rabelais na edición de 1534.

Asdrúbal era faroleiro,
Aníbal, oveiro,
Príamo vendía trapos vellos,
Lanzarote do Lago era esfolador de cabalos mortos.

Todos os cabaleiros da Mesa Redonda eran pobres gaña–pouquiño que tiraban do remo para pasar os ríos Cócito, Fleguetonte, Estix, Aqueronte e Leteo²¹¹ cando os señores demos queren rebrincar na auga, facendo como as barqueiras de Lyon e os gondoleiros de Venecia. Mais por cada pasada só lles dan unha narigada e, pola tardiña, algunha codela de pan barolento.

Traxano era pescador de rans,
Antonino, lacaio,
Cómodo, acibecheiro,
Pertinax, escarolador de noces,
Lúculo, grellador,
Xustiniano, teldereteiro,
Héctor era lapasalsas,
Paris era pobre esfarrapado,
Aquiles, enfeixador de herba,
Cambises, arrieiro,
Artaxerxes, escumapotes,

Nerón era zanfoneiro, e Ferabrás seu criado, mais facíalle mil falcatruadas e facíalle comer o pan reseso e beber viño avolto en canto que el comía e bebía do melloriño,

Xulio César e Pompeio eran alcatraneiros de navíos,
Valentín e Orson servían nos baños quentes do inferno e eran raspa–máscaras²¹²,

Xiglán e Galván eran pobres porqueiros,
Geoffroy o de dente grande era misteiro,
Godofredo de Bouillon era dominoteiro²¹³,
Don Pedro de Castela, portador de reliquias,
Morgante, cervexeiro,
Huón de Bordeaux era arcador de tonéis,
Pirro, basculador de cociña,
Antíoco era desfeluxador de chemineas,
Rómulo era compoñedor de zocos,
Octaviano, raspillador de papel,
Nerva, palafreneiro,

O papa Xulio, pregoeiro de empanadas pequenas, mais non levaba xa a súa grande e herética barba,

Jean de París era engrasador de botas,
Artur de Bretaña, desengrasador de puchos,
Furafragas, portador de coleiros,

²¹⁰ Arrancaba o sarrio que se forma nas pipas de viño para facer vinagre con el.

²¹¹ Ríos do Inferno.

²¹² As mulleres, nos baños, puñan unha máscara suxeita con crema, e despois había que limpala.

²¹³ Facía “dominós”, é dicir, imaxes e obras de retrato pintadas e impresas en papel e gravadas en madeira ou cobre.

O papa Bonifacio Oitavo era escumacazolas.
O papa Nicolás terceiro era papaliqueiro,
O papa Alexandre era apañador de ratas,
O papa Sixto, engrasador de sifilíticos.

– Como? –preguntou Pantagruel– Seica hai sifilíticos por aló?
– E mais si –dixo Epistemón– Nunca tantos eu vin. Hai máis de cen millóns.
Porque podédesme crer que os que non tiveron a sífilis neste mundo, téñena no outro.
– Polas chagas de Cristo! –exclamou Panurgo– Daquela estou libre, porque eu metinme mesmo até o buraco de Xibraltar e enchín as columnas de Hércules. E téñoas tirado aínda máis maduras!

Oxier o Danés era brunidor de arneses,
O rei Tigranes era tellador,
Galiano restaurado²¹⁴, apañador de toupas,
Os catro fillos de Aymón, sacamoas,
O papa Calixto era barbeiro de cricas,
O papa Urbano, lambefariñas,
Melusina, basculadora de cociña.
Matabruna, lavandeira de bogada,
Cleopatra, revendedora de cebolas,
Helena corredora de camareiras,
Semíramis, espiolladora de miserentos,
Dido vendía cogumelos,
Pentesilea, agrións,
Lucrecia era enfermeira,
Hortensia, fiandeira,
Livia, rascadora de verdete.

Deste xeito aqueles que foran grandes señores neste mundo gañaban a súa pobre, ruín e maltratada vida aló embaixo. Polo contrario, os filósofos e os que foran indixentes neste mundo por alá eran grandes señores á súa vez.

Vin a Dióxenes que fachendeaba con magnificencia, cun grande manto de púrpura e un cetro na súa destra. Facía rabear a Alexandre o Grande cando este non lle remendaba ben as calzas e pagáballe co fortes bastonazos.

Vin a Epicteto vestido donosamente á francesa, debaixo dunha fermosa enramada, con moitas doncelas, brincando, bebendo, bailando e comendo sempre a fartar, e con moitos escudos con sol ao seu carón. Por enriba da parreira estaban, como divisa súa, escritos estes versos:

*Saltar, bailar e revirar
e beber viño tinto e branco,
e non facer senón contar
escudos sentado no banco.*

Entón, cando me viu, invitoume cortesmente a beber con el, o que fixen de grado e golechamos teoloxalmente. Entrementes, veu Ciro pedirlle un real, en honor de Mercurio, para mercar unhas poucas cebolas para a súa cea. “Nada, nada –dixo

²¹⁴ Heroe dun libro de cabalaría que leva ese mesmo título,

Epicteto—. Non dou reás. Toma, loubán, velaí tes un escudo. Faite un home de ben!”
Ciro púxose moi contento por ter atopado tal botín, mais os pillabáns dos outros reis que están alí embaixo, como Alexandre, Darío e outros, roubáronllo pola noite.

Vin a Patelín, de tesoureiro de Radamanto²¹⁵, que estaba a regatear as empanadas pequeniñas que vendía o papa Xulio, e preguntoulle:

– A como vai a ducia?

– A tres moedas de prata –dixo o papa.

– O que, ho! –dixo Patelín– Tres fungueirazos! Dá aquí, miserábel!, dá aquí e vaite buscar outras!

O pobre do papa foise chorando, e ao que estivo diante do seu mestre panadeiro dixo que lle pillaran as empanadas. Entón o panadeiro deulle tantos vergallazos que a súa pelica nin para facer gaitas valería.

Vin a Mestre Jean Le Maire²¹⁶ que arremedaba ao papa e facía que todos eses pobres reis e papas deste mundo lle bicasen os pés e con moito arruallo lles daba a beizón dicíndolles: “Gañade as indulxencias, pillabáns! Gañádeas, que van baratas. Eu vos absolvo de pan e de pescado²¹⁷ e vos dispenso de non valerdes nunca nada”. E chamou a Caillette e a Triboulet²¹⁸ dicíndolles: “Señores cardeais, despachádelles as indulxencias: a cada un, un pau nos riles”. O que foi feito no intre.

Vin a Mestre François Villon, que lle preguntou a Xerxes: “A como vai o cuarto de mostarda?”. “A real”, dixo Xerxes, ao que Villon se puxo: “Febres quartás che caian, miserábel! As de prata non valen aquí senón cobre e vesnos subindo o prezo dos víveres!”. Entón mexoulle na sella como fan os mostardeiros en París.

Vin ao Arqueiro Franco de Bagnolet²¹⁹ que era inquisidor de herexes e atopou a Furafragas mexando contra un muro no que estaba pintado o fogo de San Antón. Declarouno herexe e teríao feito queimar vivo de non ser por Morgante, quen polo seu *proficiat*²²⁰ e outros pequenos dereitos deulle nove moios de cervexa.

– Gárdanos eses bonitos contos para outra vez –díxolle Pantagruel– e dinos só agora como son tratados alí os usureiros.

– Vinos –dixo Epistemón– todos ocupados en buscaren os alfinetes enferruxados e os cravos vellos no medio dos regos das rúas, como vedes que fan os pillabáns deste mundo. Mais o quintal destas quincallas non val máis ca un codelo de pan, e aínda ten difícil venda. Así, os pobres desastrados están algunhas veces máis de tres semanas sen comer anaco nin faragulla, e traballan día e noite agardando a feira seguinte. Mais este traballo e esta desgraza xa non lles lembra, de tan activos e malditos que están, con tal que ao cabo do ano teñan gañado algún ruín real.

– Agora –dixo Pantagruel– rapaces, por favor, vamos comer unha boa tallada e beber, porque presta moito beber durante todo este mes.

Daquela desembrullaron frascas a moreas e coas provisións do campamento fixéron unha grande enchedela, mais o pobre do rei Anarca non se daba alegrado, polo que Panurgo dixo:

– E que oficio lle habemos dar a este señor rei a fin de que sexa todo un experto na materia cando estea por alá con todos os demos?

²¹⁵ Radamante era un dos tres xuíces do Inferno. Rabelais pon de tesoureiro seu a Patelín, avogado das silveiras, protagonista da farsa á que repetidamente alude no Pantagruel.

²¹⁶ Poeta e escritor que sostivo a política antipapal de Enrique II, pai de Francisco I°.

²¹⁷ Parodia da fórmula “Eu vos absolvo de pena e de pecado”.

²¹⁸ Bufóns de Henrique II e Francisco I° respectivamente.

²¹⁹ Protagonista dun célebre monólogo satírico que fai del o prototipo de soldado fanfarrón. O arqueiro franco de Bagnolet figura no catálogo da Biblioteca de Saint Victor, no capítulo 7.

²²⁰ O *proficiat* era un dereito de benvida dos bispos.

- Verdadeiramente, está ben pensado pola túa parte –dixo Pantagruel– Fai con el o que a ti che pete. Doucho.
- Moitas grazas –dixo Panurgo– o presente non é para refugar e estímovo ben.

CAPÍTULO 31

Como Pantagruel entrou na vila dos amaurotes e como Panurgo casou o rei Anarca e o fixo pregoeiro de salsa verde

Despois desta maravillosa vitoria, Pantagruel enviou a Carpalim á vila dos amaurotes para anunciar e dicir como o rei Anarca fora preso e todos os inimigos derrotados. De que ouviron esta noticia, saíron diante súa todos os habitantes e, en moita orde e grande pompa triunfal, cunha ledicia divina conducírono pola vila, facendo por toda ela lumeradas e pondo polas rúas fermosas mesas redondas cubertas a acugulo de comida. Foi unha renovación do tempo de Saturno²²¹.

Mais Pantagruel, reunido o senado todo, dixo:

Señores: *A ferro quente, non deixar de bater*. Do mesmo xeito, antes de nos espallarmos máis, quero que vaíamos tomar por asalto todo o reino dos dípsodas. Polo tanto, aqueles que queiran vir comigo, que se preparen para mañán despois de beber, porque eu hei comezar a marcha daquela. Non é que precise de máis xente para que me axude a conquistalo –pois é como se xa o tivese– senón que esta vila está tan chea de habitantes que non se dan remexido polas rúas. Heinos levar, pois, como unha colonia a Dipsodia e heilles dar todo o país, que é máis fermoso, salubre, frutuoso e agradábel ca os outros países todos do mundo, como algúns de vós sabedes por terdes estado alí noutro tempo. O que de entre vós queira vir aló, que estea preparado, como xa dixen.

Este consello e esta decisión foron divulgados pola vila, e no outro día atopáronse na praza, diante do palacio, até un número de un millón oitocentos cincuenta e seis mil once (sen as mulleres e os meniños). Así comezaron a marchar dereitos cara a Dipsodia en tan boa orde que semellaban os fillos de Israel cando marcharon de Exipto para pasaren o Mar Vermello.

Mais antes de proseguir con esta empresa quérovos dicir como Panurgo tratou ao seu prisioneiro, o rei Anarca. Lembrouse de que Epistemón contara como eran tratados os reis e ricos deste mundo nos Campos Elíseos e como gañaban entón a súa vida en ruínas e suxos oficios.

Polo tanto, un día vestiu o rei cun fermoso perponto de tecido, todo esfiañado como a corneta dun albanés²²² e fermosas calzas mariñeiras, sen zapatos pois el dicía que lle habían estragar a vista, e un puchiño azul cunha gran pluma de capón (engánome pois coido que tiña dúas), e un fermoso cinto azul e verde, dicindo que ese uniforme lle acaía, visto que el fora perverso²²³.

Nese punto levouno ante Pantagruel e díxolle:

– Coñeces este toutizo?

– Non coñezo, non –dixo Pantagruel.

– É o Señor Rei de Tres Cocidas²²⁴. Quero facelo home de ben: estes diaños de reis non son senón uns becerros que non saben nin valen nada, non sendo facerlles mal

²²¹ As *saturnais* eran festas que se celebraban na antiga Roma en honor de Saturno, deus do agro e das vendimas. Durante algúns días os escravos tomaban o lugar dos amos e organizábanse numerosas diversións populares.

²²² Como xa explicamos na nota 51, a *corneta* era unha banda de pano que dende a cabeza caía arredor do pescozo. Neste caso alúdese á do uniforme do corpo dos albaneses, creado por Luís XII.

²²³ Resulta imposible trasladar o xogo de palabras do orixinal: en francés antigo *pers* e *vert* eran *azul* e *verde*, cores coas que Rabelais xoga para formar *persvert*, que se pronuncia como *pervers* ‘perverso’.

²²⁴ O azucre podía ser, segundo a súa calidade, de unha, dúas ou tres cocidas. *De tres cocidas* é tanto como dicir *do melloriño*, logo.

aos seus pobres súbditos e atormentaren a todo o mundo coa guerra só polo seu inícuo e detestábel pracer. Quérolle dar oficio e facelo pregoeiro de salsa verde²²⁵. Comeza, logo, a pregoar: *Quen precisa salsa verde?*

E o pobre diaño pregoaba.

– Baixo de máis–dixo Panurgo.

E pillouno pola orella dicíndolle:

– Canta máis alto: en clave de sol! Así, demo! Tes boa gorxa e nunca tan feliz fuches como ao non seguir sendo rei!

E Pantagruel compraciábase en todo, pois atrevome a dicir que era o mellor homiño que houbese de aquí á punta dun bastón. Así se fixo Anarca bo pregoeiro de salsa verde.

Dous días despois, Panurgo casouno cunha vella coira e el mesmo fixo a boda, con fermosas cabezas de carneiro, boas costelas de porco con mostarda e fermosos asados con allo –do que enviou cinco cargas de besta a Pantagruel, que as comeu todiñas, de tan apetitosas como as topou– e para beber, boa purrela e licor de sorba. E para facelos bailar contratou un cego que lles daba o tono coa súa zanfona.

Despois de cear levounos ao palacio e mostroullos a Pantagruel, e díxolle amosando: a noiva:

– Non teñades medo de que estoupe.

– E logo? –dixo Pantagruel.

– Porque está ben amoxegada –dixo Panurgo.

– Que queredes dicir con iso?

– Non vedes que as castañas que se botan a cocer no lume, se están enteiras estoupan que dá noxo, e para que non estoupen hai que amoxegalas? –dixo Panurgo– Pois tamén esta recén casada está ben amoxegada por baixo, así non ha estoupar.

Pantagruel forneceulles unha vivendiña ao pé da rúa e mais un morteiro de pedra para pisaren a salsa. E neste punto tiveron o seu lariño, e foi el o máis xeitoso pregoeiro de salsa verde que xamais se tivera visto en Utopía. Mais dixéronme despois que a súa muller malla nel coma en centeo verde e o pobre do papán non ousa defenderse, de parvo que é.

²²⁵ A salsa verde facíase con agraz e xenxibre e acompañaba ao peixe.

CAPÍTULO 32

Como Pantagruel coa súa lingua cubriu todo un exército, e o que o autor viu dentro da súa boca

Así que Pantagruel e toda a súa tropa entraron na terra nos dísodas todo o mundo se alegrou, e no intre se renderon a el e por libre vontade lle entregaron as chaves de todas as vilas ás que foi, excepto os almirodes²²⁶, que quixeron resistir contra el respondéronlles aos seus heraldos que non se habían render se non vían un bo sinal.

– O que? –dixo Pantagruel– Quéreno mellor do que a man no xerro e o vaso no puño? Vamos, logo, e que mos saqueen!

Daquela todos se puxeron en orde como decididos a dar o asalto.

Mais, de camiño, ao pasaren por unha extensa agra, colleunos unha grande enxurrada de chuvia, polo que comezaron a buligar e a se aconchegar os uns contra dos outros. Ao ver isto, Pantagruel mandoulles dicir polos seus capitáns que non era nada, e que el ben vía por riba das nubes que non ía ser máis ca unha pequena orballada, pero, de todos os xeitos, que se puxesen en orde, que el habíaos cubrir. Entón puxéronse ben en orde, moi aconchegadiños, e Pantagruel tirou a súa lingua (só a metade) e cubriunos como unha galiña cobre os seus pitiños.

Entrementes, eu –o que vos conto estas historias tan verdadeiras– agachárame debaixo dunha folla de bardana que non era menos ancha ca o arco da ponte de Montribe²²⁷, mais ao que os vin así ben cubertos funme abeirar onda eles, cousa que non din feito de tantos que eran. Como se adoita dicir *sempre pola beira o pano escasea*.

Polo tanto, o mellor que puiden, subín por riba e camiñei ben dúas léguas pola lingua. Tanto que entrei na súa boca. Mais... Oh, Deuses e Deusas! Que foi o que alá vin? Xúpiter me confunda co seu triple raio se minto niso! Camiñei por ela como se fai en Santa Sofía de Constantinopla e vin grandes penedos, coma os montes dos daneses (coido que eran os dentes) e grandes prados, grandes bosques e importantes vilas, non menos grandes ca Lyon ou Poitiers.

O primeiro que atopei foi un homiño que plantaba repolos. Entón, todo pasmado, pregunteille:

– Que fas aquí, meu amigo?

– Planto repolos –dixo el.

– E logo como é? –díxenlle eu.

– Ai, señor –dixo el– Non todos podemos ter os collóns tan pesados coma un morteiro nin sermos ricos! Eu gaño así a miña vida e vounos vender á feira. Na vila que está aquí detrás.

– Xesús! –dixen eu– E logo hai aquí un novo mundo?

– De certo que novo non vos é –dixo el– mais dis que fóra de aquí hai unha terra nova onde teñen a un tempo sol e lúa e unha chea de bos choios, pero o que é este é máis antigo.

– Si, mais... meu amigo –dixen eu– como lle chaman a esa vila á que levas os teus repolos a vender?

²²⁶ En grego ‘salgados’.

²²⁷ A ponte de Montribe aparece no relato de Ferabrás.

– Chámanlle Asfarago²²⁸ –dixo el– Son cristiáns e boa xente que vos ha facer bo agasallo.

En suma, que decidín ir aló.

Mais no meu camiño atopei un compañeiro que estaba a tender redes para cazar pombos e pregunteille:

– Meu amigo: de onde veñen eses pombos?

– Veñen do outro mundo, señor –dixo el.

Entón pensei que cando Pantagruel bocexaba os pombos entraban por bandadas na súa gorxa pensando que era un pombal.

Despois entrei na vila, que atopei fermosa, ben forte e de bo parecer, mais na entrada os porteiros pedíronme o meu boleto de saúde²²⁹, que me pasmou moito, e pregunteilles:

– Seica hai perigo de peste por aquí, meus señores?

– Hai, señor –dixeron eles–. Perto de aquí está a morrer tanta xente que o carreto non dá parado polas rúas.

–Santo Deus! –dixen eu– E onde?

Ao que me dixeron que era en Larinxes e Farinxes, que son dúas importantes vilas como Ruán e Nantes, ricas e de moito comercio, e que a causa da peste fora unha exhalación cheirenta e infecta que saíra dos abismos había pouco e fora pola que morreran máis de dous millóns duascenas sesenta mil dezaseis persoas dende había oito días.

Entón, púxenme a pensar e a botar cálculos e atopei que era un alento fétido que viñera do estómago de Pantagruel cando comera tanta allada como dixemos de antes.

Ao marchar de alí pasei por entre os penedos (que eran os seus dentes) e tanto porfiei que dei subido a un e alí atopei os lugares máis fermosos do mundo, grandes e fermosos terreos de xogo de raqueta, fermosas galerías, fermosos prados, viñas a eito e unha infinidade de casiñas de campo ao estilo italiano polos agros cheos de delicias. Alí demorei catro meses e nunca tan bo agasallo tiveron por entón.

Despois baixeí polos dentes de atrás para chegar aos beizos, mais ao pasar rapiñáronme os ladróns nun gran bosque que hai pola parte das orellas.

Despois atopei unha aldeíña na baixada (esqueceume o seu nome) na que tiven aínda mellor agasallo ca nunca e mais gañei algúns cartiños para vivir. E sabedes como? Pois durmindo. Porque alí alugan a xente á xornada para durmir, e páganlles por día cinco e seis onzas, pero os que roncan ben forte gañan ben sete onzas e media.. Conteilles aos senadores como me rapiñaran ao baixar, e eles dixéronme que de certo as xentes do outro lado eran malvadas e ladras por natureza, co que eu me decatei de que, así como nós temos as terras deste e mais do outro lado dos montes, tamén eles teñen as deste e mais do outro lado dos dentes, pero deste lado estase moito mellor e o aire é máis puro..

Alí comecei a pensar que é ben certo o que se di, que a metade do mundo non sabe como vive a outra metade, visto que ninguén escribira aínda nada sobre este país, no que hai máis de vintecinco reinos habitados, sen os desertos e un importante estreito. Pero eu compuxen un gran libro titulado *Historia dos Gorxias*²³⁰, pois eu nomeeinos así por moraren na gorxa do meu mestre Pantagruel.

Finalmente quixen voltar, e, ao pasar pola súa barba, boteime enriba dos seus ombreiros e de alí baixeí ao chan e caín diante del.

²²⁸ En grego *gorxa*.

²²⁹ O boleto de saúde esixíase para entrar nunha vila en caso de existir epidemia de peste.

²³⁰ Gorxias foi un sofista grego do século IV antes de Cristo, célebre polo seu luxo e elegancia, de aí que *gorxias* pasou a significar *elegante*. Rabelais xoga aquí con esta palabra e mais con *gorxa*.

Cando me viu, preguntoume:

– De onde ves, Alcofribas²³¹?

Respondinlle eu:

– Da vosa gorxa, señor.

– E dende cando estabas aí?

– Dende que vós fostes contra os almirodes –dixen eu.

– Hai máis de seis meses –dixo el– E de que vivías? Que é o que bebías?

Respondinlle eu:

– Do mesmo ca vós, señor. Dos máis exquisitos anacos que pasaban pola vosa gorxa eu collía a portaxe²³².

– Si, mais: onde cagabas? –preguntou.

– Na vosa gorxa, señor.

– Ha, ha! –riu– És un compañeiro simpático! Coa axuda de Deus temos conquistado o país dos dípsodas todo: fágote casteleiro de Caldococido.

– Moitas grazas, señor –díxenlle– Facedes vós por min ben máis do que merecín no voso servizo.

²³¹ Non esquezamos que é Alcofribas Nasier (anagrama do nome François Rabelais) quen conta *os terribes feitos e proezas* de Pantagruel.

²³² Pago polo dereito de paso.

CAPÍTULO 33

Como Pantagruel enfermou e a maneira como curou

Pouco tempo despois o bon Pantagruel caíu enfermo, e afectoulle tanto ao estómago que non podía beber nin comer, e dado que unha desgraza nunca ven soa, colleu unhas purgacións que o atormentaron máis do que podíades pensar, pero os seus médicos socorrérono, e moi ben –a poder de drogas lenitivas e diuréticas– fixéronlle mexar a súa desgraza.

A súa urina estaba tan quente que dende aquel tempo non deu enfriado aínda, e tédela en diversos lugares de Francia, segundo por onde ela colleu o seu curso, e chámalle baños quentes, como en Cauterets, en Limoux, en Dax, en Balaruc, en Nérís, en Bourbon-Lancy e outros. De Italia en Montegrotto, en Abano, en San Pietro di Padua, en Santa Elena, en Casanova, en San Bartolomeo. Do condado de Bolonia en Porretta, e en mil outros lugares²³³.

E pásmome grandemente de que unha chea de filósofos e médicos tolos perdan o tempo en discutir de onde ven a calor das devanditas augas (se é a causa do bórax, se do xofre, do alume ou do salitre que hai na mina) pois non fan senón cismar, e valeríalles máis írense fregar o cu contra un cardo corredor antes que perderen o tempo discutindo daquilo do que non saben a orixe. Porque a resolución é doada e non é preciso procurar máis: os devanditos baños son quentes xa que saíron dunhas purgacións do bon Pantagruel.

Mais, para vos dicir como curou do seu mal principal, direi agora como, por minorativa²³⁴, tomou catro quintais de escamoneas colofoniacas, cento trinta e oito carradas de canafistula e once mil novecentas libras de ruibarbo, sen contar as outras unturas²³⁵.

Tendes que saber que por consello dos médicos foi decidido que lle habían tirar o que lle mancaba no estómago. Para isto fabricáronse dezasete grosas mazáns de cobre, máis grosas ca a que está en Roma no obelisco de Virxilio, e de tal xeito que se podían abrir polo medio e pechalas cun resorte. Nunha entrou un dos seus homes cun farol e un facho aceso, e así a tragou Pantagruel coma unha pílula pequeniña. Noutras cinco entraron outros tantos criados mozallóns, cada un co seu pico ao lombo; noutras tres entraron tres labregos, cada un coa súa pá ao lombo; noutras sete entraron tres porteadores de coleiros, cada un co seu cesto ao lombo. E así as tragou como pílulas.

Ao que estiveron no estómago, cada quen desfixo o seu resorte e saíron das súas cabanas (primeiro o que levaba o farol) e así caíron máis de media legua por un abismo horribel, máis cheirento e infecto ca Menfite ou a lagoa Camarina ou o fedorento lago de Sorbona (do que escribe Estrabón²³⁶). E de non ser porque tiñan tomado moitos antídotos, o corazón, o estómago e o cabazo do viño (ao que chaman a cachola) terían afogado e cesado con estes abominabeis vapores. Que perfume! Que vapores para lles enmerdar as máscaras ás mozas galantes²³⁷!

²³³ Lugares de Francia e Italia que contaron ou contan aínda con termas.

²³⁴ Purga suave (!).

²³⁵ Plantas purgantes. A escamonea procedía na antigüidade da cidade de Colofón, na Asia Menor.

²³⁶ Menfite era a deusa romana que personificaba os vapores sulfurosos que veñen do interior da Terra. A lagoa Camarina, situada en Sicilia, era célebre na antigüidade polas súas emanacións fedorentas. En canto ao lago de Sorbona, cómpre dicir que Estrabón fala do lago *Serbonis* e Rabelais fai un cruce de palabras coa Sorbona, á facultade de Teoloxía á que ataca constantemente na súa obra.

²³⁷ As damas –maiormente para as súas aventuras galantes– adoitaban levar unha máscara que lles cubría do nariz embaixo.

Despois, apalpando e ulindo, achegáronse á materia fecal e aos humores corrompidos. Finalmente atoparon un montiño de lixo. Entón, os picadores puxéronse a petar nel para o esnaquizar, e os outros, coas pás, foron enchendo os cestos, e, de que todo ficou limpo, cada quen se retirou para a súa mazán. Feito isto, Pantagruel se esforzou en vomitar e púxoos fóra doadamente (non arrombaban na súa gorxa máis do que un pelo na vosa) e alí saíron fóra das súas pílulas ledamente –eu lembreime de cando os gregos saíron do cabalo en Troia– e por ese medio foi curado e obrigado á súa primeira convalecencia.

Destas pílulas de bronce tendes unha en Orléans enriba da torre da igrexa da Santa Cruz²³⁸.

²³⁸ O globo ao que alude Rabelais –e que tiña dez pés de circunferencia– foi destruído poucos anos máis tarde, en 1568, cando das guerras de relixión.

CAPÍTULO 34

Conclusión do presente libro e excusa do autor

Xa ouvistes, meus señores, un comezo da extraordinaria historia do meu amo o señor Pantagruel. Porei agora fin a este primeiro libro; dóeme un pouco a cabeza e os rexistros do meu cerebro están un pouco turbados por este puré de setembro.

Teredes o resto da historia nas feiras de Frankfurt²³⁹, que veñen axiña, e alí habedes ver como Panurgo foi casado e cornudo dende o primeiro mes da súa boda, e como Pantagruel atopou a pedra filosofal, e o xeito de atopala e usala. E como pasou os montes Caspios²⁴⁰, como navegou polo mar Atlántico e derrotou aos caníbales e conquistou as illas de Perlas²⁴¹. Como casou coa filla do rei da India chamado Preste Xoán. Como combateu contra os demos e queimou cinco cámaras do Inferno, e saqueou a gran cámara negra e botou a Proserpina²⁴² ao lume e lle rompeu catro dentes a Lucifer e unha corna no cu, e como visitou as rexións da lúa para saber se de certo a lúa non estaba enteira e as mulleres tiñan tres cuartos dela na cabeza²⁴³. E mil outras pequenas alegrías todas verdadeiras. Son choios bonitos.

Boa noite, meus señores. *Perdonnatemi* e non pensedes tanto nas miñas faltas como non pensades moito nas vosas.

Se me dicides: “Mestre, semella que vós non tendes grande siso ao escribiredes estas lerias e estas ledas bulras”, eu respóndovos que tampouco vós non tendes moito máis, por vos divertir en lelas.

Con todo, se por alegre pasatempo as ledes, igual que por pasar o tempo eu as escribín, vós e eu somos máis dignos de perdón que toda unha chea de bandallos, beatóns, santurróns, hipócritas, camanduleiros, godalleiros, botinadores²⁴⁴ e outras tantas sectas de xentes que se disfrazaron como máscaras para enganaren o mundo.

Pois dándolle a entender ao común popular que eles non se ocupan senón na contemplación e a devoción, no xaxún e na maceración da sensualidade (non sendo verdadeiramente para sustentaren e alimentaren a pequena fragilidade da súa humanidade) péganse unha vida que Deus sabe ben.

*Et Curios simulant, sed bacchanalia vivunt*²⁴⁵.

Podédelo ler en letras ben grandes e iluminadas nos seus fociños todos rubios e nas súas andorgas de bazuncho, ou senón cando se pefuman con xofre.

Polo que fai ao seu estudo, consómeno todo na lectura de libros pantagruélicos (non tanto para pasaren o tempo ledamente canto para prexudicaren a alguén con maldade, a saber, articulando, monorticulando, torticulando, matraculando, testiculando

²³⁹ As feiras de Frankfurt foron dende os seus comezos na Idade Media moi importantes, acadando axiña unha dimensión europea. A difusión do libro nelas foi grande dende a aparición da imprenta, e hoxe a feira de Frankfurt é o máis importante encontro mundial do libro.

²⁴⁰ Montes da Asia Menor, entre a Media e Armenia.

²⁴¹ Illas do Pacífico situadas no golfo de Panamá.

²⁴² Deusa romana, esposa de Plutón e raíña dos Infernos.

²⁴³ A lúa, coas súas catro caras, os seus catro cuartos, era a imaxe –feminina– do cambio caprichento e vertolán.

²⁴⁴ Algúns interpretan esta palabra como “calzados con botas” (e de aí “moi ricos”), outros como “calzados con botinas” (os frades) aínda que tamén podería interpretarse como “rapiñadores de botíns”.

²⁴⁵ Frase dunha sátira de Xuvenal: *E simulan ser Curios mais viven en bacanais*. Curio era o prototipo da virtude romana.

e diaboliculando, é dicir, calumniando²⁴⁶. E ao faceren iso semellan eles os loubáns das aldeas, que fozan e esgarabellan na merda dos cativiños no tempo das cereixas e das guindas para atoparen as carabuñas e vendérllelas aos drogueiros que fan o aceite de mahaleb²⁴⁷.

Fuxide destes! Aburrídeos e odiádeos tanto como fago eu, e a fe que vos ha prestar! E se desexades ser bos pantagruelistas (é dicir, vivir en paz, ledicia e saúde dándovos sempre boa vida) non vos fíedes nunca das xentes que miran por un buraco²⁴⁸.

²⁴⁶ Na frase orixinal demóstrase o xenio lingüístico de Rabelais na creación verbal. Desgrazadamente, é imposíbel trasladar esta sensación ao traducilo, e mesmo ao trasladalo ao francés actual. Rabelais inventa verbos novos ou dálle novos sentidos a verbos xa existentes a base de asociacións fonéticas con palabras do francés da súa época como *art* (substantivo ‘arte, engano’), *ort* (substantivo ‘trampa’ e adxectivo ‘noxento’), *tort* (substantivo ‘dano, inxuria’ – en galego medieval *torto*– e adxectivo ‘torto’), *couille* (substantivo ‘collón, carallo’) e termos gregos como *diabolos* (‘demo, diaño’) e *diabálo* (forma verbal que significa ‘eu calumnio’). En todas estas palabras –non sendo na derradeira, *calumniando*, que explica e engloba a todas, introduce Rabelais a sílaba *cul* (‘cu’).

²⁴⁷ Aceite de perfumaría que se extraía das carabuñas do *prunus mahaleb*, planta arbórea ou arbustiva da familia das rosáceas.

²⁴⁸ Algúns interpretan esta frase coma unha alusión aos monxes, que miran polo buraco do capuchón, e outros coma unha alusión aos espías da Inquisición (que axexan por calquera buraco). Sexan quen foren, as intencións que Rabelais lles apón están ben claras.

Fin das crónicas de Pantagruel, rei dos Dípsodas,
restituídas ao seu natural, cos seus terribéis
feitos e proezas, compostas
polo finado M. Alcofribas
extractor de quinta
esencia.